A segunda parte está formada por diferentes apartados nos que se define a metodoloxía utilizada, incluíndo todas as informacións sobre a execución da enquisa aplicada sobre o impacto laboral da primeira onda de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo. En primeiro lugar, os procedementos seguidos na elaboración do cuestionario, a súa difusión aos destinatarios e a recolla e procesamento dos datos obtidos. En segundo lugar, é definida a estrutura do cuestionario aplicado, diferenciando os principais bloques temáticos que o integran. Finalmente, nun último apartado, a ficha técnica mostra as características técnicas do estudo.

A terceira parte constitúe unha análise pormenorizada dos resultados da enquisa autoaplicada sobre a experiencia profesional das persoas tituladas da UVigo durante a primeira onda da pandemia, independentemente da súa promoción académica (titulados/as entre 1990 e 2020), titulación realizada e lugar de residencia ou de traballo. Os resultados da enquisa, expresados a partir de cadros, anexos e comentarios, inclúen unha avaliación detallada das respostas en función de diferentes variábeis de segmentación, entre as cales, o xénero, ámbito académico, tipoloxía de estudos, evolución temporal ou campus.

A presentación dos resultados estrutúrase en sete apartados. No primeiro deles realízase unha caracterización da mostra obtida a partir da elaboración dun perfil das persoas tituladas en función dos datos de tipo persoal e académico. Logo a seguir é avaliada detalladamente a situación socio-laboral previa á irrupción da primeira onda da pandemia de Covid-19 (marzo de 2020). No terceiro son descritas as características do posto de traballo previo á irrupción da pandemia en función de variábeis como o lugar de traballo, modalidade de contratación e tipo de contrato, rama de actividade, sector económico, área funcional, categoría profesional ou o tamaño da empresa.

O cuarto apartado avalía o impacto sanitario da pandemia no ámbito laboral a partir da porcentaxe de persoas tituladas que referiu a existencia dalgún caso de contaxio na empresa ou no seu entorno de traballo. Dada a súa relevancia, esta sección do estudo inclúe unha análise atendendo especialmente á variábel xeográfica e sectorial.

O quinto apartado aborda o impacto social da primeira onda da pandemia de Covid-19 no ámbito laboral, analizando a situación socio-laboral actual; isto é, no momento de responder a enquisa, ben como as variacións experimentadas polas taxas de ocupación e desemprego.

No sexto apartado é avaliado o impacto da crise por Covid-19 no modo de traballo; isto é, a modalidade de traballo das persoas tituladas durante o primeiro confinamento, a experiencia previa no teletraballo/traballo remoto e unha análise das medidas organizativas tomadas por directivos/as e mandos intermedios no seo das empresas/organizacións para evitar os contaxios.

O sétimo e último apartado desta parte recolle a percepción das persoas tituladas da UVigo que participaron na enquisa sobre o emprego e a economía.

A cuarta parte recolle unha análise das respostas á pregunta aberta en que as persoas inquiridas puideron expresar as súas opinións sobre aspectos non recollidos na enquisa.

Finalmente, a última parte deste volume recolle, a modo de resumo executivo, as principais conclusións que se poden tirar deste estudo.

## XUSTIFICACIÓN

Desde a súa creación e posta en marcha polo Consello Social da UVigo en 2016<sup>1</sup>, o Observatorio de Persoas Tituladas é unha unidade encargada do seguimento da inserción laboral das persoas tituladas da UVigo a partir da análise da súa experiencia académica e profesional. Nese labor de seguimento e de contacto coas persoas tituladas insírese a elaboración e realización periódica de estudos e de enquisas de seguimento como a que se presenta neste libro dirixidas aos egresados/as.

Ao abeiro do traballo realizado desde entón o Observatorio conseguiu configurar unha Base de Datos representativa e actualizada da comunidade alumni da UVigo. En primeiro lugar, coa realización, entre 2016-18, do *Estudo sobre a situación profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo 1990-2015*<sup>2</sup>, no cal, de forma pioneira no sistema universitario galego e español, se recollen os resultados dunha macro enquisa realizada a todas as promocións durante os primeiros vinte e cinco anos dunha universidade pública. En segundo lugar, a partir de xullo de 2019, grazas á posta en marcha dunha Web propia<sup>3</sup> na que, de forma continuada e online, através dun formulario específico<sup>4</sup> se permite que o antigo alumnado poda rexistrarse e actualizar os seus datos de contacto na rede alumni que se está a crear.

A partir do Sistema de Xestión de Base de Datos de antigos estudantes<sup>5</sup>, o Observatorio de Persoas Tituladas a UVigo conseguiu normalizar o contacto da institución *alma mater* co seu antigo alumnado dunha forma sistemática. Así sendo, nos últimos dous anos configurouse unha lista de distribución estábel e fidelizar un total de 11.616 persoas tituladas, dun total de máis de 13.500, que deron o seu consentimento a recibir informacións periodicamente sobre as actividades dirixidas pola UVigo a este colectivo.

Tal como referiu D. Ernesto Pedrosa Silva, Presidente do Consello Social, nunhas declaracións ao DUVI<sup>6</sup> con motivo da presentación, o pasado 6 de outubro de 2020, do Avanzo dos Resultados do presente *Estudo sobre o impacto laboral da actual crise por Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo*, os contidos que integran este informe constitúen “unha das máis inmensas e impensábeis posibilidades da rede de alumnos que está a tecer” o Observatorio a partir dos contactos rexistrados na nosa Base de Datos.

O Observatorio iniciou o ano 2020 coa vontade de cumprir o Programa de Actividades previsto e destinado á captación de persoas tituladas e manter permanentemente actualizadas as liñas de comunicación abertas<sup>7</sup> e o Sistema de Xestión de Base de Datos. Entre as actividades axendadas

<sup>1</sup> Por acordo da súa Comisión de Actividades e Servizos de 3/2/2016, ratificado polo Pleno do Consello Social de 29/4/2016.

<sup>2</sup> Estudo publicado en maio de 2018 coa colaboración do Consello Social da UVigo. Recurso dispoñíbel en: <http://observatorio.egresados.webs.uvigo.es/insercion-laboral/informes/insercion-laboral-1990-2015/>

<sup>3</sup> <http://observatorio.egresados.webs.uvigo.es/>

<sup>4</sup> <http://observatorio.egresados.webs.uvigo.es/observatorio/rede/>

<sup>5</sup> Creado e desenvolvido entre marzo e setembro de 2018 integrando a información existente a partir das listas de titulados/as facilitadas ao Observatorio en 2016 pola Unidade de Estudos e Programas da UVigo e as respostas das catro enquisas de inserción laboral aplicadas ás promocións de titulados/as entre 1990-2015.

<sup>6</sup> <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/54-persoas-egresadas-uvigo-teletraballaron-confinamento>

<sup>7</sup> Páxina Web e Redes Sociais (LinkedIn e Canal de YouTube).

incluíase, pola primeira vez desde a súa posta en marcha, a asistencia presencial<sup>8</sup> sistemática a diferentes eventos/actividades de tipo académico dirixidas a persoas tituladas da UVigo; isto é, os diferentes actos de graduación académica das novas promocións e os diferentes foros/feiras de emprego. Así sendo, entre os días 19 e 20 de febreiro o Observatorio estivo presente na IIª edición do Foro de Emprego celebrado na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da UVigo, ben como na XXª edición do Foro Tecnolóxico de Emprego, realizada entre os días 4 e 6 de marzo nas escolas de Enxeñaría de Minas e Enerxía e Enxeñaría Industrial da UVigo.

Porén, neste contexto irrompeu a pandemia dun virus até entón descoñecido, o SARS-CoV-2, causante da doenza da Covid-19, modificando abruptamente os planos do Observatorio e as axendas de todo o mundo. O día 12 de marzo foi suspensa a actividade académica presencial en Galicia, logo a seguir veu a imposición dunha situación de emerxencia e de alarma, consistente nunha serie de sucesivas cuarentenas e confinamentos para evitar o contaxio co virus. A nivel local e global a inmensa maioría da poboación manifestouse disposta a ver os seus dereitos e liberdades básicas restrinxidas a troco de evitar o contaxio.

Nese contexto, durante o período de confinamento da primeira onda da actual crise por Covid-19, entre o 13 de marzo e o 1 de xuño, o Observatorio promoveu dúas actividades cuxos resultados son presentados neste informe.

En primeiro lugar, dada a acuidade das noticias provenientes da China e da Italia, no día 12 de marzo, antes de que o goberno galego decretase a emerxencia sanitaria<sup>9</sup> e o español o estado de alarma<sup>10</sup>, contactamos coas persoas tituladas que viven e/ou traballan neses dous países para que nos trasladasen, cunha crónica, a súa experiencia persoal e profesional nos seus países de destino. Logo a seguir esta solicitude de colaboración foi estendida ao resto de países, máis de setenta, nos que viven persoas tituladas da UVigo. As crónicas recibidas foron publicándose simultaneamente á súa recepción, entre os meses de marzo e maio de 2020, no blogue creado ad hoc, denominado “Corpo Diplomático da UVigo”.

Posteriormente, entre os días 26 de maio e 8 de xullo desde o Observatorio difundíuse unha enquisa de inserción laboral sobre o impacto que estaba a ter a actual crise por Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo.

Este informe recolle os resultados destas dúas iniciativas, as crónicas do exterior remetidas polos “embaixadores” da UVigo polo mundo adiante, ao que denominamos Corpo Diplomático da UVigo, e unha análise pormenorizada, realizada entre os meses de xullo e novembro, dos resultados da enquisa de impacto laboral da primeira onda da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo, cuxo avance dos resultados foi presentado a 6 de outubro de 2020.

Ambas iniciativas están ligadas entre si, pois a idea de realizar a Enquisa de Impacto Laboral da primeira onda da actual crise por Covid-19 tivo o seu antecedente inmediato e inspiración no Corpo

---

<sup>8</sup> Coa disposición dun stand do Observatorio consistente nun roll up e flyers disponibilizado como punto de información.

<sup>9</sup> A 13 de marzo de 2020.

<sup>10</sup> En 14 de marzo de 2020.



Diplomático da UVigo. Nas crónicas recibidas puidemos constatar que, a nivel laboral, as persoas tituladas transmitíronnos diferentes situacións: antigos estudantes que traballaban desde casa (teletraballo), outros que seguían nas súas ocupacións con “normalidade”, casos en que recibían prestacións públicas e tamén, casos de persoas que perderon o seu emprego por causa desta crise ou de persoas tituladas emigradas que regresaran.

Así sendo, co formato de información estruturada e xerarquizada que permite a enquisa elaborada, quixemos coñecer o alcance laboral da actual crise non só nas persoas tituladas que viven no estranxeiro, senón de todos os antigos estudantes, incluíndo tamén os que viven en Galicia e noutras Comunidades Autónomas.

Alén diso, durante os meses en que o confinamento da primeira onda desta crise foi máis estrito, no Observatorio elaboramos infografías sobre os diferentes sectores en que traballan as persoas tituladas da UVigo que, intuíamos, estaban a ser afectados de maneira desigual por esta crise. Así, realizamos fichas de perfil de nove sectores (sanitarios e prevención, automoción, alimentación, ensino e docencia, investigación, turismo, transporte e loxística, construción e servizos informáticos), cuxos resultados foron divulgados nun vídeo subido ao noso Canal de YouTube<sup>11</sup>. Os resultados do estudo de inserción laboral na secuencia da pandemia de Covid-19 que agora se presenta permitiu confirmar, de forma obxectiva e non intuitiva, o grao de afectación dos diferentes sectores económicos.

---

<sup>11)</sup> [https://www.youtube.com/watch?v=\\_g0qXcGBwE](https://www.youtube.com/watch?v=_g0qXcGBwE)



# OBXECTIVOS

A seguir móstranse o obxectivo principal e específicos das dúas iniciativas promovidas polo Observatorio de Persoas Tituladas durante primeira onda da actual crise por Covid-19.

## 1. Obxectivo principal

### 1.1 Corpo Diplomático da UVigo

O contacto coas persoas tituladas da UVigo entre 1990-2015 que viven e traballan no estranxeiro durante o período de confinamento estrito producido durante a primeira onda da pandemia de Covid-19 serviu para coñecer, através dos testemuños recibidos en forma de crónica, a valoración subxectiva e en primeira persoa sobre a situación persoal e profesional nos países de destino.

### 1.2 Enquisa sobre o impacto laboral da primeira onda da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo

O obxectivo principal desta pesquisa consiste en coñecer, con datos obxectivos, o grao de afectación laboral da primeira onda da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da Universidade de Vigo.

A valoración do impacto laboral é realizada a partir de tres perspectivas:

- Sanitaria: Porcentaxe de persoas que referiron a existencia dalgún caso de contaxio por Covid-19 na empresa en que traballan ou no seu ambiente laboral.
- Laboral: Incidencia nas taxas de ocupación e de desemprego das persoas tituladas.
- Modo de traballo: Medidas organizativas tomadas polas empresas/entidades para continuar a súa actividade.

En definitiva, con este estudo preténdese saber como a situación creada polo virus afectou á situación laboral en aspectos como a implantación do teletraballo/traballo remoto, as medidas tomadas polas empresas/organizacións en relación aos contratos, así como as expectativas sobre a situación laboral e económica.

## 2. Obxectivos específicos

- Analizar os resultados obtidos na enquisa sobre o perfil persoal e académico, situación socio-laboral previa e inmediatamente despois da primeira onda da pandemia en función das seguintes variábeis:
  - » Xénero
  - » Lugar de residencia
  - » Campus
  - » Promoción académica (evolución temporal quinquenal)
  - » Ámbitos académicos
  - » Tipoloxía de estudos

- Determinar o impacto da primeira onda da actual crise por Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo segundo o seu perfil profesional; isto é, a afectación segundo as seguintes variábeis de segmentación:
  - » Lugar de traballo: Galicia, outra Comunidade Autónoma e resto do mundo
  - » Rama de actividade: empresa privada, ámbito público ou entidades sen ánimo de lucro
  - » Sector económico
  - » Área funcional de traballo
  - » Categoría profesional: directivo/a, mando intermedio, técnico/a cualificado/a e empregado/a non cualificado/a
  - » Tamaño da empresa: empresa individual<sup>12</sup>, microempresa, pequena empresa, mediana empresa e grande empresa
  
- Establecer unha comunicación bidireccional co antigo alumnado da Universidade de Vigo nun momento de crise como o experimentado.
  
- Actualizar e ampliar a Base de Datos do Observatorio con información académica e profesional das persoas tituladas.
  
- Analizar a situación do mercado de traballo e da empregabilidade das persoas tituladas durante unha fase en que a economía local e global foi colocada en fase de hibernación perante unha crise sanitaria con repercusións económicas e sociais.

---

<sup>12)</sup> Reférese ao autoemprego ou traballador/a autónomo/a.

# A PANDEMIA DE COVID-19

En decembro de 2019 foron detectados na cidade de Wuhan (China) os primeiros doentes dunha enfermidade até entón descoñecida, a Covid-19. O virus SARS-Cov-2 que está a causar a doenza desde principios de xaneiro de 2020 experimentou un gromo xeneralizado que, a partir da China, espallouse logo despois a nivel mundial. Galicia non foi inmune a esa realidade.

## 1. Orixe da pandemia

A 31 de decembro de 2019, a China reportou á Organización Mundial da Saúde (OMS) un clúster de pneumonía de etiloxía descoñecida en traballadores e frecuentadores dun mercado de peixe, mariscos vivos e aves na cidade de Wuhan<sup>13</sup>, provincia de Hubei<sup>14</sup>, na China. Os primeiros síntomas desa estraña doenza apareceran algunhas semanas antes, a 1 de decembro de 2019

Dito mercado foi fechado en 1 de xaneiro de 2020 e as persoas cos síntomas foron illadas. Máis de 700 persoas, incluíndo máis de 400 profesionais de saúde, que entraron en contacto próximo con casos sospeitosos, foron posteriormente monitoradas.

Co desenvolvemento dun teste de PCR de diagnóstico específico para detectar a infección, a presenza do virus causante foi entón confirmada o día 2 de xaneiro en 41 persoas en Wuhan, das cales o 55% tiñan estado en contacto directo con ese mercado.

O día 3 de xaneiro de 2020, científicos chineses do Instituto Nacional de Control de Prevención de Doenzas Virais (ICDV) determinaron a secuencia xenética do novo coronavirus  $\beta$ -genus (nomeándoo de '2019-nCoV') a partir de espécimes colectados de pacientes en Wuhan, sendo establecidas tres liñaxes distintas. Os coronavirus son unha ampla familia de virus que, normalmente, adoitan afectar só aos animais, aínda que algúns teñen a capacidade de se transmitir dos animais ás persoas, provocando cadros clínicos que van desde o arrefriado común até doenzas máis graves, como acontece co coronavirus que causou a síndrome respiratoria aguda grave (SARSCoV) e o coronavirus causante da síndrome respiratoria de Próximo Oriente (MERS-CoV).

O 7 de xaneiro o Centro para Control e Prevención de Doenzas dos EUA (CCD) emite un aviso de viaxe para viaxantes a Wuhan, debido ao gromo de casos da pneumonía detectada.

O día 8 de xaneiro a Corea do Sul anuncia o primeiro posíbel caso de virus vindo da China, en medio á preocupación de que unha empregada de orixe chinesa nunha compañía coreana tivese traído para o país o virus de pneumonía que adoecera decenas de persoas na China continental e en Hong Kong nas semanas anteriores. Esa muller pasou un tempo en Wuhan, mais non visitara o seu mercado.

No día 12 de xaneiro de 2020 a OMS confirma o illamento dun novo coronavirus como a causa desa doenza respiratoria nun conxunto de persoas na referida cidade de Wuhan a partir dunha

<sup>13)</sup> Con 10.020.000 habitantes, é a cidade máis populosa da China central.

<sup>14)</sup> É unha das 23 provincias da República Popular da China, localizada na rexión central do país e ten unha poboación de 58,8 millóns de habitantes.

persoa que fora hospitalizada, reportando que as autoridades chinesas reaccionaran rapidamente, identificando a secuenciación xenómica do novo coronavirus en semanas desde o inicio do gromo e partillada a nivel internacional. No mesmo día o Centro Europeo para Control e Prevención de Doenzas publica a primeira avaliación de riscos. Nesa altura prodúcese a primeira morte decorrente da epidemia na China.

A Comisión Nacional de Saúde da China confirma, a 20 de xaneiro de 2020, que o novo coronavirus pode ser transmitido entre seres humanos. Na altura, a China rexistrou un aumento acentuado nos casos con case 140 novos doentes, incluíndo casos illados en Pequín e en Shenzhen.

Por en canto, a partir de mediados de xaneiro ocorreron os primeiros casos confirmados fóra da China continental. O primeiro caso confirmado fóra da China foi na Tailandia, en 13 de xaneiro. Após iso, casos da doenza foron confirmados no Xapón (16 de xaneiro), Corea do Sul (20 de xaneiro), Taiwán e Estados Unidos (21 de xaneiro), Hong Kong e Macau da China (22 de xaneiro) e Singapura (23 de xaneiro).

En 23 de xaneiro de 2020, o goberno chinés respondeu duramente á doenza, que xa causara 8000 contaxios, colocando primeiro en cuarentena a cidade de Wuhan, o epicentro dos contaxios, na cal todo o transporte público interior e exterior foi suspenso. Huanggang e Ezhou, adxacentes a Wuhan, ben como toda a provincia de Hubei tamén foron colocadas en cuarentena semellante en 24 de xaneiro de 2020. A China logo adoptou medidas drásticas noutras áreas fóra da provincia de Hubei, como peches escolares, de transportes e prohibicións de eventos concorridos. Ese día confirmábase o primeiro caso do novo coronavirus na Europa, mais precisamente en Francia, ben como en Nepal e Vietnam. Logo a seguir, espallábase a Malaisia e Australia (25 de xaneiro), Canadá (26 de xaneiro), Camboxa (27 de xaneiro), Alemaña (28 de xaneiro), Finlandia, Emirados Árabes Unidos e Sri Lanka (29 de xaneiro).

De acordo con diversas autoridades de saúde internacionais, o impacto potencial da epidemia por SARS-CoV-2 é elevado, sendo expectábel a propagación global do virus. Por iso mesmo, o Director-Xeral da Organización Mundial de Saúde (OMS) declara, a 30 de xaneiro, a doenza por novo coronavirus (doravante Covid-19) como unha Emerxencia de Saúde Pública de Interese Internacional (ESPII) por medo de que o virus se espalle alén da China para onde non existe un sistema de saúde robusto, apesar da súa confianza nos esforzos da China.

O Regulamento Sanitario Internacional (RSI 2005) establece a figura da ESPII perante determinados eventos extraordinarios que constitúen un risco para a saúde pública doutros Estados, por causa da propagación internacional dunha doenza, e que poderían exixir unha resposta internacional coordinada e efectiva, polo que é esencial a colaboración de todos os niveis de áreas gobernamentais e parceiros das áreas de saúde. A declaración torna imperiosa a previsión de medidas para asegurar o tratamento da doenza da Covid-19, através dun rexime adecuado a esta realidade, que permita establecer medidas excepcionais e temporarias de resposta á epidemia.

Ese mesmo día é confirmado que a Covid-19 se tiña espallado para a Italia, através de dous turistas chineses que deron positivo para SARS-CoV-2 en Roma, ben como na India e Filipinas.

## **2. Os primeiros gromos da Covid-19 en España**

No día 31 de xaneiro, outro turista da Alemaña testou positivo para a doenza de Covid-19 na illa de La Gomera (Illas Canarias) en España, ben como no Reino Unido. En 9 de febreiro, o segundo caso en España envolveu un turista británico en Palma de Maiorca (Illas Baleares), que contraeu a doenza despois de entrar en contacto con alguén na Francia que posteriormente testou positivo.

No día 12 de febreiro a China reporta o número máximo de novos casos de contaxio confirmados (15.152), decaendo progresivamente até chegar aos 202 en 1 de marzo.

O día 13 de febreiro rexistrábase a primeira morte en España<sup>15</sup>, envolvendo unha persoa que estivera no Nepal. No mesmo día, o director do Centro de Control e Prevención de Doenzas dos EUA (CDC), informou que a transmisión asintomática do novo coronavirus é posíbel, alegando que unha persoa infectada que non presenta síntomas aínda pode transmitir o virus a outra persoa.

Mentres tanto, un conxunto de casos de Covid-19 foi detectado posteriormente na Italia, comezando con 16 casos confirmados na Rexión de Lombardía a 21 de febreiro, outros 60 casos en 22 de febreiro, e as primeiras mortes relatadas no mesmo día. Na secuencia do gromo de Covid-19 na Italia, o día 24 de febreiro un turista italiano da Lombardía en Tenerife presenta resultado positivo.

En 25 de febreiro catro novos casos relacionados á Italia foron confirmados en diferentes territorios de España: Illas Canarias, Cataluña, Comunidade de Madrid e Comunidade Valenciana. Varios xogadores de fútbol do Valencia FC tamén tiveron resultados positivos despois de voltar dunha partida da Liga dos Campións da UEFA, onde se sabe asistiu cerca dun terzo da poboación da cidade de Bergamo, o principal foco italiano da Covid-19.

No día 26 de febreiro unha muller xaponesa pegou o virus pola segunda vez. A primeira vez fora infectada no fin de xaneiro, ficou internada e recebera a alta. Casos de infeccións reincidentes tamén foron relatadas na China.

No 27 de febreiro o Goberno galego constitúe unha Comisión Interdepartamental para o Seguimento do Coronavirus e outras doenzas emerxentes, coas funcións de coordinación, seguimento e avaliación das actuacións adoptadas, tanto preventivas como paliativas, en función da situación epidemiolóxica concreta en Galicia e no Estado, adecuándoas ás recomendacións emanadas do Ministerio de Sanidade, do Centro Europeo para a Prevención e Control das Doenzas, da Unión Europea e da OMS. Tamén proporá sistemas de vixilancia para coñecer con máis detalle a situación, a súa evolución e impacto que está a ter, tanto a nivel de saúde como noutros ámbitos; a aprobación dos planos e protocolos de preparación e resposta que inclúan os aspectos sanitarios e non sanitarios; ben como a coordinación da información á poboación.

No final de febreiro, a Italia foi atinxida con máis forza do que en calquera outro lugar na UE pola pandemia, converténdose no país co segundo maior número de casos positivos, alén de mortes, no mundo. Once municipios do norte da Italia son identificados como os epicentros e colocados en

---

<sup>15)</sup> Caso diagnosticado post-mortem.

cuarentena. A Italia foi o primeiro dos países da Europa a suspender todos os voos directos de e para a China. En 29 de febreiro, houbo en Italia 29 mortes, un total de 1.128 casos positivos e 50 recuperacións, sumando máis de 18.500 testes para o virus.

Durante o mes de febreiro, o número de países con casos confirmados da doenza aumentou de forma considerábel, con primeiros casos sendo confirmados na Bélxica (4 de febreiro); Exipto (14 de febreiro); Irán (19 de febreiro); Israel e Líbano (21 de febreiro); Afganistán, Bahrein, Iraque, Kuwait e Omán (24 de febreiro); Arxelia, Brasil, Croacia, Austria e Suíza (25 de febreiro); Xeorxia, Grecia, Macedonia do Norte, Noruega, Paquistán e Romanía (26 de febreiro); Dinamarca, Estonia, Nixeria, Países Baixos e San Marino (27 de febreiro); Acerbaixán, Islandia, Lituania, México, Mónaco, Nova Zelandia e Bielorrusia (28 de febreiro); Ecuador, Irlanda, Luxemburgo e Catar (29 de febreiro).

Por outro lado, nos últimos días de febreiro foron confirmados pola primeira vez casos de Covid-19 noutras Comunidades Autónomas de España: Andalucía (26 de febreiro<sup>16</sup>); Castela e León (27 de febreiro), Asturias e Navarra (29 de febreiro).

Nos primeiros días de marzo son confirmados os primeiros casos de Covid-19 no País Basco, Castela-A Mancha e Estremadura (1 de marzo); Cantabria e A Rioxa (2 de marzo) e Aragón (4 de marzo).

### **3. A pandemia chega a Galicia**

Galicia non se encontra inmune a esta realidade e no día 4 de marzo é confirmado na cidade da Coruña o primeiro caso de coronavirus a consecuencia dun foco importado de Madrid, rexión que nesa altura xa tiña rexistrados 76 casos, algúns de viaxes ligados a Italia e outros por contacto local. No día 5 de marzo é confirmado o segundo positivo de Galicia en Vigo. Ligados a este contaxio son confirmados dous novos casos no día seguinte en Vigo. A partir do día 8 a cifra de contaxios pasou a crecer moito máis rápido, superando os 200 casos nos oito días seguintes.

En 9 de marzo a Italia amplía o estado de cuarentena e toma medidas máis drásticas de forte restrición de dereitos e liberdades, en especial no que respecta aos dereitos de circulación e ás liberdades económicas, procurando así prevenir a transmisión do virus. As medidas inclúen restricións xerais de viaxe internos e externos, prohibición de eventos públicos, pechamento de escolas e espazos públicos, como cinemas, e suspensión de servizos relixiosos, incluíndo funerais ou casamentos.

A situación e evolución da Covid-19, con case 120.000 casos e 114 países afectados en 11 de marzo de 2020 provoca que a OMS cualifique a emerxencia de saúde pública ocasionada pola doenza Covid-19 como unha pandemia internacional.

En 12 de marzo, como consecuencia da evolución do coronavirus (24 novos casos activos confirmados e 63 acumulados), o Consello da Xunta de Galicia adopta un acordo de medidas preventivas en materia de saúde pública, propostas pola Comisión Interdepartamental de Seguimento do Coronavirus. Sobre esta base e tendo en conta que diversos estudos indican que, de non pór en

---

<sup>16</sup> O primeiro caso de transmisión comunitaria.



marcha medidas extraordinarias de distanciamento social, até un 60% da poboación no peor escenario podería infectarse -o que provocaría unha onda epidémica sensibelmente elevada, que, de resto, polos datos publicados na literatura científica, incidiría de maneira especial na poboación con máis de 70 anos, que constitúe un 19% da poboación galega, onde a taxa de mortalidade podería superar o 2% entre os afectados-, o Goberno galego entende que a situación creada supón un risco inminente e extraordinario para a saúde da poboación.

Alén diso, ese mesmo día o Goberno galego anuncia a suspensión das aulas en todos os niveis educativos de Galicia. Logo da recomendación do Goberno español, os gobernos rexionais doutras doce Comunidades Autónomas encerran os seus sistemas escolares, deixando máis de dez millóns de estudantes (un millón na universidade e nove millóns no ensino primario e secundario), en casa, inicialmente por un período de dúas semanas.

O empeoramento na evolución crecente de novos casos de infectados en Galicia<sup>17</sup>, provoca que o Consello da Xunta/Consellaría de Sanidade declare, no día 13 de marzo, a situación de emerxencia sanitaria no territorio galego, activándose o Plano Territorial de Emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego). Ao abrigo da lei 5/2007 de emerxencias de Galicia<sup>18</sup>, a declaración da emerxencia sanitaria por causa da Covid-19 habilita o goberno galego para adoptar medidas disruptivas tales como a restrición de movementos ou o confinamento, garantindo o correcto equilibrio no exercicio de dereitos e obrigas da cidadanía galega, ben como coordinar as actuacións necesarias de todos os organismos e a mobilización de medios e recursos dispoñíbeis na Comunidade Autónoma baixo a unidade de acción, mediante o establecemento dun mando único, por proposta do conselleiro competente en materia de protección civil. En consecuencia desa declaración ás 0:00 horas do día 14 pecharon bares, restaurantes, cinemas e todos os locais de lecer.

Con certeza, o coñecemento adquirido e a experiencia doutros países aconsellan a que idénticas medidas sexan adoptadas en Galicia, como forma de conter a expansión da doenza, sempre en estreita articulación coas autoridades españolas e europeas.

O número de casos confirmados de Covid-19 no conxunto de España experimenta un aumento do 66% en 24 horas, pasando de 3146 para 5232 casos. Perante este cadro, o Goberno español anuncia a decisión extraordinaria de declarar un estado de alarma en todo o territorio por quince días, para entrar en vigor no día seguinte após a aprobación do Consello de Ministros. Nesta altura todas as provincias de España confirmaron polo menos un positivo<sup>19</sup> após a confirmación dos casos en Ávila, Cuenca, Huesca, Palencia e Soria.

No mesmo día 13 de marzo a OMS acorda considerar a Europa como o centro activo da Covid-19. Os casos por país en toda a Europa dobraran en períodos de 3 a 4 días, con algúns países (principalmente aqueles en estaxios iniciais de detección) mostrando o dobre a cada dous días.

<sup>17)</sup> Ese día con 59 novos casos activos confirmados e 112 acumulados.

<sup>18)</sup> Artigos 11.2.e) e 36 de dita lei.

<sup>19)</sup> Nesa altura a cidade autónoma de Ceuta e as illas de El Hierro e Formentera como os únicos territorios sen casos relacionados.

## 4. Declaración do estado de alarma e confinamento obrigatorio

No día 14 de marzo o Goberno español decreta o estado de alarma sobre todo o territorio, inicialmente por un período de 15 días, conforme o artigo 116.2 da constitución española. Nos termos constitucionais e legais, a declaración límitase ao estritamente necesario para a adopción das referidas medidas extraordinarias e de carácter urxente e os seus efectos terminarán logo que a normalidade sexa retomada. Entre tanto, confere ás medidas que se traduzan en limitacións de dereitos, liberdades e garantías o respaldo constitucional que só o estado de alarma pode dar, reforzando a seguranza e certeza xurídicas e a solidariedade institucional. Ao abrigo do estado de alarma, o goberno central mantén todos os poderes, é asumido o mando único na xestión e toda a policía está baixo o control do Ministerio do Interior

Á semellanza do que estaba a ocorrer noutros países europeos, tornouse necesario reforzar a cobertura constitucional a medidas máis abranxentes, que se revelou necesario adoptar para combater esta calamidade pública, razón pola cal o Goberno español entendeu ser indispensábel a declaración do estado de alarma. Todos os residentes son obrigados a permanecer nas residencias normais, excepto para comprar alimentos e medicamentos, traballar ou atender emerxencias. As restricións de confinamento comportan a prohibición de moitas actividades non esenciais, incluíndo grandes reunións de persoas, e determinan o pechamento temporario de tendas e negocios non esenciais, incluíndo bares, restaurantes, cafés, cinemas, museos e similares. No entanto, os cidadáns aínda poden viaxar para o traballo e comprar itens esenciais.

O 15 de marzo entra en vigor o confinamento total debido ao estado de alarma no Reino de España. A demora entre o anuncio e a implementación do bloqueo significou que algunhas persoas das áreas máis poboadas, nomeadamente na Comunidade de Madrid, partiran para súas segundas residencias, traendo o virus con elas e contribuíndo para a súa propagación noutros territorios.

No día 17 de marzo de 2020 todos os países da Europa continental, con Montenegro, o último país europeo a notificar polo menos un caso, relatándose polo menos unha morte en 18 países.

No día 18 de marzo de 2020, dada a situación alarmante que a pandemia chegou, o presidente dos EUA anuncia a invocación á lei de guerra, facendo unha analoxía aos esforzos no palco da Segunda Guerra Mundial. Ese día a Italia ten o seu maior número de doentes e mortes en 24 horas (4200 e 475, respectivamente). No día seguinte tórnase o país co maior número de mortes confirmadas por causa de coronavirus no mundo.

O 19 de marzo é o primeiro día que non se reportou ningún caso entre a poboación chinesa despois de ter alcanzado 3000 mortos na primeira semana do mes. Perante a diminución continuada do número de novas infeccións, durante a semana seguinte, a provincia de Hubei reportaría como máximo un novo caso ao día, o que permitiu que o Goberno chinés declarase o final do período de crise.

A 22 de marzo o Goberno español anuncia unha prórroga do estado de alarma por outras dúas semanas, até o 12 de abril. No día 23 supéranse os 1000 contaxios totais en Galicia, contabilizándose 1208 casos confirmados, dos cales seguían activos 1170.

No día 27 de marzo os focos máis notábeis da doenza en Europa son España (con máis de 64000 casos), Alemaña (47000) e Francia (máis de 29000), mentres que fora os EUA, Irán e a Corea do Sul son os países máis afectados.

En 28 de marzo o Goberno español anuncia a prohibición de todas as actividades non esenciais por un período de catorce días. Os traballadores afectados que deben permanecer en casa reciben licenza remunerada a menos que presten un servizo esencial, traballen remotamente, estean en licenza médica ou teñan os seus contratos suspensos.

Durante o mes de marzo, casos da doenza tamén foron confirmados na Armenia, Guadalupe da Francia, Chequia, República Dominicana, S. Bartolomeu e S. Martiño da Francia (1 de marzo); Andorra, Indonesia, Xordania, Letonia, Marrocos, Portugal e Senegal (2 de marzo); Arxentina, Chile, Xibraltar do Reino Unido, Liechtenstein e Ucraína (3 de marzo); Guíana Francesa, Illas Faroé da Dinamarca, Hungría e Polonia (4 de marzo); Eslovenia, Bosnia e Hercegovina, Palestina, África do Sul e Martinica da Francia (5 de marzo); Bután, Vaticano, Serbia, Togo, Camaróns e Eslovaquia (6 de marzo); Maldivas, Colombia, Perú, Malta, Paraguai, Costa Rica e Moldavia (7 de marzo); Bulgaria e Bangladesh (8 de marzo); Albania, Chipre, Brunei, Burkina Faso e Guernsey do Reino Unido (9 de marzo); Mongolia, Chipre do Norte, Panamá, Xamaica, República Democrática do Congo, Jersey do Reino Unido e Turquía (10 de marzo); Bolivia, Guíana, Honduras, Costa do Marfín, Polinesia Francesa e Reunión da Francia (11 de marzo); Gabón, Gana, Cuba, San Vicente e Granadinas e Trindade e Tobago (12 de marzo); Antigua e Barbuda, Aruba dos Países Baixos, Burkina Faso, Casaquistán, Curaçao dos Países Baixos, Etiopía, Guatemala, Guiné, Illas Cayman do Reino Unido, Illas Virxes Americanas, Mauritania, Mayotte da Francia, Kosovo, Porto Rico, Quenia, Santa Lucía, Sudán, Suriname, Uruguai e Venezuela (13 de marzo); Congo, Guiné Ecuatorial, Mauritania, Namibia, Ruanda, Seychelles e Suacilandia (14 de marzo); Bahamas, Guam dos Estados Unidos e Usbequistán (15 de marzo); Groenlandia da Dinamarca, Liberia e Tanzania (16 de marzo).

Entre o 3 e 11 de abril, o número de novos casos e óbitos en xeral mostra unha tendencia decrecente en España. En 3 de abril, foron rexistradas 950 mortes, até entón o número máis alto para un único país nun intervalo de 24 horas. As estimativas para o número básico de reprodución do virus indicaron un número abaixo de 1,0 pola primeira vez, o que significa que cada caso estaba a infectar menos dunha outra persoa. Nos días 4, 5 e 6 de abril, foron rexistradas reducións consecutivas no número de novos casos e mortes, incluíndo 637 novos falecementos en 6 de abril, o número máis baixo en dez días.

En 9 de abril, a pedido do Goberno, o Congreso dos Deputados aproba estender o estado de alarma por máis dúas semanas, até o 26 de abril. No día seguinte o número de mortes confirmadas caeu para 605 e, en 11 de abril, para 510, o número máis baixo en máis dun mes; o número de casos confirmados aumentou apenas 3%, o menor valor desde que o Ministerio da Saúde comezou a colectar datos.

No día 11 de abril o maior número de mortes confirmadas por causa do coronavirus producido na Italia é ultrapasado polos Estados Unidos, que, na altura, tórnase o novo epicentro da pandemia no planeta.

En 13 de abril, os traballadores de sectores non esenciais que non poden traballar remotamente son autorizados a retornar ao traballo; iniciando o goberno español a distribución de millóns de máscaras nos centros de transporte público.

A Comisión Europea presenta no día 15 de abril de 2020 un roteiro europeo para o levantamento das medidas de contención do coronavirus. Coa colaboración do Centro Europeo de Prevención e Control das Doenzas, do panel consultivo da Comisión sobre o coronavirus, a experiencia dos Estados-Membros e as orientacións da OMS é trazada unha abordaxe europea para as medidas de desconfinamento.

Durante a vixencia do estado de alarma, até o 21 de xuño, o Congreso dos Deputados autorizou o Goberno español a prorrogalo en seis ocasións. Ao longo destes meses, grazas ao esforzo da poboación e nun contexto de compromiso alargado entre os diferentes órganos de soberanía, foi posíbel conter a pandemia e garantir a seguranza da cidadanía. Perante a verificación, a partir de meados de abril, dunha redución sustentada no número de doentes de Covid-19 internados nos hospitais, ben como da taxa de ocupación das Unidades de Coidados Intensivos, no día 28 de abril o Goberno español aproba un plano de desescalada asimétrica da situación de confinamento por unidades territoriais.

Mantendo como prioridade o combate á pandemia, é fundamental que o levantamento das medidas e confinamento sexa progresivo e gradual, e que os efectos das medidas na evolución da pandemia sexan sistematicamente avaliados, para poder retomar a actividade económica e a vida en sociedade coa garantía que a pandemia se mantén controlada. Por iso, o plano deseñado consta de catro fases, e a pasaxe a cada unha das fases sucesivas lévase a cabo de maneira asimétrica en cada provincia ou illa segundo a súa situación epidemiolóxica, a capacidade do seu sistema sanitario para encarar os contaxios e os seus indicadores de mobilidade e socioeconómicos, cun período mínimo de dúas semanas entre fases. A mobilidade entre provincias non será permitida até a conclusión das catro fases.

A prioridade de prevención da doenza, contención da pandemia e garantía da seguranza da poboación, aliada ao levantamento gradual das suspensións e prohibicións decretados durante o período do estado de alarma, repercútese agora nun camiño de regreso gradual da actividade económica ao seu normal funcionamento, mediante a avaliación do cadro epidemiolóxico, sanitario, social e económico, e implementando esas catro fases.

Nesta fase do proceso, o goberno optou por un elenco menos intenso de restricións, suspensións e encerramentos do que se encontraba vixente, sen prexuízo da gradualidade do levantamento das restricións e da necesidade de se manter o escrupuloso cumprimento pola poboación das medidas de distanciamento físico indispensábeis á contención da infección.

Dado que o levantamento gradual das medidas de confinamento conducirá inevitabelmente a un aumento dos novos casos de infección, polo que se torna necesario asegurar un acompañamento constante dos datos epidemiolóxicos, podendo as medidas tomadas ser adaptadas ou reintroducidas novas medidas para que a pandemia se manteña controlada. Nese sentido, a salvagarda da saúde e seguranza da poboación, de forma a mitigar o contaxio e a propagación do virus

Sars-CoV-2 e a doenza Covid-19 é fundamental, polo que fican en confinamento obrigatorio, en establecemento de saúde, no respectivo domicilio ou noutro local illado as persoas doentes e en vixilancia activa.

Ben así, a poboación debe procurar cumprir un deber cívico de recollemento domiciliario dando primacía ás actividades, decisións e desprazamentos que non impliquen un contacto social alargado. E, nese sentido, o exercicio profesional mantense en rexime de teletraballo sempre que as funcións en causa o permitan.

## **5. A nova normalidade**

Ao abrigo do plano de desescalada asimétrica, a partir do 26 de abril permitiuse a saída de menores de catorce anos acompañados por un adulto durante unha hora nas proximidades dos seus domicilios. A partir de 2 de maio pasa a ser admitida a actividade física e a práctica deportiva ao ar libre que non envolva contacto físico, desde que no respecto e regras de hixiene e sanitarias.

Gradualmente é alargado o conxunto de establecementos comerciais que poden estar en funcionamento, designadamente o comercio local de proximidade e de entrada directa da rúa. Son, aínda reabertos os puntos desconcentrados de atendimento ao público dos servizos e entidades da administración pública.

Durante o período de desescalada Galicia experimentou unha evolución positiva e homoxénea en todo o seu territorio, pasando para a Fase I no 10 de maio, á Fase II o 25 de maio e á Fase III o 8 de xuño. O 13 de xuño o Ministerio de Sanidade de España confirma a pasaxe de Galicia para a Fase IV de “nova normalidade”.

Así sendo, o 19 de xuño Galicia convértese na primeira Comunidade Autónoma en culminar o seu proceso de desescalada e de retorno á “nova normalidade”. Nesa altura a pandemia de Covid-19 provocara en Galicia o seguinte balanço:

- Casos acumulados: 9.169
- Novos contaxios confirmados: 5<sup>20</sup>
- Casos activos acumulados: 341<sup>21</sup>
- Casos recuperados acumulados: 10.518
- Mortes acumuladas: 619<sup>22</sup>

---

<sup>20)</sup> O 2 de abril produciuse o número máximo de novos contaxios diarios (412).

<sup>21)</sup> O 28 de abril Galicia rexistraba o número máximo de casos activos (6.947).

<sup>22)</sup> O 8 de abril produciuse en Galicia o número máximo de mortes diarias (70). Ese día a Consellaría de Sanidade incluíu no seu relatorio diario os falecementos que se produciran en residencias de anciáns e que non foran incluídos anteriormente. Alén diso, no día 11 de abril rexistráronse 29 mortes.



# PARTE I

## O CORPO DIPLOMÁTICO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

### 1. Unha iniciativa do Observatorio de Persoas Tituladas durante o confinamento

O Observatorio conta cunha Rede de persoas tituladas da que xa forman parte máis de 13.500 persoas repartidas por 72 países dos cinco continentes (ver Anexo 1). Para a UVigo as persoas tituladas no estranxeiro son o Corpo Diplomático alí onde se encontran como antenas de visualización para identificar oportunidades para a comunidade alumni UVigo.

Por iso, en palabras de D. Ignacio Rodríguez Iglesias, Secretario Técnico do Consello Social<sup>23</sup>, o Observatorio propuxo unha “luminosa iniciativa nos tempos escuros de temores e confinamento”. O día 12 de marzo, logo da OMS ter declarado a Covid-19 como pandemia global e antes de que o Goberno galego decretase o estado de emerxencia sanitaria o 13 de marzo, observando a preocupante evolución dos acontecementos en Galicia e as noticias que chegaban sobre a situación en Italia e na China, desde o Observatorio puxémonos en contacto en primeiro lugar, e por razóns evidentes, coas persoas tituladas da UVigo que viven e traballan na Italia e China.

Na mensaxe enviada solicitábamnos que transmitisen (ver Anexo 2), cunha breve crónica ou reporte, a súa experiencia persoal e profesional nos países de destino en relación á situación creada polo coronavirus. Así, entre os días 12 de marzo e 21 de abril<sup>24</sup> contactamos por correo electrónico con todas as persoas tituladas que residen e traballan no estranxeiro.

As respostas comezaron a chegar axiña. En primeiro lugar, o día 13 de marzo, da Italia, logo a seguir polo Reino Unido e Portugal (20 de marzo), Estados Unidos (21 de marzo), Alemaña e Moçambique (24 de marzo), Noruega (1 de abril), Países Baixos (2 de abril), Australia, Bélxica e Xapón (3 de abril), Irlanda (6 de abril), Brasil, Canadá e Dinamarca (7 de abril), Austria, Albania e Chequia (8 de abril), Perú e Suecia (10 de abril), Arxentina e México (13 de abril), Chile e Colombia (15 de abril), Francia<sup>25</sup> (16 de abril), Ecuador (22 de abril) e Polonia (19 de maio).

Simultaneamente, desde o Observatorio creamos un blogue ad hoc, chamado “Corpo Diplomático da UVigo”<sup>26</sup> para difundir os informes que nos chegaban dos antigos estudantes no exterior sobre as súas experiencias nos países de destino pola pandemia de Covid-19.

<sup>23</sup> <https://consellosocial.uvigo.gal/2020/05/actualizacion-no-duvi-a-instancia-do-observatorio-de-persoas-tituladas-o-corpo-diplomatico-da-uvigo-radiografia-a-avivencia-da-covid-19-a-nivel-planetario/>

<sup>24</sup> Italia e China (12 de marzo); Estados Unido, Francia, Portugal e Reino Unido (20 de marzo), Alemaña (25 de marzo), Suíza (27 de marzo), Irlanda, Noruega e Polonia (31 de marzo); Bélxica, Luxemburgo e Países Baixos (1 de abril), Australia, Austria e Xapón (2 de abril), Dinamarca, Finlandia e Suecia (3 de abril); Brasil, Canadá e México (6 de abril); África do Sul, Chequia, Chile e Grecia (7 de abril); Andorra, Arxelia, Eslovaquia, Islandia, Lituania e Perú (8 de abril); Arxentina, Estonia, Hungría, Indonesia e Tunisia (13 de abril); Barbados, Colombia, Rusia, Singapur e Uruguai (14 de abril); Bolivia, Bulgaria, India, Israel e Romanía (15 de abril); Cuba, Guiné-Bissau, Malta, Quenia, Marrocos, República Dominicana, Taiwán e Venezuela (16 de abril); Gana, Nicaragua, Papúa Nova Guiné e Tailandia (17 de abril); Bangladesh, Casaquistán, Catar, Emirados Árabes Unidos e Xeorxia (20 de abril) e Ecuador e Paraguai (21 de abril).

<sup>25</sup> Illa de Reunión (Oceano Índico)

<sup>26</sup> <https://corpodiplomaticouvigo.blogspot.com/>

En total, entre o 13 de marzo e finais de maio, recibimos desde 27 países dos cinco continentes os testemuños dun total de 59 persoas tituladas en todos os ámbitos académicos da UVigo e que neste momento están a desenvolver a súa carreira profesional no estranxeiro (ver Anexo 3). Alemaña foi, con diferenza, o país desde o que chegaron máis escritos, un total de 11, seguido do Reino Unido (8), Portugal (4) e Bélxica, Italia e Noruega (3 cada un). A partir de aí, unha sucesión de lugares<sup>27</sup> até completar 27 do total de 73 países do mundo onde o Observatorio constatou a presenza e contacto co antigo alumnado da UVigo.

Con esta achega o Observatorio de Persoas Tituladas conseguiu facer unha radiografía planetaria cos representantes da rede, o “noso corpo diplomático”, espallado polo mundo. As experiencias relatadas transmiten múltiples situacións: antigos/as alumnos/as que traballa da casa (teletraballo), outros que seguen nas súas ocupacións con “normalidade” e casos de persoas que perderon o emprego por causa desta crise.

As reaccións á iniciativa foron moi enriquecedoras e a valoración da proposta foi moi positiva por parte das persoas ás que se dirixiu. En xeral, cada un dos participantes agradeceu que a UVigo se tivese preocupado pola súa situación.

Nunhas declaracións ao DUVI<sup>28</sup> (Diario da UVigo) publicadas o 12 de maio, Luis Espada, director do Observatorio, referiu que “cada unha das crónicas achega, de forma desinteresada, unha visión en primeira persoa de como o mundo está a experimentar esta crise global, inaudita na historia da humanidade pola súa dimensión nos ámbitos sanitario, económico e social”, desexando a cada un deles “a realización dos seus proxectos vitais e profesionais”.

## 2. Testemuños sobre a experiencia da Covid-19 no estranxeiro

A seguir reproducense literalmente, por países e data de recepción, cada unha das crónicas que chegaron ao Observatorio de Persoas Tituladas.

### 2.1 Albania/Austria

#### Mar Vicente

Licenciatura en Belas Artes (2004)

Vive en Austria desde 2008 e traballa como artista plástica

8 de abril

*En xaneiro do 2018 mudeime co meu marido a Shkodra-Albania, xa que alí comezou a impartir clases nun instituto austríaco, polo que trasladei o meu estudo de Viena a Shkodra.*

*O 9 de marzo o ministerio albanés suspendeu as aulas repentinamente por motivo do Covid-19, daquela por dúas semanas. Vendo o que xa estaba a suceder na veciña Italia, e razóns como que en Albania, e particularmente en Shkodra, o sistema sanitario é practicamente inexistente pola falta de medios... e que,*

<sup>27)</sup> Austria, Brasil, Colombia, Dinamarca, Estados Unido, Irlanda (2 cada un); Albania, Arxentina, Australia, Canadá, Chequia, Chile, Ecuador, Francia (Illa de Reunión), México, Moçambique, Países Baixos, Perú, Polonia, Suecia e Xapón (1 cada un).

<sup>28)</sup> <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/mais-medio-cento-persoas-tituladas-uvigo-relatan-os-cinco-continentes-sua-experiencia-pandemia>



*en xeral, o sistema albanés ten outras maneiras de actuar ao que vamos denominar Unión Europea; decidimos apañar o coche e ir para Austria antes de que pecharan fronteiras (ademais tendo a referencia da China vimos con claridade que a situación ía a durar máis desas dúas semanas)*

*Dadas as circunstancias profesionais, digamos nómades, nós non temos un domicilio propio en Austria e cando mudamos a Albania rexistrámonos no domicilio dos meus sogros.*

*O día 10 chegamos a Austria, non queríamos correr ningún risco (tiñamos moitos motivos que estenderían demasiado esta crónica) e decidimos "illarnos" para evitar contacto coa familia e alugamos un apartamento nunha poboación próxima. Desde entón levamos máis ou menos confinados.*

*Mentres tanto en Albania comeza o caos, a presenza militar nas rúas e restrinxen ao máximo todo tipo de movemento. A partir do día 13 ou 14 (non recordo ben) está prohibido usar o coche, comezan a pechar as fronteiras, voos...*

*En Austria pecháronse as escolas e estableceuse o estado de alerta o luns seguinte (día 16) como en España, aínda que aquí está permitido saír a pasear, ir ao bosque, facer deporte... Os casos de Covid-19 concéntranse no Tirol, a zona estivo en completa corentena e alí non se permitiu saír da casa (excepto para comprar) até onte. Foron aparecendo máis e máis casos con maior intensidade en zonas urbanas como por exemplo Viena, mais sen causar (de momento) o colapso sanitario.*

*A miña situación profesional nestes momentos está bastante parada, a exposición individual de maio anulouse e a colectiva de xuño tamén. Teño dúas mais programadas en setembro e decembro que seguramente se adiarán. Polas particulares circunstancias non podo producir/materializar a obra que tiña en plan, aínda que si proxectar e cavilar. Dalgunha maneira safo momentaneamente cos ingresos dos últimos meses que foron bastante frutíferos, pero non hai ingresos á vista do que resta de ano; produción tampouco, polo que as poucas posibilidades de venda esténdense moito máis alá dun posíbel fin da crise.*

*Outra vantaxe que de momento me permite "respirar" bastante é que afortunadamente en Austria existe un "plan de artistas autónomos" (ao que estou inscrita), específico ao ámbito artístico e que subvenciona, por completo ou en parte, a taxa mensual de autónomos. Sempre e cando estiveres na faixa dun mínimo e un máximo de ganancias e consoante aos ingresos do ano anterior. A estes fondos da KSVF pódese recorrer tamén no caso de emerxencia económica, o mesmo pódese solicitar ó ministerio de cultura austríaco e algunhas asociacións de artistas que teñen fondos específicos para urxencias económicas extremas reais, aos que se ten acceso de inmediato. Para a crise da Covid-19 desenvolveuse tamén un plan de axudas por parte de asociacións artísticas e da KSVF.*

*Nestes momentos o goberno austríaco comunicou a intención de ir abrindo algún comercio mais e informa que cara ao verán posibelmente se poda viaxar dentro do país.*

*Mentres tanto en Albania escasea a información, non se pode saír baixo nengún concepto, só se pode saír unha hora á semana e unha persoa de cada casa (á que se lle dá un permiso, que controlan na rúa cando te atopan). A Covid-19 tamén está presente, mais descoñecemos as dimensións. Temos que ter en conta que nun país sen medios non se poden facer testes e, polo tanto, "non" hai infectados.*

*Como artista sempre vivín ao día ou no curto prazo e dalgunha maneira ou doutra un vai "adiante". Penso que pasarán uns cantos meses até que poda acceder á miña casa e ao meu estudo. Tento manterme estábel porque agora mesmo é o máis saudábel.*

*Tamén son consciente de que a miña situación profesional en Austria é, tanto en xeral como particularmente agora, máis favorábel da que tería residindo en España.*

## 2.2 Alemaña

### Guillermo Suárez

Licenciatura en Física (2013)

PostDoc no Instituto Max Planck para a física do Plasma (Muniqu)

25 de marzo

*A situación actual na Alemaña, máis concretamente en Munique, onde eu resido, é similar á de España en moitos sentidos. As noticias dos xornais alemáns reflicten diariamente o preocupante aumento de persoas infectadas pola Covid-19. Tomáronse varias medidas de distanciamento social: pecháronse bares e restaurantes, salvo pedidos de comida a domicilio, pediuse á poboación que saia de casa o menos posíbel, e que eviten reunións.*

*No Instituto Max Planck, onde eu traballo como PostDoc, pediuse que todos aqueles que poidan teletraballar o fagan durante un mes de duración, no mínimo. Para aqueles traballos onde non é posíbel teletraballar, como operadores e técnicos de laboratorio, pediuse que estes o fagan mantendo a distancia co resto dos seus compañeiros. As reunións de traballo téñense que realizar por videoconferencia e a cantina onde serven as comidas pechou até novo aviso.*

*Todas as conferencias científicas noutros países foron progresivamente canceladas e tampouco é posíbel hospedar investigadores doutras institucións. Todas estas medidas foron adoptadas de vagar e endurecidas conforme a doenza se espallaba máis e o Goberno central de Bavaria endurecía as medidas.*

*A razón pola que o número de falecidos na Alemaña é moito máis baixo que en España é para min aínda un misterio. Porén, os datos da seguranza social tal vez podan ser esclarecedores. Alemaña ten en hospitais tres veces máis camas por cada 1000 habitantes que España, o que fai con que o seu sistema sanitario sexa moito máis forte e que se poda previr en maior medida o número de falecementos. Por outro lado, tamén hai que considerar que non só a mortalidade é máis baixa até agora, o número de infectados ponderados á poboación da Alemaña é máis baixo que en España (actualmente unhas 34 mil persoas infectada na Alemaña que ten 83 millóns de habitantes contra uns 47 mil en España con 47 millóns de habitantes). A pesar de existir xa unha chamada por parte das autoridades a realizar confinamento en casa, non detectei nengunha tentativa de non obedecer ese chamado. Talvez é ese civismo, a falta de picaresca, a que fai con que os contaxios se manteñan máis controlados. Outro compoñente é o feito de moitas cidades alemás térense expandido en superficie, e non en altura, polo que a densidade de poboación tende a ser máis baixa. Segundo a Wikipedia, Munique ten unha densidade de poboación de 1500 hab/km<sup>2</sup>, mentres que en Madrid é de máis de 5000 hab/km<sup>2</sup>. Sexa como for, estas son só ideas, e eu non son un especialista en viroloxía nen en demografía.*

*Hai, porén, moitas semellanzas. Nos supermercados faltan algúns produtos de primeira necesidade, como papel hixiénico, masa ou legumes. A pesar disto, non detectei colas nos supermercados, como sucedeu nalgunhas cidades españolas.*

*A xente mantén un cordón invisíbel de seguranza ao redor dos outros, tanto na rúa como nos sitios pechados, aínda que en xeral isto xa sucedía antes da pandemia. Na Alemaña téndese a respectar máis o espazo persoal de cada un. As persoas maiores levan luvas e máscaras cando fan a compra, mais, paradoxalmente, os traballadores de supermercados non o fan.*

*En resumo, a situación é de alarma, e as razóns específicas que expliquen o menor número de falecidos deberán ser estudadas por especialistas. Aínda que esta situación pode evoluir de forma distinta no futuro. Limiteime a dar as miñas ideas e observacións baseándome na situación actual, a 25 de marzo de 2020. Sorprenderíame, porén, que algún/s dos factores referidos non fosen relevantes.*

*O día transcorre con preocupación, mais sen exaltación. A vida segue por agora o seu decorrer.*

### **Gloria Alonso**

Licenciatura en Belas Artes (2010)

Vive e traballa como docente en Berlín

25 de marzo

*Na miña opinión, desde a experiencia destes anos na Alemaña e coas informacións que todos temos en internet a cerca da Covid-19:*

*Os Alemáns son de natureza máis fríos e individualistas. Non fan tanta vida social como nos países onde sae o sol. Non lles supón un problema non achegarse dous metros os uns aos outros, polo que son capaces de manter esas regras sociais tranquilamente. Nin se abrazan tanto. Nin falan tan enérxicamente. Son máis moderados en todo.*

*A xente de idade, que desgraciadamente, son a maioría máis prexudicada na Italia e España, aquí non viven nas grandes cidades como Berlín. Eles viven ou en residencias de anciáns ou nas súas casas no campo illadas das grandes poboacións. Non son familiarmente tan próximos como nós.*

*Penso que o virus chega máis de vagar por esas razóns, e tamén contando co exemplo dos países veciños, polo que xa están en previo aviso e cóidanse das regras, o que se traduce en menos xente de súbito nos hospitais.*

*Alén diso, parece ser que contan con máis infraestrutura e maquinaria específica que nós para coidados intensivos nos hospitais...*

## Martín Rojas

Licenciatura en Economía (2010)

Executivo en Vendas Sénior (especialista en software de maquinaria) en Berlín

25 de marzo

*A miña historia en Berlín comeza hai case sete anos, con moitas experiencias no meu bolso, tanto persoas coma profesionais. Algunhas delas pasarán cos anos á zona de arquivo, mais o que está a suceder nas últimas datas, penso que será moi complicado de esquecer. Tomando como referencia os datos de hoxe, a 25 de marzo de 2020, Alemaña ten case 36000 infectados polo coronavirus e 187 falecidos, dos cales 1645 danse en Berlín, cun total de 4 falecidos de momento. Seguindo estes números, podemos ver que Galicia xa ten máis casos confirmados de Covid-19 que a cidade de Berlín, tendo esta última case un millón máis de habitantes que a nosa terra.*

*Algún poderá pensar que a poción máxica que explique estas diferenzas sexan a Weizenbeir (cervexa de trigo) ou as salchichas Bratwurst, mais coido que hai outros factores ao meu entender que están tendo unha maior influencia:*

- *A media de idade en Berlín é moi nova, co cal o risco de que o virus sexa letal e de propagación é moito menor. Moitos contaxios na Alemaña producíronse en medias de idade moito menores ás de España, que controlados non transmitiron a doenza.*
- *Alemaña ten unha cultura moi individualista, poucos fillos maiores de idade viven cos seus pais. Berlín por exemplo, está chea do que se denomina WGs, pisos compartidos pola mocidade. España, polo contrario, é unha cultura moi colectivista, tamén ás veces ocasionada polo arrastre dos últimos anos de crise económica, que fai con que moitos fillos sigan convivindo na residencia familiar cos seus pais e incluso avós, sendo un foco de contaxio inmediato a persoas de alto risco.*

*Orientación ao resultado e eficiencia por parte das institucións e da sociedade en xeral na Alemaña. Penso que desde o comezo se tomou con seriedade os primeiros casos detectados, illando desde o inicio aqueles de maior risco e controlando o problema da raíz. Os laboratorios especializados fixeron moitos testes e non se produciron situacións de pánico entre a sociedade, como sucedeu no éxodo de Madrid a distintas cidades do noso país, espallando de maneira inmediata a epidemia. Tampouco vexo casos "Mercadona" nos principais supermercados da cidade, ben é certo que mercar papel hixiénico xa se está convertendo nun desafío ao estilo Tom Cruise na saga Misión Imposible.*

*A nivel persoal quero que pase todo isto canto antes; levo 14 días de confinamento na casa, comezando unha semana antes que o Estado de Alerta en España. Boto de menos especialmente facer deporte (fútbol sala, squash), non podo nin ir adestrar co meu equipo e a quedada para a cervexa posterior.*

*En Alemaña non temos a mesma situación restritiva que en España por agora, xa que o goberno de Angela Merkel deu unha serie de normas a respectar, pero tamén polo que está a pasar no meu país, penso que psicoloxicamente e por respecto "aos nosos", eu fico na casa. Hai moita xente aquí que non o fai, mais así é Berlín, a cidade na que a liña entre a liberdade e a libertinaxe é tan curta que ás veces non se percibe.*

*En canto a nivel laboral se refire, estou traballando en remoto e non teño problema algún en non ir a oficina, xa que podo desempeñar as miñas funcións con acceso a internet.*

*Din que do malo e do pasado é do que máis se aprende, confío que así sexa e que o futuro nos poda outorgar unha aperta de recoñecemento a unha mellora desta sociedade.*

## **Roque Campos Parada**

Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (2005)

Full Stack Developer en Leverkusen (Renania do Norte-Vestefalia)

26 de marzo

*Eu traballo como full stack developer en Unique-Conceptions GmbH, unha empresa IT de Leverkusen. No meu sector apréciase unha capacidade de adaptación excelente á situación actual: agora usamos de forma máis intensiva ferramentas como o teletraballo, ou as reunións con clientes por videoconferencia. Moitos deles, víronse obrigados a reducir ou parar a súa actividade e aproveitan este período para investir e solucionar problemas tecnolóxicos. A súa idea é aproveitar o parón para prepararse e voltar ao mercado con máis forza e novas ferramentas. A nosa carga de traballo nunca estivo tan alta. Outro tipo de negocios non tivo tanta sorte, empresas de hostalaría e lecer, víronse obrigadas a parar a súa actividade completamente.*

*No persoal, a nosa sensación subxectiva é que a situación non é tan dramática como en España. Aínda que o número de contaxiados é semellante, pensar que a poboación na Alemaña é case o duplo da española parece suavizar o significado das cifras.*

*O que resulta chamativo é o número de falecidos tan baixo aquí. Isto dá que pensar, pois a idade media da poboación é similar. Parece que de momento o virus non afectou aos anciáns e postos a especular, danos a sensación de que Alemaña tomouse máis en serio a ameaza e adoptou medidas antes e de maneira máis efectiva.*

*Como anécdota, podo relatar a secuencia de acontecementos no lar de anciáns na que traballa a miña muller: cando despois de Carnaval se detectaron os primeiros casos na Renania do Norte-Vestefalia, o centro extremou máis aínda, as xa de por si estritas medidas de hixiene. Anunciouse a prohibición de visitas a partir do 13 de marzo, con dúas semanas de marxe para as últimas visitas. Curiosamente, este anuncio nun supuxo un efecto chamada. En xeral os familiares actuaron de maneira preventiva, e non usaron esta marxe para visitar aos seus anciáns. Tamén os traballadores dos centros, apesar de a ameaza ser vaga e imprecisa, adoptaron medidas de distanciamento social.*

*Danos a sensación de que a actitude da poboación aquí foi moi responsábel seguindo as recomendacións de distanciamento social. Relembremos que a hoxe en día non hai unha obrigación de confinamento, e pódese pasear mesmo por parellas ou practicar deporte ao ar libre. Salvo excepcións puntuais, a poboación cumpre as normas, sen necesidade de presenza policial, sen éxodos entre provincias, sen atascos ás saídas das cidades os fins de semana.*

*As noticias que chegaron de España sobre o comportamento da sociedade nos primeiros días do estado de alarma non reflectían este civismo, aínda que queremos crer que é unha imaxe distorcida, produto da exaxeración dos medios de comunicación.*

*Acabo confiando na responsabilidade individual de cada un para ter paciencia, disciplina e manter o distanciamento social mentres dure a epidemia. É o que nos protexe a todos e especialmente aos máis febles.*

### **Pablo Lores Lareo**

Licenciatura en Química (2011)

Doutor en Química Analítica na Universidade Humboldt (Berlín)

Científico nunha empresa do sector biotecnolóxico en Berlín

26 de marzo

*A situación na Alemaña é bastante máis relaxada que en España. As medidas que tomou o goberno alemán son moito máis laxas que as do goberno español o confinamento é mormente voluntario. Porén, están prohibidas as reunións de máis de dúas persoas que non sexan familia ou convivan nun mesmo lugar. Pecharon a maior parte de tendas e as que permanecen abertas, principalmente supermercados, farmacias, tendas de animais e ferrallarías puxeron en marcha medidas para manter á xente separada dentro dos establecementos, como, por exemplo, pintaron marcas no solo para establecer a distancia mínima, levantaron protectores de plástico para os traballadores e prohibiron o pagamento en efectivo. A xente segue ao pé da letra as medidas, son casos moi excepcionais de xente que non acompaña as indicacións.*

*No tocante ao traballo desde moi cedo as empresas adheriron a programas de teletraballo. É moi común o teletraballo na Alemaña e simplemente aumentaron os programas naquelas empresas nas que é posible. Nas empresas nas que non é posible e viron a súa situación afectada levouse a cabo o Kurtzarbeit (metade do salario por cero actividade ou 75% do salario por media xornada).*

*Non se debería comparar un país co outro. Non son as medidas por si sos, mais o conxunto das medidas coa situación social e económica dun país. Os números reais da pandemia non os veremos até dentro de moitos meses. Alemaña estase a preparar para as condicións extremas, mais, por en canto, a capacidade non se viu sobresaaturada.*

### **Romina Arjolekas**

Enxeñaría en Informática (2015)

Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (2007)

Vive e traballa en Frankfurt Am Main (Hessen) desde 2013

28 de marzo

*Desde o 18 e marzo estamos confinados no noso piso de Frankfurt. O meu marido orixinario de Heidelberg fíxose autónomo no ano pasado e traballa nun coworking space, así que xa leva facendo Home Office algo máis de dúas semanas.*

*Nós podemos traballar desde casa, mais con dúas crianzas de catro e dous anos é unha odisea. Afortunadamente temos horarios flexíbeis e podémonos alternar, traballando eu de mañá e el de tarde. Os parques infantís están precintados, mais aquí pódese e recoméndase saír a pasear (en grupos de dous) ou facer exercicio. O noso piso ten un patio axardinado na parte traseira, que está completamente illado do resto do mundo, co cal aproveitamos diariamente para baixar cos fillos, sen nos preocupar con ter contacto con outras persoas.*

*Alén disto, estes últimos días parou de chover, saíu o sol e as temperaturas pasaron dos graos negativos a uns 15-18 graos primaverais, así que todo o mundo aproveita para saír aos parques e explanadas (gardando as distancias), para recargar as reservas xa esgotadas de vitamina D.*

*En Frankfurt non se ve moita xente con máscara e luvas, aínda que se xa se ve moita máis do que a semana anterior. Nas drogarías levaban desde febreiro esgotados. Nos supermercados só se respira anormalidade ao ver a cola de xente a esperar por un carriño, ou ao ver os estantes da fariña e o papel hixiénico completamente vacíos desde hai semanas.*

*O tráfico é inexistente. A maioría da xente aproveita o bo tempo para moverse en bicicleta (aínda que con mal tempo tamén o fagan). Que os bares e restaurantes estean pechados, só parece importar aos propietarios dos negocios.*

*Na Alemaña sempre houbo afinidade especial a se reunir en casas para tomar unhas cervexas ou cear e aínda que Frankfurt sexa un caso especial pola súa internacionalidade, a xente parece que regresa ás súas raíces orixinais sen moitas preocupacións.*

*O especialista virólogo Christian Drosten di que o baixo índice de mortalidade na Alemaña é debido á inmensa cantidade de testes realizados, en comparanza coa Italia ou España; o que ven a dicir, que o número de casos reais en España ou Italia son moitos máis dos oficiais. Mais eu tamén imaxino que afecta o tema cultural, aquí existe un menor contacto entre persoas comparado cos europeos do sur e están máis preocupados (salvo excepcións) polo ben da comunidade que polo individual.*

*Nós somos afortunados de gozar de saúde e poder traballar, aínda que ansiamos a tan esperada vacina e a normalidade do noso día a día.*

*O que peor levo é non poder ver aos meus pais que viven en Vigo. As crianzas teñen saudades deles e aínda que sei que están ben, estou preocupada.*

*Un ser invisíbel conseguiu que a distancia palpábel do emigrante teña crecido tan exponencialmente como o número de casos que crecen diariamente no mundo.*

## **Inés Areal**

Licenciatura en Tradución e Interpretación (2006)

Vive e traballa en Düsseldorf (Renania do Norte-Vestefalia)

28 de marzo

*Na Alemaña a situación é de momento bastante normal. Pódese saír á rúa en parellas e desfrutar dun paseo ao sol.*

*Mais algunhas cousas están a mudar, agora os bares e restaurantes están pechados e na miña empresa só algúns fan teletraballo. Eu vou traballar de luns a venres e todo está moito máis baleiro que de costume. Tamén dou clases de español que agora son virtuais.*

*Moita forza a todos!*

## **Yolanda Álvarez**

Licenciatura en Tradución e Interpretación (1997)

Vive e traballa en Berlín

30 de marzo

*Desde a Universidade de Vigo pedides unha crónica sobre como se está a vivir o coronavirus en Berlín, o meu lugar de residencia. Alén diso, resaltades a baixa taxa de mortalidade rexistrada na Alemaña apesar do alto número de contaxios. A min paréceme que estas cifras son debidas máis á casualidade ou a que hai menos vellos infectados que a outra cousa.*

*O exemplo que teño a man é o dun amigo meu. O día 15 de marzo comezou a sentirse mal e no día seguinte xa quedou na cama con febre. Os síntomas eran moi semellantes aos do coronavirus: tose, febre e, catro ou cinco días máis tarde, dor de pulmóns e tose moi seca. Como el non tiña doenzas crónicas e ten 27 anos, non chamou ao número de asistencia até que a gripe lle chegou aos pulmóns. Chamou máis de dez veces e en todas lle dixeron que ficase na casa ou que chamase ao 112 cando se sentise moi mal. Unha vez que o remitiron para un médico de cabeceira, dixerónlle que non admitían máis doentes e colgáronlle sen mais. O día 25 xa estaba practicamente recuperado, mais chamou outra vez para saber se podía saír da casa. Aí foi cando lle recomendaron facer o test, así que foi facelo no día seguinte. O test fixéronllo nunha tenda especialmente habilitada para isto (están tamén facendo un hospital de campaña no edificio de feiras) e tivo que esperar catro horas, de tanta xente que había. Os resultados déronllos hoxe, día 30 de marzo. Deulle negativo, pero non sabemos se é porque xa non tiña o virus ou porque o tivo, pero fixo o test moi tarde. Non comprobaron se tiña os anticorpos, así que agora non sabe se é inmune ou non. Ao seu irmán, que vive en Hamburgo, onde hai moitos máis infectados que en Berlín, déronlle os resultados no día. Pero el ten un seguro privado.*

*Como se ve, o problema non é tanto o virus, senón que o sistema sanitario está completamente sobrecargado (tanto hospitais como médicos de familia) e case non ten recursos para afrontalo. O desmantelamento vén ocorrendo máis ou menos desde finais da década de 1990, mais é agora que se fai evidente. Unha postaxe dunha enfermeira berlinesa denuncia as pésimas condicións e xa leva máis de 85.000 likes.*

*As medidas de confinamento tomadas son moito menos restritivas que en España: aquí pódese pasear e saír a facer deporte. Segue a haber correo e entregas de paquetes e, aínda que moitos cafés e restaurantes están pechados, nalgúns pódese levar a comida ou bebidas.*

## **Iago Vázquez**

Enxeñaría Técnica Industrial, especialidade en Electrónica Industrial (2012)

Vive e traballa en Bremerhaven (Bremen)

31 de marzo

*Desde o ano 2012 traballo na Alemaña, e agora mesmo, desde febreiro do 2020, na cidade de Bremerhaven na empresa Symex GmbH & Co. KG.*

*No que respecta a dentro da empresa teño que dicir que o tema da pandemia de Covid-19 tomouse de forma seria desde o primeiro momento, chegando mesmo a dividir a xente en dúas quendas de traballo, e nos casos posíbeis, á realización do teletraballo.*



*Desgrazadamente, no tocante á vida cotiá non se pode dicir o mesmo. As únicas medidas reais que se tomaron foron o peche de parques, garderías, escolas e universidades, manter unha distancia de seguridade de 1,5 m e non tocar a ninguén. Eu tan só podo falar da miña experiencia en Bremerhaven, e por desgraza, continuamos a ver todos os días grupos de xente nas rúas e nos parques, o transporte urbano ateigado de xente igual que nos supermercados.*

*Finalmente, dicir que os datos que está a publicar Alemaña, penso realmente que non son reais, xa que continuamente estamos a ouvir testemuños de xente e coñecidos que teñen a súa parella infectada na casa, e non se fai ningún test a ningunha outra persoa.*

### **Ana Carracelas Estévez**

Licenciatura en Filoloxía Hispánica (2004)

Vive e traballa part time como coidadora de nenos nun colexio e como profesora de español na Universidade Popular (VHS) na Baixa Saxonia

1 de abril

*Con esta breve crónica quero describir a miña vivencia persoal da situación da Covid-19 na rexión da Baixa Saxonia (Alemaña), xa que non todas as medidas son aplicadas en todas as zonas. Mentres que no estado federado de Bavaria e no de Baden-Württemberg hai un confinamento total, ao igual que en España ou Italia, no resto do país non.*

*Desde o pasado 16 de marzo permanecen pechados todos os centros escolares, ben como universidades, escolas de formación profesional e mesmo as garderías. Os medios de transporte tamén se viron afectados e reduciuse tanto o horario dos autobuses como o dos trens. Tamén se promove o uso do vehículo particular para desprazamentos ao centro de traballo.*

*Con respecto ao sistema de saúde tamén se implementaron novos protocolos. Por un lado suspéndense probas e citas non urxentes e, por outro lado, realízanse máis trámites telefonicamente como a baixa por un resfriado, por exemplo.*

*O lecer viuse restrinxido bastante. Hoteis, restaurantes (salvo servizos a domicilio), cinemas, teatros e centros deportivos permanecen pechados. Así mesmo, foron cancelados todos os eventos e festas.*

*No sector laboral tamén se adoptaron diversas medidas. Por un lado, implementouse o teletraballo; por outro, adáptanse as xornadas laborais en función da carga de traballo e, debido ao descenso da produción nalgún dos sectores, as empresas aplican o Kurtzarbeit (o goberno paga 60% ou 67% do salario das horas non traballadas) para evitar o peche das mesmas.*

*A forma de comprar xa mudou radicalmente en febreiro, onde, algúns por temor a adoecer e non poder saír de casa, e outros polo medo, comezaron a realizar Hamsterkäufer (compra de produtos básicos) e así foron desaparecendo dos estantes a fariña, a masa, a sopa, os pratos cocinados e un clásico desta era; o papel hixiénico.*

*Moitos preguntáanse cales son as claves da baixa mortalidade (por en canto) no país. Desgrazadamente non as coñezo, mais unha pode ser a súa grande capacidade de analizar mostras e a brevidade coa que*

*dan os resultados. Ou talvez a cuarentena preventiva en caso de estar en contacto con alguén infectado. Ou talvez o clima (aquí a primavera non se deixou sentir moitos días aínda e, até agora, a xente pasa moito tempo nas súas casas). Ou que hai máis medios sanitarios (máis hospitais, camas e UCIS); porén, ao igual que noutros países, tamén existe falta de persoal sanitario para paliar a situación.*

*A economía desacelérase cada día un pouco máis, mais a vida continúa e ábrese paso, mesmo nestes momentos de incerteza.*

## **Diego Campos Seijo**

Diplomatura en Traballo Social (2003)

Grao en Traballo Social (2014)

Traballador Social nunha casa de acollida para menores refuxiados non acompañados para a asociación Auf Achse KJSH desde xullo de 2014 en Colonia (Renania do Norte-Vestefalia)

2 de abril

*Con respecto ao Coronavirus, coído que en termos xerais a situación na Alemaña estase a levar dun xeito máis laxo, no senso de que as medidas adoptadas non foron tan drásticas como noutros países.*

*En NRW (Nordrhein-Westfalen/Renania do Norte-Vestefalia), o estado no que resido, as escolas están pechadas desde o pasado 13 de marzo até despois das vacacións de Pascoa (20 de abril). As universidades (o que me afecta persoalmente, xa que estou matriculado para o vindeiro semestre de verán) tiveron que atrasalo mesmo un mes, que estaba previsto para o 30 de marzo. Así mesmo, desde o día 17 están pechados os comercios (salvo os esenciais), os restaurantes (que só traballan a domicilio ou "para levar"), centros deportivos e de lecer...*

*Penso que, en xeral, durante os primeiros días da crise moi poucos alemáns tomaron a problemática a serio, apesar de as autoridades recomendaren precaucións. Tivo que intervir Angela Merkel na televisión pública o día 18 para recalcar que o país atópase perante o maior reto da súa historia desde a Segunda Guerra Mundial, e que como tal debería ser tomado pola poboación.*

*Non foi até o pasado domingo día 22 cando, após a reunión telemática da Chanceler cos Ministerpräsidenten dos dezaseis Bundesländer, se estableceu unha serie de medidas de protección de obrigado cumprimento a nivel federal (cabe lembrar que ao ser unha república federal cada Land/Estado pode decretar as súas propias medidas e que poden variar en función da situación de cada un). Entre elas está a de permanecer nos domicilios sempre que for posíbel, podendo saír, xa sexa ao traballo ou a pasear ou a facer deporte, como máximo de dous en dous (as reunións de tres ou máis persoas non están permitidas) e mantendo unha distancia de, polo menos, metro e medio. Renunciouse portanto ao confinamento total, o cal as autoridades tentan evitar polo de agora, talvez tendo en conta a súa historia recente, ben como as negativas consecuencias que acarretaría unha medida desas.*

*Con respecto á baixa mortalidade que está a rexistrar o país, non parece haber unha explicación concreta. En contra das publicacións de que Alemaña non está a contabilizar correctamente as defuncións (o cal parece non ser certo), o Instituto Robert Koch explica que entre os diversos motivos pódense atopar tanto a robustez do sistema hospitalario, que presenta un maior ratio de camas de UCI por habitante (29/100.000 hab.), como a grande capacidade das autoridades para realizar probas a poboación*

*(500.000 por semana). Alén diso, aseguran que a idade media da poboación infectada é moito menor que noutros países (cerca do 80% de infectados son menores de 60 anos).*

*No meu caso, ao tratarse o Traballo Social dunha profesión "imprescindíbel" teño que seguir exercendo, aínda que baixo unhas condicións máis favorábeis (menos horas semanais sen redución salarial, maior protección hixiénica...). Por outra parte, persoalmente optei por non saír de casa mais que para o estritamente necesario (traballar, mercar, facer de deporte), para alén de utilizar o meu coche para desprazarme, prescindindo do transporte público.*

## **2.3 Arxentina**

### **Javier Caprarelli Rodríguez**

Mestrado Universitario en Tecnoloxías para a Protección do Patrimonio Cultural Inmóbil (2011)

Vive e traballa como Arquitecto en Buenos Aires

13 de abril

*Logo despois de residir varios anos en Galicia, entre Cangas do Morrazo e Pontevedra, desde 2013 vivo en Buenos Aires e desenvólvo o meu emprendemento de deseño e fabricación de móbiles e decoración de interiores.*

*Desde o inicio das noticias da epidemia na China, paulatinamente fomos informándonos do avance do virus e o seu primeiro impacto forte na Italia e logo a seguir en España. Arxentina e a América do Sur en xeral tiveron unha vantaxe que algúns gobernos souberon aproveitar, e foi o atraso na chegada do virus e as consecuencias que xerou na Europa. Por ese motivo, acá foi decretado o estado de cuarentena obrigatorio nacional o 20 de marzo de maneira estrita apesar dos poucos casos mortais rexistrados até ese momento no país.*

*Estas medidas xeraron unha boa resposta en materia de saúde, con 2250 casos e 95 mortes confirmadas por causa da Covid-19 no día de hoxe. Estes datos, coa súa posíbel variabilidade por causa das medicións, son realmente positivos contando que a Arxentina conta cunha urbanización como o Grande Buenos Aires que concentra aproximadamente 14 millóns de persoas e que, podendo ser un grande foco de contaxio, até o momento o seu sistema de saúde ten 50% das súas camas dispoñíbeis.*

*Ao mesmo tempo e lóxicamente, estas decisións de illamento tamén trouxeron unha incerteza enorme a respecto da economía, aínda máis considerando que a Arxentina é un país cun nivel de pobreza considerable e que moita xente traballa nunha economía informal sen moitas alternativas.*

*Contacto diariamente coa miña familia en Galicia e acostumamos contrastar as distintas realidades e a acompañarnos neste momento de incertezas, vexo o avance da situación e espero realmente que poda seguir evoluíndo e o dilema entre primar a economía ou o coidado da saúde no prexudique o coidado da sociedade coa reactivación da circulación social.*

*Actualmente aquí exceptuáronse algúns sectores que poden comezar as actividades de maneira restrinxida dentro das que se acha o meu traballo coa madeira, fabricación e deseño de mobiliario, mais todo avanza devagariño, xa que na actividade cotiá para lograr procesar e entregar o produto acabado parti-*

*cipan moitos sectores que están inactivos. A actividade profesional que precisa mobilizarse é realmente unha incógnita.*

*Unha incógnita que temos aquí a respecto desta situación inédita é que ao estar no hemisferio sur, vamos encarar a pandemia no inicio da etapa máis fría do ano, con todo o que iso comporta e esperamos que a resposta do sistema de saúde sexa satisfactoria, mais realmente non o sabemos, vendo os exemplos de sociedades con máis recursos que colapsaron.*

*Espero que todo corra mellor, nos recuperemos e fortalezcamos logo de tremenda experiencia.*

## 2.4 Australia

### Sonia Bellón Rico

Enxeñaría Técnica Agrícola, especialidade en Industrias Agrarias e Alimentarias (2000)

Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (2004)

Vive en Sydney desde 2012

Traballa como HSE Business Partner no departamento de Seguridade, Saúde, Ambiente e Calidade como responsábel do estado de Nova Gales do Sur (NSW) e a Australian Capital Territory (ACT) en Schneider Electric (sector da enerxía e automatización)

3 de abril

*Polo traballo que desempeño na empresa, a Covid-19 aféctame moi en cheo, xa que parte das miñas tarefas é velar pola seguridade e saúde dos nosos empregados.*

*A situación actual do meu país de adopción é bastante mellor que a de España, a día de hoxe (03/04/2020): aquí temos 5224 casos e 23 persoas falecidas, mais, considerando que o primeiro caso diagnosticado foi o 25 de xaneiro, a nosa progresión é bastante máis lenta que a de outros países do mundo que xa superan os 100.000 casos.*

*O Goberno australiano implementou medidas de seguridade desde hai varias semanas que están a funcionar bastante ben. Como en España, aquí tamén está case todo pechado menos os centros de saúde, hospitais, supermercados e outros servizos básicos, e temos que permanecer na casa. A maior diferenza que eu vexo en comparación con España é que aquí está permitido saír da casa a facer exercicio sempre e cando non formos máis de dúas persoas xuntas e mantivermos a mínima distancia de seguridade de 1,5 m, o cal é un alivio moi grande e axuda moito a levar mellor o confinamento.*

*Con respecto á situación laboral, moita xente que traballaba no sector servizos, tendas de roupa e compañías aéreas perderon o seu traballo, mais o Goberno concédelles una axuda até que esta situación mellore. A miña empresa implementou un plano de segregación no cal os empregados somente poden ir á oficina durante a semana que teñen asignada e só se for estritamente necesario, coa aprobación da xefa de Seguridade e Saúde para así minimizar a posibilidade de contaxio ao mínimo.*

*Hai certos sectores como a construción, por exemplo, que de momento tamén continúan a traballar, mais a policía esta a facer moitos controles para asegurar que a poboación mantén as distancias de seguridade e as medidas impostas polo Goberno, para alén de impor multas de \$ 11000 cando se incumpriren estas medidas e mesmo mandar xente á cadea dependendo da situación.*

*Na miña empresa si é verdade que nos está a custar bastante atopar xel desinfectante de mans e máscaras para os empregados, porque están esgotados en case todos os fornecedores, e os que os teñen reducen os nosos pedidos o 70% para gardar subministros para o persoal sanitario, o cal entendemos perfectamente.*

*O sistema sanitario comeza a sofrer as consecuencias da Covid-19, mais en absoluto está tan saturado como aí.*

*Alimentos como a pasta, salsa de tomate, fariña, ovos e carne escasean un pouco nos supermercados, mais aínda vaise atopando algo. Con respecto ao tema do papel hixiénico, aquí segue a ser un ben moi prezado; isto é, eu non lembro velo nos estantes desde hai moitas semanas.*

## 2.5 Austria

### Guillermo Pérez Gómez

Enxeñaría Industrial, especialidade en Deseño e Fabricación Industrial (2009)

Vive en Viena desde 2010 e traballa como System Integrator on Metro Projects for Siemens Mobility na coordinación de parte do equipo de enxeñaría no desenvolvemento dun vehículo de metro.  
13 de maio

*A situación xeral en Austria foi sempre un chisco mellor que en España. Decretouse o confinamento na mesma data que en España, mais con moitos menos casos. Os hospitais non se saturaron en ningún momento e a taxa de mortalidade é moito menor. Sempre se permitiu pasear cos membros cos que se convive e en maio permítese tamén reunirse con xente, mantendo distancias e seguindo as normas sanitarias.*

*No meu traballo recomendaron e facilitaron a todos os traballadores de oficina a teletraballar, isto pasou a ser obrigatorio en abril despois dun grupo de positivos de Covid nun laboratorio. En maio pódese regresar á oficina, mais segue a recomendarse o teletraballo. As oficinas teñen unha redución de capacidade, a maioría das salas de reunión están pechadas. A produción diminuíu mais nunca parou.*

*As comunicacións no traballo eran, xa antes do illamento, por videoconferencia. Polo que a mudanza foi pequena e pódese traballar con relativa normalidade mentres a infraestrutura de telecomunicacións non se saturar. No meu caso, a empresa xa estaba preparada para o teletraballo, tivo que tomar medidas para reforzar a capacidade de accesos externos ao sistema e á Intranet, mais isto tamén sucedeu nas primeiras semanas. No meu caso particular, podo desenvolver as miñas funcións através de teletraballo sen problemas. Teño un espazo dedicado en casa, que comparto coa miña muller.*

*O principal reto para traballar con normalidade é que todo o sistema educativo deixou de ser presencial e, por iso, o noso fillo de dous anos deixou de acudir á gardería. Para este fin as empresas deron permisos especiais, dun máximo de tres semanas até o fin de maio, en coordinación co goberno para cubrir este período. A partir de maio, a gardería abriu a menor capacidade e o noso fillo acode nun horario reducido.*

*En resumo, comparando coa situación galega, sempre tivemos algunha liberdade extra que fixo que o estrés pola situación fose algo menor que en España. Hai unha comunicación clara e transparente en xeral, con algunhas vacilacións lóxicas por unha mudanza tan grande.*

## 2.6 Bélxica

### Nuria Sánchez

Enxeñaría Industrial, especialidade en Mecánica (2006)

Doutora en Enxeñaría de Materiais (2010) | Universidade de Ghent

Vive desde 2005 en Gante (Flandres)

Traballa en ArcelorMittal

3 de abril

*A resposta de Bélxica á Covid-19 foi máis coordinada do que cabía esperar dun país fragmentado por nacionalismos e sen conseguir formar goberno desde as últimas eleccións celebradas hai case un ano.*

*A historia é parecida a doutros países, o Sars-CoV-2 chegou a Bélxica a principios de febreiro en persoas evacuadas de Wuhan, na rúa a vida seguía con normalidade. O 11 de marzo reportáronse as tres primeiras mortes por Covid-19, o goberno decidiu fechar os bares, as escolas, fechar as tendas no fin de semana excepto as de alimentación e recomendou o teletraballo. Estamos todos na casa desde entón teletraballando coa tele de fondo mentres os pequenos ven os debuxos ou seguen as aulas online. O día 17 de marzo fecharon definitivamente as tendas, excepto alimentación e farmacias. Uns días máis tarde fecharon as fronteiras.*

*A maior diferenza con España é que en Bélxica saír á rúa é posíbel e recomendado para facer exercicio ao ar libre; mais con xente da casa ou con amigos, mantendo a distancia recomendada (1,5 m). Hai bastante discusión sobre esta media porque a policía quer que se defina mellor, como en Francia, onde está limitado o tempo e a distancia da casa.*

*Unha das medidas máis aplaudidas do goberno (temporal) foi a organización, a principios de marzo, dun comité de científicos epidemiólogos a virólogos, para xestionar a crise que aconsella o goberno na toma de decisións. Este grupo de científicos son os portavoces que cada día dan a cifras oficiais, son entrevistados polos medios de comunicación, participan nos programas de opinión da televisión... Noutras palabras, convertéronse nos protagonistas estas semanas, foi unha boa maneira de evitar politización da crise.*

*As estatísticas a estas alturas son tan preocupantes como noutros países, aínda distan das terribéis noticias que chegan de Bérgamo ou Madrid. Os medios reportan cada día os casos de ingresados en hospitais, ingresados na UCI, altas e baixas. Os problemas aos que se enfrenta Bélxica son moi similares ao resto de países: falta de capacidade para facer testes, problemas de subministración de material de protección para persoal sanitario, número limitado de camas na UCI... A cifra total de baixas e superior a 1000 persoas e a ocupación da UCI anda cerca de 50% de media, despois de case tres semanas de mobilidade reducida. Até hai uns días a capacidade de análise era de 2000 testes por día, agora aumentou a 10000. Nun país de 11 millóns de habitantes parece pouco probábel que cada caso de infección se detecte con esta capacidade.*

## Miguel Ángel Varela Sánchez

Enxeñaría Industrial, especialidade en Automática e Electrónica (1994) | UVigo

Traballa na Directorate-General International Cooperation and Development da Comisión Europea en Bruxelas

6 de abril

*A situación, alén do xa coñecido e publicado na prensa nacional "Le Soir" e "La Libre Belgique" (confinamento decretado un día antes que en España mais sen o peche da actividade económica non esencial) é menos alarmante que en España. O problema é que as condicións do confinamento non son estritas, e os belgas (e especialmente a xente que vive en Bruxelas, que é moi diversa) están a saír a pasear de forma multitudinaria. Veremos cal é o impacto disto na evolución da situación.*

*O Sistema de saúde local é excelente e a ocupación dos hospitais aínda está moi lonxe de chegar a ser crítica. Porén, a falta de EPIs e outro material específico é unha grande preocupación desde o primeiro día. Unha mostra máis da gravísima falta de previsión dos estados membros da UE neste -como noutros- aspectos.*

*Algo que contrasta moito co caso español -mais certamente non só estes días, senón de forma xeral- é a forma na que os responsábeis políticos se someten ás preguntas dos xornalistas. Aquí é impensábel que a equipa de comunicación de alguén vaia filtrar as cuestións que os xornalistas, e mesmo os cidadáns, queiran facer. A transparencia é total.*

*Outra característica do sistema político belga que ofrece material de estudo especialmente interesante para España é o seu dislocado grao de descentralización. Cando o Ministerio de Saúde ten que tomar unha decisión vese na obriga de convocar a sete ministros de saúde máis!!! Si, sete. Parece unha brincadeira, mais as competencias de saúde están dispersas entre oito entidades administrativas (federal, rexional, federacións de rexións, comunidades lingüísticas, comunas...). Un disparate descomunal que responde ás continuas cesións de soberanía resultado das loitas pola independencia dos flamengos, basicamente. Un estado disfuncional que xa amosou todas as súas carencias con ocasión do atentado terrorista de hai catro anos. Estes graves problemas derivados do vaciado do nivel federal do estado son equivalentes aos existentes en España debido á configuración do estado autonómico. Nunha situación como a que nos toca vivir faise patente en todas as súas dimensións o absurdo do sistema político que nos dimos os españois.*

*Pensar nunha UE poderosa, dotada de mecanismos de resposta europeos fronte a emerxencias deste tipo é un exercicio de funambulismo da fantasía. O nativismo e a falta de visión estratéxica dos cidadáns, impulsados polo populismo e estulticia dalgúns dos líderes políticos conducirán a Europa á irrelevancia e aos seus pobos a repetir os erros do pasado.*

*Persoalmente, o confinamento resulta ser unha situación moi agradábel. Podo teletraballar, a familia está comigo e xuntos podemos desfrutar da chegada da primavera da nosa terraza orientada ó sur, nun barrio privilexiado de Bruxelas que nos ofrece todo o que precisamos nun raio de 100 metros.*

## Ángel Catalina Rubianes

Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais/Sección Económicas (1998)

Traballa na Comisión Europea en Bruxelas

21 de abril

*É xa 21 de abril, por tanto xa un mes e medio traballando desde a casa e coa nena na casa sen escola.*

*A crise da Covid-19 amósanos que a ficción non existe, que o impensábel pode suceder e instalarse nas nosas vidas.*

*Os seres humanos, polo menos a maioría deles, somos adaptativos e facemos nosa case que calquera rutina por diferente que esta sexa respecto á que estabamos afeitos.*

*Traballar desde a casa facendo fronte a problemas coa rede, facer reunións cada dous días con colegas por teleconferencia ou axudar á nena cos deberes mentres respondes un e-mail ou rematas unha simulación macroeconómica nunha folla Excel convértese no máis normal do mundo poucos días despois de non poder sequera imaxinalo.*

*A vida fóra volveuse aínda máis atípica e irrecoñecíbel que na casa. Bruxelas, unha cidade ruidosa e até caótica e sempre e chea de xente e de toda clase de vehículos con ou sen motor nun día calquera de semana, fixo súa o silencio, un delicioso silencio. Aparecen paxaros ou patos en lugares inverosímiles, o ar síntese máis limpo e as bicicletas emerxen como vehículo supremo e dominante durante esta etapa de confinamento. Si, de confinamento. O Goberno belga decretouno na metade do mes de marzo e prolongouno até o 4 de maio, mais subliñando que as saídas á rúa están autorizadas e que mesmo aconsella facer deporte ao ar libre aos cidadáns.*

*Porén, o rei sol non se quixo perder este momento histórico e loce brillante case que todos os días deixándonos uns agradábeis e excepcionais vinte graos diarios case a diario.*

*Aínda que o número de falecidos por habitante por Covid-19 é dos máis elevados de Europa, o Goberno belga xa anunciou o inicio do desconfinamento a partir do 4 de maio aínda que de forma gradual. A primeira-ministra anunciará o venres os detalles sobre quen voltará antes e quen máis tarde á antiga "nova normalidade". A Comisión Europea, na que traballo e que ten aos seus 30000 empregados facendo teletraballo, anunciará o seu plano de transición ao mesmo tempo. Será estraño agora que xa estabamos afeitos a isto e se cadra será descoñecido, mais afarémonos a sexa o que for porque somos seres humanos.*



## 2.7 Brasil

### **Carlos Cernadas Carrera**

Diplomado en Relacións Laborais (1996)

Mestrado Universitario en Lingüística e súas Aplicacións (2011)

Doutor en Lingüística e súas Aplicacións (2014)

Vive en Belém (Amazonia brasileira) e é Profesor Titular da Universidade Federal do Pará (UFPA)

7 de abril

*No Brasil a pandemia está marcada por unha preocupante tripla crise (sanitaria, económica e política). A posición oficial do Goberno está fragmentada: mentres o Presidente e algúns ministros insisten en desaconsellar o illamento, o Vicepresidente, os outros ministros e a cúpula militar defende a necesidade de tomar medidas para limitar o contacto social. Este conflito leva á inacción do Goberno central. Por iso, os gobernadores e os alcaldes están a adoptar, nos seus ámbitos de xestión, as medidas necesarias para limitar o movemento das persoas.*

*Na miña opinión, hai tres circunstancias que van marcar a intensidade da pandemia no Brasil: a concentración da poboación en favelas con condicións de salubridade precarias, a falta de formación de grande parte da poboación, o que a fai máis vulnerábel aos boatos, e o papel da poderosa igrexa evanxélica brasileira, que apoia o presidente e que desaconsella o illamento. Tamén é destacábel que grupos de empresarios organizáronse e presionan para impedir as medidas de illamento, manifestándose nas rúas.*

*Na cidade na que vivo, Belém, aínda que a situación é menos preocupante polo momento, a maioría de establecementos comerciais están pechados. Con todo, moitas persoas non están concienciadas da gravidade da situación e seguen frecuentando os parques e realizando reunións e celebracións. Tamén quero destacar que xa se produciron os primeiros contaxios nas aldeas indíxenas da rexión, o que é preocupante, pois xeralmente atópanse moi distantes dos núcleos de poboación onde poden recibir asistencia sanitaria.*

*No meu caso particular, a universidade na que traballo suspendeu as actividades o 15 de marzo por tempo indeterminado. Nun primeiro momento comezamos a dar clase a distancia, mais debido a que un significativo número de alumnos non ten acceso a internet pola súa situación económica, a Institución decidiu paralizar as aulas. Persoalmente, estou preocupado pola situación pós-pandemia, pois o goberno xa estaba a executar unha dura política de austeridade con conxelacións salariais e cortes de gastos públicos, principalmente en educación e saúde. Alén diso, o poder adquisitivo dos brasileiros vén caendo mes a mes e o real xa se depreciou un 30% en 2020.*

### **Cristian Javier López**

Doutoramento en Estudos Literarios (2020) | UVigo/Unioeste–Universidade Estadual do Oeste do Paraná (Brasil)

Mestrado Universitario en Teatro e Artes Escénicas (2015)

Licenciatura en Letras Portugués/Español (Brasil)

Licenciatura en Artes Visuais e Música (Brasil)

25 de abril

*Hoxe, a 25 de abril de 2020, no Brasil o número de infectados sobe, ben como o de mortes sen moito interese por parte do Goberno Federal. O Poder Executivo non manifesta unha preocupación verdadeira*

*perante a pandemia, chegando a ser considerada como unha gripezinha en palabras do presidente da República.*

*Os Estados do país optan polo confinamento, nalgúns casos parcial e sempre coa presión por parte do sector económico que quer a cancelación da cuarentena e o regreso ás actividades normais. Infelizmente, o país áchase dividido por cuestións políticas sen dar a merecida importancia a unha situación destas características.*

*Dos países da América do Sul, Brasil é o que se presenta con menos coidado, menos atención á pandemia e con máis número de infectados e óbitos. Até hoxe, o maior número de casos está concentrado nos Estados de São Paulo, Rio de Janeiro e Ceará, porén, todos os Estados do país presentan infectados e mortes. No tocante ás actividades académicas, de maneira xeral, tanto o ensino básico como superior estase a realizar da casa, aínda que isto fica a criterio de cada Estado.*

*Actualmente estou no sul do país, Estado de Santa Catarina, onde tornou a retomarse as actividades en comercios, shoppings, igrexas e templos. Non existe, lamentablemente, unha verdadeira tomada de consciencia sobre a pandemia a nivel xeral. Isto pode ser constatado desde as accións/declaracións do Poder Executivo até os protestos contra a cuarentena que un sector do país realizou nas semanas anteriores.*

*As previsións para o país non son as máis alentadoras, por en canto seguimos a traballar da casa e tentando aproveitar o tempo desde a produción escrita e en contacto vía Internet cos seres queridos.*

## 2.8 Canadá

### **María de las Nieves Domínguez-González**

Licenciada en Economía (2002) | UVigo

7 de abril

*Aquí, na provincia de Ontario, Canadá, a situación non difire moito de como está noutros países do mundo. Aínda que é certo que o número tanto de infectados como de falecidos non é tan elevado como en España, si temos numerosos casos.*

*As medidas de confinamento voluntario comezaron a tomarse hai algo máis de tres semanas, recomendouse a todas as empresas que puidesen para traballar de casa e ao longo destas semanas fóronse pechando todas aquelas actividades non básicas. Con estas medidas temperás, e segundo os datos e informes do goberno federal como provincial, estamos conseguindo, por en canto, que a curva non sexa moi inclinada e que se Deus quer podamos aplanala. Aínda que está previsto que a situación vírica poda estar ao redor de 18 meses.*

*No meu caso particular eu non estou a traballar para poder atender os meus dous fillos, dado que as escolas tamén pecharon e pasamos ao ensino online, mais para cal, o meu fillo pequeno con autismo, precisa asistencia.*

*Do Canadá mando o meu máis sincero apoio a todos os profesionais no noso país que están a deixar a vida para asistir e salvar a vida do resto. Esperemos que todo isto pase o máis rápido e da mellor maneira posíbel.*

## 2.9 Chequia

### Paula Rivas

Doutora en Neurociencias (2016)

Licenciatura en Bioloxía (2009)

Postdoc no Instituto de Medicina Experimental (CAS) en Praga

8 de abril

*Na República Checa actualmente temos uns 5000 infectados por coronavirus e case una ducia de mortes, co cal a cifra está bastante ben, en comparación con outros países europeos, mormente e por desgraza con España. As medidas de contención e hixiene tomáronse bastante axiña o que axudou a non propagar o virus moi rápido e a que os hospitais o poidan soportar bastante ben. De feito agora, nos hospitais checos están a acoller doentes provenientes doutros países.*

*Como en moitos países europeos, as tendas están pechadas, tamén os restaurantes e cafeterías, negocios... coa diferenza de que aquí permítennos camiñar pola rúa sen inquirir a onde imos e tamén podemos facer deporte ou camiñar polos parques e pola natureza, así que estes días que fai bo tempo hai bastante xente na rúa. Con diferenza a España, aquí é obrigatorio o uso de máscara na rúa, no transporte e en sitios públicos. De feito, estes días estendeuse de forma viral un vídeo do goberno checo que incentiva o uso da máscara mesmo alén das fronteiras checas. Porén, non está moi clara a relación do uso da máscara co relativamente pouco número de infectados aquí. Mais a verdade é que a xente respecta moito esa norma e toda a xente leva a máscara e mantén unha distancia prudente.*

*O goberno checo vai comezar os próximos días a levantar algunha prohibición e ver así como avanza a cousa. A min persoalmente paréceme moi precipitado. A verdade é que aquí lévase bastante ben a cuarentena debido a que se pode saír un pouco á rúa, aínda que non é recomendábel. Persoalmente eu vou traballar todos os días ao laboratorio porque non encontro moita xente de camiño, e os laboratorios son bastante seguros, en comparación con, por exemplo, os supermercados onde se xunta máis xente, aínda que non chegamos aos niveis de España hai algunhas semanas.*

*Con todo isto, esperemos que esta situación finalice o antes e o mellor posíbel. E que as consecuencias económicas, sociais e psicolóxicas non sexan moi acusadas.*

*Moito ánimo a todos!*

## 2.10 Chile

### Silvia Gómez

Licenciatura en Ciencias do Mar (2012)

Vive e traballa como Investigadora Postdoc en Valparaíso

15 de abril

*Desde o ano 2013 vivo en Chile onde realicei o meu doutoramento en Ciencias da Acuicultura. Agora mesmo os proxectos de investigación nos que estaba a traballar están parados, polo que estou escribindo os artigos científicos que teño pendentes.*

*A situación en Chile non é doada, o país ven dunha revolta social moi forte que comezou en outubro de 2019. Esta situación, que xa viña mantendo a economía dunha forma desacelerada, xurdiu pola profunda desigualdade que existe, a privatización de case todos os sectores básicos e a pouca seguridade social que ten a maioría da poboación. De feito, o día 27 de abril íase realizar un plebiscito para decidir a formulación dunha nova Constitución, que agora foi adiado pola situación actual.*

*A miña situación é privilexiada, mais Chile é un país cun nivel de desigualdade elevado e onde moita xente traballa "ao día" de maneira informal e sen ningún tipo de contrato. Esa xente segue a saír ás rúas para poder sobrevivir neste tempo de incertezas.*

*Agora mesmo, as fronteiras están pechadas, e o Goberno decretou o que chamaron "cuarentena dinámica", que consiste en que só algúns sectores de Santiago (con máis de 7 millóns de habitantes) e algunhas cidades se atopan en corentena total desde hai 2-3 semanas. O resto de lugares teñen unha "cuarentena preventiva" ou recomendada. O que si se decretou en todo o país foi o toque de queda nocturno, polo que se debe estar na casa de forma obrigatoria desde as 10 pm ata as 5 am. Talvez algunhas destas medidas poderían estar a funcionar xa que o aumento dos contaxios está sendo lineal e non exponencial até agora, e os falecementos non superan os 100 casos en total. Tamén pode ser debido a que aquí a media de idade é menor en comparación con Europa.*

*Desde o 16 de marzo foron suspendidas as aulas da educación infantil á universidade, e a maioría de centros educativos están a realizar as súas aulas vía virtual. Os lugares públicos como cinemas, teatros, centros comerciais, bares ou restaurantes tamén están pechados.*

*Chile é o país de América Latina que máis testes está a realizar na súa poboación. De todos os xeitos, o modo de contaxe e as estatísticas sobre o virus xeran algunhas dúbidas e o seguimento das persoas contaxiadas nen sempre é efectivo. É por isto que o Colexio Médico declarou que o Goberno debía ser máis transparente cos datos e informar de xeito máis veraz á poboación.*

*Dentro de todo este panorama, quero destacar que Chile é un país moi solidario, a súa xente está moi acostumada a desastres naturais que afectan a esta zona periodicamente, como terremotos, tsunamis ou erupcións volcánicas. Teñen un sentido da solidariedade e de axuda mutua que eu boto en falta en España. Non me queda dúbida de que sairán desta, e con máis forza para pedir as condicións que estaban a esixir antes do inicio desta pandemia.*

*Moita forza a tod@s, e ánimo!*

## 2.11 Colombia

### Jhan Herrera Pérez

Mestrado Universitario en Enxeñaría Telemática (2011)

Enxeñaría de Software na Universidad del Norte de Barranquilla

Doutoramento en Educación na Universidade de Baixa California (México)

Docente nun colexio público

15 de abril

*Son docente nun colexio público na cidade de Barranquilla. Agora mesmo estamos en cuarentena até o día 27 de abril, non saín absolutamente nada á rúa, na miña casa temos un familiar encargado de facer a compra e ao regresar ten as precaucións do caso para estar ben, espero que isto pase axiña.*

*Por en canto, as aulas serán virtuais desde o día 29 de abril até o 31 de maio, será unha nova experiencia agora estando eu na outra cara da moeda; isto é, como docente e non como estudante.*

*A miña cidade veuse preparando para o que será o pico máis alto da pandemia, espero que nos sigamos a coidar neste tempo para que cando isto pasar, podamos xuntarnos e estar todos.*

*Un saúdo xigante.*

### Alberto Álvarez Besada

Enxeñaría de Telecomunicación (1996)

Xerente de Tecnoloxía en Santander Consumer Finance

16 de abril

*En Colombia, afortunadamente, o impacto da pandemia é moderado en termos de número de infectados. Talvez teña a ver con que o primeiro caso foi detectado a inicios de marzo e somente demoraron dúas semanas para iniciar as medidas de confinamento. Pode ter axudado tamén o feito de que neste país non é raro o uso da máscara, cando se ten un catarro ou unha gripe, para evitar contaxiar outras persoas. Eu utiliceina nalgunha desas situacións, mesmo en casa.*

*Apesar de que o carácter latino do país me levou a pensar, inicialmente, que o respecto a estas medidas ía deixar moito que desexar, na realidade, na área en que vivo percébase un nivel aceitábel de seguimento. Porén, parece que non acontece o mesmo nas áreas costeiras, de clima tropical. Súrxeme a inxenuidade de poder comparar este comportamento co de España, porque é unha das referencias que temos para saber se podemos esperar unha evolución similar no número de infectados, ben como a duración da situación de emerxencia.*

*No plano profesional teño a sorte de poder traballar da casa, con algúns inconvenientes producidos por non dispor de resposta dalgunhas persoas de forma rápida. Tamén custa un pouco acostumarse á necesidade de ter que organizar reunións para cuestións que habitualmente se resolvían de xeito presencial sen mais preámbulos. En xeral, neste espazo non me parece que exista grande diferenza entre a experiencia que supoño se ten en España e a que vexo en Colombia.*

## 2.12 Dinamarca

### Manuel Gesto Rodríguez

Doutor en Bioloxía Mariña e Acuicultura

Licenciatura en Ciencias do Mar (2002)

Vive en Hjørring (norte de Dinamarca) e traballa como Investigador na Universidade Técnica de Dinamarca (DTU)

7 de abril

*A pandemia parece estar relativamente ben controlada por aquí. O goberno dinamarqués reaxiu bastante rápido e pecharon todas as institucións educativas hai case catro semanas. Despois pecharon tamén bares e restaurantes, centros comerciais e actividades que requiren contacto cercano, como perruquerías,... No entanto, aínda que hai medidas de confinamento para persoas testadas positivas ou que tiveron contacto con elas, o resto da poboación non está confinada. O goberno só estableceu unha serie de recomendacións para o distanciamento social que, en xeral, son seguidas de xeito estrito por case todos os cidadáns.*

*Como resultado das medidas, o número de vítimas mortais é relativamente baixo (187 até hoxe, 7 de abril) e o número actual de ingresados nos hospitais leva xa varios días a diminuír. Tanto, que onte mesmo a primeira ministra confirmou os plans para comezar a volta á normalidade a partir do 15 de abril. Entre as primeiras medidas está, por exemplo, a reabertura das institucións educativas para cativos, xardíns de infancia e demais. O goberno estima que os hospitais están ben preparados para afrontar unha posíbel reponta nas infeccións.*

*A nivel persoal, levamos varias semanas traballando da casa sen grandes problemas. O máis difícil foi o paso da docencia presencial á telemática, pero tanto os profesores como alumnos tiveron unha adaptación sorprendentemente rápida. Tamén faise difícil ver o que pasa en España estando tan lonxe...*

*En fin, un forte saúdo desde Dinamarca é ánimo!*

### Ricardo Losada Mateo

Doutoramento en Enxeñaría Química (2011)

Licenciatura en Química (2001)

Especialista Sénior no Danish Technological Institute en Aarhus

14 de abril

*No meu caso estamos a vivir esta situación dun xeito bastante especial, xa que nos colleu a pandemia mentres estábamos de baixa de paternidade en Galicia. Dun día para outro pecháronse as fronteiras e ficamos aquí sen saber con certeza cando poderemos voltar. As nosas crianzas aínda son moi pequenas (3 anos o máis vello e 7 meses a pequena) así que lles dá un pouco igual e a miña muller aínda ten baixa de maternidade até xullo. No meu caso, tiñame que ter incorporado a mediados de marzo mais ao non poder, o centro no que traballo púxome facilidades para que poda seguir teletraballando desde Galicia até que a situación se normalice e podamos voltar.*

*Aínda que lonxe, mantémonos ao tanto da situación en Dinamarca pola prensa, amigos e compañeiros de traballo, e polo que nos chega a situación está, dentro do que cabe, bastante normalizada, nunca se che-*

*gou a unha situación que demandase o confinamento que estamos a ter en Galicia. De feito, está previsto que esta semana volten abrir as institucións para nenos entre 0 e 5 anos. No que respecta ás empresas, desde que comezou o confinamento estase a primar o teletraballo cando é posíbel. É certo tamén, que nos países nórdicos o teletraballo está bastante normalizado en calquera circunstancia, non só en situacións especiais.*

*Un saúdo a todos e desexando que pronto podamos voltar á normalidade.*

## **2.13 Ecuador**

### **Juan Pablo López Aguilar**

Mestrado Universitario en Enxeñaría da Edificación e Construcións Industriais (2011)

Enxeñeiro de Proxectos en Castro y Castro Constructora Cia. Ltda

Enxeñeiro Civil, CM BIM, Freelancer en WP Ingeniería

22 de abril

*Ecuador é un dos países latinoamericanos máis afectados pola pandemia da Covid-19. O primeiro caso confirmado no país foi o 29 de febreiro de 2020. A raíz do anuncio do Goberno deste primeiro caso, a situación foi un pouco atípica á cotiá do país, mas non foi até o 17 de marzo (18 días despois do primeiro caso), cun total de 111 casos confirmados, e a raíz de que a OMS declarase a Covid-19 como unha pandemia que se tomaron medidas drásticas de illamento.*

*No persoal, acho que a situación das autoridades no inicio foi prudente. Porén, vimos que Ecuador foi protagonista de noticias alarmantes a nivel internacional, e si, en parte é verdade, mais tamén é certo que somos un país cunha grande cantidade de fake news, e lamentablemente a política, funcionarios e exfuncionarios pretenden "protagonizar" e politizar a emerxencia sanitaria. É lamentábel ter que dicilo, mais somos un país afectado por gobernos corruptos, e en situacións críticas como esta, certos líderes pretende "tan pior, tanto mellor".*

*A situación tornouse sumamente grave na cidade de Guayaquil, e a provincia do Guayas, na costa, onde se concentran os 70% dos casos confirmados do país, que hoxe suman 10398.*

*Ecuador viuse moi afectado tamén por unha crise económica que viña de anos atrás, e agravada pola constante diminución do prezo do petróleo. O goberno viña revisando e procurando novas medidas económicas para tentar mellorar a economía do país e foi entón que a pandemia encontrounos cos "bolsos baleiros".*

*Os datos oficiais foron cuestionados duramente, especialmente no número de falecidos pola doenza e por un creciantes número de falecementos na provincia do Guayas, onde houbo dificultades para o enterramento ou cremación de corpos, agravados, aliás, polas "fake news" que circulan sen control en redes sociais. Tamén vimos que o sistema de saúde do país non estaba preparado para unha crise como a que viviu Guayaquil, e preocupa vivirla noutras cidades con esa intensidade. No meu caso, resido na cidade de Quito (a segunda cidade con máis número de casos do país, 868).*

*No aspecto laboral, a partir do 17 de marzo suspendéronse as xornadas de traballo presenciais a nivel nacional. Empresas e oficinas que puideron adaptarse ao teletraballo fixérono e acho que dunha manei-*

*ra moi positiva. Porén, no meu caso específico, o sector da construción está sumamente afectado pola suspensión da xornada laboral, e o que se poida facer baixo a modalidade de teletraballo é unicamente administrativo. Prevese que a construción teña planos de reactivación do sector coa implementación de planos piloto, segundo o anunciado polas autoridades do país.*

*É por isto que no meu caso particular puideren realizar traballos, exposicións e cursos online sobre metodoloxía BIM, da que son un profesional certificado, coa que se podería encontrar unha saída e unha nova forma de traballo que facilite o desenvolvemento do sector da construción co uso de nova tecnoloxía.*

## 2.14 Estados Unidos

### Martín Fernández

Licenciatura en Belas Artes (2003)

Marketing Manager en California (EUA) desde 2009 nunha compañía chinesa do sector da importación

21 de marzo

*En xaneiro deste ano regresei de Nanjing, China, o mesmo día que saltaba ás noticias o gromo infeccioso de Wuhan. Cando cheguei a Los Angeles fun informado por un axente de inmigración sobre a situación. Logo a seguir comezaron a sentirse os efectos na miña empresa. Cos voos desde China cancelados, a división americana tivo de facerse cargo dos stands en feiras da América e Europa, dividindo recursos e persoal para facelo posíbel. Nese momento, ninguén no lado norteamericano estaba a prever o espallamento do virus a nivel global. Perante a carencia de máscaras e outro equipamento sanitario en China, a nosa compañía adquiriu subministracións e enviounas á sede chinesa como doazón.*

*As últimas semanas estiveron marcadas pola incerteza. Por un lado, acompañando con preocupación as noticias da Italia e España; para a maioría das persoas aínda se vía o problema como algo afastado, e mesmo houbo quen apuntaba ao carácter chapeiro dos latinos europeos como agravante da situación. Malia que se comezou a ver a persoas usando máscaras máis frecuentemente, non foi até o fin de semana do 7 ou 8 de marzo que se sentiu un certo temor: o papel hixiénico estaba a desaparecer nas tendas. A moi americana reacción de facer aprovisionamento de artigos para emerxencias activouse de súbito. Axiña artigos como o pan de molde, a manteiga de cacahuete, os produtos conxelados e o leite eran difíceis de atopar. O xel desinfectante esgotado. As medidas foron chegando pouco a pouco. Primeiro pecharon as escolas, logo as empresas comezaron a mandar a xente para casa. Os restaurantes aguantaron abertos -e cheos de xente, hai que dicilo- até que chegou a orde de peche. Onte chegounos a orde do Gobernador Newsom de ficarmos nas casas. Hoxe xa se rumorea a desdoblamento da Garda Nacional para manter a orde e facer fronte a posíbeis saqueos. Mais na rúa segue habendo tráfico rodado e xente facendo deporte.*

*En xeral, o sentimento é bastante optimista e confiado. Non está a falecer moita xente, polo de agora, e vese mais como un descanso que como unha emerxencia. Sempre hai quen di que isto é un invento dos medios liberais para derrubar a Trump, ou quen frivoliza coa idea de que os novos non son poboación de risco. Da xente sen fogar non se fala. Tampouco se fala do sistema de saúde, que se verá desbordado a niveis catastróficos se a situación adquire os niveis de Italia.*



## **Bernard Comesaña**

Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas (2001)

Traballa en Miami (Florida)

28 de marzo

*Polo meu traballo resido en Miami e viaxo con frecuencia. A semana do 2 de marzo estando de viaxe por traballo, a miña empresa, ao igual que moitas outras, decidiu suspender todas as viaxes profesionais dos seus empregados até como mínimo o 31 de marzo e actualmente témolos suspensos sen data determinada.*

*O venres 13 de marzo estando xa de volta na oficina, aínda que a nivel USA non se estaban a tomar medidas respectantes á expansión da Covid-19, dado que no edificio en que traballo foi detectado un caso positivo en coronavirus, decidiuse que por seguranza a partir do luns 16 traballásemos da casa, situación na que aínda estamos.*

*Aínda que no inicio foron as compañías as que tomaron medidas como a suspensión de viaxes, teletraballo nos casos nos que resultar posíbel ou a redución de horarios de abertura ao público; no caso de Miami o 19 de marzo o condado de Miami Dade ordenou o peche de establecementos no esenciais, ben como de negocios de restauración que só poden operar para servizo a domicilio ou recolla de comida no establecemento. Isto aconteceu mentres a cidade estaba chea de spring breakers (estudantes doutras partes do país que nesta altura teñen unha semana de vacacións e costumaban utilizala para visitar Florida polo bo tempo) só pensando en se divertir e despreocupados con esta situación, algo que provocou que tamén se ordenase o peche de praias, piscinas, ximnasios e se prohibisen as reunións de máis de dez persoas.*

*Desde hoxe, venres 27 de marzo, no caso da Cidade de Miami tamén se aplica a prohibición de saír de casa de 10 pm até 5 am e foi enviada un alerta aos teléfonos móbiles instando a todos os residentes para ficaren nas súas casas salvo para actividades esenciais.*

*A diferenza do que acontece, por exemplo, en España, aquí as medidas están a ser adoptadas por Estados e ás veces, dado que o Estado non toma medidas, son os Condados ou as propias cidades as que deciden tomar medidas para impedir a propagación do virus.*

## **2.15 Francia**

### **Ye Rodríguez (Ye Broussolle en Francia)**

Licenciada en Tradución e Interpretación Galego-Francés (2006) | UVigo

Vive e traballa como profesora de español nun instituto público na Illa da Reunión (Océano Índico/ Francia) desde setembro de 2007

16 de abril

*Na Illa da Reunión estamos algo máis protexidos do virus ca en Europa grazas á insularidade e a calor.*

*Contamos con menos de 400 casos de Coronavirus, desde hai dous días xa non hai ningún caso novo e non contamos con ningunha morte. Como hai poucos casos todos poden recibir unha atención médica de cantidade e de calidade.*

*O confinamento non é moi difícil xa que temos bo tempo, calor, casa con xardín e piscina privados. Teño un neno de tres anos co que temos que xogar e facer algunhas actividades pero é un tempo precioso que pasamos en familia (o meu home, o meu neno e mais eu). Teño moita sorte de ter unha familia tan maravillosa.*

*O traballo estame a resultar bastante complicado pero vaise facendo. Son profesora de lingua estranxeira (español) funcionaria do estado francés nun instituto (alumnos de 15 a 18 anos). Dou clases virtuais aos alumnos e poño actividades e vídeos na plataforma do centro para que os alumnos teñan unha continuidade escolar. Francia decidiu este sistema inda que a Selectividade será avaliada con control continuo e as notas do confinamento non contan. Isto dificulta un pouco a presenza dos alumnos, como xa están aprobados pois non veñen a clase en liña.*

*As clases virtuais son complicadas porque non todas as conexións son boas, os micros non funcionan sempre e ao alumnado cústalle máis participar, todo é menos espontáneo.*

*En principio estamos confinados ata o 11 de maio coma todo o territorio francés pero vista a evolución da illa, o estado francés quere facer unha rexión piloto de desconfinamento a partir do 4 de maio, inda que nada está decidido. Dáme algo de medo esta decisión, pero haberá que facer o esforzo sempre e cando os aeroportos da illa sigan pechados.*

*O desconfinamento como profesora... Moitas preguntas sen resposta : cantos alumnos na sala? Trinta alumnos nunha sala de 40m<sup>2</sup>? Que medidas de seguridade adoptar (máscaras, luvas, etc.)? Como lavar as mans de 1000 alumnos con só 20 lavabos? A verdade é que me asusta bastante. E que facer do meu neno na escola infantil? Os cativos non saben respectar as regras de hixiene....*

*Este é un momento duro pero o máis importante é a lección que saquemos desta experiencia. A familia e os amigos son moi importantes. A nosa sociedade sen os sistemas públicos non funciona (persoal sanitario, educativo) e os empregos non deben menosprezarse (caixeiro, repositor, agricultor) porque grazas a eles todos estamos sobrevivindo a esta crise.*

*Deica pronto!*

## **2.16 Irlanda**

### **Robin Covelo Otero**

Enxeñaría de Minas (2015)

Vive e traballa en Dublín desde 2015

Enxeñeiro Eléctrico en Mainstream Renewable Power

6 de abril

*A resposta de Irlanda ante a ameaza do SARS-CoV-2 foi relativamente rápida, o cal é un alivio xa que o sistema sanitario non é o máis potente, cunha sanidade altamente privatizada. Afortunadamente, o número de afectados conseguiu manterse polo momento por debaixo das previsións iniciais, aínda que a curva de contaxios aínda segue medrando.*

*A primeira decisión do goberno foi a cancelación das celebracións e desfiles de San Patricio, a festividade nacional. Posteriormente decretouse o peche de garderías, escolas e universidades, recomendouse o teletraballo e introducíronse medidas de distanciamento social nos lugares públicos. Estas medidas estendéronse días despois ao peche dos pubs, xusto antes de San Patricio.*

*Na miña empresa, a actuación foi rápida e decidida. Coincidindo coa recomendación inicial do goberno o 12 de marzo, o teletraballo foi decretado para todos os empregados. No meu caso, xa viña realizando teletraballo ocasionalmente con anterioridade, polo que a adaptación non me supuxo ningún problema. Ademais de proporcionarnos o material necesario, desde a empresa tamén se veñen realizando pequenas xuntanzas virtuais para axudar a manter o contacto.*

*No plano persoal, coincidindo co comezo do teletraballo decidín voluntariamente limitar as miñas actividades fóra da casa, saíndo só ao supermercado e pouco máis. Pareceume o xeito máis sensato de actuar, sabedeiro como era da situación en España, nun estadio moito máis avanzado.*

*Ao meu redor, a situación era de falsa normalidade: a maioría da xente tentaba manter a súa vida cotiá, quizais sen ser conscientes aínda, ou quizais sen querer ver, que as medidas máis fortes acabarían por chegar. Namentres, eu seguía con desacougo e impotencia a situación no meu fogar, onde a miña familia e os meus amigos estaban confinados e os contaxios e as mortes aumentaban de xeito vertixinoso. O contraste entre ambas sensacións foi doloroso. Nunca antes notara tanto a distancia da emigración coma ata agora.*

*Ao cabo duns días, ante as previsións da evolución da pandemia e a inminente cancelación do tráfico aéreo, tomei co beneplácito da empresa a decisión de voltar a Galicia para pasar esta difícil situación na casa.*

*Despois de cumprir dúas semanas de auto-illamento preventivo, ao fin volvíñ poder reunirme coa miña familia, e continúo o traballo desde aquí mentres sigo o devir dos acontecementos en ambos lugares, agardando para voltar a Irlanda, onde no entanto se decretou o confinamento da poboación, coa excepción de pequenas saídas para exercitarse.*

*Unha aperta e moita forza compañeiros/as, onde queira que esteades, sairemos desta!*

## **Alejandra Santiago Veiga**

Enxeñaría en Informática (2012)

Vive e traballa en Belfast (Norte de Irlanda) desde 2013

13 de abril

*Levo traballando en Belfast (Reino Unido) case sete anos. Vin cunha beca Leonardo da Deputación de Ourense e, ante a enorme demanda de enxeñeiros en informática, decidín quedar e probar sorte.*

*En xeral, en termos laborais no Reino Unido non se pode pedir máis, especialmente no sector IT. O traballador é un ben que costa moito adestrar e aporta beneficios á empresa, non custos, polo que se perde esa inversión cando o traballador decide marchar.*

*Polo tanto, en tempos da crise do COVID-19, que pensades que pasou no meu ámbito profesional? Protección.*

*Crearon unha comisión de seguimento da crise desde o momento que o virus foi detectado fóra de China, organizando as múltiples oficinas repartidas por todo o mundo en niveis de perigosidade para os empregados. Dependendo do nivel de risco (Tier 1, 2, 3, 4 grao crecente) as recomendacións íanse revisando cada semana ou segundo saían novos decretos de estado dependendo do país e da OMS. As directrices podían variar: desde tomar todas as precaucións posibles antes de entrar na oficina á obrigatoriedade de traballar desde a casa para todo o persoal non esencial. Creáronse protocolos para a petición de material electrónico para traballar na casa e facilitouse un software para conferencias e traballo remoto.*

*En termos empresariais, lanzáronse ofertas para os clientes para aprazar pagos ou de captación, como ofrecer un período de proba gratis de 3 meses.*

*No ámbito persoal, cando a crise comezou en España a mediados de marzo tiveron que tomar unha decisión bastante complexa: a de marchar á casa e traballar desde alí ou quedar.*

*Decidín quedar, despois de darlle moitas voltas, por non pór en risco á miña familia, polo que puidese pasar durante a viaxe de volta e porque no momento (e aínda agora) as medidas de confinamento no Reino Unido son menos agresivas que ás de España: traballar desde a casa, saídas imprescindibles á farmacia, supermercado e unha forma de exercicio ó día só ou con xente que viva na mesma vivenda. Polo xeral, a xente é respectuosa coas normas, non visita a familiares e amigos fóra da vivenda e garda moito as distancias de seguridade tanto na rúa coma nos espazos pechados.*

## 2.17 Italia

### Lidia Giraudo

Licenciada en Bioloxía (2009)

PhD en Ciencias Biomédicas (2015) | Universidade de Turín

Postdoc no Candiolo Cancer Institute (Turín)

13 de marzo

*Nunca pensei que me tocaría vivir unha situación como esta. Aquí, no norte da Italia as prioridades mudaron. Agora xa non se sae se non é para o xusto: quen vai traballar, quen vai a coidar alguén non autosuficiente ou quen vai comprar alimentos ou fármacos.*

*Industria e cadeas de alimentación seguen activas, mais pechou todo o demais, tendas de venda ao público, clínicas de estética, perruquerías, cafetarías e restaurantes. Eu son investigadora, traballo nun grande hospital oncolóxico, mais estes días só a parte clínica segue adiante, hai que protexer aos nosos doentes, cuxo sistema inmunitario está a combater a súa propia guerra.*

*Hai xa dúas semanas que os nenos quedaron sen escola, mais hai só poucos días que a xente entendeu ben o que de verdade era preciso para combater o Sars-Cov-2: reducir ao mínimo os contactos interpersoais. O esencial é ficar en casa, porque se evitarmos os contactos, evitaremos o contaxio.*

*Este pequeno e insidioso virus ten unha capacidade de contaxio moi alta, o seu RO, isto é, cantas persoas consegue contaxiar unha persoa infectada, é por volta de 2,3. Isto significa que unha persoa conseguirá contaxiar a máis de dúas persoas. Mentres siga a ser maior que 1, a curva de contaxios seguirá a ser exponencial.*

*Esta pequena partícula, de camiño entre o vivo e o inerte, é capaz de ligarse através da súa proteína spike ao receptor ACE2 das células alveolares cunha forza tal que o tempo de convalecencia é longo, de 2 a 6 semanas. Ninguén ten anticorpos, ninguén está protexido, non hai inmunidade cruzada como sucede coas outras doenzas.*

*Todos podemos adoecer da Covid-19. No 80.85% da poboación, a doenza provocará síntomas parecidos cos da gripe: febre, tose, malestar, dores musculares... antes ou despois sairán adiante. Porén, no 10-15% da poboación, a infección por Sars-Cov-2 provocara unha pneumonía grave que precisará oxixenación e, en moitos casos, ventilación asistida.*

*Ningún país está preparado para hospitalizar o 15% de toda a súa poboación. O obxectivo principal do illamento é o de desacelerar os contaxios e así dar tempo ao sistema nacional de saúde a atender coas curas precisas a quen o precisar. Se saturarmos a capacidade de reacción do sistema, non todo o mundo poderá ser atendido como debería, e aí si, a doenza será máis perigosa.*

*Nestes tempos, onde todo vai a grande velocidade, e onde estamos acostumados a correr dun lado para outro tentando gañar tempo para despois perdelo, unha pequena fibra de RNA veu do outro lado do mundo para lembrarnos o pequenos que somos, que aínda que esteamos a modificar a pasos axigantados o noso entorno e o planeta no que vivimos, a Natureza pode aínda darnos unha grande lección.*

*Este virus, que mudando pasou dun animal ao home e daí ao resto da humanidade, veu para lembrarnos que hai que parar e agora obríganos a desfrutar do realmente importante, a familia, tentando manter unha cohesión social que nos permita, xuntos, bloquear a pandemia. Nada fai sentido se non remarmos todos xuntos na mesma dirección.*

*Médicos e persoal sanitario están a dalo todo, as terapias intensivas estanse enchendo de doentes Covid-19 positivos, con pneumonías graves, e que precisan ser illados dos outros doentes, tamén eles en estado grave por outras circunstancias. Estes grandísimos profesionais están a facer turnos masacrantés, sen poder beber, comer, ir ao baño, ás veces sen nen sequer poder voltar ás súas casas porque tiveron que entrar en illamento por posíbel contaxio. Moitas veces, son eles, a primeira liña, os médicos de familia, os que non teñen sistemas de protección individual como as máscaras.*

*A protección civil e os corpos policiais controlan que todo flúa, pedindo aos automobilistas que exhiban a autocertificación que diga porque saímos do noso domicilio.*

*O persoal das farmacias e dos supermercados están a facer un grandísimo labor, permítennos regresar a casa con eses bens de primeira necesidade que compramos online.*

*Os transportistas, os que traballan facendo con que todo o que compramos poda chegar da fábrica ás nosas casas.*

*E que dicir dos/as biólogos/as? Eses maltratados personaxes que traballan nos laboratorios de medio mundo tentando illar e secuenciar, testar e producir fármacos ou vacinas que servirán ao resto da sociedade.*

*Todos eles deben ser os noso novos herois, moitos, como o persoal sanitario, antepoñendo a saúde dos demais á propia, as necesidades da colectividade ás individuais. Eles/as son de verdade os herois desta loita. Lembrémoslos cando teñamos que cortar custos innecesarios.*

*Italia avisa, hai que prepararse moi ben, especialmente, para a poboación xeral, prepararse psicolóxicamente. Esta é a primeira guerra que se irá gañar das nosas casas. Será difícil, mais todos xuntos poderemos conseguilo.*

## **Mariana Toussaint**

Grao en Comercio (2015)

Mestrado en Comercio Internacional (2016)

PhD candidate en Análise Económica e Estratexia Empresarial

Traballa no Departamento de Pesca e Acuicultura da Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO) en Roma

16 de marzo

*Hai dúas semanas estaba eu regresando dunha viaxe de traballo á miña casa, en Roma, onde vivo desde hai case catro anos. Hai unha semana podía saír da miña casa con toda liberdade. É verdade que hai unha semana as cifras do coronavirus íanse disparando día após día, hora após hora, minuto após minuto. O coronavirus daquela puxera a Italia no punto de mira de moitos países, especialmente a nivel internacional, isto fixo que familiares, amigos e coñecidos mostrasen a súa preocupación, mesmo inquedanza sobre a situación actual na Italia.*

*Italia leva oficialmente sete días en cuarentena, onde só os servizos a domicilio, supermercados e farmacias continúan activos nas súas actividades. É verdade que, no inicio, antes de que se tomasen todas as medidas de seguranza, houbo un medo e unha psicose colectiva principalmente pola incerteza do que pasará ou como se levarán a cabo todas estas medidas. Tamén é verdade que houbo moito sensacionalismo, por parte da prensa e dos medios de comunicación, para meter medo a nivel internacional, xa que o que estaba a pasar na Italia, especialmente co tema dos supermercados non era totalmente certo.*

*No final, as medidas que se tomaron non están mal, ficar en casa, traballando e pórse ao día con cousas que levabas tanto tempo querendo facer máis non podías, quer por motivos de tempo ou talvez estar metido no tráfico. É verdade que, no inicio, moitas persoas non entendían a importancia de ficar en casa, mais agora acho que a xente que o está a vivir, como no caso de España, comeza a comprender máis.*

*HAI QUE FICAR EN CASA, principalmente esta medida é para que os hospitais, médicos, enfermeiros e auxiliares podan salvar vidas. HAI QUE FICAR EN CASA para non saturar os hospitais, porque pode ser que talvez non te contaxies da Covid-19, mais pode ser que te aconteza algo e precises dos servizos médicos. HAI QUE FICAR EN CASA porque é importante ser un civil responsábel e empático.*

*Eu admiro a Italia por ser o primeiro país na Europa e en ocidente a tomar medidas, aínda que no seu día parecían extremas, a final resultaron ser as máis acaídas, máis mormente por colocar os seus cidadáns antes que a súa economía, como fixeron outros países.*

## **Alejandro Cadarso**

Enxeñaría Industrial (2007)

Director de Operacións AM en Cofle Group (desprazado en Turquía)

19 de marzo

*A produción industrial das fábricas non parou. Con maior ou menor normalidade o traballo continúa, adaptándose á situación con medidas excepcionais de illamento.*

*Entre as medidas adoptadas pola industria, destaca:*

- Extensión do teletraballo ao máximo posíbel.*
- Redución do persoal de oficina ao mínimo, aplicando axustes como a rotación de persoal de oficina que combinan o teletraballo, traballo presencial e período vacacións.*
- Aumento, sempre que posíbel, do número de turnos produtivos para diminuír a cantidade de traballadores simultáneos nas zonas de traballo en planta.*
- Redución ao mínimo imprescindible das reunións presenciais.*
- Peche das visitas non programadas e redución das mesmas ao mínimo indispensable.*
- Limpeza e desinfección frecuente das áreas de traballo.*

*A situación da Rexión da Lombardía, especialmente nalgunha área como Bérgamo, é moi crítica. Así sendo, o seu hospital, Papa Xoán XXIII, un moderno complexo hospitalar aberto en 2012, está nunha situación dramática, pois chegou ao punto do colapso sanitario; isto é, con todos os postos de UCI ocupados, incluíndo as novas camas creadas pola situación de emerxencia. Alén diso, detéctase a falta de equipamentos (respiradores), elementos de protección (máscaras) e todo tipo de material sanitario. Varias empresas víronse na necesidade de reconverter a súa produción para elaborar este tipo de material. As vítimas mortais da pandemia acumúlanse, sendo transportadas polo exército para incinerar.*

*Na Rexión da Lombardía e, en xeral, en toda a Italia, a xente está concienciada da necesidade de ficar confinada nas súas casas e as rúas das vilas e cidades están desertas. Esta semana esperábase que as drásticas medidas tomadas polo goberno comezasen a causar efecto, mais polo momento os casos de contaxio continúan a aumentar de forma exponencial. Porén, nos últimos días móstrase algún sinal de esperanza, pois a porcentaxe de aumento diminuíu a respecto do día anterior.*

## **2.18 México**

### **María Perujo Lavín**

Mestrado Universitario en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual (2015)

Profesora de Artes Plásticas, deseñadora e ilustradora independente/freelance

13 de abril

*Hai pouco menos dun ano o meu marido e eu regresados do Canadá. Unha escola na Cidade de México (CDMX) ofreceume ser profesora de Debuxo e Escultura en bacharelato; alén disto, non gostamos tanto de Vancouver como para ficar alí. Apesar de que nos custou tomar a decisión de voltar pola situación actual de México, casa sempre é casa e un acomódase porque sabe como funciona. Vivíamos en casa da miña nai e o 1º de marzo mudámonos para un departamento provisorio (con poucas cousas), mentres nos en-*

*tregan no que esperamos vivir moitos anos. Casualmente, nesa altura déronse os primeiros casos de Covid-10 en México e a distancia que procurábamos ao saírmos de casa da miña nai foi enorme e forzada.*

*Desde agosto dou aulas dous días na semana e os outros dedícome a ilustrar e deseñar como independente. Días antes do confinamento, chegou a casa "La inesperada amiga de Carlos", libro que illustrei durante todo o Nadal e agora acompáñame. Profesionalmente non parei; as aulas seguen a distancia e as entregas teñen data; portanto, economicamente a miña situación non mudou moito.*

*Foi un golpe moi forte trasladar as aulas da salas de aula a un computador. O ano pasado descubrín o pracer que me dá ensinar a mozos que están nunha etapa de curiosidades, preocupacións e achados, mais en marzo de 2020 tivemos que deixar de convivir e trasladar unha clase práctica chega de emocións a unha pantalla. Un pensaría que os "millennials" témolo máis fácil, especialmente eu que sempre fun freelance, mais este proceso foi difícil. Penso no duro que debe ser, como adolescente, non poder pasar tempo na escola, non ver os teus colegas, aos teus amantes, non poder xogar no recreo, non poder saír de festa nen comportarte "mal", estar somente con quen estiver pechado contigo. Envólveme esa desesperación porque a min, de trinta e un, que levo unha vida máis calma, que as miñas batallas e alegrías son outras, que me considero o máis libre que podo ser dentro e fóra de casa, está a custarme. Teño ganas de saír a correr, a berrar e a abrazar. De poder danzas rodeada de xente, de ter un salón cheo de persoas crecendo comigo.*

*Tamén canto no "Mariachi Charanda", formado por pura familia. Nunha semana sería a presentación do novo disco, que sería o número 15. Nen unha nen a outra puideron ser. A tocada adiouse para xuño. A incerteza traspásanos e simplemente desexamos que se for ese día, podamos celebrar en tribo a liberdade e a vida, estarmos xuntos mergullados na música, outra vez.*

*Aquí teño o meu computador e a miña tablet para seguir a traballar e a crear, mais fáltanme cadernos, lápises e pinturas que deixei antes de vir. Fáltame chorar con mamá. Fáltame cantar con papá. Fáltame abrazar o meu sobriño e besbellotear coa miña irmá. Fáltame acreditar que podo ver os meus amigos e amigas, aínda que os procure pouco. Fáltame o tacto, a enerxía e o calor da xente.*

## 2.19 Moçambique

### Gonzalo Bello

Enxeñaría Industrial, especialidade en Organización Industrial (2008) | UVigo

Cooperación internacional en África

24 de marzo

*O sistema de saúde en Mozambique é moi fraco, tanto en infraestruturas como en capacidades humanas, lóxística e servizos de manutención. Se, alén diso, considerarmos o grao de contaxios entre o persoal sanitario que está a haber en países europeos pódese esperar unha incidencia aínda maior aquí (Mozambique non estivo afectado polos surtos de ébola e os seus profesionais non reciben este tipo de formacións preventivas), de xeito que o impacto da pandemia no sistema público de saúde pode ser enorme.*

*Hoxe acaba de confirmarse o terceiro caso e espérase que agora os números de infectados aumenten, ben como as medidas preventivas e restritivas do goberno. Por en canto só se aconsellan medidas de*



*hixiene, están prohibidas as reunións de máis de cincuenta persoas e fecháronse escolas e universidades. O goberno tamén decidiu non dar vistos novos a persoas que están fóra do país, e cancelou aqueles vistos que non foran aínda utilizados. Por outra parte, facilita a renovación de vistos dentro do país. No referente a medidas sanitarias, estanse a preparar hospitais en cada provincia para tratar doentes graves e hai acordos con hospitais privados para dar apoio.*

*Algunhas institucións limitan o número de persoas que poden estar dentro das súas instalacións, o que ocasiona aglomeracións fóra. É habitual que se pida lavar/desinfectar as mans na entrada.*

*Un problema para estranxeiros que están aínda en Mozambique son as conexións aéreas. Moitas compañías aéreas cancelaron, ou teñen previsto cancelar, os seus voos desde Mozambique. Ao que se une que varios Hubs rexionais fecharan o acceso (ou é previsíbel que o fagan en breve) a voos desde Mozambique. É de destacar, e agradecer, o gran servizo informativo e de apoio que están a ofrecer os servizos consulares da Embaixada de España en Mozambique. En caso de necesidade de información sobre vías de saída de Mozambique con destino a España, a Embaixada debería ser unha das fontes a consultar.*

*Para o noso traballo (proxectos de pós-emerxencia despois do ciclón Idai) as medidas adoptadas polo goberno xa está a afectar ás nosas actividades, posto que distribucións ou formacións son desaconsellábeis pola aglomeración de persoas que implican (e temos que considerar tamén que estaríamos levando a traballadores potencialmente co virus a áreas bastante illadas e que en principio teñen menos risco de contaxio). Hai certas medidas de traballo administrativo e técnico que podemos facer por teletraballo, mais o traballo de campo con máis risco só pode ser adiado ou cancelado.*

*No país o teletraballo non é unha opción que sexa aplicábel a un elevado número de persoas, pola natureza dos traballos que o mercado de traballo ofrece e sobre todo pola alta incidencia do sector informal na economía.*

*Medidas restritivas á actividade económica poden ter un gran impacto na sociedade ao deixar a boa parte da poboación sen ingresos (ou con estes moi minorados), pode provocar escaseza de produtos esenciais (nun país que importa alimentos) e alta inflación, non só pola falta de produtos, mais pola propensión á especulación que sofre Mozambique. Todo isto pode ter impacto na seguridade en medio prazo.*

## **2.20 Noruega**

### **Jorge Sánchez Borque**

Licenciatura en Ciencias do Mar (2007)

Sénior Geologist en Norwegian Petroleum Directorate (NPD) en Stavanger

1 de abril

*En Noruega os contaxios comezaron mais ou menos ao mesmo tempo que en España e nun principio podíanse seguir até xente que estivera de viaxe no norte da Italia ou Austria.*

*Cando houbo un par de casos nos que se descoñecía a procedencia do contaxio, o goberno decidiu "pechar" o país pouco a pouco. Comezaron prohibindo eventos de máis de cen persoas e fórono axustando cada día. Foron pechados moitos comercios pola situación, e moitos deles non tornarán a abrir cando isto*

*pase. Hoxe en día pídese á xente que fique en casa e non se pode estar na rúa en grupos de máis de cinco persoas (sen contar membros da familia). A situación está mais ou menos controlada.*

*En Noruega temos a sorte que a densidade de poboación non é moi alta e que as cidades crecen en superficie e non en altura, polo que hai un bo distanciamento social de entrada e eu acho que esa é unha das razóns polas que podemos saír á rúa e facer cousas no exterior.*

*As escolas, garderías e universidades están pechadas, mais hai seguimento dos docentes aos alumnos. As escolas e garderías teñen uns servizos sociais (non educativos) mínimos para aquelas crianzas que teñen os pais (os dous) traballando nos chamados servizos esenciais (hospitais, alimentación...). Non é o meu caso, polo que en casa temos, alén do meu traballo, gardería, escola e un bebé.*

*O NPD (Norwegian Petroleum Directorate) está organizado de tal maneira que case todo o traballo pódese facer da casa. Somentemente unha serie de servizos mínimos, como o departamento de IT ou aqueles xeólogos que interpretan sismica diariamente poden ir á oficina, sempre que sexan respectadas unha serie de normas, como que non poder haber concentracións de persoas nos espazos comúns ou establecendo rotación de persoal. Cada semana mudan quen pode ir á oficina e quen fica en casa. Todo o mundo ten asumido que esta situación vai seguir alén de Semana Santa, que é a data establecida polos políticos.*

*Agora que se aproxima a Semana Santa e é moi popular ir a cabanas na montaña para esquiar, o goberno prohibiu estes desprazamentos para evitar que municipios pequenos se vexan sobrepasados pola cantidade de xente.*

*En xeral, pídese senso común e boa hixiene. Unha cousa que me está a chamar a atención é a cantidade de anuncios que hai na televisión onde se pide que a xente con educación sanitaria (médicos, enfermeiros,...) se rexistren nunha bolsa de traballo, para poder axudar en caso de necesidade.*

*Outra cousa, o hospital de Oslo iniciou un proxecto para estudar os hábitos dos noruegueses en reunións e transporte para tentar entender como se contaxia o virus. Simultaneamente téntase ver a cantidade de contaxiados asintomáticos existentes. Nos hospitais só se fan testes a médicos con síntomas e doentes ingresados.*

*A Noruega, para alén da Covid-19, afectoulle moito a baixada no prezo do petróleo, xa que moita da actividade do país depende deste. Á vez, as exportacións de salmón van moi ben.*

## **Ángel Álvarez Pardiñas**

Doutoramento (2016)

Enxeñeiro Industrial, especialidade en Mecánica (2011)

Investigador na Universidade Noruega de Ciencia e Tecnoloxía (NTNU) en Thronheim

2 de abril

*A situación xeral en Noruega é dun confinamento moito máis flexible que en Galicia. Houbo peche xeral de escolas e garderías, moita xente está a traballar das súas casas e houbo unha cancelación de maior parte de tráfico aéreo internacional (non do nacional). Existen recomendacións nos supermercados en canto a distancias de seguridade, hixiene..., mais en xeral non existe escaseza de produtos. Por outro lado, en*

*Noruega está permitido o paseo, practicar deporte ao ar libre... Tal é o nivel de permisividade con certas actividades que en Trondheim, cidade na que eu vivo, houbo saturación dos autobuses cara as pistas de esquí mentres en Galicia xa se estaba entrando no estado de alarma. Desafortunadamente o tempo non dá tregua e non é sinxelo aproveitar esta vantaxe que temos en Noruega.*

*Nas universidades, que é o que me atinxe a nivel laboral, houbo tamén un peche case completo. A docencia pasou a dixital para o que resta de semestre, incluíndo exames e avaliacións. Houbo un esforzo moi importante por parte da nosa universidade, NTNU, para formar en tempo récord ao profesorado nas diferentes ferramentas para facer posíbel esta docencia en liña.*

*Outra medida adoptada polas universidades norueguesas foi a restrición do acceso aos laboratorios e a redución ao máximo do persoal técnico nos mesmos. Isto implica que só se poden acabar os experimentos iniciados antes desta situación, pero non se poden realizar aquelas campañas programadas e non iniciadas. Alén diso, obrigou á reformulación dos Traballo Fin de Grao e de Mestrado que tiñan actividades experimentais para que os alumnos podan realizar todas as tarefas sen acceder ás instalacións universitarias.*

*Para min como investigador e neste momento concreto non existe unha grande diferenza entre o traballo desde casa ou nunha oficina. A meirande parte das miñas actividades implican estudos numéricos, dimensionamento de equipos, preparación de informes..., e dispoño de todas as ferramentas e accesos desde o salón da miña casa. Porén, vinme afectado pola anulación dun congreso e pola mais que probábel cancelación dunha reunión en Dinamarca dos colegas que participamos nun proxecto europeo en sistemas con bombas de calor con refrixerantes naturais. Algo positivo que podemos sacar desta situación é darnos de conta de que algunhas das reunións e viaxes de traballo que se facían poden aforrarse ou substituírse por unha reunión virtual.*

### **Manuel Montes Martín-Mateos**

Enxeñaría Técnica Industrial, especialidade en Electrónica Industrial (2010)

Mestrado Universitario en Mecatrónica (2013)

Mestrado Universitario en Prevención de Riscos Laborais (2011)

Vive en Farsund (Noruega) desde 2018

Traballa como Automation Engineer en Aludyne Norway

3 de abril

*Escribo desde unha pequena poboación costeira no sur de Noruega chamada Farsund, onde nestes días 3200 habitantes tentamos facer vida normal perto do mar.*

*Hai 4699 casos positivos no país no momento de escribir este texto, con 40 casos xa confirmados falecidos para unha poboación total de 5,3 millóns de persoas. As medidas contra a Covid-19 son de confinamento nos domicilios para os afectados, mais ao contrario de España, as persoas sans poden ir onde quixeren se seguen unhas normas de distanciamento social. Esta situación continuará, polo que sabemos, até despois da Semana Santa. O sistema sanitario desbordou nas primeiras semanas e Noruega mantívose cunha das proporcións máis altas de contaxio no mundo, especialmente en Oslo, mais agora a situación estabilizouse logo de tomar estas medidas.*

*En Noruega, país tradicionalmente de agricultores e pescadores, hai un concepto practicado por toda a xente chamado "Dugnad". É unha forma de traballo comunitario colectivo no que a xente axuda aos demais con grandes tarefas, como recoller a colleita, ou construír un tellado e, como resultado, saben que sempre poden pedir axuda á comunidade cando o precisen.*

*A maneira en que estamos a levar esta etapa de crise e illamento é coma se fose un Dugnad mais a nivel nacional, polo que hai un sentimento de responsabilidade social e espírito comunitario bastante profundo e que aínda nos permite, se non estás en cuarentena, saír á rúa, ir a pasear á praia, facer roteiros e outras actividades fóra da casa, se o tempo noruegués o permitir, sempre con precaución e en grupos pequenos.*

*As escolas e universidades permanecen pechadas, a maioría dos bares e restaurantes non teñen permiso para abrir salvo que poidan garantir o distanciamento social e moitos outros negocios, como os perruqueiros, víronse forzados a pechar as súas portas. Os supermercados aínda están abertos e fornecen luvas, auga e xabón, ou líquido antibacterial gratis ao entrar para facer a compra máis tranquilos.*

*As viaxes aéreas en Noruega e en toda Europa están a ser interrompidas e as fronteiras están esencialmente pechadas. Tamén, calquera persoa que viaxar ao estranxeiro nos últimos días terá de afrontar unha cuarentena obrigatoria de catorce días. Dous amigos meus, tamén titulados na Universidade de Vigo, tiñan planeado visitarme en Semana Santa e o seu voo foi cancelado. Eu mesmo tiña una viaxe planeada nestes días para visitar á miña familia en Vigo, mais agora é imposible viaxar.*

*A maioría de empresas, incluídas as de petróleo, fixeron un ERTE de practicamente todo o persoal. Na miña, dedicada á automoción, algunhas semanas atrás puidemos comezar a ver como a xente deixaba de acudir a traballar respectando as normas de confinamento, mais a baixada de produción en China, onde temos varios clientes, fixo que a final pechásemos temporalmente nós tamén. De todas formas, o estado está a axudar moito co pagamento dos salarios e a maioría da xente recibiremos o 100% da nómina durante varias semanas.*

*Así que, por en canto, os non afectados polo virus temos a sorte de poder facer vida case normal, dentro e fóra da casa, con precaución e esperando que isto termine pronto e afecte ao menor número de familias posible.*

*Unha aperta moi forte!*

## **2.21 Países Baixos**

### **Isabel Rodríguez**

Enxeñaría de Organización Industrial (2013)

Xerente de calidade de fornecedores na rexión EMEA en Philips

2 de abril

*Como primeira medida, os eventos de máis de 100 persoas foron prohibidos na Holanda. Unha semana despois todos os eventos públicos foron cancelados. Pouco despois, aplicáronse restricións á entrada no país.*

*Semellaba que as medidas irían a mais, mais xa daquela o goberno foi rotundo en que o país non se ía pechar. En xeral, un sentimento de atender á economía primeiro, e logo á saúde. Despois de máis dun mes –un mes!- nada mudou nese eido. A xente pode saír fóra pero con restricións. Ás veces aplican, ás veces non...*

*Hoxe o goberno estendeu a orde de traballo desde a casa até finais de abril e continúa o peche de escolas e negocios -outras medidas seguen ata xuño-. Tamén adoptaron un fondo para acalmar a carga financeira das empresas holandesas.*

*Nestas últimas semanas as diferenzas culturais, de mentalidade e o que é moral e socialmente aceptábel entre España e os Países Baixos foi protagonista nos medios. Da miña posición, non estou sorprendida e é que ese choque xa o experimentei ao emigrar, e non foi doado.*

*É certo que a reputación de España de cara ao exterior non é boa: mais ben dun país incapaz de xestionar os recursos propios e sen seriedade política. A atención sanitaria aquí é totalmente privada -eu digo, máis que un dereito, un negocio- desas nas que che miran o número antes de te aceptar e na que cobran as urxencias se o médico estima "que non era tal". Pero tamén dicir que o seguro médico na maioría dos casos inclúe a saúde mental. E non cho discuten. En Holanda os maiores non viven coas familiar polo xeral, senón sós ou en residencias. En moitos casos son os maiores os que esixen vivir por si mesmos, e morrer por si mesmos. Na miña opinión persoal é mellor que non enfermes aquí e, se o fas, énchete de paciencia e emprega todas as técnicas de persuasión para facerlle entender ao doutor que precisas atención. Todos sabemos que é así, tamén os holandeses. E aceptámolo.*

*Do punto de vista profesional, síntome protexida. Desde cedo a miña empresa restrinxiu as viaxes e o traballo nas oficinas e liñas de produción aos mormente necesarios. No meu caso, levaba traballando a distancia durante case tes anos, o que non é excepcional nas empresas aquí. Así que non foi difícil adaptarse, o maior problema foron as visitas ás oficinas no país e aos fornecedores, especialmente aqueles cos que debiamos tratar temas de calidade con urxencia. Entre o grupo comezamos a compartir formas de xestión dos fornecedores a distancia, como facer auditorías empregando os medios dixitais. Coido que conseguimos abranguer boa parte das actividades que precisabamos. Os empregados tamén comezaron iniciativas para estar conectados os uns cos outros, como xogos virtuais, facer exercicios físicos e de relaxación xuntos diante da cámara.*

*A nivel persoal, lévoo ben. Pensa que en Holanda os círculos sociais son mais ben pequenos e todo o exterior á familia require "cita na axenda". Despois de oito anos, creo que me adaptei a ese xeito de vida. Mais si, atópome moi preocupada pola familia e por España, nestes tempos pensas nas poucas ocasións que un ve á familia, e como o imprevisíbel pode facer que te arrepiñas de non estar perto deles. Chamámonos todos os días, eles preocupados, eu preocupada. Pero as dúas partes facemos todo por manternos con saúde e poder reencontrarnos de novo este ano.*

## 2.22 Perú

### Víctor Gómez

Mestrado Universitario en Contaminación Industrial: Avaliación, Prevención e Control (2015)

Doutorando en Ciencias para o Desenvolvemento Sustentábel na UNTRM de Amazonas

10 de abril

*O primeiro caso de Covid-19 no Perú foi detectado a 6 de marzo, tratábase dunha persoa que regresaba ao Perú logo despois das súas vacacións na Europa. O presidente confirmábase nunha conferencia de prensa, talvez nesa altura moitos (eu incluído) non se imaxinaban o que realmente isto ía significar, apesar de coñecer as noticias sobre o que acontecía noutros países, principalmente China, Italia e España. O goberno coñecedor de que o sistema de saúde tiña moitas deficiencias e consciente de que, se non se adoptasen medidas para trabar o contaxio do virus, simplemente isto ía colapsar; o 11 de marzo mediante o Decreto Supremo N°008-2020-SA declarábase en Emerxencia Sanitaria a nivel nacional polo prazo de noventa días calendario e ditaba medidas de prevención e control da Covid-19. Unha das primeiras medidas foi o suspender o inicio do período académico para todos os niveis, para alén de reunións ou eventos que podan xuntar máis de 300 persoas.*

*Perante o avance de contaxios o goberno, através de Decreto Supremo N°044-2020-PCM declarou o Estado de Emerxencia Nacional, polo prazo de quince días calendario, e dispuxo o illamento social obrigatorio (cuarentena), só tendo acceso aos bens e servizos esenciais. Porén, cada vez as medidas tornáronse máis restritas, isto debido á aparición de maior cantidade de casos e ao caso omiso ás disposicións de certa parcela da poboación. Así, por exemplo, decretoúse os “toques de recollida” desde as 8 pm até 4 am; hoxe a 10 de abril isto xa é de 6 pm a 4 am e nalgúns rexións cunha maior cantidade de infectados e maior desobediencia ás restricións desde as 4 pm a 4 am. Coa pasaxe dos días e a complicación da situación, a “cuarentena” foise alargando, nun principio até o 12 de abril; porén, onte (9 de abril) alargouse novamente até o 26 de abril (por agora). A situación actual é complicada especialmente para a poboación vulnerábel que economicamente non pode aturar estas semanas debido a que viven do “día a día”; isto apesar de o goberno ter adoptado certas medidas como bonos económicos e cestas de alimentos, mais moitas veces isto non chega aos que realmente o precisan. Isto parece que se vai complicar moito máis, xa que segundo os especialistas e o mesmo goberno aproxímanse as semanas máis difíceis. No día de hoxe, segundo fontes oficiais, os casos incrementáronse a 5256 e hai 138 falecidos. Seguramente non é nada comparado coa realidade de España, mais como se di, o peor aínda está por vir.*

*No persoal estou a facer un programa de doutoramento na rexión de Amazonas, cuxas actividades tamén foron suspendidas, agora estou a cumprir responsabelmente as disposicións establecidas xunto a miña muller e fillo, coa esperanza de que axiña a situación mellore para todos os países.*

Ánimo mundo!!

## 2.23 Polonia

### Constantino S. Rodríguez

Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas (2008)

Vive e traballa en Polonia

19 de maio

*En Polonia non se sentiu moito a Covid-19, tomáronse medidas pouco despois que en España, mais con poucos casos, e iso axudou a que non se expandise.*

*Eu traballo nunha empresa farmacéutica e desde o inicio de marzo xa nos enviaron a traballar da casa a toda a xente localizada en Europa. Traballar da casa na miña empresa non é nada raro; normalmente eu fágoo unha ou dúas veces na semana.*

*Ora ben, visto o ben que funcionou o traballo desde casa, Recursos Humanos está a valorar deixar traballar de casa de forma permanente a algunhas posicións, claro é, indo á oficina en caso necesario (reunións,...). Como moi cedo temos planeado regresar á oficina en setembro.*

## **2.24 Portugal**

### **Aloia Romaní**

Doutora (2011)

Licenciada Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (2007)

Enxeñaría Técnica Agrícola (2005)

Mestrado Universitario en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar (2009)

Researcher assistant na Universidade do Minho (Braga) desde 2012

20 de marzo

*A Universidade do Minho tomou medidas sobre o encerramento da universidade unha semana antes que a Universidade de Vigo, xa que fora detectado un caso positivo no predio de Historia.*

*Apesar de haber menos casos confirmados que en España, estanse a mobilizar rapidamente para que non aconteza o mesmo. Os supermercados están moi pouco masificados, controlando quen entra e colocando liñas para manter a distancia entre persoas. A farmacia á que tiven que acudir, dispuña dun servizo por whatsapp para facer as encomendas e non ter que esperar na fila polos medicamentos, remetendo as receitas por mensaxe.*

*Tiven febre o mércores día 28 de marzo e para recibir asistencia sanitaria hai que chamar ao número SN24 no que inquiren polos síntomas e dan recomendacións para non saturar os servizos médicos. No día seguinte puiden acudir ao meu centro de saúde, no que había rigorosas medidas de seguranza, facilitáronme unha máscara, preguntaron os meus síntomas (onde estivera, díxenlles que en Galicia había menos de catorce días, mais sen contacto, que eu saiba, con ningún doente, comprobaron se tiña dificultade respiratoria e preguntáronme se tiña tose). Ao non presentar todos os síntomas, comprobaron que era unha amigdalite e receitáronme antibióticos. O tratamento foi como se estivese contaxiada.*

*A miña sensación é de bastante respecto polas normas establecidas e de mais ou menos calma. Eu levo dúas semanas teletraballando da casa, mais... non sei como vai evoluir. A escola das crianzas só foi suspendida hai unha semana. As profesoras tentan mandar exercicios e poder establecer algún contacto vía skype, whatsapp coa profesora e o resto dos alumnos, para non perder o contacto.*

*Mais o de saír ao balcón a animar o ambiente non se fai... son tranquilos de mais.*

## **Germán Pérez-Sánchez**

Doutor en Física (2010)

Licenciatura en Física (2005)

PostDoc no Departamento de Física | UVigo

Investigador na Universidade de Aveiro (Portugal)

21 de marzo

*A pandemia do Covid-19 na rexión centro de Portugal onde vivo está nun termo medio entre as principais zonas afectadas que son Porto e Lisboa. Até a data de 21 de marzo temos 137 casos detectados, aproximadamente 5 veces menor que as zonas máis afectadas.*

*A percepción até agora é que a Covid-19 está a golpear con menor intensidade. O sistema de saúde de momento non chegou a unha situación de sobrecarga, con 135 persoas ingresadas no total do país, 35 de eles na UCI.*

*A sensación, polo menos na zona centro, é de aparente normalidade coas medidas de protección que se van tomando de forma paulatina. Contodo, a tendencia dos casos positivos vistos en España e Italia, fixo que en Portugal comezaran a tomar medidas drásticas esta semana, co confinamento nas casas, peche de bares e restaurantes, pequenos comercios e o control das fronteiras. Esta situación fai imposíbel saír do país, só posíbel para traballadores na fronteira ou transporte de material. A semana pasada xa se notou a escaseza nos supermercados, mais ben debido a compra compulsiva de produtos básicos e de limpeza como papel, alcol e xabón. Na rexión de Aveiro onde eu vivo, o abastecemento e transportes públicos funcionan sen problema aínda que con moita menos xente pola rúa. A este escenario contribúe a falta de turistas que costumaban visitar Aveiro, especialmente españois da zona centro e oeste lindeiras á fronteira portuguesa.*

*No meu caso levo unha semana completamente pechado na casa e atento ás redes de noticias e os contactos cos meus compañeiros da universidade. Precisamente na Universidade de Aveiro onde traballo, comezaron a organizarse para axudar basicamente os servizos sanitarios e para facilitar o teletraballo. En relación coa axuda sanitaria, desde os departamentos organizaron recolla de material de todos os laboratorios para levar a hospitais e centros de saúde batas, luvas, máscaras de protección ou glicerol. No que se refire ao traballo, os coordinadores dos grupos enviaron información diaria através de correo electrónico e videoconferencias para impartir titorías e consellos de como impartir as aulas desde plataformas do tipo Moodle, Microsoft Teams ou mesmo Facebook.*

*A miña posición na universidade, dedicada só como investigador no ámbito da física computacional, permíteme traballar e organizar o meu grupo de traballo da casa. Contodo, o meus compañeiros de laboratorio experimental tiveron que pechar portas e dedicarse a escrita e lectura de artigos desde casa. Falando con algún dos meus colegas da Universidade que imparten docencia, comezaron esta semana a impartir clases virtuais desde as plataformas mencionadas anteriormente. De todas formas, aínda aparece algún problema de conexión, especialmente derivado da calidade de rede que cada un ten na casa e a sobrecarga a que se ven as propias plataformas virtuais. Tamén chegaronme noticias da docencia en secundaria con reunións virtuais entre profesores para organizar as clases e forma de avaliar e traballar con os alumnos e se está a avanzar con éxito neste sentido.*



### **Hélder Antunes**

Mestrado Universitario en Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde (2011)

Reside e traballa en Portugal (Mesão Frio, Distrito de Vila Real – Norte) como profesor de Educação Física

Desde 2019 e Adestrador da Selección Portuguesa feminina de Hóquei en Patíns

23 de marzo

*O norte de Portugal onde resido e traballo está a cumprir todas as indicacións da Dirección Geral da Saúde. Muitos portugueses por iniciativa própria fecharam estabelecimentos comerciais antes de o goberno decretar essas medidas.*

*A maior parte de nós está em casa. Temos algum receio, mas estamos tranquilos e confiantes que vamos vencer esta batalha.*

*A nível profesional estou em casa a realizar teletrabalho com os meus alunos e ao mesmo tempo a tomar conta dos meus fillos de cinco e sete anos.*

*A nível desportivo tudo parou simplemente. Enquanto seleccionador da equipa feminina de hóquei em patíns de Portugal, cancelamos o estágio que iamós realizar em abril próximo e no día 10 de março pasado, por iniciativa nossa da federação cancelamos um centro de treinos como medida preventiva.*

*Tentamos ainda ajudar as persoas de maior idade e risco, como, por exemplo, fazer as compras por elas e tentamos ser o máis solidários possíveis uns com os outros.*

### **Rocío Álvarez López**

Diplomatura en Enfermaría (1998)

Especialista en Enfermaría Pediátrica (2016) DGPU

Enfermeira en UCI Neonatal en Hospital São Sebastião, Centro Hospitalar Entre Douro e Vouga, Santa Maria da Feira

11 de abril

*Aquí onde residen a partir do día 11 de marzo comezou a fálarse de pechar as escolas de forma oficial a partir do día 16, mais o certo é que as crianzas deixaron de ir por iniciativa/medo dos pais a partir do día 12 de marzo. A isto seguiu o peche de todo o comercio e restauración, ficando tan só abertos os servizos esenciais. Esta área está moi próxima de Ovar, que resultou ser un grande foco de Covid-19. De feito, no Hospital o primeiro caso positivo foi o día 11 de marzo, unha adolescente de 17 anos de Ovar, que asistía aquí á escola. Como primeiro caso foi transferida para o Porto, Hospital São João, que concentrou a maior parte dos casos nun inicio. A partir daí comezaron as cuarentenas preventivas asintomáticas que despois se viu que resultaban inviáveis, pasando a estar en cuarentena unicamente aquelas persoas que manifestaren sintomatoloxía.*

*Hoxe, 11 de abril, xa se estableceron todos os protocolos precisos, existe unha UCI que atende exclusivamente Covid-19, na REA de quirófano aténdense os doentes que normalmente estarían na UCI e en urxencias existen ben definidos os circuitos para atender Covid-19. Por en canto non hai ningún servizo*

*colapsado nen con falta de ventiladores ou material, aínda que o material está moi resgardado para evitar calquera desperdicio innecesario.*

*Santa Maria da Feira hoxe ocupa o posto número 12 do país en número de casos confirmados infectados por coronavirus. E está rodeada de municipios que ocupan os primeiros postos, entre os cales Porto, Gaia, Maia, Matosinhos, Gondomar, Ovar...*

*Houbo moitas mostras de solidariedade co Hospital e o persoal sanitario. Algúns supermercados teñen horario de abertura exclusivo para nós, moitas empresas traen comida ou material tipo protección ocular ou máscaras.*

*Nos supermercados non houbo falta de produtos nen desabastecemento. Polas rúas non hai case ningún, as estradas están practicamente vacías mais non se impide o paseo sanitario coas crianzas nos arredores de casa e vese xente a correr polas rúas, aínda moi pouca e a diferentes horas. En casa as crianzas unha vez acabadas as vacacións de semana santa van ter aulas pola televisión, Teleescola. E durante o mes de marzo os profesores foron mandando fichas para facer en casa coa axuda dos pais. Tamén hai moita xente teletraballando. O de saír ás terrazas para aplaudir aquí non se está a facer.*

### **Maria de Fátima Rodrigues da Torre**

Doutoramento sob a Orientación do Departamento de Análise e Intervención Psicoeducativa (2016)

Licenciatura en Psicopedagogía (2000)

Traballa en Chaves como profesora de ensino primario

21 de maio

*Como todos, também nós aqui por Chaves, sentimos o “peso” do confinamento. Sou professora do 1º ciclo (primária), com 25 crianças, de 6 anos a meu cargo.*

*De repente vimos as nossas rotinas completamente alteradas. Fomos todos para casa! A primeira semana foi bastante complicada, pois foi tempo de confusão. Todos se perguntavam como seria possível continuar a desenvolver atividades que permitissem a evolução dos saberes escolares. Por outro lado foi tempo de as escolas começarem a organizar-se para, agora à distância, dar continuidade à escola: a escola virtual! E é ainda esta a realidade que estamos a viver! Temos encontros marcados nas aulas via computador, (salas virtuais), diariamente, onde após preparação continuo as práticas letivas. Todavia sei que não é a mesma coisa. O contacto presencial, o encontro de alegria de todas as manhãs, sofreu alterações! Não é a mesma coisa! E digo isto com mágoa, tristeza, pois os nossos alunos, são como nossos filhos! Eram-nos entregues todas as manhãs e ficavam até ao fim da tarde connosco. Agora estamos juntos, mas do outro lado da tela!*

*Mas sabendo e tendo consciência de que este confinamento é necessário (a escola dos pequenos ainda está confinada em casa), optámos por aprofundar conhecimentos na área da informática que têm sido muito proveitosas, pois têm sido muitas e diversas. O Ministério da Educação Português tem levado a cabo uma série de iniciativas formativas aos docentes muito boas e abrangentes das quais já se verificam resultados. Neste momento e avaliando este tempo já temos crianças e pais muito máis motivados e com esperança em fases posteriores bem melhores.*

*Tenho a certeza de que todos vamos vencer esta terrível Pandemia que nos afeta a todos! vamos com certeza sair máis fortes! Obrigada por esta oportunidade de poder expôr um pouco do que é a minha/nossa realidade que, enfim é a de todos!*

*Bem hajam!*

## 2.25 Reino Unido

### **Pablo Fernández Medina**

Enxeñaría de Telecomunicación (2013)

Principal Engineer en Cambridge Consultants (Inglaterra)

20 de marzo

*Ao tempo que estou a escribir esta crónica, estou a ouvir Boris Johnson introducir novas medidas para combater a Covid-19. O goberno está a forzar o peche de bares, teatros, ximnacios e centros comerciais. Esta é un pouco a tónica que estamos a vivir aquí. Inicialmente o goberno non tomou ningunha medida, mais vendo que a situación está empeorando día a día tamén as restricións do goberno. Ao mesmo tempo que se están a anunciar medidas para apoiar as empresas economicamente e evitar despedidos debido a esta extraordinaria situación.*

*No aspecto persoal eu penso que é inevitábel non estar preocupado, é moita a incerteza que estamos vivindo. E como bos seres humanos, é máis difícil vivir cando non sabes o que te espera ao virar a esquina. As medidas que estou a tomar son traballar desde casa, e evitar situacións sociais, saio da casa só para facer exercicio.*

*E digo "estou" porque non é obrigatorio, non todo o mundo está a facer o mesmo. É importante saber que no Reino Unido o goberno só está a aconsellar medidas, non impoñelas. Non hai policía nas rúas mandando xente para casa e calquera pode saír se así o desexar. Nada está prohibido, mais piden a colaboración da cidadanía.*

*Sorprendeume moito a resposta das empresas aquí en Cambridge. Na miña opinión, tardaron moito en tomar medidas. É verdade que se o goberno non o aconsella, non "deberían" facer nada, e tamén podo ver o impacto económico que causa nunha empresa mandar os seus empregados para casa, mais desafortunadamente coa Covid-19 estamos a falar dalgo máis que diñeiro. Mais tamén entendo que algunhas das decisións foron tomadas co obxectivo de manter os traballos da xente, o problema é que a xente primeiro ten que sobrevivir para logo manter o traballo.*

*A noticia positiva é que temos grupos en Facebook onde xente en confinamento pide axuda se necesita comida ou medicamentos, especialmente para a xente maior ou en risco debido a outras condicións de saúde. Estes grupos están divididos por zonas na cidade (polo menos en Cambridge) e facilita moito a axuda para aqueles que máis o necesitan.*

*En xeral, isto é o que temos, moito do que está a pasar está fora de meu control, eu só podo protexerme e esperar que o que fago sexa suficiente para evitar contraer o virus. Tamén sei que as miñas accións poden ter importantes repercusións noutra xente e iso é outra motivación para levalas a cabo. Eu fãgoo "por min e por todos os meus compañeir@s" e perdoade a comparación, pero isto non para de recordarme a aquel*

*último/a compañeiro/a que cando era pequeno salvaba ao resto xogando á "pita". Desafortunadamente, hoxe todos temos a oportunidade de ser esa persoa.*

## **Eva Macía**

Licenciada en Administración e Dirección de Empresas (2007)

Diplomada en Ciencias Empresariais (2005)

Mestrado Universitario en Innovación Industrial e Optimización de Procesos (2010)

Finanzas públicas na Inglaterra desde 2013

21 de marzo

*Na altura do 21 de marzo (sábado), o Reino Unido aínda non impuxo medidas de confinamento da poboación. Escolas, bares, restaurantes, ximnasios, permanecen cerrados desde o venres 20 pola noite. O primeiro anuncio de medidas desde o goberno fíxoo o primeiro-ministro Boris Johnson o luns 16 de marzo. De forma resumida, aconsellou o traballo desde casa e evitar en todo o posíbel reunións sociais.*

*Na organización na que traballo, a semana anterior á comparecencia do primeiro ministro, xa un 35% do persoal (1350 empregados) traballamos desde casa como proba. A xunta directiva preparouse para a chegada de medidas de confinamento e garantir a continuidade dos servizos. Apartir do mércores 18 de marzo a posición da miña organización foi dar prioridade ao teletraballo e protección dos empregados. Por en canto sabemos que o tempo mínimo de teletraballo vai ser un mes. A nivel laboral, o único que teño son boas palabras, síntome protexida e amparada.*

*Dun día para outro a nosa ferramenta de traballo principal pasou a ser Microsoft Teams. Mantemos as mesmas reunións, vía vídeo-conferencia, e o chat arde con preguntas rápidas. Está a ser unha experiencia positiva, e falar cos compañeiros como o faría se estivese na oficina axúdame moito, sempre hai chistes e bromas. Como opinión persoal, o que creo é que desde onde traballo estamos a prepararnos para unha carreira de fondo.*

*Vivo nunha poboación a 40 minutos de Birmingham, onde estou a cursar un mestrado en finanzas públicas. O último día das miñas aulas presenciais foi o martes 17 de marzo. A partir desa data e, como mínimo até o 31 de maio, todas as aulas van ser impartidas online. O centro actuou moi rápido. Todo segue segundo o planeado, datas de exames, titorías, todo.*

*No tocante á poboación, sempre hai de todo, mais o último día que viaxei de tren a diferenza en número de viaxeiros comparada cun día normal foi abismal, de viaxar de pé e como nunha lata de sardiñas, a ficar metade dos sitios libres. Mesmo a estación principal da cidade de Birmingham non parecer a mesma, polas poucas cabezas que vin.*

*Da miña experiencia, os centros, organizacións e cidadáns responden ás medidas de prevención antes de que as imponha o goberno, o que non deixa de asombrarme. Asíumese a responsabilidade sen necesidade de que a imponhan, sábese que isto depende de todos. A responsabilidade é asumida en xeral, menos á hora de comprar papel hixiénico, que leva esgotado máis dunha semana.*

*A nivel persoal, o que mais me preocupa é que algo lle pase a seres queridos e estar a 1700 km de distancia. Seguro que isto é un sentimento compartido, non importa onde vivamos. Sei que esta vai ser a*

*temporada máis larga que vou pasar sen poder abrazalos. Por sorte, todos os días pola tarde fago unha vídeo-chamada cos meus familiares máis próximos, e iso é marabilloso! Non teño ningunha persoa cerca da afectada pola Covid-19, o que me axuda enormemente a levar a situación de forma optimista. Aínda que a miña premisa é “esperar o mellor e prepararse para o peor”.*

### **Sandra Lois Peón**

Licenciada en Filoloxía Inglesa (2013)

Xefa de Ano e profesora de español de ensino secundario en Londres desde 2014

23 de marzo

*A situación actual do coronavirus no Reino Unido está a ser igual de surrealista que no resto do mundo cunha diferenza e é que temos dons psíquicos que nos permiten ver o futuro. Non porque o virus mutase en traer poderes, senón porque o virus chegou o Reino Unido máis tarde, o que significa que podemos ver nos xornais o que nos espera nunhas semanas cando esteamos na mesma situación que Italia, España ou Francia.*

*O Primeiro-Ministro do Reino Unido ten a economía como prioridade, o que significa que non quer parar o país por mor das consecuencias desastrosas que iso traería á economía. O sentimento que máis predomina na poboación nestes intreos é a incerteza. O goberno está a falar ao país cada tarde mais cada día as noticias mudan, non hai suficiente información e a situación non fai máis que empeorar.*

*O goberno pediu a principios de semana que ningún colexio pechase para poder manter a economía a flote. Isto significou que os profesores e os rapaces seguían a estar expostos ao virus. Se a iso lle sumamos que bares, restaurantes, cinemas e teatros seguían abertos e o transporte público funcionaba como sempre, o nivel de contaxios quedaba claro que só ía ir a peor.*

*O meu instituto viuse forzado a pechar para os pequenos (1º, 2º e 3º de ESO), xa que non tiña persoal para poder dar aulas. Desde o goberno pediuse para evitar o contaxio, que se alguén na familia tivese febre ou tose, a familia completa debía illarse durante catorce días e, se vivían sós, logo eran sete. Eu mesma caín enferma con febre e tiven que ficar na casa onde aínda estou illada sen poder saír nin ao súper nin á farmacia para evitar o contaxio. A pregunta é pero teño coronavirus? A resposta ninguén a sabe porque o goberno decidiu non facer probas a ningún paciente que presente síntomas, salvo que necesite ser hospitalizado por problemas respiratorios. Se pensamos nas cifras que aparecen nos xornais todos os días, decatáredesmos de que o Reino Unido ten que ter moitos máis infectados dos que saen na tele, xa que non está a facer as probas a ningún dos que presentan síntomas salvo que sexan graves.*

*A presión dos sindicatos fixo que Boris Johnson (actual Primeiro-Ministro) tivera que tomar una decisión, que chegou coa confirmación de que os colexios terán que permanecer pechados para todos excepto para os fillos dos traballadores chave. A lista foi publicada o venres 20 de marzo e inclúe fillos de profesores, sanitarios, traballadores do transporte público, nos servizos sociais, nos corpos de seguridade e no ámbito alimenticio. Tamén implica que os exames oficiais de final de secundaria e bacharelato (o que para nós sería a antiga reválida e o selectivo) fican suspendidos, deixando una morea de nenos sen idea do que vai pasar co seu futuro e as súas cualificacións. O mesmo día, Boris tamén decretou o peche dos bares, restaurantes e cinemas.*

*O goberno xa pedira precaución e distanciamento social, mais, como pasou en España, a xente non estaba a cumprir coa precaución polo que os restaurantes e os establecementos de lecer aínda tiñan xente.*

*A maior preocupación no Reino Unido neste momento é o chamado "panic buying" onde a xente está comprando dun modo masivo que fai que os máis vulnerábeis que non poden pórse na cola do súper as 7 da mañá, estean a ter problemas para encontrar produtos de primeira necesidade. Os estantes están baleiros e a xente anda a rifar por coller o último rolo de papel. Isto fixo que os supermercados introducisen límites de produtos e tamén que a primeira hora da mañá sexa só para os compradores de idade avanzada.*

*Unha das ironías da vida, fixo que este fin de semana o tempo fose especialmente bo, cun sol e unha temperatura moi agradable que levou os británicos, que non ven moito o sol, a saíren aos parques e aos paseos. Ten toda a pinta de que o Primeiro-Ministro terase que ver forzado a establecer unha cuarentena igual que fixeron os demais países mais, polo da agora, estase a resistir a facelo para seguir protexendo a economía. Mentres tanto, as mortes superan xa 280 e a xente non parece tomarse en serio as preocupacións pedidas polos servizos sanitarios, xa desbordados cando o peor da epidemia aínda está por chegar. Só cabe esperar, que o goberno actúe pronto para protexer a saúde dos seus cidadáns.*

### **José Peiro Crespo**

Licenciado en Ciencias do Mar (2005)

Titular da consultora Naunet Fisheries Consultants en Norwich (Inglaterra) desde 2012

23 de marzo

*O domingo 22 de marzo saíu unha noticia no xornal "The Guardian" titulada "From mere advice to full lockdown, the week when it all changed" que resumía moi ben o que está a pasar acá no Reino Unido co tema da Covid-19.*

*No fin da semana pasada, na conferencia de prensa posterior a unha reunión COBRA ao máis alto nivel no goberno, saíu o primeiro-ministro Boris Johnson na súa liña recomendando basicamente que tiñamos que lavar as mans, mentres cantábamos o happy birthday (para estar como mínimo vinte segundos). Despois recomendouse que a xente debía practicar o social distancing e que os maiores e persoas con problemas de saúde debían pechase en casa, e engadiuse que debíamos estar prontos porque moita xente ía morrer. A min a verdade é que este último discurso lembrou a unha mestura de Winston Churchill na segunda guerra mundial (a famosa cotación de "stay calm and carry on", atribuída a el aínda que nunca a dixo) e de Hitler "vai morrer moita xente, mais a maioría será xente con problemas médicos previos, polo que non pasa nada, o sistema agradecerá".*

*Facendo un pouco de números (corroborado no día seguinte por un estudo do Imperial College) isto quería dicir que se non se aplicaba ningunha medida e se procuraba a herd immunity, ían morrer como 260 mil persoas no Reino Unido, o que era un número politicamente e eticamente moi difícil de xustificar. Alén diso, a miña muller e moitos dos meus amigos traballan aquí no sistema de saúde e debido aos estratexas e cortes do goberno desde a época de Thatcher, o número de camas UCI dispoñíbeis no Reino Unido é bastante inferior a outros países (30% menos camas que España), o que fai que o sistema de saúde sempre colapse durante o inverno.*

*Portanto pénsase que aquí o efecto do coronavirus (a taxa de mortalidade) podería ser máis alta que noutros países. Por iso o goberno mudou a estratexia e ao longo da semana fôronse engadindo novas medidas, como peches de escolas, pubs, ximnasios...; e, como consecuencia da falta de xente, tamén tendas e outras actividades.*

*Por en canto aínda podemos saír á rúa, sempre que practicarmos o social distancing, que aquí é relativamente fácil porque os ingleses son bastante fríos de seu e costumaban distanciarse moito (excepto cando están no pub). Disque agora fábase de pechamos tamén en casa se a situación non mellorar. En principio, salvo nas grandes cidades, coido que aquí esta medida sería máis fácil de levar que noutros países, porque a maioría de casa teñen xardín, e como os invernos son máis duros con días máis curtos, estamos máis afeitos a vivir indoors e ter ás crianzas máis tempo en casa. Sexa como for, os ingleses están moi orgullosos das súas liberdades (como de moitas outras cousas) e acho que un sistema policíaco ou militarizado como o que se está a implementar en España ou Italia aquí recibiría moitas críticas e non sería moi ben aceptado (xusto hai uns días o pai de Boris dixo que se el quería ir ao pub iría e ninguén llo iría impedir). Entendo que o tema da herd immunity ven porque, como noutros países, non está moi claro canto tempo se poderían manter estas medidas tan restritivas e o que pasará no momento en que se levantasen (se o virus regresaría). Aquí estase a falar de que as aulas non se retomarán até setembro e que as medidas restritivas estarán vixentes polo menos un ano, iso nun ano que debido ao BREXIT, o Reino Unido xa sufriu un bo revés económico.*

*No plano profesional, eu acabo de encetar un proxecto con varios supermercados ingleses para mellorar a xestión do atún no Oceano Índico e estarei ocupado con isto durante un par de meses. Alén diso, levo moitos anos traballando da casa, polo que no curto prazo non notei moita diferenza. Si que é verdade que un ten saudades de ir á piscina ou á cafetería para traballar un bocado como fago normalmente. Como sabes suspendéronse moitas feiras internacionais e congresos e moitos dos proxectos nos que traballamos soen incluír visitas de campo, polo que entendo que no medio prazo a miña carga de traballo pódese reducir porque entendo que moitos proxectos estarán paralizados temporariamente. E como na maioría de países, as axudas aos autónomos son bastante escasas, aínda que hai presións para que aumenten.*

*En resumo, que estamos a ver a besta vir (agora mesmo cando escribo o número de infectados e mortos oficial é de 5683 e 281, respectivamente, aínda menores que noutros países), que parece que as medidas tomadas polo goberno son permisivas de mais e non acaban de funcionar e que non sabemos moi ben como evolucionará a situación. O que é case certo é que parece que durante unha longa tempada non imos poder viaxar a España para vermos a familia.*

### **Fabiana López Peleteiro**

Diplomatura de Mestra en Educación Infantil (2010)

Vive e traballa en Londres desde 2014

25 de marzo

*Chámome Fabiana López Peleteiro e son orixinaria de Ponte Caldelas. Foi no 2014 cando cheguei a Londres na procura dunha mellora da lingua inglesa para poder competir con máis vantaxe cos meus compañeiros de Maxisterio. Si, estudei Educación Infantil na Facultade de Ciencias da Educación e o Deporte de Pontevedra e acabei no ano 2010. Presenteime ás oposicións varios anos sen éxito.*

*Cando un chega a un país foráneo ten que se adaptar á cultura e costumes do mesmo, co cal comecei con diversos traballos para adaptarme á mudanza até conseguir traballar finalmente como mestra en*

*diferentes garderías da cidade de Londres. Aquí é habitual que as persoas procuren novas oportunidades e mesmo fagan un alto no camiño e troquen de profesión de forma temporal. Este foi o meu caso, troquei e agora estou a traballar da casa como Asistente Persoal. Son a encargada de preparar unha website dedicada a produtos de beleza, ben como facer as xestións pertinentes para rexistrar a empresa, buscar provedores...*

*Pero todo mudou hai unas semanas. Cando se comezou a ouvir que un virus invadira a cidade de Wuham, chegaron novas sobre un matrimonio vindo do estranxeiro co mesmo virus do que se falaba na China. Así comezamos pouco a pouco neste país, sen alarmar a poboación polo que nos caería enriba, así até hai poucos días cando o Primeiro-Ministro compareceu para verificar a gravidade da situación e pedir á poboación que fique na casa e que só saia para mercar, ir a una cita médica ou saír a facer exercicio unha vez por día.*

*Os ingleses aínda non se decataron do perigo da situación que todo o planeta está a vivir e seguen a saír aos parques e a usar o transporte público sen necesidade. É moita a xente que leva máscara, mais o que sorprende son as escasas medidas de protección que aplica toda a xente que está a traballar de cara ao público. Somos moitos os que traballamos desde as casas mais como seguen a manter abertos todos aqueles locais de comida para facer entrega no domicilio, son bastantes as persoas que teñen que exporse e saír traballar, ben como profesionais da sanidade, transportes,...*

*Mais a pesar de este ser un país forte economicamente, acontece igual que noutros, está a faltar material de protección para médicos e enfermeiras e mesmo respiradores e todo o material para sandar os pacientes. As camas son insuficientes e están a pensar na posibilidade de facer hospitais de compañía en naves industriais, ben como solicitar á poboación que axuden o sistema de saúde pública, por iso piden colaboración para transporte de persoas que van procurar medicinas ao hospital ou a entrega de comida nos domicilios de persoas dependentes.*

*Teñen un teléfono a disposición do usuario mais deixaron claro que non necesitan saber se estás mal, salvo que as condicións nas que un se atope sexan moi adversas e haxa que ingresar.*

*Por outra banda, aquelas persoas que perdemos o traballo inminentemente podemos optar a una axuda do goberno, pouco diñeiro, mais axuda a fin de contas.*

*Espero que acordemos logo deste pesadelo e poidamos seguir loitando por facer realidade os nosos soños.*

### **María J. Moldes**

Diplomatura de Mestre/a en Educación Infantil (1998)

Mestra de alumnos/as TEA nun colexio de primaria

26 de marzo

*A decisión do primeiro-ministro de pechar todas as escolas (pero con excepcións) o pasado venres día 20 de marzo até novo aviso, é moi preocupante para todos os mestres/as e demais persoal e, por suposto, tamén para pais e o resto da poboación.*

*A mensaxe non foi nada clara, e cada escola tomouna de xeito moi distinto. As portas das escolas pechan, pero fillos e fillas dos chamados key workers (unha lista moi longa de profesionais e outros traballadores*



*como persoal sanitario, traballadores de supermercados, persoal de educación...) poden seguir indo, para que os seus pais poidan ir traballar para combater a Covid-19. Alén destas crianzas, tamén nenos/as considerados/as de risco poden seguir indo á escola.*

*Por unha parte, temos pais de alumnos/as vulnerábeis que non entenden a información dada polo goberno que di que os pais deben deixar os fillos/as na casa para evitar o contaxio e a propagación. E, por outra banda, a incompetencia dos directivos das escolas que non saben como levar a cabo esta tarefa tan difícil de organizar, sen un guía e sen tempo real para poñer en marcha medidas eficaces. Os centros escolares pechan o venres e abren de novo o luns, pero nunhas circunstancias moi diferentes.*

*O exemplo do meu colexio deixa moito que desexar, xa que non cumprimos coas normas de distanciamento ditadas polo goberno que, na teoría, son obrigatorias; pondo en risco a profesionais, alumnos/as e, consecuentemente, ás súas familias e ao resto da poboación, xa que a propagación do virus continúa.*

*Esta situación é moi preocupante para todos, pero pode ser aínda máis para aqueles que están en contacto con familiares noutros países (que están a pasar polo mesmo) e, portanto, son coñecedores da aprobación e posta en práctica doutras medidas .*

*A xente aínda non está tomando a situación a serio, incluído o goberno. Non se están respectando as medidas necesarias para parar o virus.*

*O primeiro-ministro deu a mensaxe de "quedade na casa" mais sen tomar ningunhas medidas para facelo posible. En consecuencia, no día a día, a xente segue saíndo á rúa, indo traballar, collendo medios de transporte e, como dixemos antes, algúns colexios seguen coas portas abertas para algúns alumnos...*

*Pese a que se aprobou outra nova lei que especifica que sitios públicos, bares e restaurantes deben pechar as súas portas, a poboación non parece reaccionar. Salvo esa xente, en estado de pánico que, de forma moi egoísta, vai comprar alimentos en cantidades desmesuradas, deixando á xente que vive ao día sen suficiente produtos básicos, incluídos comida. Este é o caso dos pensionistas que cobran unha vez á semana; da xente con poucos recursos económicos e que depende das axudas do goberno ou, mesmamente, xente que ten coidadores unha vez á semana para facerlle a compra, entre outros casos.*

*En fin, unha confusión total en todos os sentidos posibles. Ademais as cousas seguen a mudar cada día.*

## **Alba Iglesias Alonso**

Diplomatura en Relacións Laborais (2007)

No Reino Unido desde 2017, vive en Portsmouth

Traballa como persoal administrativo no Hospital Universitario Southampton General Hospital

13 de abril

*No Reino Unido o confinamento comezou o 23 de marzo. Despois dunha estratexia inicial baseada no "contaxio colectivo" (para aqueles que non o saiban, o Primeiro-Ministro Boris Johnson anunciou en primeiro lugar que non tomaría ningunha medida, de forma que a poboación se contaxiaría e así acabar por inmunizarse); para pouco despois mudar esta estratexia e implementar un lockdown semellante a outros países.*

*En consecuencia da crise do coronavirus, a dirección do Departamento no que eu traballaba, no Hospital Universitario Southampton General Hospital, decidiu suspender temporalmente a actividade de todo o persoal administrativo que se atopaba, coma min, contratado a través da súa ETT (agency workers), a partir do 27 de marzo. Como parte das súas medidas de social distancing.*

*Días antes xa se comezaba a ver e sentir un ambiente diferente. O noso volume de traballo baixou considerablemente, xa que un grande número de doentes cancelaban as súas consultas por medo, aínda que o hospital continuaba a funcionar con "normalidade". Descoñezo a situación noutros departamentos e unidades.*

*No meu caso particular, parte do meu traballo desenvolvíase na oficina e parte na recepción, e apesar de ter contacto cos pacientes nesta última, non contabamos con ningún tipo de protección, máis aló de preguntar aos doentes se viaxaran fóra do país nas últimas dúas semanas. Non era diferente para o persoal sanitario, xa que estaban a traballar completamente desprotexidos. A percepción era de gran incerteza, caos e falta de comunicación. Para min a tensión era dupla: ao coller o tren e no traballo.*

*O modelo imposto polo Reino Unido é menos estrito se o comparamos co de España. A principal diferenza é que se permite saír da casa para facer deporte unha vez no día, limitado a non máis de dúas persoas (excepto cando se tratar de persoas que viven xuntas). Sorprende a ausencia de medios de protección entre a xente que traballa de cara ao público.*

*Diría que na miña zona en xeral a xente está a respectar bastante estas regras malia o bo tempo que caracterizou esta Pascoa. Hai pouca presenza da policía na rúa, aínda que esta ten a autoridade para sancionar a aqueles cidadáns que incumpriren as normas.*

*Após a alta do Primeiro-Ministro que se está xa a recuperar no seu domicilio, as principais críticas contiñúan a ser a provisión insuficiente de EPIs entre o sector sanitario, ben como o ritmo e número de testes que se está a realizar.*

*A nivel persoal e sen a posibilidade de traballar da casa espero a resposta en relación ás axudas anunciadas polo Goberno, que aínda se deben tramitar e implementar, mentres penso cando poderei voltar a Galicia e ver a miña familia.*

*O tempo dirá se o Reino Unido se converte no país europeo máis afectado polo coronavirus ou non, como xa agoiran algunhas das previsións.*

*Namentres, un saúdo e moita forza para tod@s!*

## **Eva Prieto Arbor**

Diplomatura en Mestra, especialidade de Educación Especial (2008)

Mestrado Universitario en Necesidades Específicas de Apoio Educativo (2010)

Vive e traballa como mestra de Educación Especial en Londres

13 de maio

*Proveniente dunha pequena aldea, Manzos, Louredo, Maside (Ourense), aterrei na Gran Bretaña, Londres aló polo 2013.*

*Como mestra de Educación Especial, o noso lockdown comezou no pasado 19 de marzo de 2020.*

*En Londres non se impuxo nada, simplemente se aconsellou por favor queden nas súas casas e só saían á rúa para comprar comida, medicinas e unha hora para pasear ou facer deporte. Esa "hora" de deporte ou paseo ninguén a controlaba polo que todo mundo podía saír na mesma hora.*

*Portanto aquí a xente que podía traballar desde a casa seguimos a traballar e o resto de vacacións pagas paseando nos parques e facendo deporte. Eu persoalmente nunca vira as rúas tan cheas de xente e os parques tan abarrotados de persoas. Sen esquecerme de mencionar que pensaba que se estaba levando a cabo o "Tour de Francia" porque na miña vida vira tantos ciclistas xuntos nas estradas de Londres. Aquí o goberno axuda ás persoas polo tanto seguen tendo como mínimo un salario do 80%.*

*Outra cousa que me sorprende é ver coches cheos de mobles, non sabía se as persoas estaban a fuxir coa casa ás costas. Mais o que estaba a acontecer é que as persoas foron ao Ikea a renovar as súas casas.*

*O comportamento desta cidade eu describiríao un pouco ignorante e egoísta porque vin cos meus ollos festas veciñais, churrascos, partidos de balón pé no parque... pero eu nada podía reclamar porque o goberno aquí non puxo medidas estritas.*

*Agora para colmo dos colmos temos Liberdade de ir á rúa as horas que queiramos, ir á praia, e mesmo combinar con amigos ou familiares no parque mais non voltar ao traballo... Outra cousa pola que estou moi enfadada é que abren as escolas en xuño mais outros servizos e empresas até xullo ou incluso outubro non. Pero quedadas cos familiares e amigos nos parques si.*

*Non quero esquecerme de contarvos a miña experiencia na miña escola. A escola sempre se mantivo aberta tres días á semana para un pequeno grupo de estudantes que os pais traballan en hospitais, supermercados ou farmacias. Tamén para algún alumno cun perfil especial de risco. Fixemos grupos de mestres e asistentes voluntarios cada semana, no total 5 grupos. Temos materias de protección pero a maioría dos meus colegas non usa máscaras, nen luvas, nen sequer respentan os dous metros de distancia. Eu queixeime deste comportamento, pero como é voluntario usar ou non protección, pois nada podo facer...*

*Síntome frustrada vendo como as persoas fan o que queren, sen mais. Aquí o goberno, como veredes nas noticias, non dá guías claras para seguir, entón a xente fai o que quere. Nunca pensei que me dera tanto medo a Liberdade!*

*Atentamente con morriña.*

## 2.26 Suecia

### José Couceiro

Enxeñaría Técnica Forestal, especialidade en Industrias Forestais (2008)

Enxeñaría Mecánica en Tecnoloxía da Madeira na Universidade Tecnolóxica de Luleå/Luleå Tekniska Universitet

Associate Senior Lecturer no Departamento de Engineering Sciences and Mathematics na Luleå University of Technology in Skellefteå

9 de abril

*O primeiro caso de Covid-19 no país foi unha persoa que chegou directamente desde Wuhan (China) o 31 de xaneiro, mais o primeiro contaxio no país non se rexistrou até o 6 de marzo. A día 9 de abril o número de casos positivos confirmados desde aquela son 8419, o número de persoas que precisaron coidados intensivos é 678 e o número de persoas falecidas é 687.*

*Como posibelmente sabedes, Suecia está a tomar un enfoque relativamente suave perante a pandemia, tendo como obxectivo que a doenza se estenda lentamente entre as persoas que non son grupo de risco mentres que se tenta illar a quen si o son, para así conseguir inmunidade de grupo. Non se están a producir grandes restricións polo de agora e o virus estase a estender polo país con bastante axuste aos modelos estatísticos da Axencia Sueca de Saúde (Folkhälsomyndigheten). As únicas restricións agora mesmo en vigor son:*

- Prohibidas xuntanzas de máis de 50 persoas
- Prohibidas visitas ás residencias de maiores
- Ensinanza a distancia para institutos e universidades
- Prohibidos os buffés de comida

*O resto de medidas que se están a tomar son recomendacións, como a de traballar desde a casa tanto como posíbel, non viaxar polo país e suprimir todo contacto social cando se tiver o máis mínimo sintoma. Para facilitar este último punto, o goberno suspendeu o día de carencia que existe cando un traballador se ausenta por doenza. Durante a crise modificouse o número máximo de días de baixa que un traballador pode coller sen certificado médico para que pasasen de 7 a 21 días.*

*A nivel profesional a universidade ínstanos a traballar da casa na medida do posíbel, e a seguir as recomendacións de Folkhälsomyndigheten. As aulas presenciais están suspendidas, a educación estase a facer online, incluídos os exames. Isto atrasou o calendario académico aproximadamente unha semana. Segue a ser posíbel acceder ás nosas oficinas e laboratorios, mais a presenza de traballadores nas instalacións da universidade reduciuse moito, talvez un 80 ou 90 %. Nas últimas tres semanas eu despraceime ao campus catro veces para traballar en laboratorio.*

*A nivel persoal, ao non haber restricións, as molestias son poucas comparadas coa situación en Galicia. Penso que a poboación está a cumprir as recomendacións relativamente ben, e as medidas están a ter efecto, como reflicten os datos de, por exemplo, a expansión dos calicivirus causantes de gastroenterite e que debería estar agora mesmo no pico anual e sen embargo caeu en picado. A vida social tamén se reduciu moito. Non se produciron situacións de desabastecemento de ningún tipo, mais fixéronse moitos*

*ERTES, sendo o máis sonado o da aeroliña SAS. A ausencia de clientes en tendas e restaurantes está a deixar algúns pequenos negocios en situación case que de quebra.*

*Espero que esta situación que estades a sofrer moito mais vos aí acabe o antes posíbel. Moitos ánimos!*

## **2.27 Xapón**

### **Juan Álvarez González**

Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (2007)

Vive en Toquio desde 2017

Traballa como Solution Architect en MediaKind Global

3 de abril

*A situación do país a día de hoxe non é mala. Hai aproximadamente uns 2000 casos contabilizados, mais nos últimos días houbo un reponte nos mesmos debido ás festas dos cereixos en flor (unha das tradicións máis importantes no Xapón que xunta milleiros de persoas cada ano por estas datas).*

*No Xapón non hai medidas estritas de cuarentena, só hai recomendacións por parte do goberno. En febreiro, tivemos en Yokohama un barco ancorado con moitos casos e aínda non habendo casos en terra, xa se suxeriu que a xente non collese o tren en hora punta e que traballasen remotamente na medida do posíbel.*

*Na miña empresa o traballo en remoto está completamente asumido fai tempo, e xa todos podemos traballar desde casa sen ningún problema. Persoalmente, procuro saír de casa só para comprar e pouco mais.*

*Porén, moita xente continúa a teletraballar na oficina e a realidade é que se poden ver os trens cheos na mañá. Non hai ningunha restrición para bares e restaurantes polo que a maioría seguen abertos.*

*A situación parece estar a mudar nos últimos días debido ao reponte de casos, e o goberno xa fechou os parques para evitar aglomeracións de xente que quer ir mirar os cereixos, para alén de que algunhas cadeas de restaurantes están comezando a fechar as portas. Polo de agora non hai desabastecemento nos supermercados máis que o papel hixiénico e as máscaras. Nos últimos días parece que outros alimentos como a masa ou a carne desaparece rápido dos supermercados e non é mala idea ir ao supermercado pola mañá.*

*A próxima semana vai ser crítica, xa que levamos varios días con un novo máximo de contaxiados e hai posibilidades de que as cifras se descontrolem.*



# PARTE II

## IMPACTO LABORAL DA PRIMEIRA ONDA DA PANDEMIA DE COVID-19 NAS PERSOAS TITULADAS DA UVIGO

### 1. Metodoloxía

Neste apartado son detallados os pasos dados para o desenvolvemento deste estudo sobre a inserción laboral durante a primeira onda da actual crise por Covid-19, incluíndo a elaboración do cuestionario, a selección da poboación, a difusión do cuestionario e a recolla e análise dos datos.

#### 1.1 Elaboración do cuestionario

Para realizar o estudo foi deseñado un cuestionario específico a fin de determinar o impacto laboral dunha crise excepcional como a actual.

Para iso era preciso caracterizar previamente a situación profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo antes e durante a evolución desta primeira fase da crise. Con ese fin, foi aplicado, con leves adaptacións<sup>29</sup>, o cuestionario utilizado no estudo de inserción profesional no período 1990-2015, mantendo, portanto, moitas das preguntas sobre este aspecto, o que permite a integración e comparativa de resultados analizando os ítems comúns con enquisas de inserción laboral previas realizadas polo Observatorio.

Para a elaboración das cuestións relativas á incidencia no ámbito laboral da crise orixinada pola primeira onda da pandemia tivéronse en conta enquisas semellantes aplicadas por outras institucións<sup>30</sup>, entidades<sup>31</sup> e organizacións demoscópicas<sup>32</sup>. Finalmente, baixo estas consideracións o cuestionario completo (ver Anexo 4) foi elaborado en maio de 2020.

---

<sup>29)</sup> Os ítems sobre o sector económico e área funcional de traballo foron modificados segundo a enquisa do impacto da Covid-19 sobre a actividade económica e industrial realizada polo Colexio Oficial de Enxeñeiros de Madrid. Recurso dispoñíbel en: <https://portal.coiim.es/comunicacion/noticias/el-colegio/el-colegio-y-la-asociacion-realizan-una-encuesta-de-impacto-del-covid-19-sobre-la-actividad-economica-e-industrial-399>

<sup>30)</sup> Primeira enquisa á cidadanía sobre a percepción da crise da Covid-19 do Concello de Barcelona, dispoñíbel en: [https://www.barcelona.cat/infobarcelona/es/tema/informacion-sobre-la-gestion-del-covid-19/primera-encuesta-a-la-ciudadania-sobre-la-percepcion-de-la-crisis-de-la-covid-19\\_940272.html](https://www.barcelona.cat/infobarcelona/es/tema/informacion-sobre-la-gestion-del-covid-19/primera-encuesta-a-la-ciudadania-sobre-la-percepcion-de-la-crisis-de-la-covid-19_940272.html)

<sup>31)</sup> Vola de la Encuesta FUNCAS sobre el Coronavirus. Recurso dispoñíbel en: <http://www.funcas.es/covid-19/V-ola-de-la-Encuesta-Funcas-sobre-el-Coronavirus>  
Enquisa sobre a situación das empresas da provincia de Lugo debido á crise do coronavirus da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL). Recurso dispoñíbel en: <http://www.cel.es/es/actualidad/722/encuesta-situacion-de-las-empresas-de-la-provincia-de-lugo-debido-a-la-crisis-del-coronavirus-covid-19/>

<sup>32)</sup> Enquisa da empresa Servicios Avanzados de Opinión (SAO) publicada polo xornal EL DÍA, dispoñíbel en: <https://www.eldia.es/economia/2020/04/07/covid-19-cambia-situacion-laboral/1068363.html>  
Enquisa da empresa "40dB" para o xornal EL PAÍS, dispoñíbel en: <https://elpais.com/espana/2020-03-19/la-mitad-de-los-espanoles-teme-perder-el-empleo-por-la-crisis.html>

Unha vez deseñado, o cuestionario autoaplicado, realizado a partir da tecnoloxía de *Google Form*, foi inserido o día 25 de maio na Web do Observatorio de Persoas Tituladas<sup>33</sup>.

## 1.2 Definición da poboación

A poboación obxecto de estudo está constituída polas persoas tituladas da Universidade de Vigo entre os cursos académicos de 1989-90 e 2019-20, polo que abranxe as persoas tituladas que completaron a súa titulación nos trinta anos de existencia desta institución.

Foron contempladas todas as titulacións oficiais da Universidade de Vigo con titulados/as no mercado de traballo, incluíndo aqueles que realizaron ciclos longos (Licenciaturas e Enxeñarías Superiores), ciclos curtos (Diplomaturas e Enxeñarías Técnicas), Graos, Mestrados, Títulos Propios (Graduados Superiores, Graduados Universitarios e Titulados Superiores) e, pola primeira vez, Doutorados.

## 1.3 Difusión do cuestionario

O cuestionario aplicado foi difundido por varias vías:

A principal, a través dun mailing masivo aos contactos de antigos estudantes integrados na Base de Datos do Observatorio. Trátase dun colectivo representativo do antigo alumnado da UVigo conformado a partir dos diferentes estudos de inserción laboral publicados até o momento.

O corpo da mensaxe de correo electrónico en que se solicitaba a colaboración con esta iniciativa contiña un texto de presentación (ver Anexo 5) asinado polo Director do Observatorio, no que se expuñan os obxectivos deste estudo e se encoraxaba a participar na iniciativa do Observatorio. As mensaxes enviadas incluían a ligazón de acceso ao cuestionario. De acceso simple e directo, unha vez preenchido, a información recibida era transferida instantaneamente para unha folla de cálculo de acceso restrinxido ao equipo do Observatorio.

Outra vía de difusión foron os medios telemáticos cos que conta o Observatorio, a Páxina Web, onde se habilitou un espazo para abordar a crise por Covid-19, e, por suposto, através das nosas Redes Sociais: a Páxina de LinkedIn<sup>34</sup> e o Canal de Youtube<sup>35</sup>.

Complementariamente tamén se recorreu a outros medios de difusión, entre os cales, as listas de distribución "Comunidade" e "PDI" da Universidade de Vigo.

Para facilitar a participación na enquisa foi elaborado un vídeo-guía<sup>36</sup> onde as persoas interesadas nesta iniciativa podían coñecer con anticipación, en menos de tres minutos, as preguntas que ían encontrar no formulario.

<sup>33)</sup> <http://observatorio.egresados.webs.uvigo.es/enquisa-de-impacto-da-covid-19-sobre-a-insercion-laboral/>

<sup>34)</sup> <https://www.linkedin.com/company/observatorio-uvigo>

<sup>35)</sup> [https://www.youtube.com/channel/UCQ21MUWt9zKIWdY\\_XH75TyA](https://www.youtube.com/channel/UCQ21MUWt9zKIWdY_XH75TyA)

<sup>36)</sup> <https://www.youtube.com/watch?v=46q52ZDpydA>



Para que a taxa de resposta fose o máis alta posíbel, foron enviadas periodicamente mensaxes por correo electrónico a fin de lembrar ás persoas entrevistadas a importancia da súa participación no estudo. Destarte, para alén do envío inicial<sup>37</sup>, fixéronse dúas reiteracións<sup>38</sup>, excluindo de cada unha delas ás persoas que tiñan respondido a enquisa.

O envío dos correos electrónicos viuse dificultado pola limitación a 200 mensaxes/envío de cada conta de e-mail adscrita ao dominio uvigo.es, podéndose facer apenas dous envíos a cada 12 horas. Deste modo, a capacidade de envío de cada conta de correo electrónico estaba limitada a 800 mensaxes/día. Para acelerar o proceso de envío foi preciso habilitar unha nova conta de usuario ás dispoñíbeis polo Observatorio<sup>39</sup> até alcanzar unha capacidade máxima de 2.400 mensaxes/día.

## **1.4 Recolla e procesamento de datos**

As respostas recollidas instantaneamente foron revisadas e codificadas para traducilas en indicacións cifradas que facilitasen as clasificacións e posterior tratamento informático.

A fin de garantir a absoluta confidencialidade e, como comprometido na solicitude de colaboración, para o tratamento estatístico dos datos recollidos as respostas da enquisa foron desvinculadas dos únicos datos persoais requiridos (nome, apelidos e enderezo de correo electrónico).

Posteriormente, a análise estatística dos datos foi realizada coa versión 24 do programa IBM SPSS Statistics, o que permitiu a análise de frecuencias e de tabelas cruzadas (proba chi-cuadrado) para determinar a existencia de relacións de significancia ou dependencia estatística. Esta proba compara a distribución observada dos datos coa esperada dos mesmos, o que permite determinar se unha variábel está asociada a outra ou se o valor observado dunha variábel depende doutra.

## **2. Estrutura do cuestionario**

O cuestionario autoaplicado empregado neste estudo estaba estruturado en seis grandes bloques: información introdutoria, información sobre a situación profesional previa á primeira onda da actual crise por Covid-19, situación socio-laboral actual (no momento de responder a enquisa), impacto sanitario da pandemia no ámbito laboral, impacto no modo de traballo e percepción sobre o impacto no emprego e na economía.

### **2.1 Información introdutoria**

Este bloque pesquisa sobre unha serie de datos persoais e académicos da persoa titulada inquirida relativos a nome e apelidos, xénero, lugar de residencia, titulación universitaria principal obtida (aquela que ten máis relación co seu perfil profesional), campus universitario e ano de finalización dos estudos universitarios ligado á titulación principal.

---

<sup>37)</sup> Envío encamiñado a 11.616 destinatarios.

<sup>38)</sup> A primeira, entre os días 26 e 29 de maio, a segunda entre o 8 e 11 de xuño e a terceira entre o 22 e 26 de xuño. Entre os días 2 e 3 de xullo foi realizado un cuarto envío suplementario.

<sup>39)</sup> Nova conta habilitada: observatorio.titulados@uvigo.es

Coa finalidade de actualizar a información de contacto da Base de Datos do Observatorio, solicitouse que as persoas inquiridas facilitasen o seu enderezo de correo electrónico.

## **2.2 Informacións sobre a situación profesional previa á actual crise por Covid-19**

Este bloque incorpora todas as informacións sobre a situación profesional das persoas tituladas no momento previo á pandemia de Covid-19.

De maneira sintética, recóllense as informacións máis relevantes sobre as circunstancias que concorren na situación socio-laboral ben como do emprego, isto é, a modalidade e tipoloxía de contrato en función de se traballa por conta allea na empresa privada ou para a administración pública, como empresario/a ou titular dunha empresa ou no rexime do traballo autónomo.

Para aquelas persoas que traballaban antes do inicio da pandemia inquiriuse polo lugar onde se acha a empresa/organización ou diversos aspectos sobre ese emprego como a rama de actividade, sector económico, área funcional de traballo/departamento, categoría profesional e tamaño da empresa/organización, elementos que serven para determinar o perfil profesional.

## **2.3 Impacto laboral da actual crise por Covid-19**

Para coñecermos o impacto socio-laboral da primeira onda da pandemia inquiriuse sobre se as persoas traballaban no momento de responder a enquisa, diferenciando se continuaba a traballar no mesmo emprego/actividade que tiña no inicio desta crise, se encontrou ou mudou de emprego durante o confinamento ou, polo contrario, se perdeu o traballo que tiña ou continúa na situación de desemprego anterior á crise. Estes ítems permitirán determinar as variacións experimentadas polas taxas de ocupación e de desemprego.

## **2.4 Impacto sanitario da primeira onda da pandemia de Covid-19**

Para determinar o impacto sanitario da Covid-19 no ámbito laboral inquiriuse cunha pregunta dicotómica (si/non) se houbo algún caso de contaxio polo coronavirus na empresa ou no seu entorno de traballo; isto é, clientes, fornecedores, empresas da concorrencia ou entidades colaboradoras.

## **2.5 Impacto no modo de traballo**

Para abordar este aspecto as persoas que participaron na enquisa responderon indicando en que modo afectou a pandemia ao seu traballo no que respecta á realización do teletraballo ou traballo remoto, traballo presencial, vinculación de ERTE ou outras opcións (suspensión de actividade, peche de negocio propio, vacacións, baixa laboral, sen actividade...).

No caso das persoas que teletraballaron indagouse se tiñan experiencia previa nesta modalidade de traballo. Para os que tiveron que suspender a súa actividade ou pechar o negocio propio inquiriuse se desfrutaron dalgún tipo de axuda pública por esta circunstancia.

Alén disto, as persoas tituladas coa categoría profesional de directivos/as e mandos intermedios referiron o tipo de medida organizativa que tiveron que aplicar na súa empresa para continuar a actividade (aplicar teletraballo, cuarentenas preventivas a empregados/as afectados/as, deslocalización da produción, flexibilidade de horarios e quendas do persoal...).

## 2.6 Percepción sobre o impacto da pandemia no emprego e na economía

A enquisa incluíu unha serie de cuestións subxectivas a respecto do impacto que esta primeira onda da crise pode ocasionar sobre o emprego (afectación ao salario, á continuidade do emprego ou da empresa a curto e longo prazo) e a economía (valoración actual e a curto prazo sobre a situación da súa economía doméstica).

## 2.7 Pregunta aberta

Finalmente, deuse a posibilidade de que as persoas inquiridas puidesen expresar de maneira libre os seus comentarios sobre os aspectos relacionados coa enquisa e que non foran recollidos no cuestionario aplicado.

## 2.8 Esquema do cuestionario

O Cadro nº1 mostra, de forma esquemática, a estrutura do formulario autoaplicado.

### Cadro nº1: Estrutura do cuestionario autoaplicado

Bloques temáticos	Variábeis
Datos persoais e académicos	Nome e apelidos. Localidade de residencia actual. Titulación principal obtida na UVigo. Ano de finalización da titulación principal. Campus universitario.
Situación socio-laboral e características do emprego no momento previo á primeira onda da pandemia	Situación socio-laboral previa ao inicio da crise. Modalidade de contratación. Tipo de contrato. Tempo na situación actual. Localidade de traballo. Rama de actividade. Sector económico. Área funcional/departamento. Categoría profesional. Tamaño da empresa/organización.
Impacto laboral da primeira onda da pandemia	Situación socio-laboral actual (no momento de responder a enquisa).
Impacto sanitario da primeira onda da pandemia	Existencia de casos de contaxio na empresa/entidade en que traballan ou no entorno laboral.

Bloques temáticos	Variábeis
Impacto no modo de traballo da primeira onda da pandemia	Modo de traballo durante o confinamento. Implantación do teletraballo. Medidas organizativas para continuar a actividade empresarial.
Percepción sobre o impacto no emprego e na economía	Perspectivas laborais no curto e longo prazo. Perspectivas económicas no curto e longo prazo.
Pregunta aberta para deixar comentarios	
Datos persoais de contacto	E-mail de contacto actualizado.

### 3. Ficha Técnica

Ámbito do estudo: Universidade de Vigo. A poboación de interese non se pode encadrar nun ámbito xeográfico concreto, dado que as persoas tituladas desta institución académica entre 1990-2020 non son necesariamente residentes nunha zona específica.

Poboación: persoas tituladas que finalizaron os seus estudos universitarios na Universidade de Vigo e obtiveron o título<sup>40</sup> entre os anos 1990 e 2020; isto é, desde a súa creación, no curso académico 1989/90, até o momento actual (curso 2019/20), abranxendo desde as máis antigas até as máis recentes promocións, que acaban de completar os seus estudos no momento da realización da enquisa.

Mostra recollida: 3.217 cuestionarios.

Estratificación: na hora de realizar a análise leváronse en conta as variábeis de segmentación xénero, lugar de residencia, campus (se proceder), promoción académica (quinquenal<sup>41</sup>), ámbitos académicos, tipoloxía de estudos, titulación obtida, modalidade de contratación e tipo de contrato, lugar de traballo, rama de actividade, sector económico, área funcional de traballo (departamento), categoría profesional e tamaño da empresa/organización.

Procedemento de recolla da información: as enquisas foron remetidas por correo electrónico a unha mostra representativa de persoas tituladas da UVigo<sup>42</sup> e difusión en redes sociais propias, captándose os datos nun formulario aloxado na web do Observatorio de Persoas Tituladas.

Erro: para un nivel de confianza de 95%, e  $p=q$ , o error real é de  $\pm 1,69\%$  para o conxunto da mostra e supondo mostraxe aleatoria simples.

Datas de realización: de 25 de maio de 2020 a 8 de xullo de 2020.

<sup>40</sup> Titulacións de 1º (diplomaturas e enxeñarías técnicas), 2º ciclo (licenciaturas e enxeñarías superiores), 3º ciclo (doutoramentos), graos, mestrados universitarios, doutorados e títulos propios

<sup>41</sup> 1990-1995, 1996-2000, 2001-2005, 2006-2010, 2011-2015 e 2016-2020.

<sup>42</sup> Persoas tituladas rexistradas na Base de Datos do Observatorio.

# PARTE III

## ANÁLISE DOS RESULTADOS DA ENQUISA SOBRE O IMPACTO LABORAL DA PRIMEIRA ONDA DA PANDEMIA DE COVID-19 NAS PERSOAS TITULADAS DA UVIGO

### 1. Datos persoais e académicos

#### 1.1 Datos persoais

##### 1.1.1 Xénero

Ao igual que en estudos anteriores, e en concordancia coas estatísticas propias da UVigo e do Observatorio, a porcentaxe de mulleres tituladas que participaron neste estudo (59,7%) é superior á dos homes (40,3%).

##### 1.1.2 Lugar de residencia

A maioría de persoas inquiridas (77,6%) residen en Galicia, un en cada oito (12,9%) faino noutra Comunidade Autónoma e un en cada dez (9,5%) no estranxeiro. Por xéneros, a proporción de homes residentes fóra de Galicia (25,5%) é superior á de mulleres (20,2%), sendo significativa a maior proporción dos que residen no estranxeiro (12,3% contra 7,5%).

**Cadro nº2: Lugar de residencia das persoas tituladas da UVigo**

	Global	Home	Muller
Galicia	77,6	74,5	79,8
Outra Comunidade Autónoma	12,9	13,2	12,7
Resto do mundo	9,5	12,3	7,5

##### 1.1.2.1 Galicia

A maioría de persoas tituladas (77,6%) reside en Galicia. A seguir móstrase a súa distribución por provincias e comarcas.

##### 1.1.2.1.1 Provincias

Como se pode observar, o 81,7% reside nas provincias de Pontevedra (64,9%) e Ourense (16,8%), onde están situadas as sedes dos Campus da UVigo, seguido pola provincia da Coruña (15,0%) e, a máis distancia, por Lugo (3,4%).

**Cadro nº3: Persoas tituladas residentes nas provincias galegas**

Provincia	%
A Coruña	15,0
Lugo	3,4
Ourense	16,8
Pontevedra	64,9

**1.1.2.1.2 Comarcas**

A maioría (53,3%) das persoas tituladas que residen en Galicia viven nas comarcas de Vigo (42,3%) e Ourense (11,2%), seguidas de Pontevedra (8,5%), A Coruña (5,9%) e O Morrazo (5,4%). Outras comarcas con presenza significativa son Santiago (4,4%), O Salnés (2,6%), O Baixo Miño e O Condado (2,3% ambas).

Para máis información, o Anexo 6 mostra o cadro da distribución porcentual das persoas tituladas residentes en Galicia por comarcas.

**1.1.2.2 Outras Comunidades Autónomas**

O 12,9% das persoas tituladas que participaron neste estudo residen noutras Comunidades Autónomas. A seguir móstrase a súa distribución por Comunidades Autónomas e provincias.

**1.1.2.2.1 Comunidades Autónomas**

A Comunidade de Madrid absorbe case a metade (44,1%) das persoas tituladas da UVigo que residen noutra comunidade autónoma, seguida por Cataluña (18,6%). A máis distancia sitúanse Andalucía (6,5%), Castela e León (6,0%), Comunidade Valenciana (4,6%) e País Basco (4,1%).

**Cadro nº4: Persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas**

Comunidade Autónoma	%
Andalucía	6,5
Aragón	0,5
Asturias	3,1
Cantabria	1,7
Castela e León	6,0
Castela-A Mancha	1,7
Cataluña	18,6
Comunidade de Madrid	44,1
Estremadura	0,7
Illas Baleares	2,9
Illas Canarias	2,7

Comunidade Autónoma	%
Navarra	1,9
País Basco	4,1
País Valenciano	4,6
Rexión de Murcia	1,0

### 1.1.2.2 Provincias

Por provincias, alén de Madrid (44,1%), destacan Barcelona (17,2%), Asturias (3,1%), Illas Baleares (2,9%), Sevilla e Valencia (2,4% ambas).

O Anexo 7 mostra o cadro da distribución porcentual das persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas por provincias.

### 1.1.2.3 Resto do mundo

O 9,5% das persoas tituladas da UVigo da mostra obtida residen en 43 países do resto do mundo.

Os principais países en que residen as persoas tituladas da UVigo que responderon a enquisa son o Reino Unido (17,4%), Alemaña (15,8%) e Portugal (10,2%) seguidos, a máis distancia, pola Francia (5,3%), Suíza (4,8%) e o Brasil, México e Países Baixos (3,3% cada un).

O anexo 8 mostra o cadro da distribución porcentual das persoas tituladas residentes no resto do mundo por países

## 1.2 Datos académicos

### 1.2.1 Ámbitos académicos

#### 1.2.1.1 Resultados globais e por xénero

A maior parte das persoas tituladas que responderon á enquisa (44,7%) realizaron titulacións pertencentes ao ámbito Xurídico-Social, seguido polo Tecnolóxico (27,7%), Científico (11,2%), Artes e Humanidades (10,7%) e das Ciencias da Saúde (4,7%).

Segundo os criterios do Ministerio de Educación, a efectos de análise, foron considerados os seguintes ámbitos académicos: Artes e Humanidades, Ciencias da Saúde, Científico, Multidisciplinar, Tecnolóxico e Xurídico-Social. As titulacións correspondentes a cada unha das ramas académicas avaliadas neste estudo poden ser consultadas no Anexo 9.

**Cadro nº5: Distribución da mostra por ámbitos académicos**

Ámbito académico	Global	Home	Muller
Artes e Humanidades	10,7	5,2	14,4
Ciencias da Saúde	4,7	2,2	6,5
Científico	11,2	8,6	13,0
Multidisciplinar	1,0	1,2	0,9
Tecnolóxico	27,7	48,2	13,8
Xurídico-Social	44,7	34,6	51,5

Tal como mostra o Cadro nº5, entre as mulleres é maioritario o ámbito Xurídico-Social (51,5%), manténdose, logo a seguir, en proporcións semellantes os ámbitos das Artes e Humanidades (14,4%), Tecnolóxico (13,8%) e Científico (13,0%). Polo contrario, entre os homes predomina o Tecnolóxico (48,2%), seguido polo Xurídico-Social (34,6%).

En consecuencia, (ver Cadro nº6) a presenza feminina é maioritaria entre as persoas tituladas do ámbito das Ciencias da Saúde (81,6%), Artes e Humanidades (80,5%), Científico (69,2%) e Xurídico-Social (68,8%) contra o Tecnolóxico, o único en que a presenza masculina (70,3%) é maioritaria.

**Cadro nº6: Distribución porcentual dos ámbitos académicos por xénero**

	Home	Muller
Artes e Humanidades	19,5	80,5
Ciencias da Saúde	18,4	81,6
Científico	30,8	69,2
Multidisciplinar	46,9	53,1
Tecnolóxico	70,3	29,7
Xurídico-Social	31,2	68,8

**1.2.1.2 Lugar de residencia**

O ámbito Xurídico-Social é o predominante entre as persoas residentes en Galicia (48,3%) e noutras Comunidades Autónomas (39,8%), seguido polo Tecnolóxico co 26,5% e 28,7%, respectivamente, que, no entanto, é o predominante nas persoas que residen no estranxeiro (36,2%). A proporción de persoas tituladas nos ámbitos das Artes e Humanidades e Científico tamén é superior entre as persoas que residen fóra de Galicia.



**Cadro nº7: Distribución porcentual dos ámbitos académicos segundo o lugar de residencia**

	<b>Galicia</b>	<b>Outra Comunidade Autónoma</b>	<b>Resto do mundo</b>
Artes e Humanidades	9,5	12,0	18,1
Ciencias da Saúde	5,3	3,6	2,0
Científico	9,3	15,2	21,1
Multidisciplinar	1,0	0,7	1,0
Tecnolóxico	26,5	28,7	36,2
Xurídico-Social	48,3	39,8	21,7

Segundo reflicte o Cadro nº8, os ámbitos académicos máis afectados pola emigración son o Científico (35,3%) e das Artes e Humanidades (30,6%) contra as Ciencias da Saúde (13,8%) e Xurídico-Social (16,1%).

**Cadro nº8: Distribución porcentual do lugar de residencia segundo os ámbitos académicos**

<b>Ámbito académico</b>	<b>Galicia</b>	<b>Outra Comunidade Autónoma</b>	<b>Resto do mundo</b>
Artes e Humanidades	69,4	14,6	16,0
Ciencias da Saúde	86,2	9,9	3,9
Científico	64,7	17,5	17,8
Multidisciplinar	81,2	9,4	9,4
Tecnolóxico	74,2	13,4	12,4
Xurídico-Social	83,9	11,5	4,6

### 1.2.1.2.1 Galicia

#### 1.2.1.2.1.1 Provincias

O ámbito Xurídico-Social é o maioritario entre as persoas tituladas residentes nas provincias de Ourense (62,1%) e Lugo (61,1%), alcanzando o 47,2% na de Pontevedra. No entanto, o Tecnolóxico, co 38,7% é o predominante na da Coruña.

**Cadro nº9: Distribución porcentual dos ámbitos académicos das persoas tituladas residentes en Galicia por provincias**

	<b>Artes e Humanidades</b>	<b>Ciencias da Saúde</b>	<b>Científico</b>	<b>Multidisciplinar</b>	<b>Tecnolóxico</b>	<b>Xurídico-Social</b>
A Coruña	12,0	5,6	8,0	0,5	38,7	35,2
Lugo	5,9	1,2	2,4	1,2	28,2	61,1
Ourense	7,1	6,3	6,3	0,2	18,0	62,1
Pontevedra	9,8	5,1	10,8	1,4	25,7	47,2

### 1.2.1.2.1.1 Comarcas

O Anexo 10 mostra o cadro da distribución porcentual dos ámbitos académicos das persoas tituladas residentes en Galicia por comarcas.

### 1.2.1.2.2 Outras Comunidades Autónomas

#### 1.2.1.2.2.1 Comunidades Autónomas

O ámbito Xurídico-Social é maioritario entre as persoas tituladas residentes en Castela-A Mancha (71,4%), Illas Baleares (66,7%), Cantabria (57,1%) e Aragón (50,0%). O Científico é maioritario entre as persoas tituladas que residen nas Illas Canarias (54,5%), Aragón e Rexión de Murcia (50,0% ambas).

A rama das Ciencias da Saúde alcanza porcentaxes significativas entre as persoas residentes en Estremadura (33,3%) e Navarra (12,5%) e as Artes e Humanidades na Rexión de Murcia (25,0%) e Asturias (23,1%). O ámbito Tecnolóxico alcanza proporcións expresivas entre as persoas tituladas residentes en Cataluña (37,7%), Navarra (37,5%), Estremadura (33,3%), Comunidade Valenciana (31,6%) e Comunidade de Madrid (30,1%).

O Anexo 11 mostra a distribución porcentual dos ámbitos académicos das persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas.

#### 1.2.1.2.2.2 Provincias

O Anexo 12 mostra a distribución porcentual dos ámbitos académicos das persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas por provincias.

#### 1.2.1.2.3 Resto do mundo

O Anexo 13 mostra a distribución porcentual dos ámbitos académicos das persoas tituladas residentes no resto do mundo por países.

## 1.2.2 Campus universitario

### 1.2.2.1 Resultados globais e por xénero

Por campus universitario, a maioría das persoas tituladas que responderon a enquisa (64,0%) realizaron os seus estudos no Campus de Vigo, seguido polo de Ourense (20,5%) e Pontevedra (15,5%).

#### Cadro nº10: Distribución da mostra por Campus universitario

Campus universitario	Global	Home	Muller
Ourense	20,5	16,4	23,3
Pontevedra	15,5	11,6	18,1
Vigo	64,0	72,0	58,5

Por xéneros, tal como mostra o Cadro nº11, as mulleres son predominantes en todos os Campus, sendo máis elevada nos campus de Pontevedra (69,9%) e Ourense (67,8%) que no de Vigo (54,6%).

**Cadro nº11: Distribución porcentual de xénero por Campus**

Campus	Home	Muller
Ourense	32,2	67,8
Pontevedra	30,1	69,9
Vigo	45,4	54,6

### 1.2.2.2 Ámbitos académicos

Na mostra obtida o ámbito Xurídico-Social é maioritario nos Campus de Ourense (64,2%) e Pontevedra (61,0%), mentres que o Tecnolóxico predomina no de Vigo (35,0%) seguido polo Xurídico-Social (34,5%).

**Cadro nº12: Distribución porcentual dos ámbitos académicos por Campus**

	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Multidisciplinar	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Ourense	2,9	3,8	8,6	0,6	19,8	64,2
Pontevedra	18,3	11,6	0,2	1,0	7,8	61,0
Vigo	11,3	3,4	14,7	1,1	35,0	34,5

### 1.2.3 Tipoloxía de estudos

#### 1.2.3.1 Resultados globais e por xénero

Dos titulados/as que responderon a enquisa, o 46,4% ten unha titulación de ciclo longo, 31,1% de ciclo curto, 9,8% de grao, 6,9% mestrado universitario e 5,4% doutorado.

Por xéneros, tal como se constata no Cadro nº13, é estatisticamente significativa a maior porcentaxe de homes que realizaron unha enxeñaría superior (22,3% contra o 7,4% de mulleres) e unha enxeñaría técnica (17,7% contra o 3,9%). Polo contrario, entre as mulleres é significativa a maior proporción de licenciadas (37,8% contra o 26,0% de homes) e de diplomadas (28,1% contra o 12,0%).

**Cadro nº13: Distribución da mostra segundo a tipoloxía de estudos**

Tipo de estudos	%	Home	Muller
Diplomatura	21,6	12,0	28,1
Enxeñaría Técnica	9,5	17,7	3,9
Licenciatura	33,0	26,0	37,8
Enxeñaría Superior	13,4	22,3	7,4
Grao	9,8	7,4	6,6

Tipo de estudos	%	Home	Muller
Mestrado Universitario	6,9	7,4	6,6
Título Propio	0,4	0,5	0,3
Doutoramento	5,4	5,9	5,1

Tal como mostra o Cadro nº14, as mulleres son maioritarias en todas as tipoloxías de estudos, salvo nas Enxeñaría Técnica (26,0%), Enxeñaría Superiores (32,9%) e Títulos Propios (46,2%).

#### Cadro nº14: Distribución porcentual de xénero por tipoloxía de estudos

Tipo de estudos	Home	Muller
Diplomatura	21,4	78,6
Doutoramento	47,3	56,3
Enxeñaría Técnica	74,0	26,0
Enxeñaría Superior	67,1	32,9
Grao	34,1	65,9
Licenciatura	31,7	68,3
Mestrado Universitario	43,0	57,0
Título Propio	53,8	46,2

### 1.2.3.2 Lugar de residencia

Entre as persoas residentes en Galicia, tal como mostra o Cadro nº15, existe unha presenza significativa de persoas tituladas en ciclos curtos: diplomados/as (24,8%) e enxeñeiros/as técnicos/as (10,3%). A presenza de enxeñeiros/as superiores (21,1%) e doutores/as (14,5%) entre os residentes no resto do mundo é moi superior ás proporcións existentes en Galicia (11,9% e 4,3%, respectivamente).

#### Cadro nº15: Distribución porcentual da tipoloxía de titulación por lugar de residencia

	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
Diplomatura	24,8	14,7	4,9
Doutoramento	4,3	5,5	14,5
Enxeñaría Superior	11,9	16,9	21,1
Enxeñaría Técnica	10,3	6,5	6,9
Grao	9,9	10,4	7,6
Licenciatura	32,1	39,0	31,9
Mestrado Universitario	6,3	6,0	13,2
Título Propio	0,4	1,0	0,0

### 1.2.3.3 Campus universitario

Mentres que a licenciatura é a tipoloxía de estudos predominante nos Campus de Vigo (35,3%) e Pontevedra (33,5%), no de Ourense destacan as diplomaturas (35,7%). As persoas tituladas en enxeñaría superiores da mostra obtida só están presentes nos campus de Vigo (18,7%) e Ourense (6,8%),

A porcentaxe de persoas tituladas que obtiveron o doutoramento na UVigo no Campus de Vigo (6,3%) supera ao de Ourense (3,8%) e Pontevedra (4,0%).

**Cadro nº16: Distribución porcentual da tipoloxía estudos segundo o campus Universitario**

Tipo de estudos	Ourense	Pontevedra	Vigo
Diplomatura	35,7	27,1	15,7
Doutoramento	3,8	4,0	6,3
Enxeñaría Superior	6,8	0,0	18,7
Enxeñaría Técnica	11,0	6,0	9,9
Grao	10,3	21,7	6,7
Licenciatura	25,4	33,5	35,3
Mestrado Universitario	7,0	7,0	6,9
Título Propio	0,0	0,6	0,5

### 1.2.4 Titulacións

As titulacións con máis presenza na mostra obtida son Enxeñaría Industrial (6,8%), Diplomatura en Mestre/a (6,7%), Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas (6,5%), Enxeñaría Técnica Industrial (6,2%), Diplomatura en Ciencias Empresariais (5,1%), Enxeñaría de Telecomunicación (4,1%), Diplomatura en Relacións Laborais (3,2%), Diplomatura en Enfermería e Licenciatura en Tradución e Interpretación (2,8% ambas) e Licenciatura en Ciencias do Mar (2,5%).

**Cadro nº17: Titulacións con máis número de persoas tituladas que participaron neste estudo**

Titulación	%
Enxeñaría Industrial	6,8
Diplomatura en Mestre/a <sup>43</sup>	6,7
Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas <sup>44</sup>	6,5
Enxeñaría Técnica Industrial	6,2
Diplomatura en Ciencias Empresariais	5,1
Enxeñaría de Telecomunicación	4,1
Diplomatura en Relacións Laborais <sup>45</sup>	3,2

<sup>43)</sup> Agregado das diplomaturas en Mestre/a e Formación de Profesorado de EXB.

<sup>44)</sup> Agregado das licenciaturas en Administración e Dirección de Empresas (LADE) e da Sección de Empresariais de Ciencias Económicas e Empresariais.

<sup>45)</sup> Agregado das diplomaturas en Relacións Laborais e en Graduado Social.

Titulación	%
Diplomatura en Enfermería	2,8
Licenciatura en Tradución e Interpretación	2,8
Licenciatura en Ciencias do Mar	2,5

### 1.2.4.1 Tipoloxía de estudos

A seguir móstranse as titulacións obtidas segundo os diferentes tipos de estudos (Diplomaturas, Enxeñaría Superiores, Enxeñaría Técnicas, Graos, Mestrados Universitarios e Títulos propios). Abranxe tanto titulacións viventes como xa extinguidas. As porcentaxes dos seguintes cadros son referidas ao peso relativo de cada titulación sobre a totalidade da mostra.

#### Diplomaturas

Por orde decrecente, destacan Mestre/a (5,47%), Ciencias Empresariais (5,07%), Enfermería (2,83%) e Relacións Laborais (2,58%).

O Cadro nº18 mostra a distribución porcentual dos títulos correspondentes ás diplomaturas.

#### Cadro nº18: Frecuencia dos títulos correspondentes ás Diplomaturas

Título	%
Ciencias Empresariais	5,07
Educación Social	1,03
Enfermería	2,83
Fisioterapia	0,44
Graduado Social	0,65
Mestre/a	5,47
Profesorado de EXB	1,18
Relacións Laborais	2,58
Traballo Social	1,09
Turismo	0,31
Xestión e Administración Pública	0,28

#### Enxeñaría Superiores

Entre as enxeñaría superiores, as titulacións con máis presenza na mostra son Enxeñaría Industrial (6,81%), Enxeñaría de Telecomunicación (4,07%) e Enxeñaría en Informática (1,40%).

O Cadro nº19 mostra a distribución porcentual dos títulos correspondentes ás enxeñaría superiores.

**Cadro nº19: Frecuencia dos títulos correspondentes ás Enxeñarías Superiores**

Título	%
Enxeñaría de Minas	1,12
Enxeñaría de Telecomunicación	4,07
Enxeñaría en Informática	1,40
Enxeñaría Industrial	6,81

**Enxeñarías Técnicas**

Relativamente ás enxeñarías técnicas, a Industrial representa o 6,15% da mostra obtida, seguida a máis distancia por Informática de Xestión (1,49%) e Forestal (1,06%).

O Cadro nº20 mostra a distribución porcentual dos títulos correspondentes ás enxeñarías técnicas.

**Cadro nº20: Frecuencia dos títulos correspondentes ás Enxeñarías Técnicas**

Título	%
Enxeñaría Técnica Agrícola	0,78
Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión	1,49
Enxeñaría Técnica en Telecomunicación	0,68
Enxeñaría Técnica Forestal	1,06
Enxeñaría Técnica Industrial	6,15

**Graos**

Consoante a mostra obtida, os graos con máis presenza na mostra obtida son o Grao en Administración e Dirección de Empresas (0,87%), Enfermaría (0,78%), Belas Artes (0,62%), Fisioterapia (0,62%) e Comunicación Audiovisual (0,44%).

O Cadro nº21 mostra a distribución porcentual dos títulos correspondentes aos graos.

**Cadro nº21: Frecuencia dos títulos correspondentes aos Graos**

Título	%
Administración e Dirección de Empresas	0,87
Belas Artes	0,62
Biloxía	0,31
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	0,09
Ciencias Ambientais	0,19
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	0,16
Ciencias do Mar	0,25

Título	%
Comercio	0,22
Comunicación Audiovisual	0,44
Dereito	0,22
Dirección e Xestión Pública	0,37
Economía	0,19
Educación Infantil	0,34
Educación Primaria	0,40
Educación Social	0,31
Enfermaría	0,78
Enxeñaría Agraria	0,03
Enxeñaría da Enerxía	0,22
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	0,22
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	0,06
Enxeñaría Eléctrica	0,06
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	0,09
Enxeñaría en Organización Industrial	0,12
Enxeñaría en Química Industrial	0,03
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	0,09
Enxeñaría Forestal	0,19
Enxeñaría Informática	0,16
Enxeñaría Mecánica	0,16
Estudos de Galego e Español	0,12
Fisioterapia	0,53
Linguas Estranxeiras	0,22
Publicidade e Relacións Públicas	0,40
Química	0,12
Relacións Laborais e Recursos Humanos	0,22
Traballo Social	0,25
Tradución e Interpretación	0,40
Turismo	0,12
Xeografía e Historia	0,06

## Licenciaturas

Segundo a mostra obtida, as licenciaturas con máis número de persoas tituladas na mostra obtida son Administración e Dirección de Empresas (4,82%), Tradución e Interpretación (2,80%), Ciencias do Mar (2,49%), Publicidade e Relacións Públicas (2,36%) e Bioloxía (2,33%).



O Cadro nº22 mostra a distribución porcentual dos títulos correspondentes ás licenciaturas.

**Cadro nº22: Frecuencia dos títulos correspondentes ás Licenciaturas**

Título	%
Administración e Dirección de Empresas	4,82
Tradución e Interpretación	2,80
Ciencias do Mar	2,49
Publicidade e Relacións Públicas	2,36
Bioloxía	2,33
Economía	2,24
Belas Artes	1,99
Dereito	1,74
Ciencias Empresariais	1,68
Dereito Económico-Empresarial	1,65
Psicopedagogía	1,49
Ciencias Económicas	1,31
Filoloxía Inglesa	1,27
Química	1,24
Filoloxía Hispánica	0,84
Comunicación Audiovisual	0,71
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	0,65
Historia	0,40
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	0,34
Filoloxía Galega	0,31
Física	0,31

**Mestrados universitarios**

Na mostra obtida os mestrados con máis persoas tituladas foron o de Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas (0,81%), seguido polo de Prevención de Riscos Laborais (0,20%), Mestrado Oficial en Enxeñaría Industrial e Libro Ilustrado e Animación Audiovisual (0,19% ambos) e en Avogacía, Comercio Internacional Dirección de Arte en Publicidade, Dirección e Planeamento do Turismo, Necesidades Específicas de Apoio Educativo e Tecnoloxías para a Protección do Patrimonio Cultural Inmóbel (0,16% cada un).

O Cadro nº23 mostra a distribución porcentual dos títulos correspondentes aos mestrados universitarios.

**Cadro nº23: Frecuencia dos títulos correspondentes aos Mestrados Universitarios**

<b>Título</b>	<b>%</b>
Acuicultura	0,09
Administración Integrada de Empresas	0,03
Arte Contemporánea. Creación e investigación	0,09
Artes Escénicas	0,09
Avogacía	0,16
Bioteχνoloxía Avanzada	0,12
Ciberseguranza	0,03
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar	0,15
Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca	0,06
Ciencias do Clima	0,03
Comercio Internacional	0,16
Consultoría de Software Libre	0,03
Contaminación Industrial	0,12
Creación, Dirección e Innovación na Empresa	0,09
Dereito da Empresa	0,03
Dereito Urbanístico e do Ambiente	0,12
Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	0,06
Dirección de Arte en Publicidade	0,16
Dirección de PEMES	0,03
Dirección e Administración de Empresas (MBA)	0,21
Dirección e Planeamento do Turismo	0,16
Dirección e Planeamento do Turismo Interior e de Saúde	0,06
Dirección e Xestión da Loxística e da Cadea de Subministración	0,06
Dirección Integrada de Proxectos	0,09
Dirección Pública e Liderado Institucional	0,09
Economía	0,06
Enerxía e Sustentabilidade	0,03
Enxeñaría da Automoción	0,06
Enxeñaría da Construción	0,03
Enxeñaría da Edificación e Construcións Industriais	0,06
Enxeñaría de Minas	0,03
Enxeñaría de Telecomunicación	0,09
Enxeñaría Industrial	0,19
Enxeñaría Informática	0,12
Enxeñaría Telemática	0,06

Título	%
Estudos de Xénero	0,06
Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	0,09
Finanzas	0,06
Fotónica e Tecnoloxías do Láser	0,03
Historia, Territorio e Recursos Patrimoniais	0,09
Innovación Industrial e Optimización de Procesos	0,06
Interuniversitario de Neurociencia	0,03
Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos	0,09
Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde	0,09
Investigación en Comunicación	0,03
Investigación en Química e Química Industrial	0,09
Libro Ilustrado e Animación Audiovisual	0,19
Lingua e Comunicación nos Negocios	0,06
Matemática Industrial	0,03
Mecatrónica	0,06
Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social	0,12
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	0,03
Necesidades Específicas de Apoio Educativo	0,16
Nutrición	0,12
Oceanografía	0,06
Ordenación Xurídica do Mercado	0,06
Políticas Comunitarias e Cooperación Territorial	0,03
Prevenção de Riscos Laborais	0,28
Procesos de Deseño e Fabricación Mecánica	0,03
Procesos e Tecnoloxías na Industria do Automóbil	0,03
Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas	0,81
Química Avanzada	0,03
Técnicas Estatísticas	0,03
Tecnoloxías Avanzadas de Procesos de Deseño e Fabricación Mecánica	0,09
Tecnoloxías para a Protección do Patrimonio Cultural Inmóbel	0,16
Teoría do Sinal e Comunicacións	0,03
Tradución e Paratradución	0,03
Tradución Multimedia	0,03
Tradución para a Comunicación Internacional	0,06

Título	%
Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	0,06
Xestión do Desenvolvemento Sustentable	0,09
Xestión e Dirección Laboral	0,03
Xestión Empresarial do Deporte	0,09

### Títulos Propios

Aínda que estatisticamente pouco relevantes na mostra obtida, o Sénior (na súa tipoloxía de Graduado Superior e Graduado Universitario) e o de Deseño Téxtil e Moda alcanzou o 0,12% (cada un).

O Cadro nº24 mostra a distribución porcentual dos títulos correspondentes aos títulos propios.

#### Cadro nº24: Frecuencia dos títulos correspondentes aos Títulos Propios

Título	%
Ciencias Policiais	0,09
Deseño Téxtil e Moda	0,15
Información Técnica do Medicamento	0,06
Sénior	0,12

### Doutoramento

O Anexo 14 mostra a especialidade dos títulos de doutoramento obtidos na UVigo das persoas tituladas que participaron neste estudo.

#### 1.2.4.2 Análise por xénero

Existen diferenzas estatisticamente significativas na distribución por xénero das persoas tituladas nas diferentes titulacións da mostra obtida no presente estudo. Para analizar a variábel xénero diferenciárase entre titulacións de perfil feminino, as que posúen un marcadamente masculino e as que presentan unha proporción equilibrada ou paritaria<sup>46</sup>.

As titulacións cuxa mostra está formada integramente por mulleres son os graos en Estudos de Galego e Español, Tradución e Interpretación, Turismo e en Xeografía e Historia. Existe maioría feminina na Diplomatura en Traballo Social (91,4%), Grao en Educación Infantil e Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (90,9% ambas), Grao en Educación Social (90,0%), diplomaturas en Enfermaría e en Educación Social (87,9% ambas), Licenciatura en Tradución e Interpretación (87,8%), Grao en Traballo Social (87,5%), Diplomatura en Mestre/a (85,8%), graos en Comercio e en Linguas

<sup>46</sup> Titulacións nas que, segundo os criterios da Lei de Paridade, a proporción entre homes e mulleres non son inferiores a 40% nen superiores a 60%.

Estranxeiras (85,7% ambas), graos en Publicidade e Relacións Públicas (84,6%) e en Fisioterapia (82,4%), Licenciatura en Psicopedagogía (81,3%) e Diplomatura en Turismo (80,0%).

A presenza masculina é exclusiva entre as persoas tituladas nos graos en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, Enxeñaría Agraria, Enxeñaría Eléctrica, Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática, Enxeñaría en Organización Industrial e en Enxeñaría en Química Industrial. A proporción de homes é maioritaria entre as persoas tituladas nos graos en Enxeñaría da Enerxía e Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (85,7% ambas) e en Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (81,3%).

Son paritarios os graos en Enxeñaría Informática, Enxeñaría Mecánica e en Dirección e Xestión Pública, Enxeñaría Técnica en Telecomunicación, Licenciatura en Ciencias Empresariais, graos en Bioloxía, Economía, Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, Enxeñaría Forestal e en Química, licenciaturas en Ciencias Económicas e en Economía, Enxeñaría Técnica Agrícola e Licenciatura en Física.

O Anexo 15 reflicte a distribución proporcional global das titulacións por xénero segundo orde decrecente de presenza feminina.

### **1.2.4.3 Lugar de residencia**

O Anexo 16 mostra a distribución porcentual do lugar de residencia das persoas tituladas que integran a mostra por titulacións.

### **1.2.4.4 Campus universitario**

O Anexo 17 reflicte a distribución da mostra por titulacións e campus universitario. Máis particularmente, este apartado analiza a distribución por campus das titulacións impartidas en máis dunha sede universitaria.

Ciclos e graos:

- Diplomatura en Ciencias Empresariais: A proporción de persoas tituladas no Campus de Vigo (63,2%) é superior á de Ourense (36,8%).
- Diplomatura en Enfermaría: A maioría (56,0%) completou os seus estudos no Campus de Vigo, seguido polo de Ourense (24,2%) e Pontevedra (19,8%).
- Grao en Enfermaría: O peso do Campus de Vigo incrementase até o 64,0%, seguido polo de Ourense (20,0%) e Pontevedra (16,0%).
- Diplomatura en Mestre/a: A mostra obtida ten máis presenza das persoas tituladas no Campus de Pontevedra (43,2%) e Ourense (39,2%) que no de Vigo (17,6%).
- Diplomatura en Profesorado de EXB: A proporción de persoas tituladas nos Campus de Ourense e Pontevedra presentan valores similares (36,8% e 34,2%, respectivamente) contra o de Vigo (28,9%).
- Grao de Educación Infantil: Distribución equitativa nos Campus de Ourense e Pontevedra (36,4% ambos) contra o 27,3% de Vigo.

- Grao de Educación Primaria: Maioría de persoas tituladas no Campus de Pontevedra (84,6%) contra o 15,4% de Vigo e ausencia de presenza na mostra obtida de titulados/as de Ourense.
- Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas: Predominan as persoas tituladas do Campus de Vigo (79,0%) contra o de Ourense (21,0%).
- Grao en Administración e Dirección de Empresas: A mostra obtida distribúese equitativamente entre o Campus de Ourense e Vigo.
- Grao en Dereito: Predominan as persoas tituladas no Campus de Ourense (71,4%) contra o de Vigo (28,6%).

## 1.2.5 Promoción académica

### 1.2.5.1 Resultados globais e por xénero

Distribuída por quinquenios, (ver Cadro nº25) a mostra experimenta unha tendencia crecente entre 1990-2015, pasando do 6,8% das respostas entre 1990-95 até o 26,3% entre 2011-15, diminuíndo ao 5,5% os titulados/as entre 2016-20.

**Cadro nº25: Evolución quinquenal da mostra**

Quinquenio	Global	Home	Muller
1990-1995	6,8	7,5	6,3
1996-2000	15,4	15,4	15,5
2001-2005	21,9	22,4	21,6
2006-2010	24,1	22,2	25,4
2011-2015	26,3	26,8	25,9
2016-2020	5,5	5,7	5,3

Por anos, a mostra obtida presenta unha liña de tendencia global crecente, alcanzando os máximos nos anos 2014 (6,1% de respostas), 2015 (5,8%), 2009 (5,6%) e 2011 (5,2%), contra os anos iniciais e o último avaliado: 2020 (0,4%), 1991 e 1990 (0,6% ambos) e 2019 (0,7%).

O Anexo 18 mostra a distribución porcentual da evolución quinquenal e anual das respostas obtidas, incluíndo tanto as porcentaxes como as taxas de evolución.

Por xéneros non existen diferenzas estatisticamente significativas na distribución de homes e mulleres na mostra obtida ao longo dos quinquenios avaliados, sendo maioritaria a presenza feminina en cada un deles.

**Cadro nº26: Evolución quinquenal por xénero**

Quinquenio	Home	Muller
1990	44,5	55,5
1996	40,2	59,8
2001	41,3	58,7
2006	37,1	62,9
2011	41,2	58,8
2016	42,0	58,0

O Anexo 19 mostra a evolución anual da distribución porcentual da mostra por xénero.

**1.2.5.2 Lugar de residencia**

En todas as promocións avaliadas (ver Cadro nº27) Galicia é o lugar de residencia maioritario, evoluíndo entre un máximo do 89,4% nas persoas tituladas entre 1990-95 a un mínimo de 70,1% entre 2011-15.

A porcentaxe de persoas que viven noutra Comunidade Autónoma oscila entre un máximo de 14,5% entre 2001-05 e 14,2% entre 2011-15 a un mínimo do 7,8% entre 1990-95.

Finalmente, a proporción de persoas que residen no resto do mundo alcanza un máximo do 15,7% entre 2011-15.

No último quinquenio avaliado (2016-20) obsérvase un incremento das persoas que residen en Galicia (+10,5 puntos) a custa dunha diminución dos que o fan noutra Comunidade Autónoma (-6,2 puntos) e no estranxeiro (-4,3 puntos).

**Cadro nº27: Evolución quinquenal do lugar de residencia**

	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
1990-1995	89,4	7,8	2,8
1996-2000	85,5	10,7	3,8
2001-2005	79,3	14,5	6,2
2006-2010	75,4	14,0	10,6
2011-2015	70,1	14,2	15,7
2016-2020	80,6	8,0	11,4

**1.2.5.3 Ámbitos académicos**

Por ámbitos académicos (ver Cadro nº28), o Xurídico-Social predomina en todo o período avaliado (1990-2020). Porén, presenta unha tendencia decrecente, pasando dunha posición maioritaria entre 1990-95 (64,7%) e 1996-2000 (51,9%) ao 33,7% entre 2016-20. Polo contrario, o ámbito

Tecnolóxico manifesta unha evolución crecente, pasando do mínimo do 19,7% entre 1990-95 a un máximo do 31,9% entre 2011-2015. Os ámbitos das Artes e Humanidades e Científico presentan unha proporción máxima no último quinquenio avaliado (14,9% e 20,0%, respectivamente).

#### Cadro nº28: Evolución quinquenal da mostra por ámbitos académicos

Quinquenio	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Multidisciplinar	Tecnolóxico	Xurídico-Social
1990-1995	6,0	7,8	1,8	0,0	19,7	64,7
1996-2000	12,3	3,4	11,3	0,0	21,1	51,9
2001-2005	9,2	5,0	11,1	0,0	27,8	46,9
2006-2010	9,5	4,6	12,4	1,2	30,4	41,9
2011-2015	12,3	5,1	10,8	1,5	31,9	38,4
2016-2020	14,9	2,3	20,0	5,7	23,4	33,7

O Anexo 20 mostra a evolución anual da mostra obtida por ámbitos académicos.

#### 1.2.5.4 Tipoloxía de estudos

Ao longo do período avaliado muda o perfil das titulacións predominantes en cada quinquenio. Mentres que as diplomaturas constitúen a tipoloxía de estudos maioritaria no quinquenio 1990-95 (50,5%), entre 1996-2010, son as licenciaturas as predominantes. A partir de 2011, coa implantación do EEES, son os Graos a tipoloxía de estudos con máis presenza (28,3%). No último quinquenio destaca a considerábel presenza de persoas tituladas en Doutoramento (30,7%) e Mestrados universitarios (29,5%) e Graos (27,3%).

#### Cadro nº29: Evolución quinquenal da mostra por tipoloxía de estudos

Tipo de estudos	1990-95	1996-2000	2001-2005	2006-2010	2011-2015	2016-2020
Diplomatura	50,5	32,6	25,7	20,4	9,5	2,3
Doutoramento	2,8	3,8	3,0	3,1	5,9	30,7
Enxeñaría Superior	10,1	10,9	13,6	17,5	13,3	6,3
Enxeñaría Técnica	7,8	9,7	13,3	9,7	8,4	0,0
Grao	0,9	0,2	1,7	1,5	28,3	27,3
Licenciatura	28,0	42,7	42,3	42,3	18,5	4,0
Mestrado Universitario	0,0	0,0	0,4	4,9	15,4	29,5
Título Propio	0,0	0,2	0,0	0,6	0,8	0,0

#### 1.2.5.5 Campus Universitario

Tal como mostra o Cadro nº30 as persoas tituladas en titulacións impartidas no Campus de Vigo é maioritaria en todos os períodos avaliados, pasando dun máximo do 74,5% entre 1990-1995 e estabilizándose entre 62 e 63% nos últimos vinte anos.



**Cadro nº30: Evolución quinquenal da mostra obtida por campus universitario**

	1990-95	1996-2000	2001-2005	2006-2010	2011-2015	2016-2020
Ourense	16,1	24,3	23,1	20,1	18,3	17,6
Pontevedra	9,2	10,9	13,6	17,7	18,6	19,3
Vigo	74,8	64,8	63,3	62,2	63,1	63,1

## 2. Situación socio-laboral previa á actual crise por COVID-19

### 2.1 Resultados globais e por xénero

O Cadro nº31 mostra a situación socio-laboral na altura de marzo de 2020; isto é, antes da emerxencia da actual crise por Covid-19, das persoas tituladas da UVigo que participaron neste estudo.

**Cadro nº31: Situación socio-laboral previa á primeira onda da pandemia**

Situación	Global	Home	Muller
Baixa laboral	0,5	0,2	0,6
Coidado familiar	0,6	0,0	0,9
Cursa estudos universitarios	1,0	1,0	1,0
Desempregado/a, procurando emprego	4,7	3,9	5,3
Emprego por conta allea na empresa privada	56,3	62,5	52,1
Empresario/a (titular dunha empresa)	1,9	3,4	0,9
Funcionario/a, traballo para a Administración Pública	26,5	21,6	29,7
Prepara oposicións	1,6	0,7	2,3
Traballador/a autónomo/a	6,6	6,1	6,9
Xubilado/a, pensionista	0,4	0,5	0,3

#### 2.1.1 Persoas que traballaban antes da crise

Como mostra o Cadro nº31 a situación maioritaria entre as persoas que estaban a traballar antes do inicio da primeira onda da pandemia de Covid-19 é a de empregada por conta allea na empresa privada (56,3%). Por xéneros é estatisticamente significativa a maior porcentaxe de homes (62,5%) que de mulleres (52,1%) nesta situación.

A seguir áchanse o funcionariado ou as persoas que traballan para a administración pública (26,5%), sendo neste caso superior a proporción de mulleres (29,7%) que de homes (21,6%).

O traballo autónomo ocupa ao 6,6% das persoas tituladas, non habendo grandes diferenzas entre homes (6,1%) e mulleres (6,9%).

Finalmente, a proporción de empresarios/as ou titulares dunha empresa é do 1,9%, sendo estatisticamente significativa a maior porcentaxe de homes (3,4%) que de mulleres (0,9%) nesta circunstancia.

## 2.1.2 Persoas que non traballaban antes da crise

A situación predominante entre as persoas que non traballaban era a de desempregado/a, procurando emprego (4,7%), sendo superior a proporción de mulleres (5,3%) que de homes (3,9%).

Do total de persoas tituladas que responderon a enquisa, somente un 1,6% estaban a preparar oposicións. Comparado por xéneros, a proporción de mulleres (2,3%) triplica á de homes (0,7%).

Un 1,0% das persoas inquiridas estaba a cursar estudos universitarios. Na comparativa por xénero é igual a porcentaxe de varóns e de mulleres que continúan cos estudos universitarios.

O coidado familiar, actividade realizada exclusivamente por mulleres, é a situación do 0,6% das persoas tituladas que responderon a enquisa.

A baixa laboral afecta ao 0,5% das persoas tituladas, sendo superior nas mulleres (0,6%) que nos homes (0,2%).

Finalmente, os xubilados/pensionistas, representan o 0,4% das persoas que participaron neste estudo, sendo superior a proporción de homes (0,5%) que de mulleres (0,3%).

## 2.2 Persoas que continúan a súa formación universitaria

### 2.2.1 Resultados globais e por xénero

No tocante á tipoloxía de estudos que cursan as persoas tituladas da UVigo que continúan a súa formación universitaria, como se pode observar no Cadro nº32, a maioría (62,5%) está a realizar estudos de doutoramento, un 28,1% son estudantes de mestrado e 9,4% de grao.

**Cadro nº32: Tipoloxía de estudos das persoas que proseguen a formación universitaria**

Tipo de estudos	Global	Home	Muller
Doutoramento	62,5	76,9	52,6
Grao	9,4	0,0	15,8
Mestrado Universitario	28,1	23,1	31,6

Por xéneros existen diferenzas estatisticamente significativas, sendo moi superior a porcentaxe de homes a realizar estudos de doutoramento (76,9%) contra o 52,6% de mulleres e, en consecuencia, a maior presenza feminina en estudos de grao e de mestrado universitario.

## 2.2.2 Ámbitos académicos

Por ámbitos académicos, a realización dun doutoramento é maioritario entre as persoas tituladas dos ámbitos Científico (88,9%) e das Artes e Humanidades (62,5%). A realización dun mestrado universitario só é predominante entre as persoas tituladas do ámbito Xurídico-Social (60,0%).

**Cadro nº33: Tipoloxía de estudos segundo os ámbitos académicos**

	Artes e Humanidades	Científico	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Doutoramento	62,5	88,9	45,5	40,0
Grao	12,5	11,1	9,1	0,0
Mestrado Universitario	25,0	0,0	36,4	60,0

## 2.2.3 Promoción académica

Dependendo da promoción académica (ver Cadro nº34), a realización do doutoramento é maioritaria entre os que completaron os seus estudos na UVigo a partir do ano 2010 e alcanza á totalidade dos que o fixeron entre 1996-2000.

**Cadro nº34: Tipoloxía de estudos segundo a promoción académica**

Tipo de estudos	1996-2000	2001-2005	2006-2010	2011-2015	2016-2020
Doutoramento	100,0	0,0	33,3	73,3	53,8
Grao	0,0	100,0	33,3	6,7	0,0
Mestrado Universitario	0,0	0,0	33,3	13,3	46,2

## 2.3 Lugar de residencia

O Cadro nº35 mostra a situación socio-laboral en función do lugar de residencia das persoas tituladas da UVigo que responderon a enquisa.

**Cadro nº35: Situación socio-laboral segundo o lugar de residencia**

	Galicia	Outra C.A.	Estranxeiro
Baixa laboral	0,6	0,0	0,0
Coidado familiar	0,6	0,2	1,0
Cursa estudos universitarios	0,7	1,0	3,0
Desempregado/a, procurando emprego	5,0	4,3	3,3
Emprego por conta allea na empresa privada	54,8	63,9	58,4
Empresario/a (titular dunha empresa)	2,2	0,2	1,7
Funcionario/a, traballo para a Administración Pública	26,3	26,5	27,4
Prepara oposicións	2,0	1,0	0,0
Traballador/a autónomo/a	7,4	2,9	5,0
Xubilado/a, pensionista	0,4	0,0	0,2

### 2.3.1 Persoas que traballaban antes da crise

A situación maioritaria nos tres ámbitos xeográficos avaliados é a de emprego por conta allea na empresa/organización privada, sendo máis elevada entre as persoas que traballan noutras Comunidades Autónomas (63,9%) que no resto do mundo (58,4%) e en Galicia (54,8%).

Non existen diferenzas significativas no tocante ao traballo para a administración pública, oscilando entre o 26,3% en Galicia e 26,5% noutras Comunidades Autónomas e o 27,4 no estranxeiro.

A proporción do autoemprego ou traballo autónomo rexistrado entre as persoas que viven en Galicia (7,4%) supera significativamente á existente noutras Comunidades Autónomas (2,9%) e no estranxeiro (5,0%).

Finalmente, os empresarios/as ou titulares dunha empresa son máis frecuentes entre as persoas residentes en Galicia (2,2%) que noutras Comunidades Autónomas (0,2%) e no estranxeiro (1,7%).

### 2.3.2 Persoas que non traballaban antes da crise

A taxa de desemprego ou de persoas que procuraban emprego en Galicia (5,0%) e noutras Comunidades Autónomas (4,3%) é superior á existente no estranxeiro (3,3%).

A proporción de persoas tituladas que continúan os estudos universitarios residentes no estranxeiro (3,0%) supera á rexistrada en Galicia (0,7%) e noutras Comunidades Autónomas (1,0%).

## 2.4 Ámbitos académicos

O Cadro nº36 mostra a situación socio-laboral previa á actual crise por Covid-19 segundo o ámbito académico das persoas tituladas que responderon a enquisa.

**Cadro nº36: Situación socio-laboral segundo o ámbito académico**

	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Multidisciplinar	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Baixa laboral	0,3	2,0	0,0	0,0	0,2	0,6
Coidado familiar	0,6	0,0	1,4	0,0	0,1	0,7
Cursa estudos universitarios	2,3	0,0	2,2	0,0	1,1	0,3
Desempregado/a, procurando emprego	8,5	2,0	6,7	3,1	2,9	4,8
Emprego por conta allea na empresa privada	40,8	26,5	46,1	31,3	76,1	53,9
Empresario/a (titular dunha empresa)	0,3	0,7	0,8	0,0	2,8	2,2

	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Multidisciplinar	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Funcionario/a, traballo para a Administración Pública	27,7	64,2	38,1	50,0	12,4	27,6
Prepara oposicións	1,7	0,0	1,7	0,0	0,4	2,6
Traballador/a autónomo/a	17,5	4,6	3,1	3,1	3,7	6,8
Xubilado/a, pensionista	0,3	0,0	0,0	12,5	0,1	0,4

### 2.4.1 Persoas que traballaban antes da crise

As persoas que traballaban por conta allea na empresa privada era a opción maioritaria das persoas tituladas do ámbito Tecnolóxico (76,1%) e Xurídico-Social (53,9%) e predominante nos ámbitos Científico (46,1%) e das Artes e Humanidades (40,8%).

O traballo por conta allea para a administración é maioritario nas persoas tituladas na rama das Ciencias da Saúde (64,2%) e Multidisciplinar (50,0%), alcanzando valores significativos entre os titulados/as do ámbito Científico (38,1%), Artes e Humanidades (27,7%) e Xurídico-Social (27,6%).

O autoemprego ou traballo autónomo é significativo entre os titulados/as da rama das Artes e Humanidades (17,5%) contra os mínimos do Científico e Multidisciplinar (3,1% ambos).

A proporción de empresarios/as é superior entre as persoas tituladas do ámbito Tecnolóxico (2,8%) e Xurídico-Social (2,2%).

### 2.4.2 Persoas que non traballaban antes da crise

O desemprego alcanza valores significativos entre as persoas tituladas dos ámbitos das Artes e Humanidades (8,5%) e Científico (6,7%) contra o mínimo das Ciencias da Saúde (2,0%) e Tecnolóxico (2,9%).

A preparación de oposicións presenta porcentaxes significativas entre os titulados/as das ramas Xurídico-Social (2,6%), ben como das Artes e Humanidades e Científico (1,7% ambos).

## 2.5 Tipoloxía de estudos

O Cadro nº37 mostra a situación socio-laboral previa á actual crise por Covid-19 segundo a tipoloxía de estudos realizados na UVigo.

## Cadro nº37: Situación socio-laboral segundo a tipoloxía de estudos

	Diplomatura	Doutoramento	Enxeñaría Superior	Enxeñaría Técnica	Grao	Licenciatura	Mestrado Universitario	Título Propio
Baixa laboral	1,0	0,0	0,2	0,3	0,6	0,4	0,0	0,0
Coidado familiar	0,7	0,0	0,0	0,3	0,3	1,0	0,0	0,0
Cursa estudos universitarios	0,3	1,1	0,5	1,0	3,2	0,3	4,0	0,0
Desempregado/a, procurando emprego	4,3	3,4	1,6	4,6	4,8	5,4	9,9	7,7
Emprego por conta allea na empresa privada	45,8	31,0	80,5	75,1	61,8	52,4	48,0	38,5
Empresario/a (titular dunha empresa)	1,9	0,0	3,0	3,6	1,0	1,8	1,3	0,0
Funcionario/a, traballo para a Administración Pública	39,0	58,6	10,2	10,2	19,7	26,0	28,3	15,4
Prepara oposición	1,9	0,6	0,5	0,3	2,2	2,4	1,8	0,0
Traballador/a autónomo/a	4,9	4,6	3,5	3,9	5,7	10,2	6,7	7,7
Xubilado/a, pensionista	0,1	0,6	0,0	0,3	0,6	0,3	0,0	30,8

### 2.5.1 Persoas tituladas que traballaban antes da crise

O emprego por conta allea na empresa privada é o maioritario entre os/as enxeñeiros/as superiores (80,5%), enxeñeiros/as técnicos/as (75,1%), graduados/as (61,8%) e licenciados/as (52,4%), seguido polas persoas tituladas en mestrados (48,0%) e diplomaturas (45,8%).

O traballo como funcionario/a tan só é maioritario entre os doutorados/as (58,6%), alcanzando valores expresivos entre diplomados/as (39,0%), titulados/as en mestrados (28,3%) e licenciados/as (26,0%).

A porcentaxe de traballadores/as autónomos/as é superior entre os licenciados/as (10,2%) e persoas con títulos propios (7,7%).

A titularidade dunha empresa é significativa entre as persoas tituladas en Enxeñarías Técnicas (3,6%) e Enxeñarías Superiores (3,0%).

### 2.5.2 Persoas tituladas que non traballaban antes da crise

A proporción de desempregados/as oscila entre o máximo nos mestrados universitarios (9,9%) e títulos propios (7,7%) e o mínimo das enxeñarías superiores (1,6%) e doutoramentos (3,4%).

A continuación de estudos universitarios tan só é significativa entre os que realizaron mestrados universitarios (4,0%) e graos (3,2%).

A preparación de oposicións é máis alta entre as persoas licenciadas (2,4%) e graduadas (2,2%) que nas enxeñarías técnicas (0,3%) e superiores (0,5%).

## 2.6 Titulacións

O Anexo 21 mostra o cadro da distribución porcentual da situación socio-laboral das persoas tituladas antes da actual crise por Covid-19 por titulacións.

### 2.7 Promoción académica

O Cadro nº38 mostra a situación socio-laboral previa á actual crise por Covid-19 das persoas tituladas en función do quinquenio en que obtiveron o título universitario na UVigo.

**Cadro nº38: Situación socio-laboral segundo a promoción académica**

	1990-95	1996-2000	2001-2005	2006-2010	2011-2015	2016-2020
Baixa laboral	0,5	0,4	0,6	0,6	0,4	0,0
Coidado familiar	0,0	0,4	0,9	0,6	0,6	0,0
Cursa estudos universitarios	0,0	0,2	0,1	0,4	1,8	6,8
Desempregado/a, procurando emprego	2,8	4,8	3,5	4,1	5,9	8,5
Emprego por conta allea na empresa privada	37,2	51,3	55,0	60,3	63,4	47,2
Empresario/a (titular dunha empresa)	4,1	1,8	3,1	1,0	1,4	1,1
Funcionario/a, traballo para a Administración Pública	47,7	34,2	27,5	22,9	17,9	30,7
Prepara oposición	0,0	0,4	1,4	2,2	2,4	2,3
Traballador/a autónomo/a	7,3	6,2	7,5	7,5	5,6	3,4
Xubilado/a, pensionista	0,5	0,2	0,3	0,3	0,7	0,0

#### 2.7.1 Persoas que traballaban antes da crise

O emprego por conta allea na empresa/organización privada é a situación laboral maioritaria das persoas tituladas que obtiveron o seu título entre 1996 e 2015, alcanzando un máximo do 63,4% entre os titulados/as no quinquenio 2011-15.

O traballo para a administración pública como funcionario/a é predominante nas persoas tituladas entre 1990-95 (47,7%), alcanzando un mínimo do 17,9% entre os titulados/as entre 2011-15.

A proporción de traballadores/as autónomos/as oscila entre un máximo do 7,5% entre 2001-10 e o mínimo do 3,4% entre as persoas tituladas no último quinquenio avaliado.

A porcentaxe de empresarios/as ou titulares dunha empresa presenta unha evolución irregular, oscilando entre o máximo do 4,1% entre os titulados/as en 1990-95 e o mínimo do 1,0% entre 2006-10.

## 2.7.2 Persoas que non traballaban antes da crise

A taxa de desemprego alcanza os valores máximos nos dous últimos quinquenios avaliados (8,5% entre 2016-20 e 5,9% entre 2011-15) contra o mínimo do 2,8% nas persoas tituladas entre 1990-95.

A proporción de persoas que continúa os estudos universitarios presenta unha evolución inversamente proporcional á antigüidade, de nula entre 1990-2005 pasa a un máximo de 6,8% entre as persoas tituladas entre 2016-2020.

A preparación de oposicións por parte das persoas tituladas tamén presenta a mesma tendencia que o ítem anterior, estabilizándose no 2,2-2,4% a partir de 2005.

## 2.8 Tempo de permanencia na situación socio-laboral

### 2.8.1 Persoas tituladas que traballaban antes da crise

O tempo de permanencia das persoas que traballan por conta allea como funcionarias (108,2 meses/9 anos) é superior aos que o fan na empresa privada (91,5 meses/7,6 anos).

Na modalidade de contratación por conta propia, o tempo de permanencia dos empresarios/as ou titulares dunha empresa (107,1 meses/8,9 anos) é superior a dos traballadores autónomos (94,3 meses/7,9 anos).

**Cadro nº39: Tempo de permanencia das persoas que traballaban antes da crise**

	Media (meses)	Desviación típica (meses)	Media (anos)
Emprego por conta allea na empresa privada	91,5	81,8	7,6
Empresario/a (titular dunha empresa)	107,1	82,3	8,9
Funcionario/a, traballo para a Administración Pública	108,2	100,4	9,0
Traballador/a autónomo/a	94,3	76,4	7,9

### 2.8.2 Persoas tituladas que non traballaban antes da crise

O tempo medio de procura de emprego das persoas desempregadas (24,9 meses) supera levemente ao dos que están a preparar oposicións (23 meses).

Os maiores tempos de permanencia rexístranse entre os que están de baixa laboral (39,3 meses/3,3 anos) e ao coidado familiar (33,5 meses/2,8 anos).



**Cadro nº40: Tempo de permanencia das persoas tituladas que non traballaban antes da crise**

	Media (meses)	Desviación típica (meses)	Media (anos)
Baixa laboral	39,3	59,8	3,3
Coidado familiar	33,5	29,3	2,8
Cursa estudos universitarios	27,9	18,2	2,3
Desempregado/a, procurando emprego	24,9	40,6	2,1
Prepara oposición	23,0	24,7	1,9
Xubilado/a, pensionista	122,8	73,6	10,2

## 2.9 Taxa de ocupación

Para confirmar a taxa de ocupación, as persoas tituladas que participaron na enquisa foron inquiridas se traballaban antes do inicio da actual crise por Covid-19 cunha cuestión dicotómica de obrigada resposta.

### 2.9.1 Resultados globais e por xénero

A proporción de persoas tituladas inquiridas que se atopa traballando antes do inicio da primeira onda da pandemia de Covid-19 era do 92,2%<sup>47</sup> (Cadro nº41). Por xéneros, é significativa a maior proporción de homes que traballan (94,5%), contra o 90,6% de mulleres.

**Cadro nº41: Taxa de ocupación**

Traballaba antes da crise	Global	Home	Muller
Non	7,8	5,5	9,4
Si	92,2	94,5	90,6

### 2.9.2 Lugar de residencia

Aínda que a taxa de ocupación en Galicia é levemente inferior (ver Cadro nº42), non existen diferenzas estatisticamente significativas segundo o lugar de residencia.

**Cadro nº42: Taxa de ocupación segundo o lugar de residencia**

Lugar de residencia	%
Galicia	91,7
Outra Comunidade Autónoma	93,7
Resto do mundo	93,8

<sup>47)</sup> A diferenza existente entre ese 92,2% de persoas tituladas que traballaban antes do inicio da crise e a agregación das categorías activas de situación socio-laboral previa á crise (91,8%) é debida a que un 40% das persoas tituladas de baixa laboral declarou estar a traballar, ben como o 41,9% dos que cursaban estudos universitarios e o 22,6% dos que preparaban oposicións.

## 2.9.2.1 Galicia

### 2.9.2.1.1 Provincias

A taxa de ocupación das persoas tituladas da UVigo residentes en Lugo (95,3%), tal como mostra o Cadro nº43, é superior ao resto de provincias galegas.

**Cadro nº43: Taxa de ocupación das persoas tituladas residentes en Galicia por provincias**

Provincia	%
A Coruña	92,0
Lugo	95,3
Ourense	92,2
Pontevedra	91,3

### 2.9.2.1.2 Comarcas

O Anexo 22 mostra a distribución porcentual da taxa de ocupación das persoas tituladas residentes en Galicia por Comarcas.

## 2.9.2.2 Outras Comunidades Autónomas

### 2.9.2.2.1 Comunidades autónomas

As Comunidades Autónomas con taxa de ocupación total son Castela-A Mancha, Estremadura, Illas Baleares, País Basco e Rexión de Murcia, seguidas por Cataluña (96,1%) e Comunidade de Madrid (95,6%).

O Anexo 23 mostra a distribución porcentual da taxa de ocupación das persoas tituladas da UVigo residentes noutras Comunidades Autónomas.

### 2.9.2.2.2 Provincias

O Anexo 24 mostra a distribución porcentual da taxa de ocupación das persoas tituladas da UVigo residentes noutras Comunidades Autónomas por provincias.

## 2.9.2.3 Resto do mundo

O Anexo 25 mostra a distribución porcentual taxa de ocupación das persoas tituladas da UVigo residentes no resto do mundo por países.

### 2.9.3 Ámbitos académicos

Por ámbitos académicos as taxas de ocupación máis altas déronse entre as persoas tituladas na rama das Ciencias da Saúde (96,1%) e Tecnolóxica (95,8%), seguido, a máis distancia pola Xurídico-Social (91,4%) e Científica (90,3%).

**Cadro nº44: Taxa de ocupación segundo os ámbitos académicos**

Ámbito	%
Artes e Humanidades	86,9
Ciencias da Saúde	96,1
Científico	90,3
Multidisciplinar	84,4
Tecnolóxico	95,8
Xurídico-Social	91,4

### 2.9.4 Tipoloxía de estudos

A taxa de ocupación é máis alta entre os enxeñeiros/as superiores/as (93,7%), doutorados/as (94,3%) e enxeñeiros/as técnicos/as (93,8%).

**Cadro nº45: Taxa de ocupación segundo a tipoloxía de estudos**

Tipoloxía	%
Diplomatura	92,2
Doutoramento	94,3
Enxeñaría Superior	97,7
Enxeñaría Técnica	93,8
Grao	90,8
Licenciatura	91,1
Mestrado Universitario	86,5
Título Propio	61,5

### 2.9.5 Titulacións

O Anexo 26 mostra a distribución porcentual da taxa de ocupación das persoas tituladas da UVigo por titulacións.

### 2.9.6 Promoción académica

Segundo o Cadro nº46, a taxa de ocupación mostra unha tendencia decrecente, sendo máxima entre as promocións que máis tempo levan no mercado de traballo (96,8%) contra as recén tituladas (84,7%).

**Cadro nº46: Taxa de ocupación segundo a promoción académica**

Promoción	%
1990-1995	96,8
1996-2000	93,8
2001-2005	93,6
2006-2010	92,5
2011-2015	90,1
2016-2020	84,7

**3 Características do emprego****3.1 Lugar de traballo**

A diferenza do lugar de residencia, ítem respondido por todas as persoas que participaron neste estudo independentemente da súa situación socio-laboral (empregadas, desempregadas, estudantes, xubiladas/pensionistas...), o lugar de traballo, unicamente respondido polas persoas que traballaban no momento de responder a enquisa, fai referencia ao lugar no que se encontra a empresa/entidade en que traballan as persoas ocupadas.

**3.1.1 Resultados globais e por xénero**

A maioría das persoas tituladas da UVigo que participaron neste estudo traballan en Galicia (75,0%). O 25% restante distribúese noutras Comunidades Autónomas (14,3%) e en 46 países do resto do mundo (10,7%).

**Cadro nº47: Lugar de traballo das persoas tituladas**

	%	Home	Muller
Galicia	75,0	70,9	77,9
Outra Comunidade Autónoma	14,3	15,5	13,5
Resto do mundo	10,7	13,6	8,6

**3.1.2 Galicia****3.1.2.1 Provincias**

A maioría das persoas tituladas (80,1%) que traballan en Galicia fano nas dúas provincias onde radicán os campus universitarios da UVigo.

#### Cadro nº48: Persoas tituladas que traballan en Galicia por provincias

Provincia	%
A Coruña	16,7
Lugo	3,1
Ourense	16,1
Pontevedra	64,1

### 3.1.2.2 Comarcas

A metade das persoas tituladas (52,5%) traballan nas comarcas de Vigo (30,7%), Ourense (7,5%), Pontevedra (5,8%), Santiago (4,3%) e A Coruña (4,2%).

O Anexo 27 mostra o lugar de traballo das persoas tituladas que traballan en Galicia por comarcas.

### 3.1.3 Outras Comunidades Autónomas

#### 3.1.3.1 Comunidades Autónomas

A Comunidade de Madrid acolle case á metade (46,2%) das persoas tituladas da UVigo que traballan en España, seguido por Cataluña (20,5%). A máis distancia sitúanse as que traballan en Castela e León (5,2%), Andalucía (4,8%) e País Basco (4,3%).

Para máis información, o Anexo 28 mostra a distribución porcentual das persoas tituladas que traballan noutras Comunidades Autónomas.

#### 3.1.3.2 Provincias

O Anexo 29 mostra a distribución por provincias das persoas tituladas que traballan noutras Comunidades Autónomas.

### 3.1.4 Resto do mundo

Os tres países estranxeiros nos que máis persoas tituladas da UVigo encontraron traballo son o Reino Unido (17,2%), Alemaña (14%) e Portugal (11,8%). A máis distancia encóntranse os Estados Unidos da América (6,7%), Francia e Suíza (5,1% ambos) e Países Baixos (4,5%).

O Anexo 30 mostra a distribución porcentual por países das persoas tituladas que traballan no resto do mundo.

### 3.1.5 Ámbitos académicos

Entre as persoas que traballan en Galicia, tal como mostra o Cadro nº49, como na mostra global, predominan as tituladas do ámbito Xurídico-Social (48,7%), seguido polo Tecnolóxico (27,1%). A

máis distancia sitúanse o Científico (9,2%) e das Artes e Humanidades (8,5%). Finalmente, co 5,5% están as pertencentes ás Ciencias da Saúde.

Porén, entre as persoas tituladas que traballan noutras Comunidades Autónomas, o peso do ámbito Xurídico-Social é máis baixo (39,3%), mostrando unha maior presenza de titulados/as dos ámbitos Tecnolóxico (31,9%), Científico (12,9%) e das Artes e Humanidades (11,4%).

Entre as persoas que traballan no resto do mundo destaca o predominio das tituladas do ámbito Tecnolóxico (38,5%), seguido polo Científico (21,3%), Xurídico-Social (19,4%) e das Artes e Humanidades (18,2%).

#### Cadro nº49: Ámbitos académicos segundo o lugar de traballo

Ámbitos académicos	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
Artes e Humanidades	8,5	11,4	18,2
Ciencias da Saúde	5,5	3,8	1,6
Científico	9,2	12,9	21,3
Multidisciplinar	1,0	0,7	1,0
Tecnolóxico	27,1	31,9	38,5
Xurídico-Social	48,7	39,3	19,4

Tal como mostra o Cadro nº50, a emigración é máis alta entre as persoas tituladas das ramas Científica (37,6%) e das Artes e Humanidades (36,1%), sendo superior en ambas ramas a emigración ao estranxeiro que a outra Comunidade Autónoma. A seguir áchase o ámbito Tecnolóxico (30,0%), cunha distribución equitativa entre persoas emigradas noutra Comunidade Autónoma (15,8%) e no estranxeiro (14,2%). A máis distancia sitúanse os ámbitos Xurídico-Social e das Ciencias da Saúde, cunha taxa de emigración do 17,4% e 14,8%, respectivamente.

#### Cadro nº50: Lugar de traballo segundo os ámbitos académicos

Ámbitos académicos	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
Artes e Humanidades	63,9	16,5	19,6
Ciencias da Saúde	85,2	11,3	3,5
Científico	62,4	16,8	20,8
Multidisciplinar	77,8	11,1	11,1
Tecnolóxico	70,0	15,8	14,2
Xurídico-Social	82,6	12,7	4,7

### 3.1.6 Tipoloxía de estudos

A taxa de emigración é máis alta entre os doutorados/as (39,5%), seguida pola dos enxeñeiros/as superiores/as (33,8%). Os ciclos curtos presentan as taxas máis baixas (11,7% entre os diplomados/as e 21,1% entre os enxeñeiros/as técnicos/as). Licenciados/as e graduados/as posúen unha taxa do 26,3% e 26,5%, respectivamente.

Tanto as persoas tituladas en doutoramento como en mestrados universitarios presentan unha taxa de emigración ao estranxeiro superior á española.

#### Cadro nº51: Lugar de traballo segundo a tipoloxía de estudos

Tipoloxía de estudos	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
Diplomatura	88,3	9,3	2,4
Doutoramento	60,5	11,7	27,8
Enxeñaría Superior	66,2	17,4	16,4
Enxeñaría Técnica	78,9	13,0	8,1
Grao	73,5	16,8	9,7
Licenciatura	73,7	16,4	9,9
Mestrado Universitario	67,2	13,0	19,8
Título Propio	28,5	42,9	28,6

### 3.1.7 Titulacións

As taxas de emigración máis altas prodúcense entre as persoas tituladas nos graos en Turismo (75,0%), Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais (66,7%), Licenciatura en Física (60,0%), Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (57,2%), Enxeñaría de Telecomunicación (52,3%) e nos graos en Belas Artes, Economía, Enxeñaría Eléctrica, Linguas Estranxeiras, Química e Xeografía e Historia, ben como na Licenciatura en Comunicación Audiovisual (50,0% cada unha).

Polo contrario, non se rexistra emigración entre os titulados/as na Diplomatura en Xestión e Administración Pública, ben como nos graos en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Ciencias da Actividade Física e do Deporte, Comercio, Educación Social, Enxeñaría Agraria, Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática, Enxeñaría en Química Industrial, Enxeñaría Forestal e en Enxeñaría Informática.

Para máis información, o Anexo 31 mostra a distribución porcentual do lugar de traballo segundo as titulacións realizadas na UVigo.

### 3.1.8 Promoción académica

A taxa de emigración alcanza o seu valor máximo (35,8%) entre as persoas tituladas entre 2011-15, baixando no quinquenio seguinte ao 19,4%. A taxa máis baixa de persoas tituladas traballando fóra de Galicia rexístrase entre as persoas tituladas entre 1990-95 (10,4%).

**Cadro nº52: Lugar de traballo segundo a promoción académica**

Promoción académica	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
1990-1995	89,6	7,6	2,8
1996-2000	83,7	11,7	4,6
2001-2005	77,4	15,7	6,9
2006-2010	73,1	14,8	12,1
2011-2015	64,2	17,5	18,3
2016-2020	80,6	6,9	12,5

Mentres que as máximas taxas de emigración se producen nas persoas tituladas nos anos 2019 (42,1%), 2012 (41,9%), 2013 (41,4%), 2015 (33,5%) e 2011 (33,3%), as mínimas rexístranse entre os titulados/as nos anos 1990 (5,0%), 1994 (5,8%), 1992 (7,0%) e 1997 (8,2%). A taxa de emigración ao estranxeiro é significativamente superior a outra Comunidade Autónoma nos anos 2019, 2020 e 2013. En todos os anos do quinquenio 2016-20 a taxa de emigración ao estranxeiro supera á doutra Comunidade Autónoma.

O Anexo 32 mostra a evolución anual do lugar de traballo das persoas tituladas.

**3.2 Modalidade de contratación e tipo de contrato****3.2.1 Modalidade de contratación**

Tal como se pode comprobar no Cadro nº53, antes do inicio da actual crise por Covid-19, a maioría dos titulados/as (90,7%) traballaba por conta allea contra o 9,3% que o facía por conta propia.

Entre as persoas tituladas que traballan por conta propia predominan os traballadores/as autónomos (7,2%) contra os empresarios/as (2,1%).

Os titulados/as que traballan por conta allea repártense, nunha proporción 2:1, entre empregados/as na empresa privada (61,7%) e empregados/as na administración pública (29,0%).

**Cadro nº53: Modalidade de contratación**

Modalidade de contratación		%	%
Conta propia	Traballador/a autónomo/	7,2	9,3
	Empresario/a ou titular dunha empresa	2,1	
Conta allea	Empresa privada	61,7	90,7
	Administración pública	29,0	

Por xéneros, a proporción de homes que traballan por conta propia (10,1%) é lixeiramente superior á de mulleres (8,7%), pois presentan unha maior proporción de empresarios ou titulares de empresas.



Relativamente ao traballo por conta allea é maior a proporción de homes que traballan na empresa privada (66,8% contra o 58,1% de mulleres), ben como a de mulleres que o fan para a administración pública (33,2% contra o 23,1% de homes).

**Cadro nº54: Modalidade de contratación segundo o xénero**

	Home	Muller		Home	Muller
Conta propia	10,1	8,7	Traballador/a autónomo/	6,5	7,7
			Empresario/a ou titular dunha empresa	3,6	1,0
Conta allea	89,9	91,3	Empresa privada	66,8	58,1
			Administración pública	23,1	33,2

## 3.2.2 Tipo de contrato

### 3.2.2.1 Resultados globais e por xénero

Entre as persoas tituladas que traballan por conta allea son maioritarios os contratos indefinidos (76,9%), seguido polos temporais/eventuais (15,6%). No 7,4% restante destacan os contratos por obra/servizo (5,5%), os bolseiros/as (1,4%) e a máis distancia os titulados/as en prácticas (0,4%). Con todo, seguen a existir titulados/as a traballar sen contrato (0,1%).

**Cadro nº55: Tipo de contrato**

Tipo de contrato	Global	Home	Muller
Bolsa	1,4	0,6	2,0
En prácticas	0,4	0,3	0,5
Indefinido	76,9	82,0	73,3
Por obra/servizo	5,5	5,4	5,6
Sen contrato	0,1	0,1	0,1
Temporal/eventual	15,6	11,7	18,5

Por xéneros son estatisticamente significativas as diferenzas nas porcentaxes de contratos indefinidos (82,0% de homes contra 73,3% de mulleres), que se traducen na maior presenza feminina tanto de contratos temporais (18,5% contra o 11,7% de homes) e de bolseiras (2,0% contra o 0,6% de homes). No resto de categorías (contrato en prácticas, por obra/servizo e sen contrato) é moi similar a proporción entre mulleres e homes.

### 3.2.2.2 Lugar de traballo

O tipo de contrato predominante nos tres ámbitos xeográficos avaliados é o indefinido, sendo máis alto entre as persoas tituladas que traballan noutra Comunidade Autónoma (83,3%) que en Galicia (76,0%) e no resto do mundo (74,6%).

As modalidades de contrato de duración definida<sup>48</sup> están máis estendidas entre as persoas que traballan no estranxeiro (25,3%) e en Galicia (23,3%) que noutras Comunidades Autónomas (16,5%).

#### Cadro nº56: Tipo de contrato segundo o lugar de traballo

Tipo de contrato	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
Bolsa	0,9	1,0	5,1
En prácticas	0,5	0,3	0,0
Indefinido	76,0	83,3	74,6
Por obra/servizo	5,9	5,7	2,6
Sen contrato	0,2	0,0	0,0
Temporal/eventual	16,5	9,8	17,6

#### 3.2.2.3 Ámbitos académicos

O contrato de duración indefinida é a tipoloxía maioritaria en todos os ámbitos académicos, oscilando entre o máximo do 85,6% no Tecnolóxico e o mínimo do 57,5% no Científico (ver Cadro nº57). As modalidades de contrato de duración definida son máximas no ámbito Científico (42,2%), seguído polas Ciencias da Saúde (33,8%) e Artes e Humanidades (32,5%).

#### Cadro nº57: Tipo de contrato segundo o ámbito académico

Tipo de contrato	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Multidisciplinar	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Bolsa	3,6	0,0	4,3	4,2	0,8	0,8
En prácticas	0,9	0,0	0,4	4,2	0,3	0,4
Indefinido	66,1	66,2	57,5	58,3	85,6	79,6
Por obra/servizo	6,3	1,5	11,1	8,3	6,7	3,4
Sen contrato	0,5	0,0	0,0	0,0	0,1	0,1
Temporal/eventual	22,6	32,3	26,8	25,0	6,5	15,7

#### 3.2.2.4 Tipoloxía de estudos

O contrato indefinido oscila entre o máximo de 90,8% entre os enxeñeiros/as superiores e o 51,5% de doutorados/as. As modalidades definidas, porén, son significativas nas persoas tituladas en doutoramento (48,5%) e mestrado universitario (40,0%) contra o mínimo do 8,9% entre os enxeñeiros/as superiores. É significativa a presenza de contratos en prácticas entre graduados/as e titulados/as en mestrados.

<sup>48)</sup> Contrato temporal/eventual, por obra/servizo e bolsa.

**Cadro nº58: Tipo de contrato segundo o tipo de estudos**

Tipo de contrato	Diplomatura	Doutoramento	Enxeñaría Superior	Enxeñaría Técnica	Grao	Licenciatura	Mestrado Universitario	Título Propio
Bolsa	0,5	6,9	0,3	0,0	2,4	1,0	4,8	0,0
En prácticas	0,0	0,0	0,3	0,4	1,2	0,3	2,4	0,0
Indefinido	75,6	51,5	90,8	87,9	66,7	79,3	57,6	85,7
Por obra/servizo	3,0	9,0	4,2	6,6	10,2	5,4	6,1	0,0
Sen contrato	0,2	0,0	0,0	0,4	0,0	0,1	0,0	0,0
Temporal/eventual	20,7	32,6	4,4	4,7	19,5	13,9	29,1	14,3

### 3.2.2.5 Titulacións

O Anexo 33 mostra o cadro da distribución porcentual da tipoloxía de contrato segundo a titulación realizada na UVigo.

### 3.2.2.6 Promoción académica

Existe unha relación de dependencia estatística entre a tipoloxía de contrato e a promoción académica das persoas tituladas (ver Cadro nº59). Mentres que o contrato de duración indefinida mostra unha tendencia decrecente en relación ao tempo transcorrido desde a finalización dos estudos universitarios, pasando de ser hexemónica (89,1%) entre 1990-95 a minoritaria (46,6%) entre 2016-20, a tendencia dos contratos de duración definida é inversa (48,8% entre 2016-20 e 10,3% entre 1990-95). Os contratos en prácticas presentan o seu máximo rexistro (4,6%) entre os recén titulados/as.

**Cadro nº59: Tipo de contrato segundo a promoción académica**

Tipo de contrato	1990-1995	1996-2000	2001-2005	2006-2010	2011-2015	2016-2020
Bolsa	0,6	0,5	0,4	1,1	1,9	8,4
En prácticas	0,0	0,0	0,0	0,2	0,6	4,6
Indefinido	89,1	85,7	83,1	77,3	68,8	46,6
Por obra/servizo	1,1	2,2	5,4	5,8	7,5	9,9
Sen contrato	0,6	0,5	0,0	0,0	0,0	0,0
Temporal/eventual	8,6	11,1	11,1	15,6	21,2	30,5

### 3.2.2.7 Tempo de permanencia

A antigüidade no posto de traballo é unha variábel que depende da tipoloxía de contrato, sendo máis alta entre os que teñen contrato indefinido (116,4 meses/9,7 anos) que nas modalidades de duración definida: 35,5 meses/3 anos nos contratos temporais/eventuais, 34,8 meses/2,9 anos nos contratos por obra/servizo e 29,3 meses/2,4 anos nas bolsas.

O menor tempo de permanencia prodúcese nas persoas en prácticas (9,7 meses).

#### Cadro nº60: Tempo de permanencia segundo o tipo de contrato

Tipo de contrato	Media (meses)	Desviación típica (meses)	Media (anos)
Bolsa	29,3	24,4	2,4
En prácticas	9,7	7,1	0,8
Indefinido	116,4	89,3	9,7
Por obra/servizo	34,8	55,0	2,9
Sen contrato	24,5	0,7	2,0
Temporal/eventual	35,5	45,6	3,0

## 3.3 Rama de actividade

### 3.3.1 Resultados globais e por xénero

A maioría das persoas tituladas que participaron no estudo están empregadas na empresa privada (64,0%), un 30,8% na administración pública e un 5,2% traballa nunha entidade non lucrativa (Fundación, ONG, asociación,...)

#### Cadro nº61: Rama de actividade

Rama de actividade	Global	Home	Muller
Ámbito público	30,8	25,0	35,0
Empresa privada	64,0	70,5	59,4
Entidade non lucrativa	5,2	4,5	5,6

Por xéneros, existen diferenzas estatisticamente significativas. Así sendo, mentres que os homes traballan en máis proporción na empresa privada (70,5% contra o 59,4% de mulleres), a presenza feminina na administración pública (35,0%) supera á masculina (25,0%).

### 3.3.2 Ámbitos académicos

Por ámbitos académicos é significativa a maior proporción de persoas tituladas que traballan na empresa privada dos ámbitos Tecnolóxico (80,3%), Artes e Humanidades (62,7%) e Xurídico-Social (61,7%), ben como o predominio do ámbito público entre as tituladas na rama das Ciencias da Saúde (67,4%), Multidisciplinar (63,0%) e a considerábel proporción (44,4%) na Científica.

O traballo en entidades non lucrativas apenas presenta valores significativos entre os titulados/as dos ámbitos Científico (7,5%) e Xurídico-Social (6,7%).

**Cadro nº62: Rama de actividade segundo o ámbito académico**

Tipo de contrato	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Multidisciplinar	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Ámbito público	34,9	67,4	44,4	63,0	16,2	31,6
Empresa privada	62,7	30,5	48,1	33,3	80,3	61,7
Entidade non lucrativa	2,4	2,1	7,5	3,7	3,5	6,7

**3.3.3 Tipoloxía de estudos**

Relativamente á tipoloxía de estudos, o traballo no sector privado é maioritario entre os enxeñeiros/as técnicos/as (84,8%), enxeñeiros/as superiores (82,4%), graduados/as (66,8%) e licenciados/as (65,6%).

Polo contrario, o traballo no ámbito público é maioritario entre as persoas tituladas en doutoramento (61,7%), alcanzando proporcións expresivas entre os/as diplomados/as (43,9%), titulados/as en mestrados (39,1%) e licenciados/as (30,0%).

A proporción de traballo nunha entidade non lucrativa é máis alta entre as persoas graduadas (8,2%) e doutoradas (7,4%), superando amplamente a enxeñeiros/as técnicos/as (1,8%), enxeñeiros/as superiores (4,3%) e licenciados/as (4,4%).

**Cadro nº63: Rama de actividade segundo a tipoloxía de estudos**

Rama de actividade	Diplomatura	Doutoramento	Enxeñaría Superior	Enxeñaría Técnica	Grao	Licenciatura	Mestrado Universitario	Título Propio
Ámbito público	43,9	61,7	13,3	13,4	25,0	30,0	39,1	14,3
Empresa privada	49,6	30,9	82,4	84,8	66,8	65,6	55,2	85,7
Entidade non lucrativa	6,5	7,4	4,3	1,8	8,2	4,4	5,7	0,0

**3.3.4 Promoción académica**

A proporción de persoas tituladas que traballan na empresa privada presenta unha liña de tendencia crecente entre as promocións comprendidas no período de 1990 a 2015, pasando dun mínimo de 46,9% ao máximo de 71,8%. No entanto, no último quinquenio avaliado prodúcese unha diminución na porcentaxe desta rama de actividade até o 53,8%.

En troca, a porcentaxe de persoas que traballan no ámbito público segue unha tendencia decrecente, pasando do 51,2% entre 1990-95 até o 22,5% entre 2011-15. No último período avaliado prodúcese un incremento, alcanzando o 40,0%.

#### Cadro nº64: Rama de actividade segundo a promoción académica

Rama de actividade	1990-95	1996-2000	2001-2005	2006-2010	2011-2015	2016-2020
Ámbito público	51,2	37,4	30,8	27,5	22,5	40,0
Empresa privada	46,9	58,3	63,4	67,1	71,8	53,8
Entidade non lucrativa	1,9	4,3	5,8	5,4	5,7	6,2

### 3.3.5 Lugar de traballo

Tal como mostra o Cadro nº65, non existen relacións de dependencia estatística ( $p$ -valor $>0,05$ ) entre a rama de actividade e o lugar de traballo.

#### Cadro nº65: Rama de actividade segundo o lugar de traballo

Rama de actividade	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
Ámbito público	31,0	29,8	31,5
Empresa privada	63,4	66,9	64,0
Entidade non lucrativa	5,6	3,3	4,5

### 3.3.6 Titulacións

O Anexo 34 mostra o cadro de datos da distribución porcentual da rama de actividade por titulacións.

### 3.3.7 Tipo de contrato

Segundo a tipoloxía de contrato, os indefinidos presentan na empresa privada unha proporción (86,3%) superior á existente nas entidades non lucrativas (68,0%) e ámbito público (59,7%), diferenza que comporta a maior proporción de traballo eventual no ámbito público (39,9%) e entidades non lucrativas (31,3%) contra a empresa privada (13,0%). Os contratos en prácticas nas entidades non lucrativas (0,7%) superan aos existentes no ámbito público e privado (0,4% ambos).

#### Cadro nº66: Tipo de contrato segundo a rama de actividade

Tipo de contrato	Ámbito público	Empresa privada	Entidade non lucrativa
Bolsa	3,4	0,4	0,7
En prácticas	0,4	0,4	0,7
Indefinido	59,7	86,3	68,0
Por obra/servizo	5,7	4,8	12,4
Sen contrato	0,0	0,2	0,0
Temporal/eventual	30,8	7,8	18,2

### 3.4 Sector económico

#### 3.4.1 Resultados globais e por xénero

Como se pode observar no Cadro nº67, o sector económico que concentra máis persoas tituladas é o ensino/docencia (19,0%), seguido a máis distancia por determinados servizos da administración pública (7,9%), saúde (6,8%), automoción (6,1%), investigación (5,4%) e consultoría (5,0%).

A seguir, cunha proporción entre 3 e 5%, áchase o sector das telecomunicacións e novas tecnoloxías da información e comunicación (4,3%), a alimentación e industria agroalimentar (4,1%), servizos a empresas (4,0%), banca e seguros (3,7%) e servizos profesionais (3,2%).

Os restantes sectores, que de forma agregada representan o 30,2% da mostra, separadamente presentan unha porcentaxe inferior ao 3%.

**Cadro nº67: Distribución global da mostra por sectores económicos**

Sector económico	%
Actividades deportivas	0,6
Administración pública (servizos centrais, Facenda...)	7,9
Aeroespacial	0,4
Agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal	1,4
Alimentación/industria alimentaria	4,1
Automoción	6,1
Banca e seguros	3,7
Construción	2,7
Construción naval	0,3
Consultoría	5,0
Cultura e lecer	0,4
Defensa e seguridade	0,4
Enerxía e utilities	2,5
Ensino/Docencia	19,0
Enxeñaría	2,9
Farmacéutica	1,3
Industria química, plástico, vidro e envases	1,1
Investigación	5,4
Loxística, transporte e distribución	1,8
Madeira	0,5
Medios de comunicación/Audiovisuais	1,6
Metalurxia e eléctrico	2,3
Minaría	0,1

Sector económico	%
Outras actividades sociais	2,7
Papel, gráficas, edición e reprodución	0,5
Sanitario/Saúde	6,8
Servizos a empresas	4,0
Servizos informáticos	1,9
Servizos profesionais (avogacía, tradución, artista,...)	3,2
Telecomunicacións/IT	4,3
Téxtil e confección	1,3
Turismo e restauración/HORECA	1,4
Venda maiorista	0,2
Venda retallista	1,4
Xestión ambiental	0,5

Por xéneros, (ver Cadro nº68) é significativo o predominio da presenza feminina no ensino/docencia, saúde, servizos profesionais, outras actividades sociais e servizos centrais da administración pública. Porén, entre os homes predomina a automoción, enxeñaría, telecomunicacións e novas tecnoloxías, enerxía e utilities e metalurxia e eléctrico.

Non existen diferenzas significativas en relación á presenza de ambos xéneros nos seguintes sectores: construción naval; papel, gráficas, edición e reprodución; farmacéutica, defensa e seguridade; agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal; cultura e lecer, consultoría, venda retallista, venda maiorista, xestión ambiental; industria química, plástico, vidro e envases; turismo e restauración, madeira, actividades deportivas, aeroespacial, téxtil e confección, alimentación/industria alimentaria, investigación, servizos informáticos; loxística, transporte e distribución; medios de comunicación/audiovisuais, construción, servizos a empresas, banca e seguros.

**Cadro nº68: Sectores económicos segundo o xénero**

Sector económico	Home	Muller
Actividades deportivas	1,0	0,4
Administración pública (servizos centrais, Facenda...)	6,8	8,7
Aeroespacial	0,8	0,2
Agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal	1,5	1,4
Alimentación/industria alimentaria	3,7	4,4
Automoción	8,3	4,5
Banca e seguros	4,7	3,1
Construción	3,5	2,1
Construción naval	0,3	0,3
Consultoría	4,8	5,1
Cultura e lecer	0,3	0,5



Sector económico	Home	Muller
Defensa e seguridade	0,4	0,3
Enerxía e utilities	3,8	1,5
Ensino/Docencia	13,7	22,7
Enxeñaría	5,1	1,3
Farmacéutica	1,4	1,3
Industria química, plástico, vidro e envases	1,3	0,9
Investigación	6,1	5,0
Loxística, transporte e distribución	2,5	1,3
Madeira	0,8	0,3
Medios de comunicación/Audiovisuais	0,9	2,2
Metalurxia e eléctrico	3,4	1,5
Minaría	0,3	0,0
Outras actividades sociais	1,2	3,7
Papel, gráficas, edición e reprodución	0,5	0,6
Sanitario/Saúde	4,4	8,6
Servizos a empresas	3,1	4,6
Servizos informáticos	2,6	1,5
Servizos profesionais (avogacía, tradución, artista,...)	1,8	4,2
Telecomunicacións/IT	6,3	2,9
Téxtil e confección	0,9	1,6
Turismo e restauración/HORECA	1,1	1,6
Venda maiorista	0,4	0,1
Venda retalista	1,2	1,5
Xestión ambiental	0,7	0,3

### 3.4.2 Ámbitos académicos

Entre as persoas tituladas do ámbito das Artes e Humanidades predomina o ensino/docencia (42,5%), servizos profesionais (15,4%) e os servizos da administración pública (4,8%).

O 90,8% das persoas tituladas das Ciencias da Saúde traballan no sector sanitario ou da saúde. Un 2,8% traballan no ensino e 1,4% no sector da alimentación/industria alimentar.

Entre os titulados/as do ámbito Científico destacan a investigación (30,1%) e o ensino (14,0%) seguindo, a máis distancia, a alimentación (8,1%), farmacéutica (6,8%), servizos centrais da administración pública (5,6%), consultoría (4,7%) e agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal (4,0%).

Na rama Tecnolóxica predominan a automoción (14,0%) e as telecomunicacións (11,6%). Logo a seguir áchanse a enxeñaría (8,6%), ensino (7,4%), consultoría (6,6%), enerxía e utilities (6,1%) e metalurxia e eléctrico (5,2%).

No Xurídico-Social destacan o ensino (23,4%) e servizos da administración pública (12,5%), seguidos por banca e seguros (7,5%), servizos a empresas (6,0%), consultoría (5,4%) e outras actividades sociais (4,9%).

O Anexo 35 mostra a distribución porcentual dos sectores económicos segundo os ámbitos académicos.

Máis pormenorizadamente, o Anexo 36 mostra, para cada sector económico, a distribución porcentual de ámbitos académicos.

### 3.4.3 Tipoloxía de estudos

Entre os diplomados/as predomina o ensino (26,7%), saúde (18,5%), servizos da administración pública (12,0%), outras actividades sociais (4,7%) e automoción (4,1%).

Entre as persoas con doutoramento destacan, a partes iguais, a investigación (35,8%) e a docencia (35,2%), seguidos, a máis distancia, por servizos da administración pública (3,7%) e farmacéutico (3,1%).

Entre os enxeñeiros/as superiores predominan as telecomunicacións e novas tecnoloxías da información e comunicación (16,7%) e a automoción (14,3%). Logo a seguir áchase a enxeñaría (8,8%), consultoría (7,6%), enerxía e utilities (6,4%) e o ensino (5,5%).

Nas Enxeñarías Técnicas as porcentaxes máis altas corresponden á automoción (15,1%), seguido pola metalurxia e eléctrico (9,2%), enxeñaría (8,8%), ensino (7,0%), alimentación (6,3%), enerxía e utilities (6,0%), servizos informáticos e construción (5,6% ambos) e consultoría (5,3%).

Entre as persoas tituladas en Graos destacan a saúde (14,3%) e ensino (11,8%), seguidos, a máis distancia, pola investigación (7,5%), alimentación e consultoría (5,7% ambos) e outras actividades sociais (5,4%).

Entre os licenciados/as o ensino (21,9%) é o sector máis destacado. A máis distancia áchanse os servizos da administración pública (10,0%), banca e seguros (7,5%), servizos profesionais (7,2%) e servizos a empresas (5,8%).

Para máis informacións, o Anexo 37 mostra a distribución porcentual dos sectores económicos segundo a tipoloxía de estudos.

### 3.4.4 Titulacións

O Anexo 38 mostra a distribución porcentual dos sectores económicos por titulacións.

### **3.4.5 Promoción académica**

O Anexo 39 mostra a distribución porcentual dos sectores económicos segundo a promoción académica.

### **3.4.6 Lugar de traballo**

Galicia presenta porcentaxes máis elevadas en sectores como o ensino/docencia (21,0% contra o 14,0% do resto do mundo e 12,1% doutras Comunidades Autónomas), saúde (7,5% contra o 5,7% doutras Comunidades Autónomas e 3,5% do resto do mundo), servizos a empresas (4,5% contra o 3,1% doutras Comunidades Autónomas e 1,6% do resto do mundo), alimentación (4,4% contra o 4,0% noutras Comunidades Autónomas e 1,9% no resto do mundo), servizos profesionais (3,4% contra 2,9% do resto do mundo e 2,4% doutras Comunidades Autónomas) e outras actividades sociais (3,0% contra 1,6% do resto do mundo e 1,4% doutras Comunidades Autónomas).

Outros sectores sobranceiros en Galicia son a construción, metalurxia e electricidade; agricultura, gandería, pesca, silvicultura e forestal, téxtil e confección, actividades deportivas, construción naval e venda maiorista.

Entre as persoas tituladas que traballan noutras Comunidades Autónomas destaca o maior peso de sectores como servizos da administración pública (10,5% contra o 8,1% de Galicia e 3,2% do resto do mundo), consultoría (7,1% contra o 4,7% de Galicia e o 4,5% do resto do mundo), telecomunicacións/IT (6,9% contra o 5,7% do resto do mundo e 3,6% de Galicia), banca e seguros (5,5% contra o 3,5% de Galicia e 2,9% do resto do mundo), medios de comunicación/audiovisuais (3,3% contra o 2,2% no resto do mundo e 1,2% en Galicia) e venda retalista (3,1% contra o 1,2% en Galicia e 0,3% no resto do mundo).

Outros sectores con máis proporción de titulados/as que traballan noutras Comunidades Autónomas son: servizos informáticos, turismo e restauración; papel, gráficas, edición e reprodución e defensa e seguranza.

As persoas que traballan no resto do mundo presentan porcentaxes máis altas en sectores como a investigación (16,6% contra 5,5% noutras Comunidades Autónomas e 3,8% en Galicia), automoción (7,3% contra o 6,6% de Galicia e 2,4% noutras Comunidades Autónomas), enerxía e utilities (5,1% contra o 3,6% noutras Comunidades Autónomas e 1,9% en Galicia), farmacéutico (3,8% contra o 1,4% noutras Comunidades Autónomas e 1,0% en Galicia) e enxeñaría (3,2% contra o 2,9% noutras Comunidades Autónomas e 2,8% en Galicia).

Outros sectores mostran máis proporción de persoas tituladas que traballan no estranxeiro, entre os cales, a industria química, plástico, vidro e envases; aeroespacial, xestión ambiental, cultura e lecer, madeira e minaría.

O Cadro nº69 mostra os dez principais sectores en cada unha das áreas xeográficas analizadas neste estudo (Galicia, outras Comunidades Autónomas e resto do mundo).

**Cadro nº69: Principais sectores económicos segundo o lugar de traballo**

<b>Galicia</b>	<b>Outras Comunidades Autónomas</b>	<b>Resto do mundo</b>
Ensino/Docencia (21,0%)	Ensino/Docencia (12,1%)	Investigación (16,6%)
Servizos da Administración pública (8,1%)	Servizos da Administración pública (10,5%)	Ensino/Docencia (14%)
Sanitario/Saúde (7,5%)	Consultoría (7,1%)	Automoción (7,3%)
Automoción (6,6%)	Telecomunicacións/IT (6,9%)	Telecomunicacións/IT (5,7%)
Consultoría (4,7%)	Sanitario/Saúde (5,7%)	Enerxía e utilities (5,1%)
Servizos a empresas (4,5%)	Investigación (5,5%)	Consultoría (4,5%)
Alimentación/industria alimentaria (4,4%)	Banca e seguros (5,5%)	Farmacéutica (3,8%)
Investigación (3,8%)	Alimentación/industria alimentaria (4,0%)	Sanitario/Saúde (3,5%)
Telecomunicacións/IT (3,6%)	Enerxía e utilities (3,6%)	Servizos da Administración pública (3,2%)
Banca e seguros (3,5%)	Medios de comunicación/Audiovisuais (3,3%)	Enxeñaría (3,2%)

Para máis información, o Anexo 40 mostra a distribución porcentual dos sectores económicos segundo o lugar de traballo.

**3.4.7 Tipo de contrato**

O contrato indefinido constitúe a única forma de contrato nas persoas tituladas que traballan nos sectores da construción, madeira e minaría, sendo o predominante na venda retalista (97,1%), metalurxia e electricidade (94,6%), actividades deportivas e papel, gráficas, edición e reprodución (92,9% ambos), telecomunicacións e novas tecnoloxías (92,4%), xestión ambiental (92,3%), banca e seguros (92,2%), servizos profesionais (91,3%), defensa e seguridade (90,9%) e servizos informáticos (90,7%).

Polo contrario, os tipos de contrato de duración definida son os predominantes na investigación (75,4%), alcanzando proporcións destacábeis entre as persoas tituladas que traballan noutras actividades sociais (40,0%), cultura e lecer (37,5%), agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal (35,3%) e ensino/docencia (31,6%).

O Anexo 41 mostra a distribución porcentual da tipoloxía de contrato segundo o sector económico.

**3.4.8 Rama de actividade**

Forman parte do ámbito da empresa privada a totalidade das actividades ligadas aos sectores da madeira, minaría; papel, gráficas, edición e reprodución, téxtil e confección e venda maiorista, ben como máis do 90% de sectores como o do turismo e restauración (97,6%), enerxía e utilities (97,2%), metalurxia e eléctrico (97,0%); industria química, plástico, vidro e envases (96,8%), alimentación

(96,7%), consultoría (96,6%), servizos informáticos (96,5%), construción (96,2%), servizos profesionais (95,7%), banca e seguros (95,5%), venda retalista (95,0%), farmacéutica (94,9%), automoción (93,9%), servizos a empresas (93,2%), telecomunicacións (92,9%) e medios de comunicación/audio-visuais (91,7%).

Para alén dos servizos da administración pública (97,4%), o ámbito público é maioritario nas actividades ligadas á investigación (73,6%), ensino/docencia (66,1%), defensa e seguranza (63,6%) e da saúde (55,5%). O ámbito público presenta porcentaxes notábeis en sectores como o aeroespacial (30,8%); agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal (21,4%) e da cultura e lecer (15,4%).

O ámbito das entidades non lucrativas é maioritario no sector doutras actividades sociais (66,7%) e, en menor medida, nas actividades deportivas (21,1%), xestión ambiental (20,0%) e investigación (13,2%).

O Anexo 42 mostra a distribución porcentual das ramas de actividade segundo o sector económico. Complementariamente, o Anexo 43 expón a distribución porcentual dos sectores económicos segundo a rama de actividade.

## **3.5 Área funcional de traballo**

### **3.5.1 Resultados globais e por xénero**

As principais áreas funcionais de traballo ou departamentos no seo das empresas/entidades ás que están adscritas as persoas tituladas que responderon a enquisa son a formación e ensino (16,0%) e administración e finanzas (12,0%), seguidas por servizos (9,4%); investigación, desenvolvemento e innovación (8,3%), enxeñaría e construción (7,8%), informática e tecnoloxía (7,3%), vendas e marketing (6,6%), produción (6,3%) e prevención e saúde (5,4%).

Con porcentaxes máis baixas áchanse as áreas de dirección xeral (4,3%), atención ao cliente (4,2%), calidade (1,5%), loxística e almacén (1,3%), recursos humanos (1,1%), compras (0,9%) e xestión de proxectos (0,4%).

No 7,1% de casos, as empresas/organizacións carecen de áreas funcionais diferenciadas.

Por xéneros<sup>49</sup> é significativa a maior proporción de homes que traballan en sectores como a enxeñaría e construción (+10,4), informática e tecnoloxía (+6,5), dirección xeral (+3,8), I+D+i (+3,6) e produción (+3,3).

Polo contrario, as mulleres teñen máis presenza en formación e ensino (+8,3), administración e finanzas (+4,6), servizos (+4,2), prevención e saúde (+3,1) e atención ao cliente (+2,6).

Finalmente, é equivalente a presenza de ambos os xéneros nas áreas de vendas e marketing, xestión de proxectos, compras, calidade, recursos humanos e loxística e almacén.

<sup>49</sup> Os valores representan a diferenza de porcentaxe entre xéneros.

A presenza de mulleres en organizacións sen áreas diferenciadas (9,1%) duplica á de homes (4,4%).

O Cadro nº70 mostra, a nivel global e por xéneros, a distribución porcentual da área funcional ou departamento en que traballan as persoas tituladas que participaron neste estudo.

#### Cadro nº70: Área funcional de traballo

Departamento	Global	Home	Muller
Administración e finanzas	12,0	9,4	14,0
Atención ao cliente	4,2	2,7	5,3
Calidade	1,5	1,4	1,5
Compras	0,9	0,9	1,0
Dirección xeral	4,3	6,5	2,7
Enxeñaría e construción	7,8	13,8	3,4
Formación e ensino	16,0	11,1	19,4
I+D+i	8,3	10,4	6,8
Informática e tecnoloxía	7,3	11,1	4,6
Loxística e almacén	1,3	1,7	1,1
Prevenición e saúde	5,4	3,6	6,7
Produción	6,3	8,2	4,9
Recursos humanos	1,1	0,8	1,3
Servizos	9,4	7,0	11,2
Vendas/marketing	6,6	6,6	6,5
Xestión de proxectos	0,4	0,4	0,5
Sen áreas diferenciadas	7,1	4,4	9,1

### 3.5.2 Ámbitos académicos

As persoas tituladas na rama das Artes e Humanidades destacan por realizar traballos na área de formación e ensino (37,2%) e pola inexistencia de áreas funcionais diferenciadas nas organizacións en que traballan (17,0%).

Entre os titulados/as do ámbito das Ciencias da Saúde son maioritarias as persoas que traballan na prevención e saúde (65,5%), seguidas polas que o fan en servizos (13,7%).

Os titulados/as do ámbito Científico presentan a maior proporción de persoas que traballan nas áreas de I+D+i (37,8%) e na de calidade (5,4%).

As persoas tituladas do ámbito Tecnolóxico destacan pola súa presenza nas áreas de enxeñaría e construción (25,1%), informática e tecnoloxía (20,0%), I+D+i (11,5%), produción (10,2%), dirección xeral (5,8%), loxística e almacén (1,9%) e compras (1,2%).

Finalmente, na rama Xurídico-Social predominan as persoas que traballan nos departamentos de administración e finanzas (24,3%), formación e ensino (19,4%), servizos (12,8%), vendas e marketing (9,8%), atención ao cliente (6,8%) e recursos humanos (2,2%).

**Cadro nº71: Área funcional de traballo segundo o ámbito académico**

Departamento	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Multidisciplinar	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Administración e finanzas	4,5	0,7	3,5	4,0	1,4	24,3
Atención ao cliente	4,9	3,6	3,2	0,0	0,5	6,8
Calidade	0,7	0,7	5,4	0,0	2,4	0,2
Compras	0,7	0,0	0,3	0,0	1,2	1,1
Dirección xeral	2,1	1,4	2,2	4,0	5,8	4,6
Enxeñaría e construción	0,7	0,0	2,9	0,0	25,1	0,1
Formación e ensino	37,2	2,2	12,4	56,0	5,9	19,4
I+D+i	3,1	0,7	37,8	12,0	11,5	0,8
Informática e tecnoloxía	3,8	0,0	2,9	0,0	20,0	1,8
Loxística e almacén	0,3	0,0	0,3	0,0	1,9	1,6
Prevenção e saúde	1,0	65,5	5,1	4,0	2,6	1,8
Produción	7,3	2,2	7,6	0,0	10,2	3,7
Recursos humanos	0,3	0,0	0,0	0,0	0,4	2,2
Servizos	8,7	13,7	7,6	8,0	4,7	12,8
Vendas/marketing	6,9	1,4	3,5	0,0	3,8	9,8
Xestión de proxectos	0,7	0,0	0,3	4,0	0,4	0,5
Sen áreas diferenciadas na empresa	17,0	7,9	5,1	8,0	2,4	8,5

### 3.5.3 Tipoloxía de estudos

Entre os diplomados/as predominan as persoas que traballan nas áreas de formación e ensino (22,3%), administración e finanzas (18,7%), servizos (12,9%), prevención e saúde (12,1%) e atención ao cliente (7,4%).

Case a maioría de doutores/as (48,1%) traballan nas áreas de investigación, desenvolvemento e innovación, seguido polos que o fan en formación e ensino (26,9%) e, a máis distancia, en calidade (2,5%).

Os enxeñeiros/as superiores/as son máis frecuentes nos departamentos de enxeñaría e construción (25,4%), informática e tecnoloxía (20,1%), investigación (12,7%), produción (9,8%), dirección xeral (6,7%), loxística e almacén (1,7%), compras (1,2%) e xestión de proxectos (0,5%).

A presenza dos enxeñeiros/as técnicos/as é máis frecuente nos departamentos de enxeñaría e construción (27,5%), informática e tecnoloxía (19,0%), produción (11,6%), dirección xeral (6,3%), calidade (3,2%) e loxística e almacén (2,8%).

Os graduados/as destacan nas áreas de formación e ensino (11,6%), servizos (10,9%), vendas e marketing (9,8%), prevención e saúde (9,1%), I+D+i (7,6%), atención ao cliente (5,5%) e recursos humanos (1,8%).

Finalmente, a presenza dos licenciados/as é máis frecuente nas áreas de administración e finanzas (19,5%), formación e ensino (18,2%), servizos (11,1%), vendas e marketing (10,3%), produción (6,3%), investigación (5,3%) e xestión de proxectos (0,7%).

A non existencia de áreas funcionais diferenciadas no seo das organizacións é máis alta entre os graduados/as (10,9%) e licenciados/as (8,7%).

Máis detalladamente o Anexo 44 mostra a distribución porcentual da área funcional do posto de traballo segundo a tipoloxía de estudos.

### **3.5.4 Titulacións**

O Anexo 45 mostra o cadro de datos da distribución porcentual da área funcional de traballo por titulacións.

### **3.5.5 Promoción académica**

Ao longo dos trinta anos de promocións avaliadas por quinquenios, indo do máis antigo (1990-95) ao máis recente (2016-20), existe unha tendencia decrecente dos departamentos de administración e finanzas, dirección xeral, formación e ensino, servizos, atención ao cliente, produción e prevención da saúde. Porén, experimentan unha tendencia crecente as áreas de I+D+i, informática e tecnoloxía, enxeñaría e construción, loxística e almacén, calidade e en vendas e marketing.

Máis detalladamente, o Anexo 46 mostra a distribución porcentual da área funcional do posto de traballo por promocións académicas.

### **3.5.6 Lugar de traballo**

Tal como mostra o Cadro nº72, entre as persoas tituladas que traballan en Galicia predominan as funcións de formación e ensino (17,8%), administración e finanzas (13,0%), prevención e saúde (6,0%), atención ao cliente (4,7%), loxística e almacén (1,4%) e recursos humanos (1,2%).



Os titulados/as que traballan noutras Comunidades Autónomas exercen preferentemente as súas funcións nos departamentos de vendas e marketing (12,8%), informática e tecnoloxía e en administración e finanzas (11,6% ambos), servizos (10,1%), produción (8,0%), calidade (1,7%) e loxística e almacén (1,4%).

Finalmente, entre as persoas que traballan no resto do mundo é máis frecuente o traballo en investigación, desenvolvemento e innovación (21,9%), enxeñaría e construción (11,6%), dirección xeral (4,5%), compras (1,3%) e xestión de proxectos (0,6%).

A non existencia de áreas diferenciadas no seo das organizacións é máis frecuente nas empresas galegas (8,0%) que nas españolas (3,9%) e estranxeiras (4,8%).

#### Cadro nº72: Área funcional de traballo segundo o lugar de traballo

Departamento	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
Administración e finanzas	13,0	11,6	6,4
Atención ao cliente	4,7	3,1	2,3
Calidade	1,5	1,7	1,3
Compras	0,9	1,0	1,3
Dirección xeral	4,4	3,4	4,5
Enxeñaría e construción	7,0	8,7	11,6
Formación e ensino	17,8	9,2	12,5
I+D+i	6,4	8,2	21,9
Informática e tecnoloxía	6,3	11,6	9,0
Loxística e almacén	1,4	1,4	0,6
Sen áreas diferenciadas na empresa	8,0	3,9	4,8
Prevenición e saúde	6,0	4,1	3,2
Produción	5,9	8,0	6,4
Recursos humanos	1,2	1,0	0,3
Servizos	9,7	10,1	7,1
Vendas/marketing	5,5	12,8	6,1
Xestión de proxectos	0,4	0,5	0,6

### 3.5.7 Tipo de contrato

Os contratos de duración indefinida son maioritarios nas persoas tituladas que traballan en todos os departamentos avaliados, oscilando entre un mínimo do 51,9% en I+D+i á totalidade dos que o fan en compras, seguido por recursos humanos (96,8%), dirección xeral (95,6%), informática e tecnoloxía (91,1%) e vendas e marketing (90,2%). Porén, case a metade das persoas que traballan na área de I+D+i (48,1%) dispoñen de contratos de duración definida, ben como o 32,6% en prevención e saúde, 31,7% en formación e ensino e 29,5% en atención ao cliente. Nas organizacións que carecen de áreas diferenciadas o traballo temporal é do 27,4%.

Máis detalladamente, o Anexo 47 mostra a distribución porcentual da tipoloxía de contrato segundo a área funcional de traballo.

### 3.5.8 Rama de actividade

Entre os/as traballadores/as da empresa privada é máis frecuente a presenza nos departamentos de administración e finanzas (12,7%), enxeñaría e construción (10,5%), informática e tecnoloxía (10,0%), vendas e marketing (9,6%), produción (9,1%), dirección xeral (5,5%), calidade (2,3%), loxística e almacén (2,0%) e recursos humanos (1,2%).

No ámbito público predominan as persoas tituladas que traballan nas áreas de formación e ensino (35,2%) e en prevención e saúde (8,8%).

Nas entidades sen ánimo de lucro os departamentos máis frecuentes son servizos (24,3%), I+D+i (19,6%), atención ao cliente (4,7%) e xestión de proxectos (0,7%).

A ausencia de áreas diferenciadas predomina máis nas entidades non lucrativas (8,8%) e empresa privada (7,6%) que no ámbito público (5,9%).

O Anexo 48 mostra a distribución porcentual da área funcional de traballo segundo a rama de actividade.

### 3.5.9 Sector económico

A área de administración e finanzas é a predominante nos sectores de servizos da administración pública (34,7%), banca e seguros (34,5%), construción naval (33,3%), xestión ambiental (26,7%); papel, gráficas, edición e reprodución (25%), consultoría (23,1%), servizos a empresas (20,5%) e loxística, transporte e distribución (20,4%).

A atención ao cliente é significativa no sector do turismo e restauración (34,1%).

A enxeñaría e construción é maioritaria entre os traballadores/as de enxeñaría (59,5%) e minaría (50,0%) e significativa nos sectores da construción e defensa e seguranza (36,4% ambos), metalurxia e eléctrico (20,9%) e agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal (19,4%),

A área de formación e ensino é a predominante (76,1%) no sector do ensino/docencia.

A función investigadora constitúe o 79,5% dos empregados/as do sector da investigación e o 30,8% do aeroespacial.

A informática e tecnoloxía constitúe o 63,2% do sector dos servizos informáticos e o 39,7% das telecomunicacións.

A prevención e saúde é o departamento maioritario no sector da saúde (52,0%) e o 31,6% das actividades deportivas.

A produción e a área funcional predominante nos sectores da madeira (56,7%), dos medios de comunicación/audiovisuais (44,4%), construción naval (33,3%), xestión ambiental (26,7%), téxtil e confección (26,3%); industria química, plástico, vidro e envases (25,8%); papel, gráficas, edición e reprodución (25,0%), automoción (20,2%) e farmacéutica (17,9%).

Os servizos son a área funcional predominante nos sectores doutras actividades sociais (48,1%) e de cultura e lecer (27,3%).

O departamento de vendas e marketing presenta proporcións notábeis nos sectores da venda maiorista (42,9%) e retalista (37,5%), ben como na cultura e lecer (27,3%).

A ausencia de áreas funcionais diferenciadas no seo das organizacións é maioritaria nos servizos profesionais (55,9%) e considerábel na agricultura, gandaría, caza, pesca, silvicultura e forestal (16,7%), turismo e restauración (12,2%), medios de comunicación/audiovisuais (11,1%), actividades deportivas (10,5%) e venda retalista (10,0%).

Máis detalladamente o Anexo 49 mostra a distribución porcentual da área funcional de traballo segundo o sector económico.

## 3.6 Categoría profesional

### 3.6.1 Resultados globais e por xénero

A categoría profesional é unha variábel determinante para coñecermos a calidade do traballo desenvolvido polas persoas tituladas da UVigo. Como mostra o Cadro nº73, unha maioría de 61,8% exerce responsabilidades de técnicos/as cualificados/as. Un 20,6% son mandos intermedios e un 11,9% directivos/as. Un 5,7% referiu desenvolver o seu traballo segundo categorías profesionais non propias de titulados/as universitarios como empregados/as non cualificados/as.

**Cadro nº73: Categoría profesional**

Categoría profesional	Global	Home	Muller
Directivo/a	11,9	16,5	8,7
Empregado/a non cualificado/a	5,7	3,0	7,7
Mando intermedio	20,6	22,7	19,1
Técnico/a cualificado/a	61,8	57,9	64,5

Por xéneros é significativa a maior proporción de homes que traballan como directivos (16,5% contra o 8,7% de mulleres) e mandos intermedios (22,7% contra 19,1%). Polo contrario, entre as mulleres é máis alta a porcentaxe de empregadas non cualificadas (7,7% contra 3,0% de homes).

### 3.6.2 Ámbitos académicos

Por ámbitos académicos existen diferenzas estatisticamente significativas ( $p\text{-valor}\leq 0,05$ ). Así sendo, as categorías propias de titulados/as universitarios/as (directivo/a, mando intermedio e técnico/a cualificado/a) son máis altas entre as persoas tituladas do ámbito Multidisciplinar (100,0%) e Tecnolóxico (98,9%), seguidos polas ramas das Ciencias da Saúde (96,5%), Científico (95,7%), Artes e Humanidades (93,5%) e Xurídico-Social (90,7%).

A categoría directiva presenta entre os titulados/as das ramas Tecnolóxica (14,0%) e Xurídico-Social (13,5%) porcentaxes superiores ás Ciencias da Saúde (5,7%), Científica (5,9%) e das Artes e Humanidades (9,2%).

A presenza de mandos intermedios é maior entre as persoas tituladas dos ámbitos Tecnolóxico (26,0%), Xurídico-Social (19,8%) e Científico (19,6%) contra as Ciencias da Saúde (12,1%) e das Artes e Humanidades (14,4%).

En todos os ámbitos académicos a maioría de persoas tituladas desenvolven a súa profesión como técnicas cualificadas, oscilando entre o máximo do 78,7% nas Ciencias da Saúde ao mínimo do 57,4% no Xurídico-Social.

A existencia de empregados/as non cualificados/as é significativa entre as persoas tituladas dos ámbitos Xurídico-Social (9,3%) e das Artes e Humanidades (6,5%).

#### Cadro nº74: Categoría profesional segundo os ámbitos académicos

Categoría profesional	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Multidisciplinar	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Directivo/a	9,2	5,7	5,9	3,7	14,0	13,5
Mando intermedio	14,4	12,1	19,6	11,1	26,0	19,8
Técnico/a cualificado/a	69,9	78,7	70,2	85,2	58,9	57,4
Empregado/a non cualificado/a	6,5	3,5	4,3	0,0	1,1	9,3

### 3.6.3 Tipoloxía de estudos

A maior porcentaxe de persoas tituladas con categorías profesionais propias de universitarios, tal como mostra o Cadro nº75, rexístrase entre os doutorados/as (99,4%), enxeñeiros/as superiores (99,0%) e enxeñeiros/as técnicos/as (98,6%) contra os diplomados/as (88,2%), graduados/as (93,6%) e licenciados/as (93,9%).

**Cadro nº75: Categoría profesional segundo a tipoloxía de estudos**

Tipoloxía de estudos	Directivo/a	Mando intermedio	Técnico/a cualificado/a	Empregado/a non cualificado/a
Diplomatura	9,2	18,3	60,7	11,8
Doutoramento	5,6	21,0	72,8	0,6
Enxeñaría Superior	16,7	27,6	54,8	1,0
Enxeñaría Técnica	12,7	24,6	61,3	1,4
Grao	5,0	14,3	74,3	6,4
Licenciatura	14,6	19,5	59,8	6,1
Mestrado Universitario	12	21,4	63,5	3,1
Título Propio	0,0	14,3	57,1	28,6

### 3.6.4 Titulacións

O Anexo 50 mostra pormenorizadamente a distribución porcentual da categoría profesional segundo a titulación realizada na UVigo.

### 3.6.5 Promoción académica

Ao avaliarmos a evolución temporal por quinquenios da mostra obtida, obsérvase que a proporción de categorías profesionais propias de universitarios/as é máis alta nas últimas promocións (2016-20) que nas primeiras (1990-2000).

**Cadro nº76: Categoría profesional segundo a promoción académica**

Categoría profesional	1990-1995	1996-2000	2001-2005	2006-2010	2011-2015	2016-2020
Directivo/a	19,4	15,2	15,7	11,3	6,8	3,4
Mando intermedio	22,3	21,3	22,3	21,6	17,7	18,0
Técnico/a cualificado/a	50,2	55,7	57,6	62,6	69,0	75,2
Empregado/a non cualificado/a	8,1	7,8	4,4	4,5	6,5	3,4

### 3.6.6 Lugar de traballo

A presenza de categorías profesionais propias de titulados/as universitarios/as é máis frecuente entre as persoas tituladas que traballan no estranxeiro (98,1%) e noutra Comunidade Autónoma (95,5%) que en Galicia (93,5%).

Porén, a proporción de directivos/as é máis alta entre os/as que traballan en Galicia (12,3%) que noutra Comunidade Autónoma (10,2%) ou no resto do mundo (11,5%), mentres que a presenza de mandos intermedios é máis alta no estranxeiro (28,0%) e noutras Comunidades Autónomas (24,8%) que en Galicia (18,7%).

**Cadro nº77: Categoría profesional segundo o lugar de traballo**

Categoría profesional	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
Directivo/a	12,3	10,2	11,5
Mando intermedio	18,7	24,8	28,0
Técnico/a cualificado/a	62,5	60,5	58,6
Empregado/a non cualificado/a	6,5	4,5	1,9

**3.6.7 Tipo de contrato**

A proporción de persoas tituladas con contrato indefinido evolúe dun mínimo do 61,0% entre os titulados/as con emprego non cualificado ao máximo do 95,0% entre os directivos/as. Polo contrario, as modalidades contractuais de duración definida seguen unha secuencia crecente desde o mínimo entre os directivos/as (5,0%) ao máximo do 39,0% entre os empregados/as non cualificados/as.

**Cadro nº78: Categoría profesional segundo o tipo de contrato**

Tipo de contrato	Directivo/a	Mando intermedio	Técnico/a cualificado/a	Empregado/a non cualificado/a
Indefinido	95,0	85,3	73,3	61,0
Temporal/eventual	3,5	10,8	17,3	31,2
Por obra/servizo	1,5	2,5	7,0	6,5
Bolsa	0,0	1,2	1,6	1,3
Sen contrato	0,0	0,2	0,1	0,0
En prácticas	0,0	0,0	0,7	0,0

**3.6.8 Rama de actividade**

A proporción de categorías propias de titulados/as universitarios, tal como mostra o Cadro nº79, está máis estendida entre os traballadores/as de entidades non lucrativas (96,7%) que na empresa privada (94,7%) e no sector público (93,0%).

**Cadro nº79: Categoría profesional segundo a rama de actividade**

Categoría profesional	Ámbito público	Empresa privada	Entidade non lucrativa
Directivo/a	4,8	15,7	8,6
Mando intermedio	18,8	21,8	15,1
Técnico/a cualificado/a	69,4	57,2	73,0
Empregado/a non cualificado/a	7,0	5,3	3,3

### **3.6.9 Sector económico**

Os sectores con máis proporción de categorías profesionais propias de titulados/as universitarios é total entre os traballadores/as de actividades deportivas, aeroespacial, construción naval, enerxía e utilities; industria química, plástico, vidro e envases; madeira, minaría, servizos profesionais e xestión ambiental, sendo predominante entre os investigadores/as (99,4%), construción (98,7%), medios de comunicación (97,9%), consultoría (97,3%), metalurxia e eléctrico (97,0%), telecomunicacións (96,8%), ensino (95,7%), servizos informáticos (94,7%), automoción (94,4%), saúde e servizos a empresas (94,0% ambos); papel, gráficas, edición e reprodución (93,7%), cultura e lecer e outras actividades sociais (92,3% ambos), defensa e seguridade (90,9%); loxística, transporte e distribución (90,7%); agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal (90,5%), alimentación e banca e seguros (90,0% ambos).

A proporción de directivos/as é significativa entre as persoas tituladas que traballan na minaría (75,0%), servizos profesionais (39,4%), cultura e lecer (30,8%), madeira (26,7%), construción naval (22,2%), metalurxia e eléctrico (20,9%), alimentación e venta retalista (20,0% ambos).

Para máis información, o Anexo 51 mostra a distribución porcentual da categoría profesional por sectores económicos.

### **3.6.10 Área funcional de traballo**

A porcentaxe de directivos/as é máis elevada entre as persoas tituladas que referiron como área funcional a de dirección xeral (83,7%), seguido polas organizacións que carecen de áreas diferenciadas (35,9%) e, a máis distancia, polas que traballan nos departamentos de loxística e almacén (17,9%), xestión de proxectos (15,4%), vendas e marketing (15,3%), compras (14,8%) e administración e finanzas (12,4%).

A proporción de mandos intermedios é máis significativa nas persoas que traballan na área de recursos humanos (43,8%), compras (40,7%), produción (33,7%), loxística e almacén (30,8%) e vendas e marketing (27,4%).

A categoría de técnico/a cualificado/a é máis alta nas áreas de prevención e saúde (84,0%), formación e ensino (76,1%), I+D+i (72,5%), informática e tecnoloxía e calidade (69,8% ambas) e enxeñaría e construción (69,6%).

Polo contrario, a existencia de empregados/as non cualificados/as é máis notábel entre as persoas que traballan nos departamentos de atención ao cliente (28,1%), loxística e almacén (15,4%) e administración e finanzas (10,1%).

## Cadro nº80: Categoría profesional segundo a área funcional de traballo

Área funcional de traballo	Directivo/a	Mando intermedio	Técnico/a cualificado/a	Empregado/a non cualificado/a
Administración e finanzas	12,4	19,8	57,8	10,1
Atención ao cliente	4,1	24,8	43,0	28,1
Calidade	4,7	20,9	69,8	4,7
Compras	14,8	40,7	44,4	0,0
Dirección xeral	83,7	8,9	6,5	0,8
Enxeñaría e construción	7,1	23,2	69,6	0,0
Formación e ensino	3,7	17,1	76,1	3,0
I+D+i	3,3	23,8	72,5	0,4
Informática e tecnoloxía	4,7	24,1	69,8	1,4
Loxística e almacén	17,9	30,8	35,9	15,4
Sen áreas diferenciadas na empresa	24,8	8,3	59,2	7,8
Prevenición e saúde	4,5	9,6	84,0	1,9
Produción	9,4	33,7	49,2	7,7
Recursos humanos	6,3	43,8	46,9	3,1
Servizos	9,2	19,4	64,1	7,3
Vendas/marketing	15,3	27,4	51,6	5,8
Xestión de proxectos	15,4	23,1	53,8	7,7

### 3.7 Tamaño da empresa

#### 3.7.1 Resultados globais e por xénero

O Cadro nº81 mostra a distribución do tamaño das empresas nas que traballan as persoas tituladas da UVigo no momento de realizar a enquisa. Como se pode observar, case a metade dos titulados/as (46,0%) traballan en grandes empresas (33,9% con 1000 ou máis empregados/as e 12,1% entre 250 e 999 empregados/as). A outra metade repártese entre medianas empresas (19,1%), pequenas empresas (18,3%) e microempresas (12,0%). En menor medida (4,6%) están as empresas individuais (4,6%).

#### Cadro nº81: Tamaño da empresa

Tamaño da empresa	Nº de empregados/as	%
Empresa individual	1	4,6
Microempresa	2-9	12,0
Pequena empresa	10-49	18,3
Mediana empresa	50-249	19,1
Grande empresa A	250-999	12,1
Grande empresa B	1000 empregados/as ou máis	33,9



Por xéneros é estatisticamente significativa a maior proporción de homes que traballan en grandes empresas (51,2% contra o 42,2% de mulleres), o que se traduce na maior frecuencia de mulleres que traballan en pequenas empresas (21,3% contra o 14,1% de homes) e microempresas (13,3% contra o 10,2%). Relativamente á empresa individual ou traballador/a autónomo/a non existen diferenzas estatisticamente significativas entre homes e mulleres.

#### Cadro nº82: Tamaño de empresa segundo o xénero

Nº de empregados/as da entidade	Home	Muller
Empresa individual	4,2	5,0
Microempresa	10,2	13,3
Pequena empresa	14,1	21,3
Mediana empresa	20,3	18,2
Grande Empresa A	13,5	11,1
Grande Empresa B	37,7	31,1

### 3.7.2 Ámbitos académicos

Tal como mostra o Cadro nº83, a grande empresa é o tamaño maioritario entre as persoas tituladas dos ámbitos das Ciencias da Saúde (73,9%), Tecnolóxico (57,0%) e Científico (51,3%) contra o mínimo rexistrado nas Artes e Humanidades (33,9%) e Xurídico-Social (37,1%). É significativa a proporción de empresas individuais entre as persoas tituladas da rama das Artes e Humanidades (15,4%). A pequena empresa está máis estendida entre as persoas tituladas do ámbito Xurídico-Social (24,8%) contra o mínimo de 5,1% nas Ciencias da Saúde.

#### Cadro nº83: Tamaño da empresa segundo o ámbito académico

Tamaño da empresa	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Multidisciplinar	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Empresa individual	15,4	2,9	1,3	8,3	2,7	4,3
Microempresa	9,8	10,9	9,6	0,0	6,7	16,9
Pequena empresa	17,8	5,1	13,7	16,7	12,6	24,8
Mediana empresa	23,1	7,2	24,2	25,0	21,0	16,9
Grande empresa	33,9	73,9	51,3	50,0	57,0	37,1

### 3.7.3 Tipoloxía dos estudos

Nas grandes empresas/organizacións son máis frecuentes doutores/as (62,3%), enxeñeiros/as superiores (59,5%) e enxeñeiros/as técnicos/as (51,9%). O traballo na empresa individual está máis estendido entre os licenciados/as (7,1%) e titulados/as en mestrados universitarios (5,8%).

**Cadro nº84: Tamaño da empresa segundo a tipoloxía de estudos**

Tamaño da empresa	Diplomatura	Doutoramento	Enxeñaría Superior	Enxeñaría Técnica	Grao	Licenciatura	Mestrado Universitario	Título Propio
Empresa individual	2,9	4,4	1,9	3,5	4,4	7,1	5,8	0,0
Microempresa	17,1	3,1	5,5	9,9	15,8	13,1	9,7	0,0
Pequena empresa	25,5	6,9	13,1	12,4	15,4	19,9	21,5	0,0
Mediana empresa	15,1	23,3	20,0	22,3	21,3	18,3	22,6	28,5
Grande Empresa	39,4	62,3	59,5	51,9	43,1	41,6	40,4	71,5

**3.7.4 Titulacións**

O Anexo 52 mostra a distribución porcentual do tamaño de empresa por titulacións.

**3.7.5 Promoción académica**

Tal como mostra o Cadro nº85 non existen diferenzas estatisticamente significativas ( $p$ -valor $>0,05$ ) na distribución porcentual do tamaño da empresa en que traballan as persoas tituladas que participaron neste estudo segundo a súa promoción (quinquenio) de graduación.

**Cadro nº85: Tamaño da empresa segundo a promoción académica**

Tamaño da empresa	1990-1995	1996-2000	2001-2005	2006-2010	2011-2015	2016-2020
Empresa individual	3,9	4,3	5,0	5,3	3,8	5,8
Microempresa	12,6	13,9	11,8	10,2	13,3	7,9
Pequena empresa	17,0	17,7	20,6	18,8	17,0	15,8
Mediana empresa	17,0	17,7	17,8	18,5	21,0	25,9
Grande empresa	49,5	46,4	44,8	47,2	44,9	44,6

**3.7.6 Lugar de traballo**

O peso das empresas de tamaño individual, micro e pequeno en Galicia (41,0%) é máis alto que no estranxeiro (13,5%) e noutras Comunidades Autónomas (18,5%). En consecuencia, as grandes empresas empregan á maioría das persoas tituladas que traballan no estranxeiro (66,9%) e noutra Comunidade Autónoma (61,2%), contra o 40,2% rexistrado en Galicia.

**Cadro nº86: Tamaño de empresa segundo o lugar de traballo**

Tamaño da empresa	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
Empresa individual	5,4	1,9	1,9
Microempresa	14,4	5,5	3,9
Pequena empresa	21,2	11,1	7,7
Mediana empresa	18,8	20,2	19,6
Grande empresa	40,2	61,2	66,9

### 3.7.7 Tipo de contrato

Como se pode comprobar na Cadro nº87, non existen relacións de dependencia estatística entre o tamaño da empresa ou entidade e a tipoloxía de contrato.

**Cadro nº87: Tipo de contrato segundo o tamaño da empresa**

Tipo de contrato	Microempresa	Pequena empresa	Mediana empresa	Grande empresa
Bolsa	1,3	0,6	1,5	1,5
En prácticas	1,3	0,2	0,6	0,3
Indefinido	77,6	77,3	77,3	77,3
Por obra/servizo	5,6	7,4	4,8	5,2
Sen contrato	0,0	0,4	0,0	0,1
Temporal/eventual	14,2	14,1	15,8	15,6

### 3.7.8 Rama de actividade

Mentres que no ámbito público predominan as entidades de grande tamaño (62,8%), nas empresas privadas e entidades non lucrativas as pequenas e medianas empresas son maioritarias (60,4% e 70,3%, respectivamente).

**Cadro nº88: Tamaño da empresa segundo a rama de actividade**

Tamaño da empresa	Ámbito público	Empresa privada	Entidade non lucrativa
Empresa individual	0,9	6,6	0,0
Microempresa	2,5	16,0	16,6
Pequena empresa	16,6	18,4	27,2
Mediana empresa	17,1	19,4	26,5
Grande empresa	62,8	39,6	29,7

### 3.7.9 Sector económico

O peso das entidades ou empresas de grande tamaño é superior na banca e seguros (86,4%), automoción (71,2%), saúde (71,4%), aeroespacial (69,2%), investigación (66,1%), servizos da administración pública (63,6%), téxtil e confección (63,2%) e madeira (60,0%).

As medianas empresas tan só son maioritarias na construción naval (55,6%), alcanzando proporcións notábeis na metalurxia e eléctrico (34,3%); agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal (31,0%) e telecomunicacións (30,4%).

A presenza de pequenas empresas é significativa no sector do papel, gráficas, edición e reprodución (37,5%), outras actividades sociais (34,6%); loxística, transporte e distribución (33,3%), ensino (31,3%); agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal (31,0%), construción (30,4%) e turismo e restauración (30,0%).

Finalmente as empresas individuais ou persoas que traballan como traballadoras autónomas é maioritaria nos servizos profesionais (56,5%), mostrando porcentaxes considerábeis no sector das actividades deportivas (21,1%) e venda retalista (10,0%).

Sectores con predominio de PEMES: servizos profesionais (95,6%); agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal (92,9%), construción naval (88,9%); papel, gráficas, edición e reprodución (87,6%), metalurxia e eléctrico (76,1%), turismo e restauración (75,0%), construción (74,8%), actividades deportivas (73,8%), xestión ambiental (73,4%), medios de comunicación/audiovisuais (72,3%), outras actividades sociais (71,8%), venda maiorista (71,5%), servizos a empresas (69,3%) e consultoría (66,4%).

Para máis información, o Anexo 53 mostra o cadro de datos da distribución porcentual do tamaño de empresa segundo o sector económico.

### 3.7.10 Área funcional de traballo

As áreas máis frecuentes de traballo nas grandes empresas son a formación e ensino (12,4%), I+D+i (11,5%), ben como a administración e finanzas e informática e tecnoloxía (10,4% ambas).

Nas medianas empresas os departamentos máis frecuentes son a formación e ensino (19,1%), I+D+i (10,9%), administración e finanzas (10,7%) e servizos (8,9%).

Nas pequenas empresas destacan a formación e ensino (26,2%), administración e finanzas (14,7%), servizos (9,3%) e enxeñaría e construción (7,4%).

Entre as microempresas as áreas funcionais máis frecuentes son a administración e finanzas (20,2%), dirección xeral (11,4%) e servizos (10,9%).

Finalmente, entre os traballadores autónomos destacan formación e ensino e servizos (9,1% ambas) e enxeñaría e construción (7,6%).

A inexistencia de áreas funcionais diferenciadas é significativa en empresas individuais ou traballadores/as autónomos/as (47,7%) e microempresas (18,5%).

O Anexo 54 mostra a distribución porcentual da área funcional de traballo segundo o tamaño da empresa.

### 3.7.11 Categoría profesional

Tal como mostra o Cadro nº89, a categoría profesional de técnico cualificado é a maioritaria en todos os tipos de empresa, flutuando entre o máximo do 64,0% nas grandes empresas ao mínimo do 53,2% nas microempresas.

A presenza de directivos/as é inversamente proporcional ao tamaño da empresa ou entidade, pasando do 33,3% nas empresas individuais ao mínimo do 7,8% nas empresas de grande tamaño. A proporción de mandos intermedios só é considerábel a partir das empresas con máis de dez traballadores/as, situándose por volta do 22-23%.

As microempresas (8,1%) e empresas medianas (6,4%) presentan a máis alta proporción de persoas que traballan como empregadas non cualificadas.

**Cadro nº89: Categoría profesional segundo o tamaño da empresa**

Tamaño da empresa	Directivo/a	Empregado/a non cualificado/a	Mando intermedio	Técnico/a cualificado/a
Empresa individual	33,3	3,1	5,3	58,3
Microempresa	26,9	8,1	11,8	53,2
Pequena empresa	10,8	5,9	23,3	60,0
Mediana empresa	9,1	6,4	22,1	62,4
Grande empresa	7,8	5,2	23,0	64,0

## 4. Impacto sanitario da primeira onda da pandemia de COVID-19 no ámbito laboral

Para determinar o impacto sanitario da primeira onda da pandemia de Covid-19 no ámbito laboral preguntouse ás persoas inquiridas sobre a existencia dalgún caso de contaxio na empresa en que traballa ou no seu entorno laboral, un universo profesional formado por clientes, fornecedores, concorrencia e entidades colaboradoras.

### 4.1 Resultado global e por xénero

O 34,3% das persoas tituladas que participaron neste estudo referiron a existencia, durante a primeira onda da pandemia, dalgún caso de contaxio na súa empresa ou no seu entorno de traballo.

Por xénero non existen diferenzas estatisticamente significativas na taxa de afección, sendo levemente superior a masculina (35,6%) à feminina (33,4%).

## 4.2 Lugar de traballo

Segundo o lugar de traballo, a incidencia de contaxios pola doenza da Covid-19 no entorno laboral en Galicia (28,4%) foi inferior à existente noutras Comunidades Autónomas (58,0%) e no resto do mundo (44,8%) durante a primeira onda da pandemia.

**Cadro nº90: Incidencia sanitaria da Covid-19 segundo o lugar de traballo**

Área xeográfica	%
Galicia	28,4
Outra Comunidade Autónoma	58,0
Resto do mundo	44,8

### 4.2.1 Galicia

#### 4.2.1.1 Provincias

Por provincias, destaca a maior incidencia rexistrada nas persoas tituladas que traballan en Ourense (33,4%) contra a mínima de Lugo (13,4%). As provincias da Coruña e Pontevedra manifestaron un nivel de contaxio no ámbito laboral equivalente á media galega (28,4%).

**Cadro nº91: Incidencia sanitaria da Covid-19 nas persoas tituladas que traballan en Galicia por provincias**

	%
A Coruña	28,1
Lugo	13,4
Ourense	33,4
Pontevedra	28,0

#### 4.2.1.2 Comarcas

Rexistrouse unha incidencia sanitaria superior à media galega nas comarcas de Viana (50,0%), Ourense (37,4%), Verín (36,4%), Pontevedra (35,8%), A Limia, Ferrol, O Carballiño, Sarria e Tabeirós-Terra de Montes (33,3% cada unha), A Coruña (33,1%), Deza (30,0%), Vigo (29,7%), Santiago (29,5%) e O Eume (28,6%). Lugo foi a comarca de carácter urbano menos afectada, cunha incidencia sanitaria de 10,3%.

O Anexo 55 mostra os resultados por comarcas da incidencia sanitaria da Covid-19 das persoas tituladas que traballan en Galicia por comarcas.

### 4.2.1.3 Municipios

Tal como mostra o Cadro nº92 todos os municipios galegos con máis de 50.000 habitantes, salvo Lugo, co 10,3% de incidencia sanitaria, experimentaron un grao de contaxio no ámbito laboral superior á media galega.

**Cadro nº92: Incidencia sanitaria da Covid-19 das persoas tituladas que traballan nos municipios grandes de Galicia**

Municipio	%
A Coruña	34,9
Ferrol	46,7
Lugo	10,3
Ourense	39,7
Pontevedra	38,4
Santiago de Compostela	30,8
Vigo	31,7

O Anexo 56 mostra os resultados da incidencia sanitaria da Covid-19 en Galicia por municipios.

## 4.2.2 Outras Comunidades Autónomas

### 4.2.2.1 Comunidades Autónomas

A rexión de Castela, integrada polas Comunidades Autónomas de Madrid (72,6%), Castela-A Mancha (71,4%) e Castela e León (65,0%) foi a máis afectada. A máis distancia, cunha incidencia por volta do 50%, encóntranse o Comunidade Valenciana (57,1%), Cantabria (50,0%) e Cataluña (48,8%). Unicamente as persoas tituladas que traballan en Andalucía mostraron unha incidencia (21,1%) inferior á media galega. As persoas tituladas que traballan en Aragón e Rexión de Murcia<sup>50</sup> non referiron a existencia de contaxios no seu ámbito laboral.

**Cadro nº93: Incidencia sanitaria da Covid-19 das persoas tituladas que traballan noutras Comunidades Autónomas**

Comunidade Autónoma	%
Andalucía	21,1
Aragón	0,0
Asturias	35,7
Cantabria	50,0
Castela e León	65,0
Castela-A Mancha	71,4
Cataluña	48,8
Comunidade de Madrid	72,6

<sup>50)</sup> Tamaño de mostra non suficientemente representativo.

Comunidade Autónoma	%
Estremadura	33,3
Illas Baleares	40,0
Illas Canarias	28,6
Navarra	42,9
País Basco	38,9
País Valenciano	57,1
Rexión de Murcia	0,0

#### 4.2.2.2 Provincias

Máis pormenorizadamente, aínda que cun nivel de representación dispar, o Anexo 57 mostra os resultados da incidencia sanitaria da Covid-19 das persoas tituladas que traballan noutras Comunidades Autónomas por provincias.

#### 4.2.2.3 Cidades representativas

Entre as cidades españolas máis representativas da mostra obtida para este estudo, a incidencia máis alta produciuse na totalidade das persoas tituladas da UVigo que traballan en Valencia, seguida por Alcobendas (80,0%), Valladolid (85,0%), Madrid (73,8%), Xetafe, Alcalá de Henares e Sevilla (60,0% cada unha), Barcelona (55,1%) e Palma de Maiorca (50,0%). Polo contrario, a incidencia na cidade asturiana de Xixón foi nula.

O Anexo 58 mostra a incidencia sanitaria da Covid-19 nas cidades representativas españolas.

#### 4.2.3 Resto do mundo

##### 4.2.3.1 Países

Mostraron un nivel de contaxio no seu ámbito de traballo todas as persoas tituladas da UVigo que traballan en países como Andorra, Cabo Verde, Chequia, Finlandia, Luxemburgo, Tailandia e Turquía.

Logo a seguir, cunha incidencia superior ao 50%, sitúanse Bélxica (85,7%), Perú e Polonia (75,0% ambos), Suíza (73,3%), Italia (66,7%), Estados Unidos da América (61,9%) e Reino Unido (51,9%).

Superan a media de contaxios no estranxeiro (44,8%) países como Chile, Francia e Noruega (50,0% cada un) e México (44,4%). Abaixo deste nivel sitúanse Irlanda (16,7%), Brasil e Australia (25,0% ambos), Portugal (33,3%), Países Baixos (38,5%), Alemaña (40,9%) e Dinamarca (42,9%).

Non referiron incidencia sanitaria as persoas tituladas que traballan na Arxentina, Austria, Canadá, Casaquistán, China, Colombia, Costa Rica, Croacia, Ecuador, Eslovaquia, Grecia, Israel, Malaisia, Mozambique, O Salvador, Paraguai, Singapura, Suecia, Tunisia e Xapón.



Cun nivel desigual de representatividade na mostra, o Anexo 59 reflicte os resultados da incidencia sanitaria da Covid-19 no resto do mundo por países.

#### 4.2.3.2 Cidades representativas

Mostraron máis incidencia sanitaria no ámbito laboral a totalidade das persoas que traballan en Bruxelas, seguido polas que o fan en Nova Iorque e Lima (75,0% ambas), Londres (64,7%) e Munique (57,1%) contra as máis baixas de Lisboa e Dublín (25,0% ambas) e Berlín (33,3%).

O Anexo 60 mostra os resultados da incidencia sanitaria da Covid-19 das persoas tituladas que traballan nas cidades representativas do resto do mundo.

### 4.3 Rama de actividade

Segundo a rama de actividade, a taxa de afectación no ámbito público (43,7%) foi superior ao existente nas entidades non lucrativas (32,1%) e nas empresas/entidades privadas (30,1%).

**Cadro nº94: Incidencia sanitaria da Covid-19 segundo a rama de actividade**

Rama de actividade	%
Ámbito público	43,7
Empresa privada	30,1
Entidade non lucrativa	32,1

#### 4.3.1 Incidencia na rama de actividade segundo o lugar de traballo

Tal como mostra o Cadro nº95, en Galicia foi inferior a incidencia sanitaria da Covid-19 para cada rama de actividade. A maior diferenza deuse na empresa privada, cunha afección en Galicia (22,7%) moito inferior á media española (57,0%) e estranxeira (43,5%). No ámbito público a incidencia sanitaria tanto en Galicia (40,3%) como no estranxeiro (48,4%) foi moito inferior á rexistrada noutras Comunidades Autónomas (58,3%).

**Cadro nº95: Incidencia sanitaria na rama de actividade segundo o lugar de traballo**

	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
Ámbito público	40,3	58,3	48,4
Empresa privada	22,7	57,0	43,5
Entidade non lucrativa	27,0	75,0	38,5

### 4.4 Sector económico

Segundo o Cadro nº96 a maioría das persoas tituladas que traballan nos sectores da saúde (70,8%), banca e seguros (57,1%) e aeroespacial (53,8%) mostraron o nivel de contaxio máis alto por Covid-19. Cunha incidencia entre o 40-50% encóntranse os sectores das telecomunicacións (47,2%),

servizos da administración pública (45,8%), defensa e seguranza (45,5%); industria química, plástico, vidro e envases (43,3%), venda maiorista (42,9%) e madeira (40,0%).

Pola contra, referiron menos afectación as persoas tituladas que traballan nos servizos profesionais (8,7%), cultura e lecer, construción naval e agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal (12,5% cada un), actividades deportivas (15,8%), enxeñaría (16,7%), turismo e restauración (18,2%) e papel, gráficas, edición e reprodución (20,0%).

#### Cadro nº96: Incidencia sanitaria da Covid-19 segundo o sector económico

Sector económico	%
Actividades deportivas	15,8
Administración pública (servizos centrais, Facenda...)	45,8
Aeroespacial	53,8
Agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal	12,5
Alimentación/industria alimentaria	29,5
Automoción	31,3
Banca e seguros	57,1
Construción	23,0
Construción naval	12,5
Consultoría	23,4
Cultura e lecer	12,5
Defensa e seguridade	45,5
Enerxía e utilities	34,8
Ensino/Docencia	28,1
Enxeñaría	16,7
Farmacéutica	34,3
Industria química, plástico, vidro e envases	43,3
Investigación	39,5
Loxística, transporte e distribución	31,4
Madeira	40,0
Medios de comunicación/Audiovisuais	32,6
Metalurxia e eléctrico	21,2
Minaría	25,0
Outras actividades sociais	35,1
Papel, gráficas, edición e reprodución	20,0
Sanitario/Saúde	70,8
Servizos a empresas	25,7

Sector económico	%
Servizos informáticos	35,8
Servizos profesionais (avogacía, tradución, artista,...)	8,7
Telecomunicacións/IT	47,2
Têxtil e confección	34,3
Turismo e restauración/HORECA	18,2
Venda maiorista	42,9
Venda retalista	23,7
Xestión ambiental	38,5

#### 4.4.1 Incidencia no sector económico segundo o lugar de traballo

A afectación sanitaria noutras Comunidades Autónomas foi total na venda maiorista, e predominante en sectores como o sanitario (87,0% contra o mínimo de 68,6% en Galicia), banca e seguros (86,4% contra o mínimo de 46,7% en Galicia), aeroespacial, outras actividades sociais e servizos a empresas (83,3% cada un), loxística, transporte e distribución (80,0% contra o mínimo de 21,6% en Galicia), construción e defensa e seguranza (75,0% ambos), medios de comunicación/audiovisuais e papel, gráficas, edición e reprodución (66,7% ambos), investigación (52,4% contra o mínimo de 37,2% en Galicia), alimentación e industria alimentar (50,0% contra o mínimo de 25,6% en Galicia), ensino/docencia (48,9% contra o mínimo de 23,9% en Galicia), consultoría (44,8% contra o mínimo do 16,7% no resto do mundo), enxeñaría (33,3% contra o mínimo de 12,5% en Galicia) e servizos profesionais (33,3% contra o mínimo de 5,5% en Galicia).

Entre as persoas tituladas da UVigo que traballan no estranxeiro a incidencia foi total no sector metalúrxico e eléctrico e venda retalista, e predominante en sectores como os servizos centrais da administración pública (90,0% contra o mínimo de 39,8% en Galicia), industria química, plástico, vidro e envases e farmacéutica (66,7% ambos), xestión ambiental e enerxía e utilities (60,0% ambos), turismo e restauración (50,0% contra o mínimo de 4,8% en Galicia), automoción (50,0% contra o mínimo de 28,0% en Galicia), têxtil e confección (50,0% contra o mínimo de 32,1% en Galicia), actividades deportivas (50,0%), cultura e lecer (33,3%), agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal (25,0%).

En Galicia a incidencia sanitaria no ámbito laboral só foi superior nos sectores da construción naval (12,5%) e da madeira (50,0%).

O Anexo 61 mostra a distribución porcentual da incidencia sanitaria da pandemia de Covid-19 en cada sector económico segundo o lugar de traballo.

#### 4.4.2 Incidencia no sector económico segundo a rama de actividade

No ámbito da empresa privada a incidencia foi maior nos sectores de investigación (52,4%), automoción (32,5%) e enxeñaría (17,4%). Cabe referir que a empresa privada constitúe a rama de actividade exclusiva de sectores económicos ligados ás actividades deportivas, construción, cultura

e lecer, enerxía e utilities, madeira, metalurxia e eléctrico, minaría; papel, gráficas, edición e reprodución, servizos profesionais, telecomunicacións, téxtil e confección, turismo e restauración, venda maiorista, venda retalista e xestión ambiental cuxa incidencia sanitaria.

No ámbito público é significativa a maior incidencia nos sectores da saúde (90,7% contra o 61,5% das entidades non lucrativas e 43,1% das privadas), defensa e seguranza (57,1%), ensino (29,3% contra o 28,6% de entidades non lucrativas e 25,5% do privado) e outras actividades sociais (55,6% contra o 34,7% das entidades sen ánimo de lucro e 25,0% das privadas).

Máis singularmente, o Anexo 62 mostra a incidencia sanitaria por Covid-19 dos sectores económicos segundo a rama de actividade.

#### 4.5 Área funcional de traballo

Os departamentos máis afectados pola incidencia de contaxios foron os de prevención e saúde (61,9%), compras (57,7%), recursos humanos (53,3%), informática e tecnoloxía (41,1%), vendas e marketing (39,1%), produción (39,0%), atención ao cliente (38,9%), investigación, desenvolvemento e innovación (38,7%), servizos (37,7%) e enxeñaría e construción (35,0%). Pola contrario, os menos afectados foron as entidades sen áreas funcionais diferenciadas (14,1%), dirección xeral (20,8%), loxística e almacén (21,6%) e formación e ensino (26,7%).

##### Cadro nº97: Incidencia sanitaria da Covid-19 segundo a área funcional de traballo

Departamento	%
Administración e finanzas	32,6
Atención ao cliente	38,9
Calidade	29,3
Compras	57,7
Dirección xeral	20,8
Enxeñaría e construción	35,0
Formación e ensino	26,7
I+D+i	38,7
Informática e tecnoloxía	41,1
Loxística e almacén	21,6
Prevención e saúde	61,9
Produción	39,0
Recursos humanos	53,3
Sen áreas diferenciadas na empresa	14,1
Servizos	37,7
Vendas/marketing	39,1
Xestión de proxectos	30,8

### **4.5.1 Incidencia sanitaria na área funcional segundo o lugar de traballo**

Entre as persoas tituladas da UVigo que traballan noutras Comunidades Autónomas a incidencia foi total nas áreas de recursos humanos (ao igual que no resto do mundo) e xestión de proxectos, seguidas pola incidencia nos departamentos de prevención e saúde (75,0% contra o mínimo de 40,0% no resto do mundo), informática e tecnoloxía (66,7% contra o mínimo de 32,8% en Galicia), vendas e marketing (65,3% contra o mínimo de 25,2% en Galicia), servizos (57,5% contra o mínimo de 33,3% no resto do mundo), calidade (57,1% contra o mínimo de 20,0% en Galicia), enxeñaría e construción (55,6% contra o mínimo de 29,0% en Galicia), investigación, desenvolvemento e innovación (54,5% contra o mínimo de 29,0% en Galicia), atención ao cliente e sen áreas funcionais diferenciadas (50,0%) e dirección xeral (38,5% contra o mínimo de 16,1% en Galicia).

No resto do mundo viuse totalmente afectada a área funcional de recursos humanos, alcanzando porcentaxes considerábeis nas áreas de produción (61,1% contra o mínimo de 31,9% en Galicia), administración e finanzas (57,9% contra o mínimo de 26,9% en Galicia) e loxística e almacén (50,0% contra o mínimo de 17,2% en Galicia).

A incidencia sanitaria en Galicia só foi superior na área funcional de compras (63,2% contra o mínimo de 33,3% noutras Comunidades Autónomas).

O Anexo 63 mostra a incidencia sanitaria nas áreas funcionais segundo o lugar de traballo.

### **4.5.2 Incidencia sanitaria na área funcional de traballo segundo a rama de actividade**

No ámbito público as áreas funcionais de traballo máis afectadas pola incidencia da pandemia foron dirección xeral (55,8% contra 57,7% da empresa privada), enxeñaría e construción (57,1% contra 15,0% da empresa privada), investigación, desenvolvemento e innovación (41,1% contra o mínimo de 25,0% das entidades non lucrativas), loxística e almacén (50,0% contra 39,0% da empresa privada), prevención e saúde (83,8% contra o mínimo de 6,8% da empresa privada), produción (62,5% contra 37,5% da empresa privada), servizos (51,0% contra o mínimo de 40,0% da empresa privada), vendas e marketing (80,0% contra 26,6% da empresa privada) e xestión de proxectos (50,0% contra 38,6% da empresa privada).

A empresa privada viuse afectada en maior proporción nos departamentos de formación e ensino (32,6% contra o mínimo de 15,4% das entidades non lucrativas) e compras (29,3%).

Nas entidades non lucrativas víronse afectadas pola pandemia a totalidade das persoas tituladas que traballan en recursos humanos, seguida polas áreas de informática (66,7% contra o mínimo de 40,0% da empresa privada), atención ao cliente (66,7% contra o mínimo de 27,1% da empresa privada) e en administración e finanzas (47,1% contra o mínimo de 26,6% da empresa privada).

O Anexo 64 mostra a incidencia sanitaria nas áreas funcionais de traballo segundo a rama de actividade.

## 4.6 Categoría profesional

Segundo a categoría profesional, mandos intermedios e empregados/as non cualificados/as resultaron máis afectados no seu ámbito laboral (cunhas taxas de incidencia de 42,2% e 35,6%, respectivamente) que directivos/as (24,6%) e técnicos/as cualificados/as (33,6%).

**Cadro nº98: Incidencia sanitaria da Covid-19 segundo a categoría profesional**

Categoría profesional	%
Directivo/a	24,6
Empregado/a non cualificado/a	35,6
Mando intermedio	42,2
Técnico/a cualificado/a	33,6

### 4.6.1 Incidencia sanitaria na categoría profesional segundo o lugar de traballo

En todas as categorías profesionais avaliadas, tal como mostra o Cadro nº99, a afectación das persoas tituladas que traballan noutras Comunidades Autónomas duplicou á existente en Galicia. Porén, foi moi similar a incidencia en directivos/as que traballan en Galicia (21,3%) e resto do mundo (25,0%). Mentres que en Galicia (33,5%) e no resto do mundo (59,3%) foron os mandos intermedios a categoría profesional máis afectada, entre as persoas que traballan noutras Comunidades Autónomas correspondeulle esta circunstancia aos empregados/as non cualificados/as (72,2%).

**Cadro nº99: Incidencia sanitaria da Covid-19 na categoría profesional segundo o lugar de traballo**

Categoría profesional	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
Directivo/a	21,3	46,2	25,0
Empregado/a non cualificado/a	31,5	72,2	0,0
Mando intermedio	33,5	60,8	59,3
Técnico/a cualificado/a	28,0	57,6	42,8

### 4.6.2 Incidencia sanitaria na categoría profesional segundo a rama de actividade

Mentres que os/as empregados/as non cualificados/as foi a categoría máis afectada no ámbito público (53,2%) e nas entidades non lucrativas (50,0%), os mandos intermedios fórono na empresa privada (39,8%),

**Cadro nº100: Incidencia sanitaria da Covid-19 na categoría profesional segundo a rama de actividade**

Categoría profesional	Ámbito público	Empresa privada	Entidade non lucrativa
Directivo/a	48,8	20,6	30,8
Empregado/a non cualificado/a	53,2	21,3	50,0
Mando intermedio	47,8	39,8	43,5
Técnico/a cualificado/a	41,2	29,7	29,0

## 4.7 Tamaño da empresa

Segundo o tamaño da empresa, observouse que a incidencia sanitaria da pandemia foi directamente proporcional ao seu tamaño; isto é, oscilando desde un mínimo de 5,5% entre os traballadores/as autónomos/as (empresas individuais) ao máximo de 57,1% nas grandes empresas con 1000 ou máis empregados/as.

**Cadro 101: Incidencia sanitaria da Covid-19 segundo o tamaño da empresa**

Tipo de empresa	Nº de empregados/as	%	%
Empresa individual	1	5,5	5,5
Microempresa	2-9	4,8	4,8
Pequena empresa	10-49	14,8	14,8
Mediana empresa	50-249	29,6	29,6
Grande empresa	250-999	49,1	55,0
	1000 empregados/as ou máis	57,1	

### 4.7.1 Incidencia sanitaria no tamaño da empresa segundo o lugar de traballo

Ao abeiro dos datos do Cadro nº102 pódese concluír que, con variacións pouco significativas, en todas as áreas xeográficas avaliadas a taxa de incidencia da Covid-19 no ámbito laboral depende directamente do tamaño da empresa, sendo maior canto maior for a dimensión desta.

**Cadro nº102: Incidencia sanitaria no tamaño da empresa segundo o lugar de traballo**

Tamaño da empresa	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
1	5,3	0,0	16,7
2-9	3,9	10,0	20,0
10-49	13,6	25,6	16,7
50-249	26,2	48,7	26,8
250-999	44,6	66,7	50,0
1000 ou máis empregados/as	51,4	74,1	57,5

## 4.7.2 Incidencia sanitaria no tamaño da empresa segundo a rama de actividade

A proporcionalidade directa entre o grao de incidencia da pandemia e o tamaño da empresa é igualmente válido na empresa privada e nas entidades sen ánimo de lucro. Atendendo ao persoal das entidades, tal como mostra o Cadro nº104, o ámbito público presenta unha evolución máis irregular.

**Cadro nº103: Incidencia sanitaria no tamaño da empresa segundo a rama de actividade**

Tamaño da empresa	Ámbito público	Empresa privada	Entidade non lucrativa
1	25,0	4,2	-
2-9	27,3	2,9	5,3
10-49	17,4	13,5	15,8
50-249	33,3	27,0	39,5
250-999	60,0	45,0	50,0
1000 ou máis empregados/as	55,9	58,3	55,0

## 4.8 Titulacións

O Anexo 65 mostra afección de contaxios por Covid-19 no ámbito laboral segundo a titulación realizada.

## 5. Impacto social primeira onda da pandemia de COVID-19 no ámbito laboral

Co obxecto de coñecer o impacto social da primeira onda da actual crise por Covid-19 a enquisa aplicada incluíu unha serie de cuestións sobre a situación socio-laboral das persoas tituladas inquiridas no momento actual; isto é, na altura de responder o cuestionario (xuño de 2020), logo de superado o período de confinamento.

### 5.1 Situación socio-laboral actual

A enquisa aplicada inquiriu se as persoas tituladas traballaban no momento actual, contemplando as seguintes opcións a respecto da situación socio-laboral anterior: conservación do estado de ocupación e de desemprego, perda de traballo, mudanza de posto de traballo e arranxo de emprego durante a crise producida pola primeira onda da pandemia (entre os meses de marzo e maio).

#### 5.1.1 Resultados globais e por xénero

O Cadro nº104 mostra os resultados globais e por xénero da situación socio-laboral actual das persoas tituladas da UVigo que participaron neste estudo.



#### Cadro nº104: Situación socio-laboral actual das persoas tituladas

Situación socio-laboral actual	Global	Home	Muller
Perdeu o traballo que tiña durante esta crise	5,0	4,0	5,7
Segue na mesma situación descrita anteriormente (estudante, xubilado/pensionista, prepara oposicións,...)	3,0	1,5	4,1
Xa estaba desempregado/a antes desta crise	4,3	3,2	5,0
Mudou de emprego	1,2	1,2	1,1
Encontrou emprego	0,6	0,8	0,4
Segue no mesmo emprego/actividade que tiña no inicio desta crise	85,9	89,1	83,7

##### 5.1.1.1 Persoas tituladas que traballan no momento actual

A maioría e persoas tituladas que participaron neste estudo (87,7%) traballan no momento actual, o 85,9% no mesmo emprego/actividade que tiña antes do inicio da crise, o 1,2% por ter encontrado emprego e o 0,6% nun posto de traballo diferente.

Por xéneros, a ocupación dos homes (91,1%) é superior á das mulleres (85,2%). Sen ser estatisticamente significativas, é levemente superior a proporción de homes que encontrou emprego (0,8% contra o 0,4% de mulleres) ou que mudou de posto de traballo (1,2% contra o 1,1% de mulleres).

##### 5.1.1.2 Persoas tituladas que non traballan no momento actual

O 12,3% das persoas tituladas non traballan no momento actual, por ter perdido o traballo durante esta crise (5,0%), por xa estar previamente desempregadas (4,3%) ou por seguir na mesma situación anterior (como estudante, xubilado/pensionista, preparar oposicións, baixa laboral...).

A proporción de homes que non traballan (8,7%) é inferior á das mulleres (14,8%). En todas as hipóteses, a porcentaxe de mulleres é superior á dos homes, tanto as que perderon o traballo por causa desta crise (5,7% contra o 4,0% de homes), as que xa estaban desempregadas (5,0% contra o 3,2% de homes) ou que seguen na mesma situación socio-laboral anterior (4,1% contra o 1,5% de homes).

##### 5.1.1.3 Mudanzas operadas na situación socio-laboral durante a primeira onda da pandemia

Seguen na mesma situación socio-laboral en que se encontraban antes da irrupción desta crise a totalidade das persoas que traballaban como empresarias, as que estaban ao coidado dalgún membro familiar, ben como xubilados/pensionistas, o 95,4% das persoas que traballaban como funcionarias para a administración, o 93,6% das que cursaban estudos universitarios, o 93,4% das que estaban en situación de baixa laboral, o 92,4% das traballadoras autónomas, 92,3% das que traballaban por conta allea na empresa privada, 90,5% das que preparaban oposicións e o 88,8% das persoas desempregadas.

Encontrou emprego durante o período en que se estendeu o confinamento o 11,2% das persoas tituladas que procuraban emprego, 3,2% das que cursaban estudos universitarios e 1,9% das que estaban a preparar oposicións.

Mudaron de emprego o 1,4% das persas empregadas por conta allea na empresa privada e traballadores autónomos, ben como o 1,1% de persoas que traballaban para a administración.

Finalmente, perderon o posto de traballo que tiñan antes da crise o 7,5% das persoas que preparaban oposicións, 6,7% das que estaban de baixa laboral, 6,3% das que traballaban por conta allea na empresa privada, 6,2% de traballadores autónomos e 3,5% das persoas eu traballaban para a administración pública.

En consecuencia o grupo de persoas que encontrou emprego está conformado maioritariamente por persoas que procuraban emprego (89,5%), seguido polas que continuaban estudos universitarios e preparaban oposicións (5,3% ambos).

Entre os que mudaron de emprego predominan os sectores que traballaban na empresa privada (65,8%), para a administración pública (23,7%), ben como traballadores/as autónomos/as (7,9%).

Porén, entre os que perderon o seu emprego por causa da crise predominan as persoas que traballaban na empresa privada (70,4%), seguidos polos que o facían para a administración pública (18,5%), traballadores/as autónomos/as (8,0%) e as que estaban de baixa laboral (0,6%).

## 5.1.2 Situación socio-laboral actual segundo o lugar de residencia

O Cadro nº105 mostra a situación socio-laboral actual segundo o lugar de residencia.

**Cadro nº105: Situación socio-laboral actual segundo o lugar de residencia**

Situación socio-laboral	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
Perdeu o emprego	5,4	4,8	2,3
Segue na mesma situación	3,3	1,7	3,0
Continúa desempregado/a	4,6	2,9	3,3
Mudou de emprego	1,0	0,7	3,0
Encontrou emprego	0,4	1,7	0,3
Continúa no mesmo emprego/actividade	85,3	88,2	88,1

### 5.1.2.1 Persoas tituladas que traballan no momento actual

As persoas tituladas residentes no estranxeiro (91,4%) e noutras Comunidades Autónomas (90,6%) traballan en máis proporción que en Galicia (86,7%). Paradoxalmente, os/as residentes noutras Comunidades Autónomas encontraron emprego durante a crise (1,7%) en máis proporción que os residentes en Galicia (0,4%) e no resto do mundo (0,3%). A mudanza de emprego foi

máis frecuente entre os residentes no estranxeiro (3,0%) e en Galicia (1,0%) que noutras Comunidades Autónomas (0,7%).

### 5.1.2.2 Persoas tituladas que non traballan no momento actual

A proporción de persoas tituladas residentes que non traballan en Galicia (13,3%) supera á dos residentes no resto do mundo (8,6%) e noutras Comunidades Autónomas (9,4%).

A perda do emprego por causa da primeira onda da crise provocada pola epidemia foi superior en Galicia (5,4%) e noutras Comunidades Autónomas (4,8%) que no resto do mundo (2,3%).

### 5.1.2.3 Galicia

O Anexo 66 mostra distribución porcentual da situación socio-laboral actual das persoas tituladas residentes en Galicia por provincias (apartado 66.1) e comarcas (apartado 66.2).

### 5.1.2.4 Outras Comunidades Autónomas

O Anexo 67 mostra distribución porcentual da situación socio-laboral actual das persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas (apartado 67.1) e provincias (apartado 67.2).

### 5.1.2.5 Resto do mundo

O Anexo 68 mostra distribución porcentual da situación socio-laboral actual das persoas tituladas residentes no resto do mundo por países.

## 5.1.3 Situación socio-laboral actual segundo os ámbitos académicos

O Cadro nº106 mostra a situación socio-laboral actual segundo os ámbitos académicos.

**Cadro nº106: Situación socio-laboral actual segundo os ámbitos académicos**

Situación socio-laboral actual	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Multidisciplinar	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Perdeu o emprego	5,8	2,6	5,3	6,3	3,5	6,0
Segue na mesma situación	4,1	2,0	3,6	12,5	1,1	3,8
Continúa desempregado/a	8,7	1,3	5,3	3,1	2,5	4,4
Mudou de emprego	2,3	1,3	1,4	0,0	1,6	0,6
Encontrou emprego	0,3	0,7	1,4	0,0	0,4	0,6
Continúa no mesmo emprego/actividade	78,7	92,1	83,1	78,1	90,9	84,7

### 5.1.3.1 Persoas tituladas que traballan no momento actual

A taxa de ocupación no momento actual máis alta prodúcese entre as persoas tituladas do ámbito das Ciencias da Saúde (94,1%), seguida polas do Tecnolóxico (90,9%), Xurídico-Social (84,7%), Científico (83,1%) e das Artes e Humanidades (78,7%).

A máis alta proporción de titulados/as que encontraron emprego produciuse na rama Científica (1,4%), contra a das Artes e Humanidades (0,3%). A mudanza de emprego foi máis frecuente na rama das Artes e Humanidades (2,3%), Tecnolóxica (1,6%), Científica (1,4%) e das Ciencias da Saúde (1,3%).

### 5.1.3.2 Persoas tituladas que non traballan no momento actual

A proporción máis alta de persoas que non traballan no momento actual rexístrase entre as persoas tituladas que responderon á enquisa das ramas de Artes e Humanidades (18,7%), Científica e Xurídico-Social (14,1% ambas) contra a das Ciencias da Saúde (5,9%) e Tecnolóxica (7,1%).

O segmento maioritario das persoas tituladas nesta situación está conformado polos que xa estaban desempregados/as antes do inicio desta crise, oscilando entre o máximo do 8,7% da rama das Artes e Humanidades, 5,3% da Científica e 4,4% da Xurídico-Social contra os mínimos do 1,3% das Ciencias da Saúde e 2,5% da Tecnolóxica.

A proporción de titulados/as que perderon o emprego durante a primeira onda da actual crise por Covid-19 do ámbito Xurídico-Social (6,0%), das Artes e Humanidades (5,8%) e Científico (5,3%) é superior á rexistrada nas Ciencias da Saúde (2,6%) e Tecnolóxico (3,5%).

Continúan na mesma situación socio-laboral anterior o 12,5% das persoas tituladas do ámbito Multidisciplinar, oscilando no resto de ámbitos desde o 1,1% do Tecnolóxico até o 4,1% das Artes e Humanidades.

### 5.1.4 Situación socio-laboral actual segundo a tipoloxía de estudos

O seguinte cadro mostra detalladamente a situación socio-laboral actual segundo a tipoloxía de estudos (diplomaturas, doutoramento, enxeñarías superiores, enxeñarías técnicas, graos, licenciaturas, mestrados e títulos propios).

**Cadro nº107: Situación socio-laboral actual segundo a tipoloxía de estudos**

Situación socio-laboral actual	Diplomatura	Doutoramento	Enxeñaría Superior	Enxeñaría Técnica	Grao	Licenciatura	Mestrado Universitario	Título Propio
Perdeu o emprego	5,6	2,9	1,6	5,9	10,8	4,0	6,7	15,4
Segue na mesma situación	3,5	1,1	0,7	1,3	4,1	3,7	4,0	30,8
Continúa desempregado/a	4,3	3,4	1,4	3,9	3,8	4,7	9,0	7,7
Mudou de emprego	0,4	1,7	1,4	1,6	1,9	1,1	1,3	0,0
Encontrou emprego	0,1	1,1	0,2	0,7	1,3	0,7	0,9	0,0
Continúa no mesmo emprego/actividade	86,0	89,7	94,7	86,6	78,0	85,9	78,0	46,2

#### 5.1.4.1 Persoas tituladas que traballan no momento actual

A porcentaxe de persoas que traballan é máis alta entre as tituladas en Enxeñarías Superiores (96,3%) e Doutoramento (92,5%) que as tituladas en Graos (81,2%), Diplomaturas (86,5%), Licenciaturas (87,7%) e Enxeñarías Técnicas (88,9%).

O arranxo de emprego durante a crise oscila entre o máximo do 1,3% entre os graduados/as e o mínimo de 0,1% nos diplomados/as. A mudanza de emprego tamén foi máis frecuente entre graduados/as (1,9%), doutorados/as (1,7%) e enxeñeiros/as técnicos/as (1,6%) que nos diplomados/as (0,4%).

#### 5.1.4.2 Persoas tituladas que non traballan no momento actual

A proporción de persoas tituladas que, por diferentes motivos, non traballan no momento actual (porque xa non o facían antes da crise, por seguir na mesma situación socio-laboral anterior ou por ter perdido o seu emprego) é máis alta nos graduados/as (18,8%) e diplomados/as (13,5%), licenciados/as (12,3%) e enxeñeiros/as técnicos/as (11,1%) que nos enxeñeiros/as superiores (3,7%), doutorados/as (7,5%).

Graduados/as (10,8%), enxeñeiros/as técnicos/as (5,9%) e diplomados/as (5,6%), ben como licenciados/as (4,0%) perderon o emprego durante o inicio desta crise en máis proporción que enxeñeiros/as superiores (1,6%) e doutorados/as (2,9%).

#### 5.1.5 Situación socio-laboral actual por titulacións

O Anexo 69 mostra a situación socio-laboral actual das persoas tituladas da UVigo segundo a titulación.

## 5.1.6 Situación socio-laboral actual segundo a promoción académica

O Cadro nº108 mostra a situación socio-laboral actual segundo as promocións académicas avaliadas.

**Cadro nº108: Situación socio-laboral actual segundo a promoción académica**

Situación socio-laboral actual	1990-1995	1996-2000	2001-2005	2006-2010	2011-2015	2016-2020
Perdeu o emprego	1,4	3,2	3,7	5,2	7,7	6,8
Segue na mesma situación	0,0	1,6	2,8	3,4	4,0	5,7
Continúa desempregado/a	2,8	4,2	3,1	3,5	5,6	8,0
Mudou de emprego	0,9	0,2	0,9	0,8	2,2	2,3
Encontrou emprego	0,0	0,6	0,4	0,8	0,5	1,7
Continúa no mesmo emprego/actividade	95,0	90,1	89,1	86,5	80,0	75,6

### 5.1.6.1 Persoas tituladas que traballan no momento actual

A porcentaxe de persoas tituladas que traballan no momento actual mostra unha tendencia crecente en función do tempo transcorrido, sendo superior na primeira promoción (95,9%) que na última (79,6%).

Porén, son as persoas tituladas nas últimas promocións avaliadas as que mostran máis mobilidade profesional relativamente á mudanza e arranxo de emprego (máximos de 2,3% e 1,7%, respectivamente, nas persoas tituladas entre 2016-20).

### 5.1.6.2 Persoas tituladas que non traballan no momento actual

A proporción de persoas que non traballan no momento actual, no entanto, mostra unha tendencia decrecente a respecto da antigüidade, de maneira que é máxima entre as persoas tituladas entre 2016-20 (20,5%) e mínima nas que o fixeron entre 1990-95 (4,2%).

A proporción de persoas tituladas que perderon o emprego é máis alta nas últimas promocións (7,7% no período 2011-15 e 6,8% entre 2016-20), contra o mínimo de 1,4% nos titulados/as entre 1990-95.

## 5.2 Taxa de ocupación actual

### 5.2.1 Resultados globais e por xénero

A taxa de ocupación das persoas tituladas no momento actual, isto é, na altura en que responderon a enquisa (entre maio e xullo de 2020) é do 87,7%. Por xéneros, a taxa actual de ocupación dos homes (91,2%) supera á das mulleres (85,3%).

## **5.2.2 Lugar de residencia**

A taxa de ocupación das persoas tituladas residentes no resto do mundo (91,4%) e noutras Comunidades Autónomas (90,6%) é superior á de Galicia (86,7%).

### **5.2.2.1 Galicia**

#### **5.2.2.1.1 Provincias**

A taxa de ocupación actual existente nas provincias de Lugo (89,4%) e Ourense (89,3%) supera á da Coruña (87,2%) e Pontevedra (85,8%).

#### **5.2.2.1.2 Comarcas**

Superan a media galega de taxa de ocupación actual as persoas tituladas da UVigo residentes no Barbanza (96,4%), Lugo (93,9%), Allariz-Maceda (93,8%), Terra de Lemos (93,3%), Ferrol (92,9%), O Carballiño (92,3%), Verín (91,7%), Baixo Miño (91,4%), O Condado (91,2%), Santiago (90,1%), Ourense (89%) e Vigo (86,9%).

O Anexo 70 mostra a taxa de ocupación actual das persoas tituladas residentes en Galicia por comarcas.

### **5.2.2.2 Outras Comunidades Autónomas**

#### **5.2.2.2.1 Comunidades Autónomas**

A taxa de ocupación oscila entre a ocupación total das persoas tituladas residentes en Castela-A Mancha, Extremadura, País Basco e Rexión de Murcia, seguidas pola Comunidade de Madrid (95,1%), Illas Baleares (91,7%), Cataluña (89,6%) e Comunidade Valenciana (89,5%) e o mínimo de Aragón (0%) e Illas Canarias (63,6%).

O Anexo 71 mostra a taxa de ocupación actual das persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas.

#### **5.2.2.2.1 Provincias**

O Anexo 72 mostra a distribución porcentual da taxa de ocupación actual das persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas por provincias.

### **5.2.2.3 Resto do mundo**

O Anexo 73 mostra a distribución porcentual da taxa de ocupación actual das persoas tituladas residentes no resto do mundo por países.

### 5.2.3 Ámbitos académicos

As persoas tituladas dos ámbitos das Ciencias da Saúde (94,1%) e Tecnolóxico (92,9%) presentan unha taxa de ocupación actual superior ao das Artes e Humanidades (81,3%), Científico (85,8%) e Xurídico-Social (85,9%).

**Cadro nº109: Taxa de ocupación actual segundo os ámbitos académicos**

Ámbito académico	%
Artes e Humanidades	81,3
Ciencias da Saúde	94,1
Científico	85,8
Multidisciplinar	78,1
Tecnolóxico	92,9
Xurídico-Social	85,9

### 5.2.4 Tipoloxía de estudos

A taxa de ocupación actual de enxeñeiros/as superiores/as (96,3%) e doutores/as (92,5%) é superior á de diplomados/as (86,6%), licenciados/as (87,7%) e enxeñeiros/as técnicos/as (88,9%).

**Cadro nº110: Taxa de ocupación actual segundo a tipoloxía de estudos**

Tipoloxía de estudos	%
Diplomatura	86,6
Doutoramento	92,5
Enxeñaría Superior	96,3
Enxeñaría Técnica	88,9
Grao	81,2
Licenciatura	87,7
Mestrado Universitario	80,3
Título Propio	46,2

### 5.2.5 Titulacións

O Anexo 74 mostra a taxa de ocupación actual das persoas tituladas segundo a titulación realizada na UVigo.

### 5.2.6 Promoción académica

A taxa de ocupación actual evolúe segundo unha tendencia decrecente desde un máximo do 95,9% entre as persoas tituladas do primeiro período avaliado (1990-95) ao mínimo do 79,5% nos egresados/as entre 2016-20.



**Cadro nº111: Taxa de ocupación actual segundo a promoción académica**

Período	%
1990-1995	95,9
1996-2000	90,9
2001-2005	90,4
2006-2010	88,0
2011-2015	82,7
2016-2020	79,5

## 5.3 Perfil das persoas que mudaron de emprego durante a primeira onda da pandemia

### 5.3.1 Resultados globais e por xénero

O 1,2% das persoas tituladas da UVigo que participaron no estudo mudaron de emprego durante a primeira onda da actual crise por Covid-19.

Por xéneros non existen diferenzas estatisticamente significativas na proporción de homes (1,2%) e mulleres (1,1%) que mudaron de posto de traballo.

A respecto da situación socio-laboral anterior, na súa maioría (65,8%) as persoas que mudaron emprego xa estaban traballando na empresa privada, seguida por funcionarios/as (23,7%) e traballadores/as autónomos/as (7,9%).

### 5.3.2 Lugar de residencia

As persoas tituladas residentes no estranxeiro mudaron de emprego con máis frecuencia (3,0%) que as que viven en Galicia (1,0%) e noutras Comunidades Autónomas (0,7%).

#### 5.3.2.1 Galicia

##### 5.3.2.1.1 Provincias

En Galicia houbo máis mudanza de emprego durante a primeira onda de actual crise por Covid-19 entre os titulados/as de Lugo (2,4%) e Pontevedra (2,0%), contra os mínimos da Coruña (0,5%) e Ourense (0,7%).

##### 5.3.2.1.2 Comarcas

Mostraron unha mudanza de emprego as persoas tituladas residentes nas comarcas de Terra de Celanova (11,1%), A Terra Chá (10,0%), Bergantiños (7,1%) e O Condado (7,0%), seguidas por Ferrol (3,6%), Lugo (3,0%), O Morrazo (2,2%), O Salnés (1,6%), Vigo (1,0%) e Ourense (0,7%).

### 5.3.2.2 Outras Comunidades Autónomas

#### 5.3.2.2.1 Comunidades Autónomas

As persoas tituladas residentes na Comunidade de Madrid, co 1,6%, foron as únicas que rotaron de emprego durante a primeira onda da pandemia de Covid-19.

#### 5.3.2.2.2 Provincias

As persoas tituladas residentes na Comunidade de Madrid, co 1,6%, foron as únicas que mostraron capacidade de mudanza de emprego.

#### 5.3.2.3 Resto do mundo

En cinco países foi posíbel a rotación laboral durante a primeira onda da actual crise: Suíza (13,3%), Estados Unidos (11,1%) e Países Baixos (10,0%), seguidos, a máis distancia, polo Reino Unido (5,7%) e Alemaña (2,1%).

### 5.3.3 Ámbitos académicos

A rotación laboral, tal como mostra o Cadro nº112, foi superior nas persoas tituladas do ámbito das Artes e Humanidades (2,3%). Non existiu rotación laboral entre as persoas tituladas da rama Multidisciplinar.

**Cadro nº112 Rotación laboral durante a primeira onda da pandemia segundo os ámbitos académicos**

Ámbito académico	%
Artes e Humanidades	2,3
Ciencias da Saúde	1,3
Científico	1,4
Multidisciplinar	0,0
Tecnolóxico	1,6
Xurídico-Social	0,6

Entre as persoas tituladas que mudaron de emprego predominan as de perfil Tecnolóxico (36,8%), seguidas polas da rama Xurídico-Social (23,7%), Artes e Humanidades (21,1%) e, a máis distancia, pola Científica (13,2%) e as Ciencias da Saúde (5,3%).

### 5.3.4 Tipoloxía de estudos

Tal como mostra o Cadro nº113, as persoas graduadas experimentaron máis rotación laboral (1,9%) que as diplomadas (0,4%). Non houbo rotación de emprego entre as persoas con títulos propios.

**Cadro nº113: Rotación laboral durante a primeira onda da pandemia segundo a tipoloxía de estudos**

Tipo de estudos	%
Diplomatura	0,4
Doutoramento	1,7
Enxeñaría Superior	1,4
Enxeñaría Técnica	1,6
Grao	1,9
Licenciatura	1,1
Mestrado Universitario	1,3
Título Propio	0,0

Das persoas que mudaron de emprego, un 31,6% eran licenciadas, 15,8% graduadas e enxeñeiras superiores, 13,2% enxeñeiras técnicas e 7,9% diplomadas, con mestrado universitario e doutoradas.

### 5.3.5 Titulacións

Mostraron unha rotación laboral superior á media da mostra obtida as persoas tituladas nos graos en Química (25,0%) e en Bioloxía (10,0%), Licenciatura en Filoloxía Inglesa (9,8%), graos en Tradución e Interpretación (7,7%) e en Belas Artes (5,0%).

**Cadro nº114: Rotación laboral durante a primeira onda da pandemia por titulacións**

Titulación	%
Diplomatura en Enfermaría	1,1
Diplomatura en Graduado Social	4,8
Enxeñaría de Minas	2,8
Enxeñaría de Telecomunicación	0,8
Enxeñaría Industrial	1,8
Enxeñaría Técnica Agrícola	4,0
Enxeñaría Técnica de Telecomunicación	4,5
Enxeñaría Técnica Industrial	2,0
Grao en Administración e Dirección de Empresas	3,6
Grao en Belas Artes	5,0
Grao en Bioloxía	10,0
Grao en Enfermaría	4,0
Grao en Química	25,0
Grao en Tradución e Interpretación	7,7
Licenciatura en Bioloxía	1,3
Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	4,8
Licenciatura en Comunicación Audiovisual	4,3
Licenciatura en Economía	1,4

Titulación	%
Licenciatura en Filoxía Inglesa	9,8
Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas	1,3
Licenciatura en Química	2,5
Licenciatura en Tradución e Interpretación	2,2

### 5.3.6 Promoción académica

Tal como mostra o Cadro nº115, a rotación laboral foi máis alta nas últimas promocións (2,3% entre 2016-20 e 2,2% entre 2011-15) que nas máis antigas (0,2% entre 1996-2000).

**Cadro nº115: Rotación laboral durante a primeira onda da pandemia segundo a promoción académica**

Promoción	%
1990-1995	0,9
1996-2000	0,2
2001-2005	0,9
2006-2010	0,8
2011-2015	2,2
2016-2020	2,3

Entre as persoas que mudaron de emprego durante a primeira onda da pandemia, a metade completaran os seus estudos entre 2011-15, 15,8% entre 2001-05 e 2006-10 (ambos), 10,5% entre 2016-20, 5,3% entre 1990-95 e 2,6% entre 1996-2000.

### 5.3.7 Tipo de contrato

A mudanza de emprego durante a primeira onda da pandemia incumbiu en máis proporción ás persoas tituladas que traballaban con contratos de prácticas (9,1%) e bolseiros/as (5,6%).

**Cadro nº116: Rotación laboral durante a primeira onda da pandemia segundo o tipo de contrato**

Tipo de contrato	%
Bolsa	5,6
En prácticas	9,1
Indefinido	0,8
Por obra/servizo	2,9
Sen contrato	0,0
Temporal/eventual	2,5

O Cadro nº117 mostra a distribución, por tipoloxía de contrato, das persoas tituladas que mudaron de emprego, podéndose constatar a existencia dunha distribución equitativa entre empregados/as con contratos de duración indefinida e definida.

**Cadro nº117: Tipo de contrato das persoas que mudaron de emprego**

Contrato	%
Bolsa	6,1
En prácticas	3,0
Indefinido	48,5
Por obra/servizo	12,1
Temporal/eventual	30,3

**5.3.8 Antigüidade na situación laboral anterior**

A maior frecuencia de persoas tituladas que mudaron de emprego durante a primeira onda da pandemia produciuse entre aquelas con unha antigüidade no emprego anterior inferior a seis meses (3,2%) e entre seis meses e un ano (2,1%).

**Cadro nº118: Rotación laboral segundo a antigüidade no emprego anterior**

Antigüidade	%
0-6 meses	3,2
6-12 meses	2,1
12-24 meses	0,3
24-60 meses	2,0
60-120 meses	1,3
120-180 meses	0,0
180-240 meses	0,7
Máis de 240 meses	0,7

Tal como mostra o Cadro nº119, o 36,8% das persoas tituladas que mudaron de emprego tiña unha antigüidade no emprego anterior inferior a dous anos, 34,2% entre dous e cinco anos e 29,0% máis de cinco anos.

**Cadro nº119: Antigüidade no emprego anterior das persoas que mudaron de emprego**

Antigüidade	%
0-6 meses	18,4
6-12 meses	15,8
12-24 meses	2,6
24-60 meses	34,2
60-120 meses	18,4
180-240 meses	5,3
Máis de 240 meses	5,3

### 5.3.9 Rama de actividade

Mudou de emprego o 1,5% das persoas que traballaban no seu emprego anterior na empresa privada contra o 1,1% das que o facían no ámbito público. Nas persoas que traballaban en entidades non lucrativas non seu produciu rotación laboral no período avaliado.

A maioría de persoas que mudaron de emprego (73,7%) traballaban previamente na empresa privada, contra o 26,3% que o facía para a administración pública.

### 5.3.10 Sector económico

Houbo rotación laboral en 16 dos 35 sectores económicos avaliados. A maior rotación laboral produciuse nos sectores da industria química, plástico, vidro e envases (6,5%), actividades deportivas (5,3%), enxeñaría (3,6%) e servizos a empresas (2,6%).

**Cadro nº120: Rotación laboral durante a primeira onda da pandemia segundo os sectores económicos**

Sector económico	%
Actividades deportivas	5,3
Administración pública (servizos centrais, Facenda...)	1,3
Agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal	2,4
Automoción	2,2
Banca e seguros	1,8
Consultoría	1,4
Enerxía e utilities	1,4
Ensino/Docencia	1,3
Enxeñaría	3,6
Industria química, plástico, vidro e envases	6,5
Investigación	1,3
Medios de comunicación/Audiovisuais	2,1
Outras actividades sociais	1,3
Sanitario/Saúde	1,5
Servizos a empresas	2,6
Telecomunicacións/IT	1,6

### 5.3.11 Área funcional de traballo

Tal como mostra o Cadro nº121, os departamentos das empresas/entidades con máis rotación laboral foron calidade (4,7%), prevención e saúde (2,6%) e atención ao cliente (2,5%).

**Cadro nº121: Rotación laboral durante a primeira onda da pandemia segundo a área funcional de traballo**

Departamento	%
Calidade	4,7
Prevenición e saúde	2,6
Atención ao cliente	2,5
Vendas/marketing	1,6
Administración e finanzas	1,4
Informática e tecnoloxía	1,4
I+D+i	1,3
Formación e ensino	1,1
Produción	1,1
Sen áreas diferenciadas na empresa	1,0
Enxeñaría e construción	0,9
Dirección xeral	0,8
Servizos	0,7

**5.3.12 Categoría profesional**

Por orde decrecente, houbo máis rotación laboral entre técnicos/as cualificados (1,5%) e empregados/as non cualificados/as (1,2%), seguidos por directivos/as (1,1%) e mandos intermedios (0,8%).

A maioría de persoas tituladas que mudaron de emprego (71,1%) eran técnicos/as cualificados/as, seguido por mandos intermedios (13,2%), directivos/as (10,5%) e empregados/as non cualificados/s (5,3%).

**5.3.13 Tamaño da empresa**

Tal como mostra o Cadro nº122 houbo máis rotación laboral nas empresas de tamaño mediano e (2,0%) e individual (1,5%).

**Cadro nº122: Rotación laboral durante a primeira onda da pandemia segundo o tamaño da empresa**

Tamaño da empresa	%
1	1,5
2-9	1,2
10-49	0,9
50-249	2,0
250-999	0,9
1000 ou máis empregados/as	1,3

Poren, dado o seu peso relativo no conxunto da mostra, o segmento de persoas tituladas da UVigo que mudaron de emprego está constituído por empregados/as de grandes empresas (42,1%), medianas empresas (28,9%), pequenas empresas (13,2%) e, en menor medida, por microempresas (10,5%) e empresas individuais (5,3%).

## **5.4 Perfil das persoas que encontraron emprego durante a primeira onda da pandemia**

### **5.4.1 Resultados globais e por xénero**

Unha pequena parte das persoas tituladas que responderon á enquisa (0,6%) arranxaron emprego durante a primeira onda da epidemia de Covid-19, duplicando a porcentaxe masculina (0,8%) á feminina (0,4%).

A inmensa maioría que encontrou emprego durante o inicio desta crise (89,5%) eran persoas desempregadas que procuraban emprego, seguidas, a máis distancia por persoas que continuaban os seus estudos universitarios ou preparaban oposicións (5,3% ambos).

### **5.4.2 Lugar de residencia**

Encontraron emprego en máis proporción as persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas (1,7%) que en Galicia (0,4%) e no resto do mundo (0,3%).

#### **5.4.2.1 Galicia**

##### **5.4.2.1.1 Provincias**

Sen existiren diferenzas estatisticamente significativas, arranxaron emprego con máis frecuencia as persoas tituladas residentes na provincia da Coruña (0,8%), seguidas polas de Ourense (0,5%) e Pontevedra (0,4%). Na provincia de Lugo ninguén encontrou emprego durante a primeira onda da pandemia.

##### **5.4.2.1.2 Comarcas**

Por orde decrecente, as comarcas onde se deron as oportunidades laborais foron a Limia (15,4%) e Noia (8,3%), seguidas, a máis distancia, polo Condado (1,8%), O Salnés (1,6%), A Coruña (1,4%), O Morrazo (0,7%), Pontevedra (0,5%) e Vigo (0,2%).

#### **5.4.2.2 Outras Comunidades Autónomas**

##### **5.4.2.2.1 Comunidades Autónomas**

En catro Comunidades Autónomas houbo persoas tituladas da UVigo que encontraron emprego: Illas Canarias (9,1%), Andalucía (3,7%), Comunidade de Madrid (2,2%) e Cataluña (1,3%).



#### 5.4.2.2 Provincias

As provincias en que as persoas tituladas da UVigo encontraron emprego foron As Palmas de Gran Canaria e Cádiz (12,5% ambas), Comunidade de Madrid (2,2%) e Barcelona (1,3%).

#### 5.4.2.3 Resto do mundo

Só encontraron emprego as persoas tituladas da UVigo residentes na Suecia (25,0%).

#### 5.4.3 Ámbitos académicos

Por ámbitos académicos, as persoas tituladas do Científico encontraron emprego con máis proporción (1,4%) que as de Artes e Humanidades (0,3%), que rexistraron a taxa mínima. Entre os/as titulados/as da rama Multidisciplinar ninguén encontrou emprego durante a primeira onda da pandemia.

##### Cadro nº123: Arranxo de emprego durante a primeira onda da pandemia segundo os ámbitos académicos

Ámbito académico	%
Artes e Humanidades	0,3
Ciencias da Saúde	0,7
Científico	1,4
Multidisciplinar	0,0
Tecnolóxico	0,4
Xurídico-Social	0,6

Polo seu peso no conxunto da mostra obtida, o principal grupo de egresados/as que encontraron emprego está conformado por persoas tituladas do ámbito Xurídico-Social (42,1%), seguido polo Científico (26,3%), Tecnolóxico (21,1%) e, a máis distancia, polo das Artes e Humanidades e Ciencias da Saúde (5,3% ambos).

#### 5.4.4 Tipoloxía de estudos

Encontraron emprego con máis frecuencia graduados/as (1,3%) e doutores/as (1,1%), contra diplomados/as e enxeñeiros/as superiores (0,1% e 0,2%, respectivamente).

##### Cadro nº124: Arranxo de emprego durante a primeira onda da pandemia segundo a tipoloxía de estudos

Tipo de estudos	%
Diplomatura	0,1
Doutoramento	1,1
Enxeñaría Superior	0,2
Enxeñaría Técnica	0,7
Grao	1,3

Tipo de estudos	%
Licenciatura	0,7
Mestrado Universitario	0,9
Título Propio	0,0

O segmento de persoas que encontrou emprego durante a primeira onda da pandemia distribúese entre licenciados/as (36,8%), graduados/as (21,1%), enxeñeiros/as técnicos/as, doutorados/as e con mestrado (10,5% cada un) e diplomados/as e enxeñeiros/as superiores (5,3% cada un).

### 5.4.5 Titulacións

Tal como mostra o Cadro nº125, as titulacións que tiveron máis oportunidades laborais durante a primeira onda da pandemia de Covid-19 foron os graos en Relacións Laborais e Recursos Humanos (14,3%) e en Publicidade e Relacións Públicas (7,7%), ben como a Licenciatura en Historia (7,7%) e Grao en Fisioterapia (5,9%).

#### Cadro nº125: Arranxo de emprego durante a primeira onda da pandemia segundo a titulación

Titulación	%
Diplomatura en Relacións Laborais	1,2
Enxeñaría de Telecomunicación	0,8
Enxeñaría Técnica Forestal	2,9
Enxeñaría Técnica Industrial	0,5
Grao en Administración e Dirección de Empresas	3,6
Grao en Fisioterapia	5,9
Grao en Publicidade e Relacións Públicas	7,7
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	14,3
Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas	0,6
Licenciatura en Bioloxía	1,3
Licenciatura en Ciencias do Mar	2,5
Licenciatura en Comunicación Audiovisual	4,3
Licenciatura en Dereito Económico-Empresarial	1,9
Licenciatura en Historia	7,7

### 5.4.6 Promoción académica

Segundo a promoción académica, sen existir relacións de dependencia estatística, destaca a frecuencia de titulados/as entre 2006-10 que arranxou emprego (0,8%) contra o mínimo de 0,5% entre os/as titulados/as entre 2011-15.

**Cadro nº126: Arranxo de emprego durante a primeira onda da pandemia segundo a promoción académica**

Promoción académica	%
1990-1995	0,0
1996-2000	0,6
2001-2005	0,4
2006-2010	0,8
2011-2015	0,5
2016-2020	1,7

En consecuencia, entre as persoas tituladas que arranxaron emprego, predominan as egresadas entre 2006-10 (31,6%), seguidas polas do período 2011-15 (21,1%) e entre 2016-20, 2001-05 e 1990-2000 (15,8% cada un).

## 5.5 Evolución da taxa de ocupación durante a primeira onda da pandemia

### 5.5.1 Resultados globais

Durante o breve período de tempo avaliado en que o planeta se viu abalado pola primeira onda da pandemia de Covid-19 a taxa de ocupación das persoas tituladas da UVigo que participaron neste estudo viuse reducida un 4,9%.

**Cadro nº127: Variación da taxa de ocupación global**

	Antes	Despois	Variación
Ocupación	92,2	87,7	-4,9

### 5.5.2 Xénero

As mulleres sufreron unha diminución da taxa de ocupación (5,8%) superior á dos homes.

**Cadro nº128: Variación da taxa de ocupación segundo o xénero**

	Antes	Despois	Variación
Home	94,5	91,2	-3,5
Muller	90,6	85,3	-5,8

### 5.5.3 Lugar de residencia

A maior queda da taxa de ocupación produciuse entre as persoas tituladas da UVigo residentes en Galicia (5,5%) contra o 3,3% noutras Comunidades Autónomas e 2,6% no resto do mundo.

**Cadro nº129: Variación da taxa de ocupación segundo o lugar de residencia**

	Antes	Despois	Variación
Galicia	91,7	86,7	-5,5
Outras Comunidades Autónomas	93,7	90,6	-3,3
Resto do mundo	93,8	91,4	-2,6

**5.5.3.1 Galicia****5.5.3.1.1 Provincias**

Tal como mostra o Cadro nº130, en todas as provincias galegas produciuse unha diminución da taxa de ocupación, sendo superior a rexistrada en Lugo (6,2%) e Pontevedra (6,0%).

**Cadro nº130: Variación da taxa de ocupación das persoas tituladas residentes en Galicia por provincias**

Provincia	Antes	Despois	Variación
A Coruña	92,0	87,2	-5,2
Lugo	95,3	89,4	-6,2
Ourense	92,2	89,3	-3,1
Pontevedra	91,3	85,8	-6,0

**5.5.3.1.2 Comarcas**

Experimentaron unha diminución na taxa de ocupación superior á media galega as persoas tituladas residentes nas comarcas do Deza (-30,0%), Chantada (-20,0%), A Terra Chá (-12,5%), Pontevedra (-9,1%), Bergantiños e Caldas (-7,8% ambas), A Coruña (-7,4%), O Baixo Miño (-7,0%), Valdeorras (-6,6%), Santiago (-6,5%), Lugo (-6,1%), O Morrazo (-5,7%) e Vigo (-5,5%).

O Anexo 75 mostra a variación experimentada pola taxa de ocupación das persoas tituladas residentes en Galicia por comarcas.

**5.5.3.2 Outras Comunidades Autónomas****5.5.3.2.1 Comunidades Autónomas**

As maiores inflexións na taxa de ocupación producíronse en Aragón (-100,0%), Asturias (-16,7%), Cantabria (-14,3%), Illas Baleares (-8,3%), Cataluña (-6,8%), Andalucía e Castela e León (-4,3% ambas). Na Comunidade de Madrid foi de -0,5% e ficou inalterada no resto de Comunidades Autónomas con presenza de persoas tituladas da UVigo.

O Anexo 76 reflicte a variación da taxa de ocupación das persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas.

### 5.5.3.2 Provincias

O Anexo 77 mostra a variación da taxa de ocupación das persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas por provincias.

### 5.5.3.3 Resto do mundo

Os países en que se produciu unha diminución da taxa de ocupación, por orde decrecente, foron Croacia (-100,0%), Xapón (-50,0%), Italia (-25,0%), Brasil (-11,1%), México (-10,0%), Reino Unido (-3,9%) e Portugal (-3,4%). No resto de países con presenza de persoas tituladas da UVigo non mudou a taxa de ocupación.

O Anexo 78 mostra a variación da taxa de ocupación das persoas tituladas residentes no resto do mundo por países.

### 5.5.4 Ámbitos académicos

Todos os ámbitos académicos rexistraron unha mingua na taxa de ocupación, sendo maior a experimentada no Multidisciplinar (-7,5%), Artes e Humanidades (-6,4%) e Xurídico-Social (-6%) contra o mínimo das Ciencias da Saúde (-2,1%).

**Cadro nº131: Variación da taxa de ocupación segundo os ámbitos académicos**

Ámbito académico	Antes	Despois	Variación
Artes e Humanidades	86,9	81,3	-6,4
Ciencias da Saúde	96,1	94,1	-2,1
Científico	90,3	85,8	-5,0
Multidisciplinar	84,4	78,1	-7,5
Tecnolóxico	95,8	92,9	-3,0
Xurídico-Social	91,4	85,9	-6,0

### 5.5.5 Tipoloxía de estudos

As tipoloxías que reduciron en máis proporción a taxa de ocupación foron as persoas con títulos propios (-24,9%), graos (-10,6%) e mestrados universitarios (-7,2%).

**Cadro nº132: Variación da taxa de ocupación segundo a tipoloxía de estudos**

Tipo de estudos	Antes	Despois	Variación
Diplomatura	92,2	86,6	-6,1
Doutoramento	94,3	92,5	-1,9
Enxeñaría Superior	97,7	96,3	-1,4
Enxeñaría Técnica	93,8	88,9	-5,2

Tipo de estudos	Antes	Despois	Variación
Grao	90,8	81,2	-10,6
Licenciatura	91,1	87,7	-3,7
Mestrado Universitario	86,5	80,3	-7,2
Título Propio	61,5	46,2	-24,9

## 5.5.6 Titulacións

Os maiores detrimentos producíronse entre as persoas tituladas nos graos en Ciencias Ambientais (-50,0%), Educación Infantil e Linguas Estranxeiras (-33,4% ambas), Estudos de Galego e Español (-33,3%), Ciencias do Mar e Dereito (-28,6% ambas), Enxeñaría en Organización Industrial e Turismo (-25,0% ambas), Educación Primaria (-23,1%), Educación Social (-22,2%), Comunicación Audiovisual (-21,4%) e en Bioloxía (-20,0%).

Os ciclos que máis viron diminuída a súa ocupación foron a Licenciatura en Belas Artes (-14,6%), diplomaturas en Educación Social (-13,8%) e Xestión e Administración Pública (-12,5%), Licenciatura en Filoloxía Galega (-12,5%), diplomaturas en Mestre/a e Turismo (-11,1% ambas) e Enxeñaría Técnica Forestal (-10,3%).

Porén, durante este período viron aumentada a súa taxa de ocupación as persoas tituladas na Licenciatura en Historia (+12,5%) e na Diplomatura en Fisioterapia (+6,7%).

Máis concretamente, o Anexo 79 reflicte a variación experimentada pola taxa de ocupación no resto do mundo por titulacións.

## 5.5.7 Promoción académica

Todas as promocións académicas avaliadas sufreron unha merma na súa ocupación sendo máis alta a experimentada nas máis recentes (-8,2% entre 2011-15 e -6,1% entre 2016-20) que nas máis antigas (-0,9% entre 1990-95).

### Cadro nº133: Variación da taxa de ocupación segundo a promoción académica

Promoción académica	Antes	Despois	Variación
1990-1995	96,8	95,9	-0,9
1996-2000	93,8	90,9	-3,1
2001-2005	93,6	90,4	-3,4
2006-2010	92,5	88,0	-4,9
2011-2015	90,1	82,7	-8,2
2016-2020	84,7	79,5	-6,1

## 5.6 Taxa de desemprego actual

### 5.6.1 Resultados globais e por xéneros

A primeira onda da crise xerada pola Covid-19 provocou un aumento da taxa de desemprego do 97,87% nas persoas tituladas da UVigo que participaron neste estudo, pasando de 4,7% en marzo a 9,3% en xuño de 2020. Por xéneros, a taxa de desemprego das mulleres (10,7%) supera á dos homes (7,2%).

### 5.6.2 Lugar de residencia

Segundo o lugar de residencia existen diferenzas estatisticamente significativas, sendo a taxa de desemprego actual en Galicia (10,0%) case o duplo da existente no resto do mundo (5,6%) e superior á existente noutras Comunidades Autónomas (7,7%).

**Cadro nº134: Taxa de desemprego actual segundo o lugar de residencia**

	%
Galicia	10,0
Outras Comunidades Autónomas	7,7
Resto do mundo	5,6

#### 5.6.2.1 Galicia

##### 5.6.2.1.1 Provincias

A taxa actual de desemprego das persoas tituladas residentes nas provincias de Pontevedra (10,9%) e da Coruña (9,6%) é superior á de Ourense (7,0%) e Lugo (8,2%).

##### 5.6.2.1.2 Comarcas

As taxas máis elevadas de desemprego prodúcense nas comarcas de Fisterra (100,0%), Baixa Limia (50,0%), Deza (30,8%), Tabeirós-Terra de Montes (30,0%), Noia (25,0%), Terra Chá e Chantada (20,0% ambas), Pontevedra (16,5%), A Limia (15,4%), Caldas (14,3%), A Coruña (12,8%) e O Salnés (12,5%).

Abaixo da media galega sitúanse as comarcas urbanas de Vigo (9,9%), Santiago (9,0%), Ourense (7,5%), Ferrol (7,1%) e Lugo (6,1%).

O Anexo 80 mostra a taxa de desemprego actual das persoas tituladas residentes por comarcas.

## 5.6.2.2 Outras Comunidades Autónomas

### 5.6.2.2.1 Comunidades Autónomas

As persoas tituladas da UVigo cunha taxa de desemprego superior á galega residen en Aragón (100,0%), seguido polas Illas Canarias (36,4%), Asturias (21,1%), Cantabria (14,3%), Andalucía (11,1%) e Cataluña (10,4%).

Porén, o desemprego é inexistente entre os residentes en Castela-A Mancha, Estremadura, Navarra, País Basco e Rexión de Murcia, seguidas pola Comunidade de Madrid (4,4%) e Comunidade Valenciana (5,3%).

O Anexo 81 mostra a taxa de desemprego actual das persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas.

### 5.6.2.2.2 Provincias

O Anexo 82 mostra a taxa de desemprego actual das persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas por provincias.

### 5.6.2.3 Resto do mundo

Por países, están desempregadas a totalidade de persoas tituladas da UVigo residentes en Croacia, a metade das emigradas a Chequia, China, Finlandia e Xapón, ben como en Ecuador (33,3%), Brasil (20,0%), México (10,0%), Portugal (6,5%), Francia (6,3%) e Reino Unido (5,7%). Na Alemaña a taxa de desemprego é do 4,2% e nula no resto de países avaliados.

O Anexo 83 mostra a taxa de desemprego actual das persoas tituladas residentes no resto do mundo por países.

## 5.6.3 Ámbitos académicos

A taxa de desemprego global é superada polas persoas tituladas dos ámbitos das Artes e Humanidades (14,6%), Científico (10,6%) e Xurídico-Social (10,4%) contra os mínimos das Ciencias da Saúde (3,9%), Tecnolóxico (6,0%) e Multidisciplinar (9,4%).

**Cadro nº135: Taxa de desemprego actual segundo os ámbitos académicos**

Ámbito	%
Artes e Humanidades	14,6
Ciencias da Saúde	3,9
Científico	10,6
Multidisciplinar	9,4
Tecnolóxico	6,0
Xurídico-Social	10,4



### 5.6.4 Tipoloxía de estudos

Atendendo á tipoloxía de estudos, a taxa de desemprego de graduados/as (14,6%) e diplomados/as (9,9%) supera a media global da mostra obtida. Porén, as máis baixas rexístranse entre enxeñeiros/as superiores (3,0%) e doutores/as (6,3%).

**Cadro nº136: Taxa de desemprego actual segundo a tipoloxía de estudos**

Tipo de estudos	%
Diplomatura	9,9
Doutoramento	6,3
Enxeñaría Superior	3,0
Enxeñaría Técnica	9,8
Grao	14,6
Licenciatura	8,7
Mestrado Universitario	15,7
Título Propio	23,1

### 5.6.5 Titulacións

O Anexo 84 mostra a taxa de desemprego actual das persoas tituladas que participaron neste estudo por titulacións.

### 5.6.6 Promoción académica

A taxa de desemprego experimenta unha tendencia lineal crecente, pasando dun mínimo de 4,1% nas persoas tituladas entre 1990-95 ao máximo de 14,8% entre as recén tituladas (promocións entre 2016-20).

**Cadro nº137: Taxa de desemprego actual segundo a promoción académica**

Promoción académica	%
1990-1995	4,1
1996-2000	7,4
2001-2005	6,8
2006-2010	8,6
2011-2015	13,3
2016-2020	14,8

## 5.7 Perfil das persoas que perderon o emprego durante a primeira onda da pandemia

### 5.7.1. Resultados globais e por xénero

Un 5,0% das persoas tituladas da UVigo perderon o emprego durante a primeira onda da actual crise por Covid-19, sendo superior a perda experimentada polas mulleres (5,7%) que polos homes (4,0%).

Relativamente á situación socio-laboral anterior, a maioría de persoas tituladas que perderon o emprego traballaban por conta allea na empresa privada (70,4%), para a administración (18,5%), eran traballadores/autónomos (8,0%) ou estaban de baixa laboral (0,6%).

### 5.7.2 Lugar de residencia

Segundo o lugar de residencia, a perda do emprego foi superior en Galicia (5,4%) e noutras Comunidades Autónomas (4,8%) que no resto do mundo (2,3%).

#### 5.7.2.1 Galicia

##### 5.7.2.1.1 Provincias

Por provincias, é significativa a perda producida entre as persoas tituladas que traballan en Ourense (3,6%) contra as de Lugo (5,9%), Pontevedra (5,8%) e A Coruña (5,6%).

##### 5.7.2.1.2 Comarcas

Por comarcas, superan a media galega de perda de emprego no Deza (23,1%), Chantada (20,0%), A Terra Chá (10%), A Coruña (8,1%), Pontevedra (8,0%), Bergantiños e Caldas (7,1%), O Baixo Miño (6,9%), O Salnés e Santiago (6,3%), Lugo (6,1%), O Morrazo e Valdeorras (5,9% ambas), O Condado (5,3%), Vigo (5,1%) e Ourense (5,0%).

O Anexo 85 mostra a distribución porcentual das perdas de emprego das persoas tituladas residentes en Galicia por comarcas.

#### 5.7.2.2 Outras Comunidades Autónomas

##### 5.7.2.2.1 Comunidades Autónomas

Por Comunidades Autónomas, superan a media galega de perda de emprego durante a primeira onda desta crise, as persoas tituladas residentes en Aragón (50,0%), Asturias (15,4%), Cantabria (14,3%), Illas Canarias (9,1%), Illas Baleares (8,3%), Cataluña (7,8%) e Andalucía (7,4%). As perdas foron menores en Castela e León (4,0%) e na Comunidade de Madrid (2,7%). O resto de Comunidades Autónomas non rexistraron perda de emprego das persoas tituladas da UVigo.

O Anexo 86 mostra a distribución porcentual da perda de emprego das persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas.

### **5.7.2.2 Provincias**

O Anexo 87 mostra a distribución porcentual das perdas de emprego das persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas.

### **5.7.2.3 Resto do mundo**

Perdeu o emprego durante esta crise a totalidade das persoas tituladas da UVigo emigradas en Croacia, a metade de residentes no Xapón, seguido por Brasil e México (10,0% ambos), Reino Unido (3,8%) e Portugal (3,2%).

No resto de países ningunha persoas titulada da UVigo perdeu o emprego por causa da primeira onda da Covid-19.

### **5.7.3 Ámbitos académicos**

Producíronse perdas de emprego en todos os ámbitos académicos avaliados, sendo estatisticamente significativas as rexistradas nas ramas Multidisciplinar (6,3%), Xurídico-Social (6,0%), Artes e Humanidades (5,8%) e Científica (5,3%) contra as Ciencias da Saúde (2,6%) e Tecnolóxica (3,5%).

### **5.7.4 Tipoloxía de estudos**

O 10,8% de graduados/as e 15,4% de persoas con títulos propios experimentaron as maiores perdas de emprego, seguidas polos que realizaron un Mestrado Universitario (6,7%), enxeñeiros/as técnicos/as (5,9%), diplomados/as (5,6%) e licenciados/as (4%). En menor proporción áchanse os enxeñeiros/as superiores (1,6%) e doutores/as (2,9%).

### **5.7.5 Titulacións**

As maiores perdas de emprego producíronse entre os graduados/as en Ciencias Ambientais (33,3%), Dereito e Linguas Estranxeiras (28,6% ambas), Educación Infantil (27,3%), Ciencias do Mar, Enxeñaría en Organización Industrial, Estudos de Galego e Español e en Turismo (25,0% cada unha), Educación Primaria (23,1%), Comunicación Audiovisual (21,4%), Bioloxía e Educación Social (20,0% ambas), Publicidade e Relacións Públicas (5,4%) e en Relacións Laborais e Recursos Humanos (14,3%).

A seguir sitúanse as perdas de emprego nos licenciados/as en Comunicación Audiovisual (13,0%) e Belas Artes (12,5%), diplomados/as en Educación Social (12,1%), Enxeñaría Técnica Forestal (11,8%), diplomados/as en Xestión e Administración Pública (11,1%), graduados/as en Administración e Dirección de Empresas (10,7%), diplomados/as en Turismo e licenciados/as en Filoloxía Galega (10,0% ambas), diplomados/as en Mestre/a (9,7%), graduados/as en Dirección e Xestión Pública (8,3%) e en Tradución e Interpretación (7,7%), diplomados/as en Fisioterapia (7,1%), enxeñeiros/as técnicos/as en Informática de Xestión (6,3%) e diplomados/as en Relacións Laborais (6%).

O Anexo 88 mostra a distribución porcentual das persoas tituladas que perderon o seu emprego durante a primeira onda da actual crise por Covid-19 por titulacións.

### 5.7.6 Promoción académica

As maiores porcentaxes de perda de emprego producíronse entre as promocións máis recentes (7,7% de titulados/as entre 2011-15 e 6,8% entre 2016-2020) contra a mínima de 1,4% nas promocións máis antigas.

**Cadro nº138: Persoas tituladas que perderon o emprego segundo a promoción académica**

Promoción académica	%
1990-1995	1,4
1996-2000	3,2
2001-2005	3,7
2006-2010	5,2
2011-2015	7,7
2016-2020	6,8

### 5.7.7 Tipo de contrato

As persoas tituladas sen contrato foron as que en maior proporción (33,3%) perderon o seu emprego durante a primeira onda da pandemia contra as que tiñan un contrato de duración indefinida (2,0%).

**Cadro nº139: Persoas tituladas que perderon o emprego segundo o tipo de contrato**

Tipo de contrato	%
Bolsa	2,8
En prácticas	9,1
Indefinido	2,0
Por obra/servizo	15,0
Sen contrato	33,3
Temporal/eventual	17,8

Segundo a tipoloxía de contrato, a maioría (68,9%) das persoas tituladas que perderon o seu emprego entre marzo e xuño de 2020 tiñan contratos de duración definida contra un 29,6% de duración indefinida. Máis especificamente o Cadro nº140 mostra a distribución porcentual das persoas tituladas que perderon o emprego segundo a tipoloxía de contrato.

**Cadro nº140: Tipo de contrato das persoas que perderon o emprego**

Tipo de contrato	%
Bolsa	0,7
En prácticas	0,7
Indefinido	29,6
Por obra/servizo	15,6
Sen contrato	0,7
Temporal/eventual	52,6

### 5.7.8 Antigüidade

O tempo medio de permanencia ou antigüidade no emprego das persoas que perderon o traballo durante a crise é de 33,6 meses<sup>51</sup> (2,8 anos).

As persoas con menos antigüidade no seu posto de traballo perderon o seu emprego en máis proporción que aquelas con máis tempo de permanencia. Así, chegaron a perder o emprego o 18,7% das persoas cunha antigüidade inferior a seis meses e o 12,1% cunha permanencia entre seis meses e un ano, contra o 1,3% dos que levaban entre quince e vinte anos.

**Cadro nº141: Antigüidade (en meses) no posto de traballo das persoas que perderon o emprego**

Intervalo	%
0-6 meses	18,7
6-12 meses	12,1
12-24 meses	6,2
24-60 meses	4,7
60-120 meses	2,8
120-180 meses	2,1
180-240 meses	1,3
Máis de 240 meses	0,0

Tal como mostra o Cadro nº142, de todas as persoas que perderon o emprego, unha cuarta parte tiña unha antigüidade inferior a seis meses, 47,4% inferior a un ano, 61,3% inferior a dous anos e 80,9% inferior a cinco anos.

**Cadro nº142: Antigüidade (por intervalos) das persoas que perderon o emprego**

Antigüidade	%
0-6 meses	25,9
6-12 meses	21,5
12-24 meses	13,9
24-60 meses	19,6
60-120 meses	9,5
120-180 meses	7,0
180-240 meses	2,5
Máis de 240 meses	0,0

<sup>51)</sup> Desviación típica de 45,766 meses.

### 5.7.9 Rama de actividade

A rama de actividade que máis afectada se viu pola perda de emprego foi a das entidades non lucrativas (7,2%), seguida pola empresa privada (5,6%) e o ámbito público (4,0%).

A maioría das persoas que perderon o seu emprego (69,1%) traballaban na empresa privada, 23,7% no ámbito público e 7,2% en entidades non lucrativas.

### 5.7.10 Sector económico

Dos 35 sectores económicos avaliados neste estudo, a maioría (28) viuse afectado por perdas de emprego.

Os sectores económicos máis afectados polas perdas do emprego durante a primeira onda da pandemia foron o da cultura e lecer (30,8%), turismo e restauración (14,6%), construción naval (11,1%), medios de comunicación/audiovisuais (10,4%) e farmacéutico (10,3%).

Porén, non se viron afectados os sectores ligados ás actividades deportivas, aeroespacial, defensa e seguranza, madeira, metalúrxico e eléctrico, minaría e venda maiorista.

O Anexo 89 mostra a distribución porcentual das persoas tituladas que perderon o emprego segundo os sectores económicos.

### 5.7.11 Área funcional de traballo

Os departamentos máis afectados polas perdas de emprego foron atención ao cliente (9,9%), produción (8,8%), formación e ensino (6,9%), vendas e marketing (5,3%), loxística e almacén e de prevención e saúde (5,1% ambos).

No caso das entidades sen áreas diferenciadas de traballo a perda de emprego foi do 4,9%.

O Anexo 90 mostra a distribución porcentual da perda de emprego segundo as áreas funcionais de traballo.

### 5.7.12 Categoría profesional

As categorías profesionais máis afectadas por perdas de emprego foron a dos empregados/as sen cualificación para o posto de traballo que desenvolven (13,1%) e a dos técnicos/as cualificados/as (5,6%). A categoría menos afectada foi a dos directivos/as (2,6% deles perderon o emprego).

#### Cadro nº143: Perda de emprego segundo a categoría profesional

Categoría profesional	%
Directivo/a	2,6
Empregado/a non cualificado/a	13,1
Mando intermedio	3,3
Técnico/a cualificado/a	5,6

Debido ao seu peso relativo na mostra obtida, a maioría de persoas tituladas que perderon o emprego exercían como técnicos/as cualificados/as (66,5%), seguido por empregados/as non cualificados (14,5%), mandos intermedios (13,2%) e directivos/as (5,9%).

### 5.7.13 Tamaño da empresa

Tal como mostra o Cadro nº144, as empresas máis afectadas pola perda de emprego foron as de tamaño micro (8,4%) e pequeno (6,8%) contra o mínimo das empresas individuais (3,0%) e con máis de 1000 empregados/as (3,6%).

**Cadro nº144: Perda de emprego segundo o tamaño da empresa**

Tamaño da empresa	%
1	3,0
2-9	8,4
10-49	6,8
50-249	5,1
250-999	5,2
1000 ou máis empregados/as	3,6

Porén, debido ao seu peso relativo na mostra obtida, das persoas que perderon o emprego un 35,5% traballaban en grande empresas, o 18,7% en medianas empresas, 24% en pequenas empresas, 19,3% en microempresas e o 2,7% en empresas individuais.

## 5.8 Causas da perda do emprego durante a primeira onda da pandemia

### 5.8.1 Resultados globais e por xénero

Case a metade das persoas tituladas que perderon o emprego durante a primeira onda da pandemia (46,2%) alegou que se tiña producido pola finalización do contrato laboral que tiñan vixente. En segundo lugar, para o 33,5%, a perda do emprego foi debida á suspensión da actividade profesional desenvolvida até entón por causa da Covid-19. O 13,3% referiu que foron despedidos durante o confinamento en consecuencia da aplicación de EREs (3,2%), ou por despedimentos de tipo improcedente (4,4%) ou voluntario (1,3%).

A máis distancia, entre as causas da perda de emprego figuran a non superación do período de proba/prácticas (2,5%), por peche do negocio propio e por motivos organizativos (1,9% ambas) e, finalmente, por estar de baixa laboral (0,6%).

**Cadro nº145: Causas da perda do emprego durante a primeira onda da pandemia**

Causas	Global	Home	Muller
Baixa laboral	0,6	2,0	0,0
Despedimento	13,3	21,6	9,3
Non superación período de proba/prácticas	2,5	0,0	3,7
Organizativas	1,9	3,9	0,9
Peche do negocio propio	1,9	0,0	2,8
Por finalización de contrato	46,2	39,2	49,5
Suspensión de actividade profesional	33,5	33,3	33,6

Por xéneros é estatisticamente significativa a diferente proporción de mulleres que alegaron teren perdido o emprego por finalización de contrato (49,5% contra 39,2% de homes). Polo contrario, os homes refiren teren sido vítimas de despedimentos nunha porcentaxe (21,6%) superior ás mulleres (9,3%), ben como nas causas de tipo organizativo (3,9% contra o 0,9%).

Non existen diferenzas estatisticamente significativas na suspensión da actividade como causa do desemprego. A diferenza dos homes, as mulleres alegaron a perda do emprego por non superación do período de proba/prácticas (3,7%) e o peche do negocio propio (2,8%).

**5.8.2 Lugar de traballo**

A finalización de contrato foi a causa do desemprego alegada pola maioría das persoas tituladas que traballaban en Galicia (55,7%) contra o 18,2% dos que o facían noutra Comunidade Autónoma e 16,4% no estranxeiro.

Entre as persoas tituladas que traballan no estranxeiro atinxiu o valor máximo a suspensión da actividade profesional (45,5% contra o 40,9% noutra Comunidade Autónoma e 28,7% en Galicia).

As persoas tituladas que traballaban noutras Comunidades Autónomas referiron en maior proporción como causa da perda do seu traballo o despedimento (31,7% contra o 18,2% no estranxeiro e 8,6% en Galicia) e a non superación do período de proba/prácticas (9,1% contra o 1,7% en Galicia).

As causas organizativas e o peche do negocio propio somente foron referidas polas persoas tituladas que traballan en Galicia.

**Cadro nº 146: Causas da perda do emprego segundo o lugar de traballo**

Causas	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
Baixa laboral	0,9	0,0	0,0
Despedimento	8,6	31,7	18,2
Non superación período de proba/prácticas	1,7	9,1	0,0



Causas	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
Organizativas	2,6	0,0	0,0
Peche do negocio propio	1,7	0,0	0,0
Por finalización de contrato	55,7	18,2	36,4
Suspensión de actividade profesional	28,7	40,9	45,5

### 5.8.3 Ámbitos académicos

Existen relacións de dependencia estatística ( $p$ -valor $<0,05$ ) entre as causas do desemprego e os ámbitos académicos. Así sendo, a finalización de contrato é maioritaria entre as persoas tituladas dos ámbitos das Ciencias da Saúde (75,0%) e Científico (63,2%), contra o 41,7% do Xurídico-Social, 46,7% do Tecnolóxico e 47,4% das Artes e Humanidades.

A suspensión da actividade profesional, sen incidencia entre as persoas tituladas das Ciencias da Saúde, flutúa entre o máximo das ramas Xurídico-Social (39,3%) e Artes e Humanidades (36,8%) e 21,1% da Científica e 23,3% da Tecnolóxica.

Os despedimentos alcanzan proporcións considerábeis entre os titulados/as dos ámbitos Tecnolóxico (26,7%) e Xurídico-Social (13,2%) contra o Científico e Artes e Humanidades (5,3% ambos) e a nula incidencia nas Ciencias da Saúde.

#### Cadro nº147: Causas da perda do emprego segundo os ámbitos académicos

Causas	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Multidisciplinar	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Baixa laboral	0,0	0,0	5,3	0,0	0,0	0,0
Despedimento	5,3	0,0	5,3	0,0	26,7	13,2
Non superación período de proba/prácticas	5,3	0,0	5,3	0,0	0,0	2,4
Organizativas	0,0	0,0	0,0	0,0	3,3	2,4
Peche do negocio propio	5,3	25,0	0,0	0,0	0,0	1,2
Por finalización de contrato	47,4	75,0	63,2	0,0	46,7	41,7
Suspensión de actividade profesional	36,8	0,0	21,1	100,0	23,3	39,3

## 5.8.4 Tipoloxía de estudos

A perda do emprego durante a primeira onda da pandemia por causa da finalización de contrato foi maioritaria entre os doutores/as (80,0%), alcanzando niveis notábeis entre diplomados/as (46,2%), enxeñeiros/as técnicos/as (44,4%) e licenciados/as (43,9%). A suspensión da actividade profesional foi significativa entre licenciados/as (41,5%), diplomados/as (38,5%) e enxeñeiros/as técnicos/as (33,3%).

Somente os enxeñeiros/as superiores/as alegaron maioritariamente o despedimento como causa da perda do emprego (66,6%), alcanzando o 22,3% entre enxeñeiros/as técnicos/as e 15,6% entre graduados/as. Neste colectivo foi maior a proporción de persoas tituladas que perderon o emprego por non superar o período de proba/prácticas (6,3%), organizativas ou por estaren en baixa laboral (3,1% ambas).

**Cadro nº 148: Causas da perda do emprego segundo a tipoloxía de estudos**

Causas	Diplomatura	Doutoramento	Enxeñaría Superior	Enxeñaría Técnica	Grao	Licenciatura	Mestrado Universitario	Título Propio
Baixa laboral	0,0	0,0	0,0	0,0	3,1	0,0	0,0	0,0
Despedimento	10,2	0,0	66,6	22,3	15,6	9,7	0,0	0,0
Non superación período de proba/prácticas	0,0	0,0	0,0	0,0	6,3	2,4	0,0	50,0
Organizativas	0,0	0,0	0,0	0,0	3,1	2,4	6,7	0,0
Peche do negocio propio	5,1	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	6,7	0,0
Por finalización de contrato	46,2	80,0	16,7	44,4	40,6	43,9	66,7	50,0
Suspensión de actividade profesional	38,5	20,0	16,7	33,3	31,3	41,5	20,0	0,0

## 5.8.5 Titulacións

O Anexo 91 mostra as causas da perda de emprego durante a primeira onda da pandemia de Covid-19 por titulacións.

## 5.8.6 Promoción académica

Alcanzan os niveis máximos nas promocións máis recentes a finalización de contrato (51,3% entre 2006-10 e 50,0% entre 2016-20), organizativas (8,3% entre 2016-20) e a non superación do período de proba/prácticas (8,3% entre 2016-20). Polo contrario, os despedimentos e a suspensión da actividade profesional son, en maior proporción, causas do desemprego nas promocións máis antigas.

**Cadro nº149: Causas da perda do emprego segundo a promoción académica**

Causas	1990-1995	1996-2000	2001-2005	2006-2010	2011-2015	2016-2020
Baixa laboral	0,0	0,0	0,0	0,0	1,6	0,0
Despedimento	33,3	25,0	15,3	15,3	9,6	0,0
Non superación período de proba/prácticas	0,0	0,0	3,8	0,0	3,2	8,3
Organizativas	0,0	0,0	0,0	2,6	1,6	8,3
Peches do negocio propio	0,0	6,3	0,0	2,6	0,0	8,3
Por finalización de contrato	33,3	25,0	46,2	51,3	48,4	50,0
Suspensión de actividade profesional	33,3	43,8	34,6	28,2	35,5	25,0

### 5.8.7 Tipo de contrato

Tal como mostra o Cadro nº150, as causas alegadas dependen de forma significativa do tipo de contrato. Así sendo, o motivo para case a metade (46,2%) das persoas tituladas con contrato de duración indefinida que perderon o emprego foi o despedimento.

Para as persoas cunha tipoloxía de contrato de duración definida a principal causa foi a finalización do mesmo, oscilando entre a totalidade dos bolseiros/as, 67,6% con contrato temporal/eventual e 47,4% con contrato por obra/servizo.

A suspensión da actividade alcanzou proporcións significativas entre as persoas con contrato por obra/servizo (47,4%), indefinido (30,8%) e temporal/eventual (23,9%).

A non superación do período de proba/prácticas foi a única causa da perda de emprego das persoas contratadas en prácticas e as de tipo organizativo afectaron a persoas con contrato indefinido (5,1%) e temporal/eventual (1,4%).

**Cadro nº150: Causas da perda do emprego segundo o tipo de contrato**

Causas	Bolsa	En prácticas	Indefinido	Por obra/servizo	Sen contrato	Temporal/eventual
Baixa laboral	0,0	0,0	0,0	5,3	0,0	0,0
Despedimento	0,0	0,0	46,2	0,0	100,0	2,8
Non superación período de proba/prácticas	0,0	100,0	2,6	0,0	0,0	2,8

Causas	Bolsa	En prácticas	Indefinido	Por obra/ servizo	Sen contrato	Temporal/ eventual
Organizativas	0,0	0,0	5,1	0,0	0,0	1,4
Peche do negocio propio	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	1,4
Por finalización de contrato	100,0	0,0	15,4	47,4	0,0	67,6
Suspensión de actividade profesional	0,0	0,0	30,8	47,4	0,0	23,9

### 5.8.8 Rama de actividade

A finalización de contrato foi a principal causa da perda do emprego no ámbito público (88,9%) contra o 9,1% nas entidades non lucrativas e 38,6% na empresa privada, onde alcanza unha porcentaxe semellante á suspensión da actividade profesional (37,6%). Os despedimentos foron máis frecuentes nas entidades non lucrativas (27,3%) e na empresa privada (14,9%).

#### Cadro nº151: Causas da perda do emprego segundo a rama de actividade

Causas	Ámbito público	Empresa privada	Entidade non lucrativa
Baixa laboral	0,0	1,0	0,0
Despedimento	2,8	14,9	27,3
Non superación período de proba/prácticas	0,0	3,0	9,1
Organizativas	0,0	3,0	0,0
Peche do negocio propio	0,0	2,0	0,0
Por finalización de contrato	88,9	38,6	9,1
Suspensión de actividade profesional	8,3	37,6	54,5

### 5.8.9 Sector económico

A finalización de contrato foi a causa da perda do emprego da totalidade das persoas tituladas da UVigo que traballaban nos servizos da administración pública e na agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal e xestión ambiental, seguida pola investigación (85,7%), banca e seguros (80,0%), farmacéutica (75,0%), automoción (69,2%), cultura e lecer e téxtil e confección (66,7% ambos), ensino/docencia (56,8%), alimentación, enxeñaría e venda retalista (50,0% cada un) e enerxía e utilities (33,3%).

A suspensión da actividade profesional foi maioritaria na consultoría e en turismo e restauración (83,3% ambos), outras actividades sociais (75,0%), servizos a empresas (60,0%), medios de comuni-

cación/audiovisuais e servizos profesionais (50,0% ambos), alcanzando proporcións considerábeis na saúde (42,9%), construción (40,0%) e enerxía e utilities (33,3%).

Os despedimentos afectaron á totalidade das persoas tituladas que perderon o emprego na construción naval; industria química, plástico, vidro e envases; papel, gráficas, edición e reprodución e telecomunicacións, ben como á metade dos empregados/as en loxística, transporte e distribución e en venda retalista (50,0% ambos), construción (40,0%) e servizos informáticos (33,3%).

As cuestións organizativas foron alegadas pola metade das persoas tituladas que traballaban en servizos profesionais e un terzo das que o facían en enerxía e utilities.

O Anexo 92 mostra a distribución porcentual das causas da perda de emprego segundo o sector económico.

### **5.8.10 Área funcional de traballo**

A perda do emprego por causa da finalización de contrato afectou á totalidade das persoas tituladas que traballaban nas áreas de calidade, loxística e almacén e de recursos humanos, ben como da maioría das que o facían en I+D+i (85,7%), atención ao cliente (66,7%), servizos (54,5%), formación e ensino (42,1%) e enxeñaría e construción (50,0%) e, con niveis significativos, nas áreas de administración e finanzas (42,9%), produción e vendas/marketing (40,0% ambos), ben como informática e tecnoloxía e en prevención e saúde (37,5% ambos).

A suspensión da actividade profesional afectou á totalidade das persoas que traballaban nos departamentos de compras, á metade das que o facían en informática e tecnoloxía e nas entidades sen áreas funcionais diferenciadas, ben como ao 37,5% que traballaba en prevención e saúde.

Os despedimentos atinxen rexistros notábeis nas áreas de dirección xeral (33,3%), prevención e saúde (25,0%), administración e finanzas (21,4%) e vendas/marketing (20,0%).

O Anexo 93 mostra a distribución porcentual das causas da perda de emprego segundo a área funcional de traballo.

### **5.8.11 Categoría profesional**

Tal como mostra o Cadro nº152, existen diferenzas estatisticamente significativas ( $p$ -valor $<0,05$ ). Así sendo, a maioría de mandos intermedios (60,0%) e técnicos/as cualificados/as (50,0%) perderon o seu emprego por finalización do contrato vixente.

No caso de directivos/as, as causas principais da perda do emprego foron a suspensión de actividade e o despedimento (42,9% ambas), véndose afectados en maior proporción polo peche do propio negocio (14,3%).

Os empregados/as non cualificados/as perderon o seu emprego principalmente por finalización de contrato (47,6%), seguido pola suspensión da actividade profesional (33,3%) e un 4,8% alegou por ter estado de baixa laboral.

#### Cadro nº152: Causas da perda de emprego segundo a categoría profesional

Causas	Directivo/a	Empregado/a non cualificado/a	Mando intermedio	Técnico/a cualificado/a
Baixa laboral	0,0	4,8	0,0	0,0
Despedimento	42,9	0,0	30,0	10,0
Non superación período de proba/prácticas	0,0	9,5	0,0	2,0
Organizativas	0,0	0,0	0,0	3,0
Peche do negocio propio	14,3	4,8	0,0	0,0
Por finalización de contrato	0,0	47,6	60,0	50,0
Suspensión de actividade profesional	42,9	33,3	10,0	35,0

### 5.8.12 Tamaño da empresa

A perda do emprego que se tiña antes do inicio da actual crise por finalización do contrato durante a primeira onda da pandemia mostra unha tendencia crecente en función do tamaño da empresa, oscilando dun mínimo do 25,0% nos empregados/as que traballan en microempresas a un máximo do 71,4% nas grandes empresas.

Polo contrario, a perda do emprego por suspensión da actividade profesional é inversamente proporcional ao tamaño da empresa, fluando entre o mínimo de 14,3% nas grandes empresas ao máximo de 50,0% nas empresas individuais. De forma semellante, o peche do negocio propio tamén é exclusivo das microempresas.

#### Cadro nº153: Causas da perda de emprego segundo o tamaño da empresa

Causas	1	2-9	10-49	50-249	250-999	1000 ou máis empregados/as
Baixa laboral	0,0	0,0	0,0	0,0	5,9	0,0
Despedimento	0,0	17,9	11,8	17,9	11,8	8,6
Non superación período de proba/prácticas	0,0	3,6	2,9	7,1	0,0	0,0
Organizativas	0,0	3,6	0,0	0,0	0,0	5,7
Peche do negocio propio	25,0	3,6	0,0	0,0	0,0	0,0
Por finalización de contrato	25,0	25,0	38,2	50,0	58,8	71,4
Suspensión de actividade profesional	50,0	46,4	47,1	25,0	23,5	14,3

## **5.9 Expectativas de recuperación do emprego perdido durante a primeira onda da pandemia**

As persoas tituladas que perderon o emprego durante a primeira onda da pandemia por finalización do contrato foron inquiridas tamén polas expectativas de o recuperar no curto prazo.

### **5.9.1 Resultados globais e por xénero**

A maioría de persoas tituladas que perderon o emprego (51,6%) durante a primeira onda da pandemia confían en recuperalo no curto prazo, sen existir diferenzas estatisticamente significativas entre mulleres (51,6%) e homes (50,0%).

### **5.9.2 Lugar de traballo**

Segundo o lugar de traballo son máis optimistas as persoas tituladas que traballaban en Galicia (53,4%) que as que o facían no resto do mundo (50,0%) e outra Comunidade Autónoma (33,3%).

### **5.9.3 Ámbitos académicos**

A perspectiva de recuperar o emprego abranxe á totalidade das persoas das Ciencias da Saúde e 90,0% do Tecnolóxico contra os mínimos rexistrados entre os/as titulados/as que perderon o emprego dos ámbitos Científico (33,3%), Artes e Humanidades (37,5%) e Xurídico-Social (45,2%).

### **5.9.4 Tipoloxía de estudos**

Segundo a tipoloxía de estudos, a esperanza de recuperar o emprego nun horizonte inmediato é total nos enxeñeiros/as superiores/as, predominante en enxeñeiros/as técnicos/as (80,0%), licenciados/as (55,6%), diplomados/as (53,3%) e con mestrado universitario (50,0%), contra os mínimos rexistrados entre doutores/as (25,0%) e graduados/as (33,3%).

### **5.9.5 Titulacións**

O Anexo 94 mostra as expectativas de recuperar o emprego perdido durante a primeira onda da pandemia no curto prazo.

### **5.9.6 Promoción académica**

As expectativas de recuperar o emprego perdido durante a primeira onda da pandemia de Covid-19 é directamente proporcional ao tempo transcorrido desde a graduación, de maneira a ser total nas persoas tituladas entre 1990-95, 63,6% nos titulados/as entre 2001-05 e 68,4% entre 2006-10, reducíndose até 45,8% entre 2011-15 e atinxindo o mínimo de 20,0% entre 2016-20.

### 5.9.7 Rama de actividade

Segundo a rama de actividade, a expectativa de recuperar o emprego perdido é total nas persoas tituladas que traballaban nas entidades sen ánimo de lucro, maioritaria (60,7%) no ámbito público e minoritaria (44,1%) na empresa privada.

### 5.9.8 Sector económico

As expectativas de recuperar o emprego perdido son totais nas persoas tituladas que traballaban nos sectores da construción, cultura e lecer, enxeñaría; loxística, transporte e distribución; medios de comunicación/audiovisuais, saúde, servizos a empresas, venda retalista e xestión ambiental. En menor grao, tamén mostran unha perspectiva optimista as persoas que traballaban nos servizos da administración pública (66,7%), automoción (62,5%), ensino (53,3%) e alimentación/industria alimentar (50,0%).

Porén, as expectativas son menores entre as persoas que traballaban en investigación (33,3%) e banca e seguros (25,0%). Non mostraron nengunha expectativa as que traballaban en agricultura, gandería, pesca, silvicultura e forestal; consultoría, enerxía e utilities, farmacéutica e téxtil e confección.

### 5.9.9 Área funcional de traballo

A totalidade das persoas tituladas da UVigo que traballaban nos departamentos de calidade, loxística e almacén, prevención e saúde e en empresas sen áreas diferenciadas son optimistas de cara a recuperar o emprego perdido no curto prazo. Con expectativas positivas tamén se manifestaron as que traballaban nas áreas de atención ao cliente (62,5%), produción (60,0%), formación e ensino (57,1%), enxeñaría e construción, servizos e vendas e marketing (50,0% cada un).

Porén, apenas o 16,7% dos que traballaban en I+D+i e o 14,3% en administración e finanzas esperan recuperar o emprego no curto prazo. Finalmente, as expectativas son nulas entre as persoas que traballaban nos departamentos de informática e tecnoloxía e en recursos humanos.

### 5.9.10 Categoría profesional

Contan recuperar o emprego perdido a totalidade das persoas que traballaban como directivas, ben como a maioría das que o facían como empregadas non cualificadas (62,5%) e mandos intermedios (54,5%). Porén, apenas o 48,8% de técnicos/as cualificados/as mostraron expectativas positivas.

### 5.9.11 Tamaño da empresa

Salvo as persoas que traballaron en empresas medianas, cunha expectativa positiva de recuperar o emprego do 36,4%, a maioría das persoas que traballaron en microempresas (66,7%), e grandes empresas (54,5% entre 250-1000 traballadores e 57,1% con máis de mil) esperan recuperar o emprego perdido durante a primeira onda da pandemia.



## **5.10 Expectativas de retomada de actividade suspendida durante a primeira onda da pandemia**

As persoas tituladas que perderon o emprego durante a primeira onda da pandemia por causa da suspensión da actividade profesional ou por ter pechado o seu negocio propio foron inquiridas tamén polas expectativas de retomar a súa actividade ou negocio no curto prazo.

### **5.10.1 Resultados globais e por xénero**

O 46,9% das persoas tituladas da UVigo espera retomar a súa actividade ou negocio no curto prazo, sendo as expectativas dos homes (50,0%) máis altas que a das mulleres (45,2%).

### **5.10.2 Lugar de traballo**

Segundo o lugar de traballo, as persoas tituladas que traballaban no estranxeiro (77,8%) son máis optimistas que as que o facían en Galicia (42,4%) e noutras Comunidades Autónomas (47,4%).

### **5.10.3 Ámbitos académicos**

Por ámbitos académicos, mostráronse máis optimistas as persoas tituladas dos ámbitos Xurídico-Social (51,9%) e Multidisciplinar (50,0%) que as das Artes e Humanidades (36,4%), Científico e Tecnolóxico (42,9% ambas).

### **5.10.4 Tipoloxía de estudos**

A maioría de enxeñeiros/as superiores (60,0%), diplomados/as (54,2%), graduados/as e con títulos propios (50,0% ambos) esperan retomar a súa actividade ou negocio contra os mínimos de enxeñeiros/as técnicos/as (38,5%), licenciados/as (41,7%) e con mestrado universitario (42,9%).

### **5.10.5 Titulacións**

O Anexo 95 reflicte as expectativas de retomar a actividade ou negocio suspendidos/pechados durante a primeira onda da pandemia no curto prazo.

### **5.10.6 Promoción académica**

As expectativas de retomar a actividade ou negocio son máis altas nas promocións máis antigas (100,0% entre 1990-95, 57,1% entre 2006-10, 53,3% entre 2001-05 e 50,0% entre 1996-2000) que nas máis recentes (28,6% entre 2016-20 e 38,5% entre 2011-15).

### **5.10.7 Sector económico**

A totalidade das persoas tituladas que traballaban nos sectores de consultoría, investigación; papel, gráficas, edición e reprodución; servizos informáticos, telecomunicacións e en téxtil e confección esperan retomar a actividade ou negocio suspendido durante a primeira onda da pandemia.

Tamén se manifestaron maioritariamente optimistas as que traballaban en medios de comunicación/ audiovisuais e en turismo e restauración (66,7% ambos), enxeñaría e saúde (60,0% ambos), alimentación/industria alimentar, construción, cultura e lecer e en servizos profesionais (50,0% cada un).

Polo contrario o 66,7% das persoas con actividades ou negocios ligados á automoción, ben como a totalidade dos que traballaban en banca e seguros, construción naval, enerxía e utilities, farmacéutico; industria química, plástico, vidro e envases; loxística, transporte e distribución; outras actividades sociais, servizos a empresas e venda retalista non contan retomar a súa actividade ou negocio no curto prazo.

### **5.10.8 Área funcional de traballo**

Esperan retomar a súa actividade ou negocio a totalidade das persoas que traballaban nos departamentos de compras e I+D+i, ben como a maioría das que desempeñaban as súas funcións en atención ao cliente (75,0%), informática e tecnoloxía e en servizos (71,4% ambos), dirección xeral e entidades sen áreas funcionais diferenciadas (66,7% ambos), administración e finanzas e produción (50,0% ambos).

Polo contrario, as expectativas son menores entre as persoas que traballaban en formación e ensino (33,3%), prevención e saúde (20,0%) e enxeñaría e construción (16,7%) e nulas nos casos de loxística e almacén e vendas/marketing.

### **5.10.9 Categoría profesional**

Directivos/as (57,1%) e empregados/as non cualificados/as (53,8%) mostráronse máis optimistas na retomada da súa actividade ou negocio que mandos intermedios (44,4%) e técnicos/as cualificados/as (44,8%).

### **5.10.10 Tamaño da empresa**

As expectativas de retomar a actividade ou negocio propio son inversamente proporcionais ao tamaño da empresa, sendo maiores nas microempresas de 2-9 traballadores (63,6%), pequenas empresas (52,2%) e empresas medianas (52,9%) que nas empresas con máis de 1000 traballadores/as (42,9%). Traballadores/as autónomos e de grandes empresas cun persoal entre 250 e 1000 mostraron expectativas nulas de retomar a súa actividade ou negocio propio.

## **5.11 Procura de emprego durante a primeira onda da pandemia**

Neste apartado é analizada a proporción de persoas tituladas que procuraron emprego durante o período de confinamento ou no momento de responder a enquisa.

### **5.11.1 Resultados globais e por xénero**

A maioría de persoas tituladas (79,4%) procurou emprego durante o período de confinamento da primeira onda da pandemia, o que acarreta un 20,6% que non o fixo. A proporción de homes que procurou emprego (82,0%) é levemente superior á de mulleres (78,2%).

En relación á situación socio-laboral previa, as persoas que xa estaban desempregadas procuraron emprego en maior proporción (87,0%) das que perderon o emprego durante a primeira onda da pandemia (78,1%).

### **5.11.2 Lugar de residencia**

Segundo o lugar de residencia, procurou emprego a totalidade das persoas tituladas da UVigo residentes no estranxeiro, ben como o 78,6% en Galicia e o 59,1% noutra Comunidade Autónoma.

### **5.11.3 Ámbitos académicos**

A taxa de procura de emprego de persoas tituladas dos ámbitos Tecnolóxico (80,8%), Xurídico-Social (80,1%) e Científico (80,0%) foi superior ás das Ciencias da Saúde (60,0%), Multidisciplinar (75,0%) e Artes e Humanidades (77,6%).

### **5.11.4 Tipoloxía de estudos**

Segundo a tipoloxía de estudos realizados, a procura de emprego de enxeñeiros/as técnicos/as (86,2%), persoas con mestrado (83,9%), graduados/as (83,7%) e doutores/as (83,3%) foi superior á de enxeñeiros/as superiores (71,4%), con títulos propios (75,0%), diplomados/as (76,1%) e licenciados/as (76,9%).

### **5.11.5 Titulacións**

O Anexo 96 mostra a distribución porcentual das persoas tituladas da UVigo que procuraron emprego durante o confinamento da primeira onda da pandemia.

### **5.11.6 Promoción académica**

Por promoción académica, procurou emprego durante o confinamento da primeira onda da pandemia a totalidade das persoas egresadas entre 1990-96, 88,5% entre 2016-20, 82,1% entre 1996-2000, 80,8% entre 2011-15, 78,8% entre 2006-10 e 66,7% entre 2001-05.

## **5.12 Evolución da taxa de desemprego durante a primeira onda da pandemia**

### **5.12.1 Resultados globais**

A crise xerada pola primeira onda da Covid-19 provocou un aumento da taxa de desemprego do 97,87%, pasando de 4,7% en marzo a 9,3% en xuño de 2020.

### **5.12.2 Xénero**

Tal como mostra o Cadro nº154, foi maior o incremento na taxa de desemprego experimentado polas mulleres.

**Cadro nº154: Variación porcentual da taxa de desemprego durante a primeira onda da pandemia por xénero**

	Antes	Despois	Variación
Home	3,9	7,2	+84,6
Muller	5,3	10,7	+101,9

**5.12.3 Lugar de residencia**

Todas as áreas xeográficas analizadas experimentaron un incremento na taxa de desemprego, sendo superior o experimentado entre as persoas tituladas da UVigo residentes en Galicia (+100,0%).

**Cadro nº155: Variación porcentual da taxa de desemprego durante a primeira onda da pandemia segundo o lugar de residencia**

Área xeográfica	Antes	Despois	Variación
Galicia	5,0	10,0	+100,0
Outra Comunidade Autónoma	4,3	7,7	+79,1
Resto do mundo	3,3	5,6	+69,7

**5.12.3.1 Galicia****5.12.3.1.1 Provincias**

Tal como mostra o Cadro nº156, todas as provincias galegas viron aumentada a súa taxa de desemprego, sendo maior a experimentada nas provincias de Lugo e A Coruña.

**Cadro nº156: Variación porcentual da taxa de desemprego durante a primeira onda da pandemia das persoas tituladas residentes en Galicia por provincias**

Provincia	Antes	Despois	Variación
A Coruña	4,8	9,6	+100,0
Lugo	2,4	8,2	+248,5
Ourense	3,6	7,0	+92,3
Pontevedra	5,5	10,9	+99,1

**5.12.3.1.2 Comarcas**

As persoas tituladas da UVigo residentes nas comarcas de Bergantiños, Chantada, Lugo e Valdeorras pasaron dunha situación de pleno emprego a rexistrar desemprego.

Conservan a súa situación de ausencia de desemprego as persoas tituladas residentes na Mariña Oriental, Paradanta, Barbanza, Betanzos, Eume, Meira, Muros, O Ribeiro, Sar, Ordes, Quiroga, Sarria, Terra de Caldelas, Terra de Celanova, Terra de Melide, Terra de Soneira, Terra de Trives e Viana.

Porén, máis que duplican a taxa de desemprego inicial as persoas tituladas da UVigo residentes nas comarcas do Baixo Miño (+406%), Deza (+300%), Santiago (+233%), Ourense (+200%), Condado (+194%), Morrazo (+118%), A Coruña (+109%), Vigo (+102), Caldas (+101%) e a Terra Chá (+100%), ben como Ferrol (+97%), Pontevedra (+83%) e O Salnés (+60%).

Non se produce mudanza na taxa de desemprego das persoas tituladas residentes nas comarcas da Baixa Limia, Allariz-Maceda, Fisterra, O Carballiño, Tabeirós-Terra de Montes, Terra de Lemos e Verín.

As únicas comarcas que experimentaron unha diminución na súa taxa de desemprego foron A Limia (-33,3%) e Noia (-25%).

O Anexo 97 mostra a variación porcentual da taxa de desemprego durante a primeira onda da pandemia das persoas tituladas que residen en Galicia por comarcas.

### **5.12.3.2 Outras Comunidades Autónomas**

#### **5.12.3.2.1 Comunidades Autónomas**

As persoas tituladas residentes nas comunidades autónomas de Castela-A Mancha, Extremadura, Navarra, País Basco e Rexión de Murcia seguen a conservar o pleno emprego logo da crise orixinada pola primeira onda da pandemia de Covid-19. Alén diso, conservan a taxa de desemprego existente antes da primeira onda da actual crise as Illas Canarias (36,4%) e Comunidade Valenciana (5,3%)

Os maiores incrementos producíronse en tres Comunidades Autónomas (Cantabria, Castela e León e Illas Baleares) que pasaron dunha situación de pleno emprego entre as persoas tituladas da UVigo a rexistrar taxas de desemprego. O resto de comunidades autónomas experimentaron un incremento na taxa de desemprego, sendo maior a rexistrada en Asturias (+200,0%), Cataluña (+166,7%), Aragón (+100,0%), Andalucía (+50,0%) e Comunidade de Madrid (+33,3%)

O Anexo 98 mostra variación porcentual experimentada pola taxa de desemprego das persoas tituladas que residen noutras Comunidades Autónomas.

#### **5.13.3.2.2 Provincias**

Os maiores incrementos producíronse en catro provincias (Cantabria, Illas Baleares, Santa Cruz de Tenerife e Valladolid) que pasaron dunha situación de pleno emprego a rexistrar desemprego. Alén diso, os principais incrementos rexistráronse nas provincias de Asturias, Barcelona, Sevilla, Zaragoza, Comunidade de Madrid e Alacante. De resto, a única provincia que viu diminuída a súa taxa de desemprego foi As Palmas de Gran Canaria, pasando dunha taxa do 50,0% ao 37,5%.

Mantiveron a súa situación de pleno emprego as persoas tituladas residentes en Álaba, Albacete, Almería, Ávila, Biscaia, Cáceres, Castellón, Córdoba, Cuenca, Xirona, Granada, Guadalaxara, Guipúscoa, Huelva, León, Lleida, Málaga, Navarra, Palencia, Rexión de Murcia, Salamanca, Segovia, Soria, Tarragona, Toledo, Valencia e Zamora. As persoas residentes na provincia de Cádiz non viron alterada a súa taxa de desemprego de 12,5%.

O Anexo 99 reflicte a variación porcentual experimentada na taxa de desemprego das persoas tituladas que residen noutras Comunidades Autónomas por provincias.

### 5.12.3.3 Resto do mundo

Os maiores incrementos na taxa de desemprego producíronse en catro países que pasaron dunha situación de pleno emprego a rexistrar desemprego: Brasil, Croacia, México e Xapón. Os maiores incrementos déronse entre as persoas tituladas residentes no Reino Unido (+200%) e Portugal (+103%).

Porén, a taxa de desemprego non se viu afectada entre as persoas tituladas da UVigo residentes na Alemaña, Chequia, China, Ecuador, Finlandia e Francia. O único país que experimentou unha diminución na taxa de desemprego foi Suecia.

Após a primeira onda da actual crise por Covid-19 continúa a haber pleno emprego entre as persoas tituladas da UVigo residentes en Andorra, Arxentina, Australia, Bélxica, Canadá, Casaquistán, Chile, Colombia, Dinamarca, Estonia, EUA, Grecia, Irlanda, Israel, Italia, Lituania, Luxemburgo, Malaisia, Noruega, O Salvador, Países Baixos, Panamá, Paraguai, Perú, Polonia, República Dominicana, Singapura, Suíza, Tailandia e Turquía.

O Anexo 100 reflicte a variación porcentual experimentada da taxa de desemprego das persoas tituladas que residen no resto do mundo por países.

### 5.12.4 Ámbitos académicos

A taxa de desemprego, tal como mostra o Cadro nº157, viuse incrementada en todos os ámbitos académicos, duplicándose nas ramas Xurídico-Social e Tecnolóxica.

**Cadro nº157: Variación da taxa de desemprego durante a primeira onda da pandemia segundo os ámbitos académicos**

Ámbito académico	Antes	Despois	Variación
Artes e Humanidades	8,5	14,5	+70,6
Ciencias da Saúde	2,0	3,9	+95,0
Científico	6,7	10,6	+58,2
Multidisciplinar	3,1	9,4	+203,2
Tecnolóxico	2,9	6,0	+106,9
Xurídico-Social	4,8	10,4	+116,7

### 5.12.5 Tipoloxía de estudos

Todas as tipoloxías de estudos analizadas experimentaron un incremento na taxa de desemprego, triplicándose nos graos e en títulos propios e duplicándose no caso dos ciclos curtos (diplomaturas e enxeñarías técnicas).

**Cadro nº158: Variación da taxa de desemprego durante a primeira onda da pandemia segundo a tipoloxía de estudos**

Tipo de estudos	Antes	Despois	Variación
Diplomatura	4,3	9,9	+130,2
Doutoramento	3,4	6,3	+85,3
Enxeñaría Superior	1,6	3	+87,5
Enxeñaría Técnica	4,6	9,8	+113,0
Grao	4,8	14,6	+204,2
Licenciatura	5,4	8,7	+61,1
Mestrado Universitario	9,9	15,7	+58,6
Título Propio	7,7	23,1	+200,0

### 5.12.6 Titulacións

Non mudaron a súa situación de pleno emprego (taxa de desemprego nula) as seguintes titulacións: Enxeñaría Técnica de Telecomunicación, graos en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Ciencias da Actividade Física e do Deporte, Comercio, Economía, Enxeñaría Agraria, Enxeñaría da Enerxía, Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación, Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, Enxeñaría Eléctrica, Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática, Enxeñaría en Química Industrial, Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais, Enxeñaría Informática, Enxeñaría Mecánica, Química, Traballo Social e en Xeografía e Historia, ben como as licenciaturas en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos e en Física.

A taxa de desemprego tan só diminuíu entre os graduados/as en Fisioterapia (-50%) e licenciados/as en Historia (-33,3%). Non se produciron mudanzas entre os/as diplomados/as en Graduado Social e en Traballo Social, Enxeñaría en Informática, graduados/as en Relacións Laborais e Recursos Humanos, licenciados/as en Dereito e en Dereito Económico-Empresarial.

Titulacións que pasaron do pleno emprego a unha situación con desemprego: diplomaturas en Xestión e Administración Pública (11,1%), Turismo (10,0%), Fisioterapia (7,1%) e Profesorado de EXB (2,6%), Enxeñaría de Minas (2,8%), Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (6,3%), graos en Dereito e Linguas Estranxeiras (28,6% ambos), Educación Infantil (27,3%), Enxeñaría en Organización Industrial, Estudos de Galego e Español e Turismo (25,0% cada unha), Educación Primaria (23,1%), Comunicación Audiovisual (21,4%), Bioloxía e Educación Social (20,0% ambos), Tradución e Interpretación (15,4%) e Enfermaría (4,0%).

O Cadro nº159 mostra as dez titulacións en que se produciron os maiores incrementos da taxa de desemprego.

**Cadro nº159: Titulacións en que se produciu o maior incremento da taxa de desemprego**

Titulación	Antes	Despois	Variación
Licenciatura en Economía	1,4	6,9	+392,9
Diplomatura en Mestre/a	3,4	13,1	+285,3

Titulación	Antes	Despois	Variación
Licenciatura en Comunicación Audiovisual	4,3	13	+202,3
Grao en Ciencias do Mar	12,5	37,5	+200,0
Grao en Ciencias Ambientais	16,7	50	+199,4
Diplomatura en Educación Social	6,1	18,2	+198,4
Grao en Administración e Dirección de Empresas	3,6	10,7	+197,2
Enxeñaría Industrial	1,4	3,2	+128,6
Enxeñaría Técnica Industrial	4	8,6	+115,0
Licenciatura en Filoloxía Inglesa	2,4	4,9	+104,2

O Anexo 101 mostra a variación porcentual da taxa de desemprego das persoas tituladas por titulacións.

### 5.12.7 Promoción académica

En todas as promocións académicas avaliadas produciuse un incremento da taxa de desemprego, experimentando unha tendencia crecente desde as máis antigas até 2011-15 en que se produce o máximo.

**Cadro nº160: Variación porcentual da taxa de desemprego durante a primeira onda da pandemia segundo a promoción académica**

Promoción	Antes	Despois	Evolución
1990-1995	2,8	4,1	+46,4
1996-2000	4,8	7,4	+54,2
2001-2005	3,5	6,8	+94,3
2006-2010	4,1	8,6	+109,8
2011-2015	5,9	13,3	+125,4
2016-2020	8,5	14,8	+74,1

## 6. O impacto da primeira onda da pandemia de COVID-19 no modo de traballo

### 6.1 Modalidade de traballo durante o confinamento

#### 6.1.1 Resultados globais e por xénero

A porcentaxe de persoas tituladas empregadas que traballaron no seu lugar habitual (ben con "normalidade" ou con "horarios especiais") ascende ao 33,9%, ficando 20 puntos abaixo dos que teletraballaron ou fixeron traballo remoto (54,0%). Non existen diferenzas estatisticamente significativas entre a proporción de homes (54,8%) e mulleres (53,3%) que traballaron da casa. A combinación de traballo remoto e outra modalidade (traballo presencial e ERTE parcial) incumbe o 2,6% das persoas tituladas.



As persoas inquiridas que afirmaron estar incluídas en ERTE representan o 5,7% de todos os empregados/as. Como demostraron outros estudos sobre este asunto, esta situación afecta en particular as persoas sen estudos universitarios.

Os empregados/as que atravesaron a crise en casa sen desempeñar unha actividade laboral, por estaren de baixa (1,6%), de vacacións (0,2%), en casa sen teletraballar (0,7%) ou porque suspenderon a súa actividade económica (1,3%), alcanza o 3,8%.

En definitiva, entre os inquiridos que traballan, o grupo maioritario (54,0%) está formado polos que o fan desde casa (teletraballo), seguido polos que traballan no seu lugar habitual (34,1%). Un 5,7% está en ERTE e o 3,8% permaneceu en casa sen desempeñar unha actividade laboral.

Por xéneros é estatisticamente significativa a maior proporción de mulleres que permaneceron en casa sen desempeñar unha actividade laboral (5,0% contra 2,5% de homes).

#### Cadro nº161: Modo de traballo durante a primeira onda da pandemia

Modo de traballo	Global	Home	Muller
De baixa laboral, non lle afecta	1,6	0,8	2,3
De vacacións	0,2	0,0	0,4
En ERTE	5,7	5,7	5,6
Na casa sen teletraballar	0,7	0,5	0,9
Suspensión de actividade	1,3	1,2	1,4
Teletraballo ou traballo remoto	54,0	54,8	53,3
Traballo con "normalidade" no seu lugar de traballo habitual	19,0	20,0	18,5
Traballo no lugar de traballo habitual pero con restricións (horarios especiais, quendas...)	14,9	14,9	14,8
Traballo remoto e ERTE parcial	1,0	0,6	1,2
Traballo remoto e presencial	1,6	1,5	1,6

### 6.1.2 Lugar de traballo

A realización do teletraballo ou traballo remoto durante a actual crise por Covid-19 das persoas tituladas que traballan no estranxeiro (73,0%) foi superior á dos que traballan noutra Comunidade Autónoma (69,1%) e en Galicia (50,4%).

O traballo presencial foi máis alto nas persoas tituladas que traballan en Galicia (39,2%) que noutra Comunidade Autónoma (23,4%) e no estranxeiro (22,6%).

En Galicia tamén foi superior a proporción de persoas en ERTE (6,1% contra o 2,7% no estranxeiro) e en casa sen actividade laboral (4,3% contra o 1,7% no estranxeiro).

**Cadro nº162: Modo de traballo durante a primeira onda da pandemia segundo o lugar de traballo**

Modo de traballo	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
En casa sen actividade laboral	4,3	1,8	1,7
En ERTE	6,1	5,7	2,7
Teletraballo/traballo remoto	50,4	69,1	73,0
Traballo presencial	39,2	23,4	22,6

**6.1.2.1 Galicia****6.1.2.1.1 Provincias**

O teletraballo só foi maioritario entre as persoas tituladas que traballan na Coruña (55,6%) contra o mínimo rexistrado en Lugo (39,7%). Polo contrario, o traballo presencial alcanzou as taxas máis altas en Lugo (44,1%) e Ourense (43%). É significativa a maior porcentaxe de traballadores en ERTE en Lugo (8,8%) contra o mínimo de Ourense (5,1%) e A Coruña (5,7%). As persoas tituladas que traballan en Ourense presentaron a maior frecuencia de casos que ficaron en casa sen actividade laboral (5,7%).

**Cadro nº163: Modo de traballo durante a primeira onda da pandemia das persoas tituladas que traballan en Galicia por provincias**

Modo de traballo	En casa sen actividade laboral	En ERTE	Teletraballo/traballo remoto	Traballo presencial
A Coruña	3,2	5,7	55,6	34,4
Lugo	4,4	8,8	39,7	44,1
Ourense	5,7	5,1	45,4	43,0
Pontevedra	4,0	6,1	48,7	37,9

**6.1.2.1.2 Comarcas**

O teletraballo foi a única opción das persoas tituladas que traballan nas comarcas de Arzúa e Fistera, alcanzando proporcións predominantes na Paradanta (85,7%), Viana (75,0%), Santiago (60,9%), A Coruña (60,2%), O Eume (57,1%), Ferrol (52,0%), Vigo (51,0%), Ourense (50,9%), Barcala, Mariña Central, Mariña Occidental, Bergantiños, Chantada e Terra de Melide (50,0% cada una). As menores frecuencias rexistráronse na Terra de Celanova (10,0%), Caldas (15,4%), Verín (28,2%), Tabeirós-Terra de Montes (22,2%), Noia e Terra Chá (25,0% ambas) e O Ribeiro (30,0%).

Polo contrario, o traballo presencial foi a única opción nas comarcas do Sar, Sarria e Terra de Soeira, sendo predominante na Terra Chá (75,0%), Baixa Limia, Betanzos, Terra de Trives e Tabeirós-Terra de Montes (66,7%), Barbanza (61,9%), Caldas (61,5%), Ordes, Ribeiro e Terra de Celanova (60,0% cada unha). Nas áreas urbanas oscilou entre os máximos de Ferrol (44,0%) e Lugo (43,5%) e os mínimos de Santiago (27,1%) e A Coruña (28,1%).

O Anexo 102 mostra a distribución porcentual do modo de traballo durante o confinamento das persoas tituladas que traballan en Galicia por comarcas

### **6.1.2.2 Outras Comunidades Autónomas**

#### **6.1.2.2.1 Comunidades Autónomas**

O teletraballo foi a opción predominante entre as persoas tituladas que traballan na Rexión de Murcia (75,0%), Comunidade de Madrid (74,7%), Comunidade Valenciana (73,3%), Cantabria (71,4%), Cantabria (71,4%), Cataluña (70,0%) e Estremadura (66,7%) contra os mínimos das Illas Canarias (28,6%) e Navarra (41,9%).

O traballo presencial tan só foi maioritario en Navarra (57,1%), alcanzando frecuencias notábeis en Castela-A Mancha e Illas Canarias (42,9% ambas), Illas Baleares (40,0%), País Basco (38,9%), Asturias (35,7%), Castela e León (35,0%) e Estremadura (33,3%).

As maiores frecuencias de persoas tituladas en ERTE déronse en Castela e León (10,0%), Cataluña (7,5%) e Asturias (7,1%).

O Anexo 103 mostra a distribución porcentual do modo de traballo durante o confinamento das persoas tituladas que traballan noutras Comunidades Autónomas.

#### **6.1.2.2.2 Provincias**

O Anexo 104 mostra a distribución porcentual do modo de traballo durante o confinamento das persoas tituladas que traballan noutras Comunidades Autónomas por provincias.

#### **6.1.2.3 Resto do mundo**

O teletraballo foi a única modalidade de traballo das persoas tituladas emigradas en 23 dos 46 países con presenza de egresados/as da UVigo. Esta modalidade foi predominante en México (88,9%), EUA (85,7%), Francia (81,3%), Países Baixos (76,9%), Chile e Perú (75,0% ambos), Reino Unido (57,3%), Portugal (62,9%), Alemaña (61,4%), Colombia (60,0%), China, Ecuador, Polonia e Suecia (50,0% cada un).

Polo contrario, o traballo presencial foi total en Finlandia, Moçambique, Tailandia e Turquía, con frecuencias notábeis en Arxentina (80,0%), China, Ecuador, Polonia e Suecia (50,0% cada un), Suíza (46,7%), Colombia (40,0%), Reino Unido (26,9%), Portugal (25,7%) e Chile (25,0%).

O Anexo 105 reflicte o modo de traballo durante o confinamento das persoas tituladas que traballan no resto do mundo.

### 6.1.3 Ámbitos académicos

O teletraballo ou traballo remoto foi a opción maioritaria entre as persoas tituladas dos ámbitos Tecnolóxico (62,1%), Artes e Humanidades (60,9%), Científico (53,6%) e Xurídico-Social (52,1%). Polo contrario, o traballo presencial só foi maioritario entre as persoas tituladas nas Ciencias da Saúde (83,8%) e significativo no Científico (37,7%) e Xurídico-Social (34,6%).

A inclusión en ERTE foi significativa entre as persoas tituladas do ámbito Tecnolóxico (6,7%), Xurídico-Social (5,9%) e Artes e Humanidades (5,7%).

A ausencia de actividade laboral foi máis alta nas persoas tituladas do ámbito das Ciencias da Saúde (7,7%) contra o Científico (1,3%) ou Tecnolóxico (1,6%).

**Cadro nº164: Modo de traballo durante a primeira onda da pandemia segundo o ámbito académico**

Ámbito académico	En casa sen actividade laboral	En ERTE	Teletraballo	Traballo presencial
Artes e Humanidades	5,4	5,7	60,9	25,4
Ciencias da Saúde	7,7	2,8	4,9	83,8
Científico	1,3	3,9	53,6	37,7
Multidisciplinar	8,0	0,0	84,0	8,0
Tecnolóxico	1,6	6,7	62,1	26,9
Xurídico-Social	5,1	5,9	52,1	34,6

### 6.1.4 Tipoloxía de estudos

O teletraballo foi a modalidade de traballo maioritaria entre doutores/as (75%), enxeñeiros/as superiores (69,6%), con mestrado universitario (62,6%) e licenciados/as (55,8%) contra diplomados/as (40,0%) e graduados/as (43,9%).

Os diplomados/as atinxiron frecuencias considerábeis no traballo presencial (46,4%) e en ERTE (7,0%) contra os mínimos de enxeñeiros/as superiores (21,0% e 1,2%, respectivamente).

**Cadro nº165: Modo de traballo durante a primeira onda da pandemia segundo a tipoloxía de estudos**

Tipoloxía de estudos	En casa sen actividade laboral	En ERTE	Teletraballo	Traballo presencial
Diplomatura	7,0	4,7	40,0	46,4
Doutoramento	4,4	3,1	75,0	16,3
Enxeñaría Superior	1,2	5,3	69,6	21,0
Enxeñaría Técnica	1,4	10,0	46,3	39,3
Grao	3,2	8,7	43,9	41,9
Licenciatura	3,7	5,0	55,8	32,3
Mestrado Universitario	3,9	4,5	62,6	26,8
Título Propio	0,0	0,0	16,7	83,3

### **6.1.5 Titulacións**

O teletraballo foi a única modalidade de traballo entre os graduados/as en Educación Primaria, Enxeñaría Agraria, Enxeñaría Informática e en Estudos de Galego e Español e a predominante en Enxeñaría Técnica de Telecomunicación (90,5%), Grao en Tradución e Interpretación (90,0%), Enxeñaría de Telecomunicación (87,4%), Enxeñaría en Informática (86,4%), Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación e Licenciatura en Filoloxía Galega (85,7% ambas), graos en Economía (83,3%) e en Dereito (80,0%), Licenciatura en Física (80,0%), Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (77,3%) e Licenciatura en Psicopedagogía (75,7%).

Non houbo traballo remoto entre os diplomados/as en Fisioterapia e en Xestión e Administración Pública, graduados/as en Educación Social, Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, Enxeñaría Eléctrica, Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática, Enxeñaría en Química Industrial e en Turismo, atinxindo valores baixos na Diplomatura en Enfermaría (3,5%), graduados/as en Enfermaría (4,3%) e Fisioterapia (6,3%).

Porén, o traballo presencial foi total entre os graduados/as en Educación Social, Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, Enxeñaría Eléctrica e Enxeñaría en Química Industrial, alcanzando frecuencias predominantes nos graduados/as e diplomados/as en Enfermaría (95,7% e 86,0%, respectivamente), diplomados/as en Fisioterapia (76,9%), graduados/as en Ciencias da Actividade Física e do Deporte e en Química (75,0% ambas), graduados/as en Fisioterapia (68,8%), Traballo Social (62,5%) e en Relacións Laborais e Recursos Humanos (60,0%), ben como en diplomados/as en Graduado Social (60,0%).

Os ERTes atinxiron á metade de graduados/as en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática, Educación Infantil e en Turismo, ben como a graduados/as en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Enxeñaría en Organización Industrial e en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais (33,3% cada unha).

O Anexo 106 reflicte a modalidade de traballo durante o confinamento das persoas tituladas da UVigo por titulacións.

### **6.1.6 Promocións académicas**

A presenza do teletraballo, tal como reflicte o Cadro nº166, oscila entre o máximo das promocións de titulados/as máis recentes (63,0%) ao mínimo de 47,1% entre os egresados/as máis antigos.

O traballo presencial foi máis frecuente entre as persoas tituladas nas primeiras promocións (43,3% entre 1990-95 e 36,9% entre 1996-2000) que nas máis recentes (25,4% entre 2016-20).

**Cadro nº166: Modo de traballo durante a primeira onda da pandemia segundo a promoción académica**

Promoción	En ERTE	En casa sen actividade laboral	Teletraballo	Traballo presencial
1990-1995	1,9	4,7	47,1	43,3
1996-2000	4,4	2,6	53,1	36,9
2001-2005	4,4	3,7	56,3	32,9
2006-2010	6,9	4,6	54,4	32,5
2011-2015	7,7	3,7	52,2	33,7
2016-2020	4,3	3,6	63,0	25,4

**6.1.7 Rama de actividade**

O teletraballo foi a opción maioritaria entre as persoas que traballan no ámbito público (64,3%) e entidades non lucrativas (56,7%), alcanzando a case metade (48,9%) na empresa privada. O traballo presencial oscila entre un máximo de 36,4% entre os empregados/as na empresa privada, 34,0% nas entidades non lucrativas e 29,8% nos funcionarios/as da administración pública.

Os ERTes foron máis frecuentes na empresa privada (8,4%) que nas entidades non lucrativas (4,3%).

A proporción de empregados/as que pasaron a crise en casa sen actividade laboral do ámbito público e privado (3,7% e 3,6%, respectivamente) supera á rexistrada nas entidades non lucrativas (2,1%).

**Cadro nº167: Modo de traballo durante a primeira onda da pandemia segundo a rama de actividade**

Modo de traballo	En casa sen actividade laboral	En ERTE	Teletraballo	Traballo presencial
Ámbito público	3,7	0,0	64,3	29,8
Empresa privada	3,6	8,4	48,9	36,4
Entidade non lucrativa	2,1	4,3	56,7	34,0

**6.1.8 Sectores económicos**

A porcentaxe de persoas que durante a primeira onda da pandemia de Covid-19 realizaron o teletraballo ou traballo remoto foi total na minaría e predominante nos servizos informáticos (88,9%), telecomunicacións e tecnoloxías da información (86,4%), aeroespacial (84,6%), ensino/docencia (84,3%), cultura e lecer (77,8%), consultoría (67,4%), investigación (66,9%), enerxía e utilities (63,8%), banca e seguros (62,9%), administración pública (59,5%) e farmacéutica (54,3%). Polo contrario, as proporcións máis baixas déronse entre os traballadores do turismo e restauración (8,8%), sanitario/saúde (15,1%), venda retalista (21,1%) e construción naval (25,0%).

Porén, o traballo presencial foi maioritario entre os empregados/as da construción naval (75,0%), saúde (74,0%), industria química, plástico, vidro e envases (65,5%), construción (60,8%), metalurxia

e eléctrico (59,1%), alimentación ou industria alimentar (57,6%), servizos profesionais (57,6%), venda retalista (55,3%), agricultura, gandaría, caza, pesca, silvicultura e forestal (55,0%) e defensa e seguranza (54,5%). As porcentaxes máis baixas do traballo presencial déronse nos sectores en que o teletraballo estivo máis implantado; isto é, nulo na minaría, seguido polas telecomunicacións/IT (6,4%), ensino/docencia (7,2%), servizos informáticos (7,4%), aeroespacial (7,7%) e consultoría (7,7%).

Os sectores incluídos en ERTE en maior proporción foron o turismo e restauración (44,1%), venda maiorista (28,6%), téxtil e confección (20,0%), medios de comunicación/audiovisuais (18,6%), automoción (15,9%), venda retalista e actividades deportivas (15,8% ambos), xestión ambiental (14,3%) e papel, gráficas, edición e reprodución (13,3%). Entre os sectores económicos que non se acolleron a esta figura están a minaría, aeroespacial, cultura e lecer, administración pública, madeira e construción naval.

Finalmente, a permanencia en casa sen desempeñar unha actividade laboral foi significativa nas actividades deportivas (21,1%), madeira (13,3%), servizos profesionais (12,0%), outras actividades sociais (8,1%), venda retalista (7,9%) e aeroespacial (7,7%).

O Anexo 107 mostra a distribución porcentual do modo de traballo durante o confinamento segundo o sector económico.

### **6.1.9 Área funcional de traballo**

O teletraballo xeneralizouse entre as persoas que traballan nos departamentos de formación e ensino (86,4%), informática e tecnoloxía (86,3%), sendo predominante en xestión de proxectos (69,2%), I+D+i (66,8%), recursos humanos (63,3%), vendas/marketing (56,1%) e administración e finanzas (50,3%). As áreas de prevención e saúde (18,4%), atención ao cliente (19,3%), produción (28,5%), loxística e almacén (32,4%) e dirección xeral (40,0%) rexistraron as taxas máis baixas de traballo remoto. Nas empresas/entidades sen áreas funcionais diferenciadas o teletraballo alcanzou o 39,4%.

O traballo presencial foi maioritario entre as persoas tituladas que traballan nos departamentos de prevención e saúde (68,7%), loxística e almacén (64,9%), atención ao cliente (57,8%), produción (53,3%), calidade (51,2%) e dirección xeral (50,0%).

As áreas máis afectadas por ERTes foron as de atención ao cliente (16,5%), produción (14,5%), calidade (12,2%) e vendas/marketing (11,1%).

Máis pormenorizadamente o Anexo 108 reflicte a distribución porcentual do modo de traballo durante o confinamento segundo a área funcional.

### **6.1.10 Categoría profesional**

O teletraballo xeneralizouse entre técnicos/as cualificados/as (57,5%) e mandos intermedios (57,5%) contra o mínimo de empregados/as non cualificados/as (29,5%). As persoas tituladas con categoría directiva (49,0%) e empregados/as non cualificados/as (49,3%) realizaron traballo presencial con maior frecuencia. Entre os empregados/as con empregos non cualificados foi significativa a frecuencia de ERTE (13,0%) e en casa sen actividade (5,5%).

**Cadro nº168: Modo de traballo durante a primeira onda da pandemia segundo a categoría profesional**

	En ERTE	En casa sen actividade laboral	Teletraballo	Traballo presencial
Directivo/a	1,8	5,0	42,2	49,0
Empregado/a non cualificado/a	13,0	5,5	29,5	49,3
Mando intermedio	4,1	2,4	57,4	34,0
Técnico/a cualificado/a	6,2	3,5	57,5	30,1

### 6.1.11 Tamaño da empresa

O teletraballo ou traballo remoto xeneralizouse en todas as tipoloxías de empresa, salvo nas microempresas (29,6%) e empresas individuais (27,6%), nas que, polo contrario, predominou o traballo presencial (51,0% e 57,5%, respectivamente). En xeral, a implantación do teletraballo é directamente proporcional ao tamaño da empresa, alcanzando o 63,5% nas empresas con 1000 ou máis empregados/as.

É estatisticamente significativa a presenza de ERTEs nas microempresas (11,8%) e a suspensión da actividade laboral nas empresas individuais (12,6%).

**Cadro nº169: Modo de traballo durante a primeira onda da pandemia segundo o tamaño da empresa**

	Está en ERTE	En casa sen actividade laboral	Teletraballo	Traballo presencial
1	0,8	12,6	27,6	57,5
2-9	11,8	5,4	29,6	51,0
10-49	7,1	3,7	53,6	33,2
50-249	6,5	2,3	56,6	32,2
250-999	7,9	2,7	54,5	32,1
1000 ou máis empregados/as	2,2	2,4	63,5	28,7

## 6.2 Experiencia previa en teletraballo

As persoas tituladas da UVigo que participaron na enquisa e que durante o confinamento teletraballaron foron inquiridas sobre a existencia de experiencia previa nesa modalidade de traballo.

### 6.2.1 Resultados globais e por xénero

Antes da emerxencia desta crise, a maioría de persoas tituladas da UVigo que participaron neste estudo (60,8%) carecía de experiencia na realización do teletraballo ou traballo remoto. No entanto, por xéneros existen diferenzas estatisticamente significativas, sendo superior a experiencia previa en homes (49,9%) que en mulleres (31,1%).



## 6.2.2. Lugar de traballo

Antes da emerxencia desta crise, o teletraballo estaba máis implantado entre as persoas tituladas que traballan no estranxeiro (64,6%) e noutras Comunidades Autónomas (45,1%) que en Galicia (32,1%).

### 6.2.2.1 Galicia

#### 6.2.2.1.1 Provincias

A experiencia previa en teletraballo era superior entre as persoas tituladas que traballan na Coruña (44,6%) contra o mínimo de 24% na provincia de Ourense.

**Cadro nº170: Experiencia previa en teletraballo das persoas que traballan en Galicia por provincias**

Provincia	%
A Coruña	44,6
Lugo	29,6
Ourense	24,0
Pontevedra	30,2

#### 6.2.2.1.2 Comarcas

Posuían experiencia previa no teletraballo a totalidade das persoas que traballan na Mariña Occidental, Terra Chá e Terra de Melide, ben como a maioría en Chantada (75,0%), Coruña (57,1%), A Mariña Central e Ordes (50,0% ambas).

O Anexo 109 mostra a experiencia previa en teletraballo das persoas que traballan en Galicia por comarcas.

### 6.2.2.2 Outras Comunidades Autónomas

#### 6.2.2.2.1 Comunidades Autónomas

As Comunidades Autónomas con máis implantación previa do teletraballo son a Rexión de Murcia (66,7%), Cantabria (60,0%), Cataluña (53,6%), Estremadura e Illas Canarias (50,0%) ambas.

Máis pormenorizadamente, o Anexo 110 mostra a experiencia previa en teletraballo das persoas que traballan noutras Comunidades Autónomas

#### 6.2.2.2.2 Provincias

O Anexo 111 mostra a distribución porcentual da experiencia previa en teletraballo das persoas que traballan noutras Comunidades Autónomas por provincias.

### 6.2.2.3 Resto do mundo

Mostraron experiencia previa no teletraballo a totalidade das persoas tituladas que traballan en catorce dos países avaliados, ben como a maioría dos que traballan nos Países Baixos (90,0%), Suíza (80,0%), México (75,0%), Bélxica e Dinamarca (71,4% ambos), Francia (69,2%), Reino Unido (69,6%), Alemaña (66,7%), EUA (61,1%) e Portugal (52,4%).

O Anexo 112 mostra a distribución porcentual da experiencia previa en teletraballo das persoas que traballan no resto do mundo por países.

### 6.2.3 Ámbitos académicos

A experiencia previa en teletraballo tan só era maioritaria no ámbito Tecnolóxico (54,0%), seguido polo Científico (47,0%), Artes e Humanidades (28,9%), Xurídico-Social (28,7%), Multidisciplinar (28,6%) e Ciencias da Saúde (14,3%).

### 6.2.4 Tipoloxía de estudos

Existen diferenzas estatisticamente significativas segundo a tipoloxía de estudos realizados. Así sendo, posuían experiencia no teletraballo antes da emerxencia da primeira onda desta crise a maioría de enxeñeiros/as superiores (56,8%), seguidos por enxeñeiros/as técnicos/as (47,6%) e doutores/as (42,4%) e, a máis distancia, graduados/as (39,6%), licenciados/as (37,6%), titulados/as con mestrado universitario (34,8%) e diplomados/as (17,1%).

### 6.2.5 Titulacións

Antes da emerxencia da pandemia de Covid-19 tiñan experiencia en teletraballo a totalidade de persoas tituladas da UVigo nos graos en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Ciencias do Mar, Educación Infantil, Enfermaría, Enxeñaría en Organización Industrial, Química, Relacións Laborais e Recursos Humanos e en Xeografía e Historia.

A máis distancia, a maioría de titulados/as no Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías en Telecomunicación (83,3%), Enxeñaría Técnica en Telecomunicación (78,9%), Grao en Bioloxía (75,0%), Enxeñaría de Telecomunicación (69,4%), graos en Enxeñaría da Enerxía e Enxeñaría Mecánica (66,7% ambas), Enxeñaría en Informática (64,9%), Enxeñaría Técnica en Informática de xestión (61,8%) e Grao en Enxeñaría Informática (60,0%).

Polo contrario, carecían de experiencia previa os diplomados/as en Educación Social e en Enfermaría, graduados/as en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, Comunicación Audiovisual, Educación Primaria, Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais, Estudos de Galego e Español, Fisioterapia, Linguas Estranxeiras e en Traballo Social, ben como licenciados/as en Filoloxía Galega.

O Anexo 113 mostra a distribución proporcional da experiencia previa en teletraballo das persoas tituladas da UVigo por titulacións.

## 6.2.6 Promoción académica

A experiencia previa en teletraballo é inversamente proporcional á antigüidade da promoción, sendo máis baixa entre 1990-2000 (31,3% entre 1990-95 e 34,5% entre 1996-2000), ascendente entre 2001-2015 (40,1% entre 2001-05, 41,6% entre 2006-10 e 42,7% entre 2011-15), tombando ao 31,8% entre 2016-20.

## 6.2.7 Rama de actividade

Segundo a rama de actividade, o teletraballo estaba máis estendido na empresa privada (28,8%) que no ámbito público (25,5%) e nas entidades sen ánimo de lucro (25,9%).

## 6.2.8 Sectores económicos

O teletraballo xa fora experimentado antes do agromo desta crise pola totalidade das persoas que traballan en xestión ambiental e, de forma predominante, nos sectores aeroespacial (72,7%), servizos profesionais (69,6%), enerxía e utilities (68,2%), telecomunicacións/IT (67,6%), servizos informáticos (63,8%), sanitario/saúde (60,7%) e consultoría (60,0%). Porén, carecían de experiencia previa as persoas tituladas que traballan en sectores como a madeira, minaría, turismo e restauración/HORECA e venda maiorista.

**Cadro nº171: Experiencia previa en teletraballo segundo o sector económico**

Sector económico	%
Actividades deportivas	40,0
Administración pública (servizos centrais, Facenda...)	21,6
Aeroespacial	72,7
Agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal	35,7
Alimentación/industria alimentaria	36,8
Automoción	35,4
Banca e seguros	43,1
Construción	54,5
Construción naval	50,0
Consultoría	60,0
Cultura e lecer	57,1
Defensa e seguridade	33,3
Enerxía e utilities	68,2
Ensino/Docencia	17,8
Enxeñaría	37,5
Farmacéutica	47,4
Industria química, plástico, vidro e envases	50,0

Sector económico	%
Investigación	54,0
Loxística, transporte e distribución	43,5
Madeira	0,0
Medios de comunicación/Audiovisuais	55,0
Metalurxia e eléctrico	47,4
Minaría	0,0
Outras actividades sociais	25,0
Papel, gráficas, edición e reprodución	14,3
Sanitario/Saúde	60,7
Servizos a empresas	52,8
Servizos informáticos	63,8
Servizos profesionais (avogacía, tradución, artista,...)	69,6
Telecomunicacións/IT	67,6
Téxtil e confección	22,2
Turismo e restauración/HORECA	0,0
Venda maiorista	0,0
Venda retalista	37,5
Xestión ambiental	100,0

### 6.2.9 Área funcional de traballo

As persoas tituladas da UVigo con máis experiencia previa en teletraballo realizan as súas funcións nos departamentos de xestión de proxectos (66,7%), informática e tecnoloxía (64,0%), dirección xeral (58,3%), produción (54,3%) e prevención e saúde (51,7%). Porén, as frecuencias máis baixas rexístranse en formación e ensino (16,9%), atención ao cliente (19,0%), compras (27,3%) ou traballan en empresas/entidades sen áreas funcionais diferenciadas (30,1%).

#### Cadro nº172: Experiencia previa en teletraballo segundo a área funcional de traballo

Área funcional	%
Administración e finanzas	33,7
Atención ao cliente	19,0
Calidade	57,1
Compras	27,3
Dirección xeral	58,3
Enxeñaría e construción	49,1
Formación e ensino	16,9
I+D+i	48,7

Área funcional	%
Informática e tecnoloxía	64,0
Loxística e almacén	33,3
Sen áreas diferenciadas na empresa	30,1
Prevenición e saúde	51,9
Produción	54,3
Recursos humanos	38,9
Servizos	44,9
Vendas/marketing	46,5
Xestión de proxectos	66,7

### 6.2.10 Categoría profesional

O teletraballo estaba maioritariamente estendido entre directivos/as (61,7%) e, dunha forma significativa, entre mandos intermedios (46,5%) e técnicos/as cualificados/as (34,3%). Porén só o 17,1% de empregados/as non cualificados/as tiña experiencia previa nas formas de traballo remoto.

### 6.2.11 Tamaño da empresa

O teletraballo estaba mormente estendido entre as empresas individuais (69,7%) e microempresas (53,8%), máis nas empresas medianas (37,0%) que nas pequenas (26,6%) e nas empresas con máis de 1000 traballadores/as (45,4%) que nas comprendidas entre 250 e 999 (31,5%).

## 6.3 Axudas por suspensión de actividade

A suspensión de actividade afectou ao 1,3% das persoas tituladas que participaron neste estudo. Por xénero non existen diferenzas estatisticamente significativas, pois víronse beneficiados destas medidas semellante proporción de homes (1,2%) e mulleres (1,4%). Neste apartado é analizado o colectivo de antigos estudantes que recibiu axudas das administracións públicas por teren suspendido a súa actividade profesional por causa da primeira onda da pandemia de Covid-19.

### 6.3.1 Resultados globais e por xénero

A maioría de persoas inquiridas nesta situación (53,3%) contou con axudas concedidas polas administracións públicas, sendo levemente superior en homes (57,1%) que en mulleres (50,0%).

### 6.3.2 Lugar de traballo

Segundo o lugar de traballo, percibiu este tipo de axudas a totalidade das persoas tituladas da UVigo que as precisaron noutras Comunidades Autónomas, máis da metade (54,2%) en Galicia e o 33,3% no estranxeiro.

### 6.3.3 Ámbitos académicos

Beneficiáronse destas axudas a totalidade das persoas tituladas afectadas por esta circunstancia dos ámbitos das Ciencias da Saúde e Multidisciplinar, ben como o 60,0% das Artes e Humanidades, 50,0% do Tecnolóxico e 47,4% do Xurídico-Social.

### 6.3.4 Tipoloxía de estudos

Recibiron este tipo de axudas a totalidade de enxeñeiros/as técnicos/as e graduados/as que as solicitaron, 62,5% de diplomados/as, 46,2% de licenciados/as, ben como o 33,3% de persoas tituladas con mestrado universitario. Non se rexistrou esta situación entre doutores/as, enxeñeiros/as superiores/as e con título propio.

### 6.3.5 Promoción académica

Por promocións, o desfrute deste tipo de axudas non mostra unha tendencia regular, sendo máis frecuente nas persoas tituladas entre 2011-15 (100,0%) e 1996-2005 (80,0%) contra o 27,3% rexistrado entre 2006-10, 25,0% entre 1990-95 e nula entre 2016-20.

### 6.3.6 Sector económico

Foron beneficiarias deste tipo de axudas a totalidade das persoas tituladas da UVigo que traballan nos sectores da construción, sanitario/saúde e turismo e restauración, ben como a maioría en ensino/docencia (71,4%), actividades deportivas, servizos centrais da administración pública, consultoría, servizos profesionais e venda retallista (50,0% cada un).

Polo contrario, alegaron non teren recibido ningún tipo de axuda por este concepto a totalidade das persoas tituladas que traballan noutras actividades sociais e servizos a empresas.

### 6.3.7 Tamaño da empresa

A maioría de persoas tituladas da UVigo que recibiu algún tipo de axuda pública por suspensión da actividade traballaban en microempresas (60,0%), empresas individuais (26,7%), medianas empresas e grandes empresas con máis de 1000 empregados/as (6,7% ambas).

## 6.4 Medidas organizativas tomadas polas empresas para combater a Covid-19

Directivos/as e mandos intermedios que participaron na enquisa foron inquiridos sobre a pertinencia e, no seu caso, alcance das medidas de tipo organizativo adoptadas no seo das empresas/entidades en que traballan para encarar a crise xerada pola Covid-19.

Os seguintes apartados avalían a necesidade da tomada dese tipo de medidas ben como a tipoloxía das medidas adoptadas durante a primeira onda da pandemia de Covid-19.

## 6.4.1 Necesidade de adopción de medidas

### 6.4.1.1 Resultados globais e por xénero

O 84,1% das persoas tituladas coa categoría profesional de directivo/a e mando intermedio tiveron que aplicar algún tipo de medida organizativa na empresa/entidade en que traballan para encarar a primeira onda da pandemia de Covid-19, sendo superior a proporción de homes (84,9%) que de mulleres (80,7%).

### 6.4.1.2 Lugar de traballo

Non existen diferenzas estatisticamente significativas segundo o lugar de traballo ( $p$ -valor $>0,05$ ), oscilando entre o 82,6% das persoas tituladas que traballan en Galicia, 82,4% noutras Comunidades Autónomas e 84,1% no estranxeiro.

#### 6.4.1.2.1 Galicia

##### 6.4.1.2.1.1 Provincias

Por provincias, tal como mostra o Cadro nº173 a necesidade de tomar medidas organizativas no seo das empresas/organizacións foi maior en Pontevedra (84,9%) contra o mínimo de Lugo (69,2%).

**Cadro nº173: Necesidade de tomar medidas das persoas tituladas que traballan en Galicia por provincias**

Provincia	%
A Coruña	79,8
Lugo	69,2
Ourense	78,9
Pontevedra	84,9

##### 6.4.1.2.1.2 Comarcas

A necesidade de tomar medidas foi referida pola totalidade das persoas tituladas que traballan en 16 das comarcas avaliadas, sendo predominante no Salnés (88,9%), Vigo (86,7%), Santiago (86,5%), Valdeorras (85,7%), Pontevedra (84,6%), O Morrazo (83,3%) e Terra de Lemos (80%).

O Anexo 114 mostra a distribución porcentual da necesidade de tomar medidas organizativas contra a Covid-19 das persoas tituladas que traballan en Galicia por comarcas.

## **6.4.1.2.2 Outras Comunidades Autónomas**

### **6.4.1.2.2.1 Comunidades Autónomas**

Por Comunidades Autónomas, a necesidade de tomar medidas organizativas foi total entre as persoas tituladas que traballan en Andalucía, Asturias, Castela-A Mancha, Estremadura, Illas Canarias, Navarra, País Basco, Comunidade Valenciana e Rexión de Murcia, seguida por Castela e León (88,9%), Comunidade de Madrid (79,2%), Cataluña (75,0%), Cantabria e Illas Baleares (66,7% ambas).

### **6.4.1.2.2.2 Provincias**

O Anexo 115 mostra a distribución porcentual da necesidade de tomar medidas organizativas contra a Covid-19 das persoas tituladas que traballan noutras Comunidades Autónomas por provincias.

### **6.4.1.2.3 Resto do mundo**

A totalidade de directivos/as e mandos intermedios de dezanove países referiron a necesidade de tomar medidas organizativas no seo das empresas/entidades en que traballan para combater a Covid-19. Dunha forma predominante destacan as frecuencias rexistradas en Portugal (91,7%), Perú (85,7%), Alemaña (83,3%), Colombia e México (80,0% ambos).

O Anexo 116 mostra a distribución porcentual da necesidade de tomar medidas organizativas contra a Covid-19 das persoas tituladas que traballan no resto do mundo por países.

## **6.4.1.3 Titulacións**

O Anexo 117 mostra a distribución porcentual da necesidade de tomar medidas organizativas contra a Covid-19 das persoas tituladas por titulacións.

## **6.4.1.4 Rama de actividade**

As persoas tituladas que traballan en entidades non lucrativas precisaron tomar medidas de tipo organizativo en maior proporción (94,4%) que no ámbito público (88,6%) e na empresa privada (80,3%).

## **6.4.1.5 Sectores económicos**

Tiveron que tomar medidas de tipo organizativo a totalidade de directivos/as e mandos intermedios dos sectores ligados ás actividades deportivas, aeroespacial, construción naval, minaría, turismo e restauración, venda maiorista e xestión ambiental.

A adopción de medidas foi predominante na automoción (96,7%); industria química, plástico, vidro e envases (91,7%), venda retalista (90,5%), servizos centrais da administración pública (88,7%), cons-



trución (88,2%), ensino/docencia (87,7%), téxtil e confección (86,7%), investigación (86,4%), defensa e seguranza e farmacéutica (95,7% ambos) e outras actividades sociais (85,0%).

Polo contrario, os rexistros máis baixos producíronse nos servizos profesionais (59,1%); agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal e papel, gráficas, edición e reprodución (60,0% ambos), servizos informáticos (60,9%), madeira (62,5%) e cultura e lecer (66,7%).

O Anexo 118 mostra a distribución porcentual da necesidade de tomar medidas organizativas contra a Covid-19 das persoas tituladas segundo o sector económico.

#### **6.4.1.6 Área funcional de traballo**

Os departamentos máis incumbidos pola necesidade de adoptar medidas organizativas de combate á Covid-19 foron os de xestión de proxectos (100,0%), recursos humanos (93,8%), atención ao cliente (91,5%), prevención e saúde (91,3%), calidade (90,9%), enxeñaría e construción (86,8%), dirección xeral (86,7%) e formación e ensino (86,0%).

Os menores rexistros producíronse nas empresas/entidades sen áreas funcionais diferenciadas (67,1%), departamentos de compras (80,0%), informática e tecnoloxía (80,6%) e produción (80,8%).

O Anexo 119 mostra a distribución porcentual da necesidade de tomar medidas organizativas contra a Covid-19 das persoas tituladas segundo a área funcional de traballo.

#### **6.4.1.7 Tamaño da empresa**

Segundo o tamaño da empresa, a necesidade de adoptar medidas foi maior nas medianas empresas (89,0%), empresas grandes (87,9% entre 250-999 empregados/as e 86,5% con mil ou máis empregados/as), contra as microempresas (77,6%) e empresas individuais (50,0%).

### **6.4.2 Tipoloxía de medidas adoptadas**

Directivos/as e mandos intermedios que participaron neste estudo tiveron que indicar o tipo de medidas que deberon implementar no seo das organizacións en que traballan para combater a Covid-19. Para iso, o cuestionario aplicado ofrecía unha serie de medidas, podendo as persoas inquiridas escoller máis dunha opción.

#### **6.4.2.1 Resultados globais**

A aplicación do teletraballo ou traballo remoto foi a medida organizativa maioritariamente adoptada (82,6%).

A máis distancia, e de forma maioritaria, sitúanse a restrición de viaxes e reunións presenciais (56,7%), a intensificación da seguridade e hixiene e da PRL (55,7%) e a flexibilidade organizativa no tocante a horarios e quendas de traballo do persoal (50,4%).

Logo a seguir, de forma non maioritaria a adopción de medidas informativas e formativas (48,2%), a aplicación de cuarentenas preventivas para empregados/as afectados/as (28,0%) e aplicar ERTes (27,6%).

Foron menos frecuentes medidas como a procura de fornecedores alternativos (6,9%), reforzo ou contratación de persoal (5,8%), procura de clientes alternativos (5,6%) e o desvío da produción a outro lugar (1,5%).

Finalmente, un 3,4% adoptou outra serie de medidas, entre as cales destaca a suspensión da actividade (1,0%), aplicar EREs (0,6%), reducir salarios (0,4%), refinanciamento das empresas/entidades (0,4%), anticipar o período vacacional (0,3%), baixas laborais preventivas, combinar teletraballo con traballo presencial, non renovación de contratos, peche do negocio propio... (0,1% cada unha até completar dito 3,4%).

### 6.4.2.2 Xénero

Tal como mostra o Cadro nº174, os homes coa categoría de directivos/as e mandos intermedios que participaron neste estudo tomaron en maior medida que as mulleres as seguintes medidas: aplicar o teletraballo ou traballo remoto, restrición de viaxes e reunións presenciais, seguranza e hixiene/intensificar a PRL, flexibilización de horarios e quendas do persoal, medidas informativas e formativas, cuarentena preventiva para empregados/as afectados, aplicar ERTE, procurar fornecedores alternativos e desvío da produción a outro lugar.

Por outro lado, sen unha relación de dependencia estatística, as mulleres referiron unha maior frecuencia en medidas como procurar clientes alternativos ou no desvío da produción a outro lugar.

**Cadro nº174: Medidas organizativas adoptadas segundo o xénero**

Medida	Home	Muller
Aplicar ERTE (regulación temporal de emprego)	30,1	24,7
Aplicar o Teletraballo/traballo remoto	85,4	79,6
Cuarentena preventiva para empregados/as afectados/as	33,8	21,9
Desvío da produción a outro lugar	1,0	2,0
Flexibilidade de horarios e quendas do persoal	57,3	43,4
Medidas informativas e formativas	55,8	40,3
Procurar clientes alternativos	5,4	5,9
Procurar fornecedores alternativos	8,1	5,6
Reforzo/Contratación de persoal	6,2	5,4
Restrición de viaxes e reunións presenciais	62,7	50,5
Seguridade e hixiene/Intensificar PRL	62,7	48,5

### 6.4.2.3 Categoría profesional

Directivos/as aplicaron en maior proporción que mandos intermedios medidas como a restrición de viaxes e reunións presenciais (63,2% contra 53,8%), seguridade e hixiene/intensificar a PRL (61,4% contra 53,2%), flexibilidade de horarios e quendas do persoal (55,4% contra 48,1%), medidas informativas e formativas (52,1% contra 46,8%), aplicar ERTes (31,8% contra 25,5%), procurar clientes alternativos (10% contra 3,3%), procurar fornecedores alternativos (8,9% contra 5,9%), reforzo e contratación de persoal (7,5% contra 4,9%), deslocalización da produción (1,4% contra 1%).

Polo contrario, entre mandos intermedios foi máis frecuente aplicar o teletraballo ou traballo remoto (83,1% contra 81,5% de directivos/as), aplicar cuarentenas preventivas para empregados/as afectados/as (29,9% contra 25,0% de directivos/as).

### 6.4.2.4 Lugar de traballo

Directivos/as e mandos intermedios titulados/as da UVigo que traballan noutras Comunidades Autónomas rexistran máis frecuencia na aplicación do teletraballo (89,3%), medidas informativas e formativas (60,7%), flexibilidade de horarios e quendas do persoal (57,4%), cuarentenas preventivas para empregados/as afectados (45,9%) e reforzo/contratación de persoal (7,4%).

Nas persoas que traballan no estranxeiro destaca a aplicación da seguranza e hixiene (57,9%), a restrición de viaxes e reunións presenciais (67,3%), procurar fornecedores alternativos (8,4%), procurar clientes alternativos (9,3%) e deslocalizar a produción (1,9%).

Entre as persoas tituladas que traballan en Galicia tan só presentou máis frecuencia a aplicación de ERTes (29,2%).

**Cadro nº175: Medidas organizativas adoptadas segundo o lugar de traballo**

Medida	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
Aplicar ERTE (regulación temporal de emprego)	29,2	25,4	21,5
Aplicar Teletraballo/traballo remoto	80,3	89,3	86,9
Cuarentena preventiva para empregados/as afectados/as	21,3	45,9	43,0
Desvío da produción a outro lugar	1,4	1,6	1,9
Flexibilidade de horarios e quendas do persoal	49,5	57,4	47,7
Medidas informativas e formativas	45,4	60,7	49,5
Procurar clientes alternativos	4,4	8,2	9,3
Procurar fornecedores alternativos	6,3	8,2	8,4
Reforzo/Contratación de persoal	5,5	7,4	5,6
Restrición de viaxes e reunións presenciais	53,3	63,1	67,3
Seguridade e hixiene/Intensificar PRL	55,1	56,6	57,9

### 6.4.2.5 Rama de actividade

Nas empresas privadas predomina a aplicación de medidas como a restrición de viaxes e reunións presenciais (63,2%), a aplicación de ERTes (36,4%) e procurar clientes alternativos (7,6%).

As entidades non lucrativas rexistraron máis frecuencia na adopción de medidas como aplicar o teletraballo/traballo remoto (88,2%), seguranza e hixiene/intensificar a PRL (61,8%), medidas informativas e formativas (58,8%), flexibilidade de horarios e quendas do persoal (67,6%), cuarentena preventiva para empregados/as afectados/as (29,4%), procurar fornecedores alternativos (14,7%), reforzo/contratación de persoal (8,8%) e desvío da produción a outro lugar (2,9%).

O ámbito público, tal como mostra o Cadro nº176, presenta a menor proporción de todas as medidas organizativas avaliadas neste estudo.

**Cadro nº176: Medidas organizativas adoptadas segundo a rama de actividade**

Medida	Ámbito público	Empresa privada	Entidade non lucrativa
Aplicar ERTE (regulación temporal de emprego)	1,5	36,4	29,4
Aplicar Teletraballo/traballo remoto	86,7	80,8	88,2
Cuarentena preventiva para empregados/as afectados/as	29,2	27,5	29,4
Desvío da produción a outro lugar	1,0	1,6	2,9
Flexibilidade de horarios e quendas do persoal	45,6	51,1	67,6
Medidas informativas e formativas	36,9	51,4	58,8
Procurar clientes alternativos	0,0	7,6	5,9
Procurar fornecedores alternativos	2,6	7,9	14,7
Reforzo/Contratación de persoal	6,7	5,3	8,8
Restrición de viaxes e reunións presenciais	39,5	63,2	47,1
Seguridade e hixiene/Intensificar PRL	43,1	59,7	61,8

### 6.4.2.6 Sector económico

A aplicación do teletraballo ou traballo remoto foi unha medida adoptada pola totalidade de directivos/as e mandos intermedios que traballan nos sectores aeroespacial, banca e seguros; papel, gráficas, edición e reprodución, servizos informáticos e venda maiorista, ben como pola grande maioría dos que traballan en telecomunicacións (97,2%), consultoría (94,5%), medios de comunicación/audiovisuais (91,7%) e servizos da administración pública (91,5%). Esta medida organizativa atinxiu os rexistros máis baixos en turismo e restauración (46,2%), sanitario/saúde (56,4%), madeira (60,0%), téxtil e confección (61,5%) e outras actividades sociais (64,7%).

A restrición de viaxes e reunións presenciais para evitar os contaxios presenta unha frecuencia elevada no sector da metalurxia e eléctrico (84,6%), loxística, transporte e distribución (78,9%), consultoría (76,9%), enxeñaría (76,0%) e telecomunicacións (75,0%). Porén, foi menos frecuente no sector

farmacéutico (16,7%), ensino/docencia (29,8%), servizos centrais da administración pública (29,8%) e turismo e restauración (30,8%).

A adopción de medidas que intensifiquen a seguraza e da hixiene ou a prevención de riscos laborais, foi total nos sectores aeroespacial e de venda maiorista, sendo predominante nos sectores da metalurxia e eléctrico (88,5%), alimentación (85,1%) e madeira (80,0%). No entanto, foron menos sensíbeis a este tipo de medidas sectores como o ensino (29,8%), banca e seguros (36,1%) e turismo e restauración (38,5%).

Os sectores que máis precisaron a flexibilización dos horarios e quendas do persoal foron o aeroespacial (100%), metalúrxico e eléctrico (80,8%) e da madeira (80,0%) contra o turismo e restauración (23,1%), ensino (27,2%), servizos profesionais (34,6%), industria química, plástico, vidro e envases (36,4%), banca e seguros (38,9%) e construción (40,0%).

As medidas informativas e formativas foron implementadas en maior nivel nos sectores da madeira (80,0%), alimentación (70,2%), metalúrxico e eléctrico (69,2%), venda retalista (68,4%), aeroespacial, farmacéutica e en papel, gráficas, edición e reprodución (66,7% cada un). Porén, esta medida foi aplicada en menor grao polos servizos profesionais (23,1%), ensino (24,6%), banca e seguros (30,6%) e agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal (33,3%).

A aplicación de cuarentenas preventivas para os empregados/as afectados/as foi maioritaria entre as persoas tituladas que traballan nos sectores da madeira (80,0%), saúde (51,3%), defensa e seguraza e venda maiorista (50,0% ambos), contra a súa nula implementación nos servizos informáticos e mínima nos servizos profesionais (7,7%), ensino (9,6%), turismo e restauración (15,4%), consultoría (17,9%) e metalúrxico e eléctrico (19,2%).

A aplicación de ERTes oscila entre a totalidade no sector da venda maiorista, 83,1% da automoción, 73,7% da venda retalista, 69,2% do téxtil e da confección e 60,0% da madeira e a nula frecuencia nos sectores de banca e seguros, farmacéutico e servizos centrais da administración pública, cunha presenza reducida na investigación (10,5%), servizos informáticos (14,3%) e alimentación (14,9%).

A procura de provedores alternativos só foi maioritaria entre as persoas que traballan na venda maiorista (50,0%), alcanzando rexistros notábeis nos sectores farmacéutico e do papel, gráficas, edición e reprodución (33,3% ambos). Porén, non foi implementada en cinco sectores (aeroespacial, banca e seguros, consultoría, madeira e turismo e restauración), con mínimos de 1,8% no ensino, 2,1% nos servizos centrais da administración pública, 2,8% en telecomunicacións/IT e 3,4% na automoción.

O reforzo ou contratación de persoal foi unha medida adoptada de forma significativa entre as persoas tituladas que traballan no sector do papel, gráficas, edición e reprodución (33,3%), sanitario (30,8%) e da madeira (20%). Porén, non tivo incidencia en once sectores (agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal; aeroespacial, banca e seguros, construción, defensa e seguraza, enerxía e utilities, farmacéutica, investigación, medios de comunicación/ audiovisuais, venda retalista e loxística, transporte e distribución), e rexistrou valores mínimos

no ensino (0,9%), automoción (1,7%), consultoría (2,6%), servizos profesionais e metalúrxico e eléctrico (3,8% ambos).

A procura de clientes alternativos foi significativa entre as persoas tituladas que traballan na venda maiorista (50,0%), aeroespacial (33,3%), turismo e restauración (23,1%), consultoría (20,5%) e madeira (2,0%). Porén, non tivo ningunha incidencia en doce sectores, alcanzando valores mínimos na banca e seguros (2,8%), automoción (3,4%), ensino (3,5%), metalúrxico e eléctrico (3,8%) e enxeñaría (4%).

A deslocalización da produción foi notábel entre as persoas tituladas que traballan nos sectores da madeira (20,0%), téxtil e confección (15,4%), medios de comunicación e audiovisuais (8,3%), investigación (5,3%), enxeñaría (4,0%), metalúrxico e eléctrico (3,8%), saúde (2,6%), alimentación (2,1%) e ensino (1,8%).

Máis detalladamente, o Anexo 120 mostra a distribución porcentual das medidas organizativas adoptadas para encarar a primeira onda da Covid-19 segundo o sector económico.

#### 6.4.2.7 Área funcional de traballo

A aplicación do teletraballo ou traballo remoto foi máis frecuente entre as persoas tituladas da UVigo que traballan nas áreas de informática e tecnoloxía (98,0%), loxística e almacén (93,8%), recursos humanos (93,3%), vendas e marketing (92,3%) formación e ensino (89,4%) e I+D+i (89,1%). As frecuencias máis baixas producíronse nos departamentos de prevención e saúde (52,5%), atención ao cliente (62,5%) e calidade (70,0%).

A restrición de viaxes e reunións foi máis frecuente nas áreas de loxística (87,6%), produción (74,6%), I+D+i (74,5%) contra os mínimos rexistrados en formación e ensino (23,5%) e compras (25,0%).

A intensificación da seguranza e hixiene foi predominante nos departamentos de recursos humanos (73,3%), prevención e saúde e en produción (71,4% ambos), loxística e almacén (68,8%) e enxeñaría e construción (67,8%) contra os mínimos rexistrados nas áreas de compras (8,3%) e formación e ensino (25,9%).

A flexibilización de horarios e quendas do persoal foi a medida preferentemente adoptada nos departamentos de loxística e almacén (75,0%), recursos humanos (66,7%), produción (63,5%) e calidade (60,0%) contra a nula frecuencia en compras e o mínimo de 25,5% nas empresas/entidades sen áreas funcionais de traballo diferenciadas.

A implementación de medidas informativas e formativas foi máis frecuente nas áreas de produción (69,8%), loxística e almacén (62,5%), calidade e recursos humanos (60% ambas) contra os mínimos do 21,3% das empresas sen áreas funcionais de traballo diferenciadas, ben como na área de formación e ensino (24,7%).

A aplicación de cuarentenas preventivas para os empregados/as afectados/as tivo máis incidencia nos departamentos de compras (66,7%) e recursos humanos (60,0%) contra os mínimos nas áreas

de formación e ensino (9,4%), empresas sen áreas funcionais diferenciadas (10,6%) e área de loxística e almacén (12,5%).

A aplicación de ERTes foi maioritaria nas persoas que traballan no departamento de loxística e almacén (68,8%) e significativa no de produción (46,0%) e recursos humanos (40,0%) contra os mínimos de 8,3% en compras, 10,6% en formación e ensino e 12,8% nas empresas sen áreas funcionais de traballo diferenciadas.

A procura de fornecedores alternativos tan só foi maioritaria entre as persoas tituladas que traballan na área de compras (83,3%), sendo significativa na de prevención e saúde (28,6%) e enxeñaría e construción (11,9%). Porén, tivo frecuencia nula nas áreas de calidade, loxística e almacén e recursos humanos, e mínima nas de formación e ensino (1,2%), atención ao cliente (3,1%) e administración e finanzas (3,3%).

O reforzo do persoal coa contratación de empregados/as foi significativa nas áreas de prevención e saúde (19,0%), recursos humanos (13,3%) e calidade (10,0%). No entanto, foi nulo nos departamentos de formación e ensino e en compras e mínimo no de informática e tecnoloxía (2,0%) e nas empresas sen áreas funcionais de traballo diferenciadas (2,1%).

A procura de clientes alternativos foi significativa entre nas áreas funcionais de compras (33,3%), nas empresas sen departamentos diferenciados (14,9%) e en dirección xeral (11,1%). Polo contrario, foi nula nas áreas de calidade, formación e ensino, loxística e almacén, prevención e saúde e en recursos humanos.

Finalmente, o desvío da produción a outro lugar rexistrou unha incidencia notábel nas áreas de atención ao cliente (6,3%), I+D+i (3,6%) e nas empresas sen áreas funcionais diferenciadas (2,1%).

O Anexo 121 mostra a distribución porcentual das medidas organizativas adoptadas para encarar a primeira onda da Covid-19 segundo a área funcional de traballo ou departamento.

#### **6.4.2.8 Tamaño da empresa**

Tal como mostra o Cadro nº177, nas grandes empresas cun persoal entre 250-999 empregados/as foi máis frecuente a aplicación do teletraballo (88,3%), a restrición de viaxes e reunións presenciais (70,9%), a seguranza e hixiene/intensificación da PRL (68,0%), a flexibilización de horarios e quendas do persoal (65,0%), medidas informativas e formativas (59,2%), ERTes (46,6%) e cuarentenas preventivas para empregados/as afectados (45,6%). Nas grandes empresas con 1000 ou máis empregados/as tamén predominou a aplicación do teletraballo (88,3%) e a procura de fornecedores alternativos (9,0%).

As medianas empresas son as que en máis proporción reforzaron a súa estrutura coa contratación de persoal (9,2%) contra a nula contratación das empresas individuais e microempresas (1,0%).

As empresas individuais foron as que con máis frecuencia desviaron a produción a outro lugar (7,7%) e procuraron clientes alternativos (11,5%).

**Cadro nº177: Medidas organizativas adoptadas segundo o tamaño da empresa**

Medida	1	2-9	10-49	50-249	250-999	1000 empregados/ as ou máis
Aplicar ERTE (regulación temporal de emprego)	19,2	26,0	28,6	31,4	46,6	19,1
Aplicar o Teletraballo/traballo remoto	69,2	69,2	74,8	88,2	88,3	88,3
Cuarentena preventiva para empregados/as afectados/as	7,7	6,7	7,5	30,1	45,6	42,2
Desvío da produción a outro lugar	7,7	1,0	0,0	2,0	0,0	2,3
Flexibilidade de horarios e quendas do persoal	7,7	44,2	38,8	60,8	65,0	52,3
Medidas informativas e formativas	19,2	26,0	40,8	51,6	59,2	58,6
Peche de negocio propio	3,8	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Procurar clientes alternativos	11,5	8,7	2,7	4,6	8,7	5,1
Procurar fornecedores alternativos	7,7	4,8	4,8	5,9	8,7	9,0
Reforzo/Contratación de persoal	0,0	1,0	2,7	9,2	3,9	9,0
Restrición de viaxes e reunións presenciais	38,5	46,2	40,8	59,5	70,9	66,0
Seguridade e hixiene/Intensificar PRL	34,6	44,2	46,9	61,4	68,0	60,2

**6.4.3 Responsabilidade na aplicación de medidas organizativas para combater a Covid-19**

Directivos/as e mandos intermedios tamén foron inquiridos sobre a responsabilidade que, no seo das súas empresas/entidades, tiveron na implementación das medidas organizativas adoptadas contra a Covid-19.

**6.4.3.1 Resultados globais e por xénero**

Tal como mostra o Cadro nº178, nos homes recaeu en máis proporción a responsabilidade de deseño e planificación das medidas organizativas adoptadas no seo das empresas/entidades (34,9% contra o 27,9% das mulleres) mentres que, entre as mulleres, foi máis frecuente a ausencia de calquera tipo de responsabilidade (38,5% contra o 30,4% de homes).

**Cadro nº178: Responsabilidade na aplicación de medidas organizativas**

Responsabilidade	%	Home	Muller
Deseño e planificación	31,5	34,9	27,9
Implantación	34,1	34,7	33,6
Ningunha	34,4	30,4	38,5



### 6.4.3.2 Responsabilidade segundo a categoría profesional

Existen diferenzas estatisticamente significativas en función da categoría profesional das persoas que tiveron que adoptar esas medidas durante a primeira onda da pandemia. Así sendo, o grao de responsabilidade de directivos/as foi maioritario no que respecta ao seu deseño e planificación (53,8%), seguida pola implantación (35,0%). Pola contra, case a metade (46,6%) de mandos intermedios non tivo calquer tipo de participación, recaendo neles principalmente a implantación (33,8%) e deseño e planificación (19,6%).

**Cadro nº179: Responsabilidade na aplicación de medidas segundo a categoría profesional**

Responsabilidade	Directivos/as	Mandos intermedios
Deseño e planificación	53,8	19,6
Implantación	35,0	33,8
Ningunha	11,2	46,6

#### 6.4.3.2.1 Directivos/as

Tal como mostra o Cadro nº180, aos directivos/as que participaron no estudo cóubolles maioritariamente (nun abano que vai do 53,1% ao 66,7%) o deseño e planificación das medidas organizativas adoptadas no seo das empresas/entidades en que traballan, salvo no desvío da produción para outro lugar (60,0%).

**Cadro nº180: Responsabilidade de directivos/as na aplicación das medidas organizativas contra a Covid-19**

Medida	Deseño e planificación	Implantación	Ningunha
Aplicar ERTE (regulación temporal de emprego)	60,7	24,7	14,6
Aplicar Teletraballo/traballo remoto	53,1	35,8	11,1
Cuarentena preventiva para empregados/as afectados/as	58,6	25,7	15,7
Desvío da produción a outro lugar	40,0	60,0	0,0
Flexibilidade de horarios e quendas do persoal	60,6	31,6	7,7
Medidas informativas e formativas	60,7	30,3	9,0
Procurar clientes alternativos	66,7	25,9	7,4
Procurar fornecedores alternativos	76,0	20,0	4,0
Reforzo/Contratación de persoal	66,7	23,8	9,5
Restrición de viaxes e reunións presenciais	55,7	33,5	10,8
Seguridade e hixiene/Intensificar PRL	60,2	29,8	9,9

#### 6.4.3.2.2 Mandos intermedios

Tal como mostra o Cadro nº181, os mandos intermedios que participaron neste estudo alegaron carecer de calquer responsabilidade na maioría de medidas organizativas adoptadas durante a pri-

meira onda da Covid-19. No entanto, a súa responsabilidade foi predominante en medidas como procurar clientes alternativos (58,8%), procurar fornecedores alternativos (53,3%). O seu papel no deseño e planificación tan só foi notábel na implementación de reforzo ou contratación de persoal (36,0%).

**Cadro nº181: Responsabilidade de mandos intermedios na aplicación das medidas organizativas contra a Covid-19**

Medida	Deseño e planificación	Implantación	Ningunha
Aplicar ERTE (regulación temporal de emprego)	24,8	31,0	44,2
Aplicar Teletraballo/traballo remoto	20,0	33,6	46,4
Cuarentena preventiva para empregados/as afectados/as	20,7	34,0	45,3
Desvío da produción a outro lugar	0,0	42,9	57,1
Flexibilidade de horarios e quendas do persoal	23,0	37,0	39,9
Medidas informativas e formativas	19,8	40,1	40,1
Procurar clientes alternativos	5,9	58,8	35,3
Procurar fornecedores alternativos	36,7	53,3	10,0
Reforzo/Contratación de persoal	36,0	28,0	36,0
Restrición de viaxes e reunións presenciais	18,4	38,6	43,0
Seguridade e hixiene/Intensificar PRL	22,3	38,3	39,4

### 6.4.3.3 Lugar de traballo

As persoas tituladas que traballan noutra Comunidade Autónoma (43,4%) e no estranxeiro (37,4%) alegaron en maior proporción carecer de responsabilidade na adopción das medidas organizativas. O deseño e planificación foi máis frecuente entre os titulados/as que traballan en Galicia (34,0%) e a implantación das medidas adoptadas entre as que traballan noutras Comunidades Autónomas (36,1%).

**Cadro nº182: Responsabilidade na aplicación de medidas segundo o lugar de traballo**

	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
Deseño e planificación	34,0	20,5	30,8
Implantación	34,2	36,1	31,8
Ningunha	31,9	43,4	37,4

### 6.4.3.4 Ámbitos académicos

Tiveron unha responsabilidade máis alta no deseño e planificación das medidas organizativas adoptadas polas empresas para encarar a Covid-19 durante a primeira onda as persoas tituladas inquiridas dos ámbitos Multidisciplinar (40,0%), das Ciencias da Saúde (37,5%) e Artes e Humanidades (34,8%). No que respecta á súa implantación, foi máis alta entre os titulados/as das Ciencias da Saúde (50,0%), Xurídico-Social (37,3%) e Tecnolóxico (33,8%).

**Cadro nº183: Responsabilidade na aplicación de medidas segundo os ámbitos académicos**

Responsabilidade	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Multidisciplinar	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Deseño e planificación	34,8	37,5	27,8	40,0	32,4	30,7
Implantación	23,9	50,0	22,2	20,0	33,8	37,3
Ningunha	41,3	12,5	50,0	40,0	33,8	32,0

**6.4.3.5 Tipoloxía de estudos**

O deseño e planificación na adopción de medidas organizativas contra a Covid-19 durante a primeira onda da pandemia foi máis frecuente entre enxeñeiros/as superiores (35,3%) e diplomados/as (35,1%). A implantación, no entanto, foi máis alta entre titulados/as con mestrado universitario (41,9%), diplomados/as (41,7%) e enxeñeiros/as técnicos (40,0%).

**Cadro nº184: Responsabilidade na aplicación de medidas segundo a tipoloxía de estudos**

Responsabilidade	Diplomatura	Doutoramento	Enxeñaría Superior	Enxeñaría Técnica	Grao	Licenciatura	Mestrado Universitario	Título Propio
Deseño e planificación	35,1	18,9	35,3	28,2	23,7	31,4	30,6	0,0
Implantación	41,7	13,5	30,1	40,0	28,9	32,2	41,9	0,0
Ningunha	23,2	67,6	34,6	31,8	47,4	36,4	27,4	100,0

**6.4.3.6 Titulacións**

O Anexo 122 reflicte a distribución porcentual da responsabilidade na adopción de medidas organizativas contra a Covid-19 segundo a titulación.

**6.4.3.7 Promoción académica**

Segundo o tempo transcorrido desde a obtención do título, a responsabilidade no deseño e planificación das medidas organizativas adoptadas polas empresas/entidades para encarar a pandemia de Covid-19 durante a primeira onda mostra unha tendencia directamente proporcional, oscilando dun máximo de 39,7% entre os titulados/as entre 1990-95 a un mínimo de 23,1% dos egresados/as no último quinquenio avaliado. En consecuencia, a non asunción de responsabilidades é crecente no sentido inverso: máxima entre os graduados/as máis recentes (57,7%) e mínima nas primeiras promocións (21,8%).

**Cadro nº185: Responsabilidade na aplicación de medidas segundo a promoción académica**

Responsabilidade	1990-95	1996-2000	2001-2005	2006-2010	2011-2015	2016-2020
Deseño e planificación	39,7	33,3	31,8	29,7	28,8	23,1
Implantación	38,5	40,4	34,3	31,8	31,4	19,2
Ningunha	21,8	26,2	33,8	38,5	39,7	57,7

## 7. Percepción sobre o impacto da primeira onda da pandemia de COVID-19 no emprego e na economía

### 7.1 O impacto sobre o emprego durante a primeira onda da pandemia

Para coñecermos a percepción sobre o impacto que estaba a ter no emprego a primeira onda da pandemia de Covid-19 as persoas tituladas que participaron neste estudo foron inquiridas sobre a probabilidade de que se desen varias eventualidades ligadas ao emprego relativamente a salarios, viabilidade das empresas e a ameaza de perder o emprego.

Así sendo, a nivel global, tal como mostra o Cadro nº186, o maior temor entre as persoas tituladas é que a pandemia teña como efecto unha perda do poder adquisitivo: o 25,3% teme que o seu salario se reduza de forma transitoria e un 14,2% de forma estábel.

O temor a que a empresa/organización en que traballan peche é maior no curto prazo (7,0%) que no longo (3,4%).

O temor a perder o emprego é levemente superior mentres dure a crise (6,5%) a que se produza de forma permanente (6,1%).

**Cadro nº186: Percepción global sobre o impacto da actual crise por Covid-19 no emprego**

Probabilidade de...	Bastante	Moita	Nada	Pouca
Que o seu salario se reduza durante esta crise	15,8	9,5	31,9	42,7
Que a empresa en que traballa teña que pechar durante esta crise	4,4	2,6	56,2	36,8
Que perda o seu emprego durante esta crise	5,1	1,4	44,1	49,4
Que o seu salario se reduza permanentemente	11,5	2,7	37,5	48,2
Que a empresa en que traballa teña que pechar permanentemente	2,7	0,7	62,4	34,2
Que perda o emprego permanentemente	4,7	1,4	46,6	47,4

#### 7.1.1 Risco de redución salarial durante a primeira onda da pandemia

A percepción de risco de que o salario se vexa reducido durante esta crise é do 25,3%, sen diferenzas estatisticamente significativas entre homes (25,2%) e mulleres (25,4%).

Segundo o lugar de traballo, este temor é máis alto entre os que traballan en Galicia (27,1%) que no resto do mundo (17,7%) ou noutra Comunidade Autónoma (22,1%).

Para máis información, o Anexo 129 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual das respostas segundo o lugar de traballo, especificando os resultados, no caso das persoas tituladas que traballan en Galicia, por provincias e comarcas; por Comunidades Autónomas e provincias das que traballan noutras Comunidades Autónomas e por países das que traballan no resto do mundo.

Por ámbitos académicos este temor é máis alto entre as persoas das ramas das Artes e Humanidades (27,6%), Ciencias da Saúde (27,1%) e Xurídico-Social (27,0%) que nas do Científico (18,6%) ou Tecnolóxico (20,0%).

Segundo o tempo transcorrido desde a graduación na UVigo mostran máis temor as persoas que completaron os seus estudos entre 1996-2000 (31,2%) e entre 1990-95 (28,9%) que as promocións máis recentes (18,2% entre 2016-20 e 22,5% entre 2011-15).

Segundo o tipo de contrato, o temor a que o salario se vexa reducido durante a primeira onda da pandemia foi máis alto entre as persoas sen contrato (50,0%), con contratos en prácticas (30,0%) e indefinidos (23,2%) que entre bolseiros/as (11,8%), con contratos por obra ou servizo (14,4%) e temporais (20,1%).

Consoante a rama de actividade, o temor é máis alto entre os empregados/as do ámbito público (28,1%) e empresa privada (25,0%) que nas entidades sen ánimo de lucro (13,7%).

A maioría de persoas que traballan nos sectores de actividades deportivas (73,6%) e servizos profesionais (51,7%) expresaron o seu temor a veren o seu salario reducido durante esta crise, seguidos polos que traballan nos medios de comunicación/audiovisuais (44,2%) e turismo e restauración (42,4%). Os máis certos co seu status salarial foron os empregados/as de banca e seguros (8,7%), defensa e seguranza (9,1%); industria química, plástico, vidro e envases (10,3%) e investigación (10,7%).

Segundo a categoría profesional, mostraron máis temor a veren reducidos os seus salarios no curto prazo directivos/as (39,9%) e empregados/as non cualificados/as (30,1%) que mandos intermedios (21,5%) e técnicos/as cualificados/as (23,4%).

Dependendo o tamaño da empresa, as persoas tituladas que traballan en empresas individuais (64,0%) e microempresas (31,7%) son os que en máis proporción ven perigar o seu nivel salarial no curto prazo contra o mínimo de 18,4% nas medianas empresas.

Por titulación, a totalidade de graduados/as en Turismo ven perigar o seu salario no curto prazo, seguido pola maioría de graduados/as en Enxeñaría Forestal (60,0%), Ciencias da Actividade Física e do Deporte e Ciencias do Mar (50,0% ambas). Logo a seguir áchanse os licenciados/as en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (47,7%), graduados/as en Comunicación Audiovisual (45,5%), licenciados/as en Historia (44,4%), graduados/as en Educación Social e diplomados/as en Xestión e Administración Pública (42,9% ambas).

Ningún graduado/a en Enxeñaría Técnica en Telecomunicación, Bioloxía, Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Dereito, Enxeñaría Agraria, Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, Enxeñaría Eléctrica, Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática, Enxeñaría en Química Industrial, Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais, Enxeñaría Mecánica, Estudos de Galego e Español, Linguas Estranxeiras, Química e Xeografía e Historia manifestou temor a ver reducido o seu salario no curto prazo.

Máis pormenorizadamente, o Anexo 123 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual do risco de redución do salario durante a actual crise por Covid-19 durante a primeira onda da pandemia

### **7.1.2. Risco de peche da empresa/entidade en que traballa durante a primeira onda da pandemia**

O 7,0% das persoas inquiridas referiron temer que a empresa/organización en que traballan teña que pechar mentres dure a primeira onda da pandemia, sendo levemente superior o expresado polas mulleres (7,4%) que polos homes (6,4%).

Segundo o lugar de traballo este temor é máis alto entre as persoas tituladas que traballan en Galicia (7,6%) e noutras Comunidades Autónomas (7,0%) que no resto do mundo (4,6%).

Para máis información, o Anexo 129 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual das respostas segundo o lugar de traballo, especificando os resultados, no caso das persoas tituladas que traballan en Galicia, por provincias e comarcas; por Comunidades Autónomas e provincias das que traballan noutras Comunidades Autónomas e por países das que traballan no resto do mundo.

Por ámbitos académicos o temor ao peche da empresa en que traballan no curto prazo é máis alto nas Artes e Humanidades (10,2%) e Científico (8,6%) que nas Ciencias de Saúde (3,6%) e Tecnolóxico (5,6%).

Segundo a promoción académica, este risco é sentido en maior proporción polas persoas tituladas máis recentemente (8,9% entre 2016-20 e 8,4% entre 2011-15) que polas máis antigas (5,2% entre 2001-05 e 5,4% entre 1990-95).

Segundo o tipo de contrato, o temor é máis alto nas persoas sen contrato (50,0%) e en prácticas (11,1%) que nas persoas con contrato por obra e servizo (5,2%) e temporais (5,3%).

Os máis confiantes a curto prazo coa permanencia da actividade da empresa/organización en que traballan son os empregados/as do ámbito público (3,8%) contra os que o fan en entidades non lucrativas (12,3%) e na empresa privada (8,3%).

Os sectores en que as persoas tituladas están máis temerosas con este aspecto traballan en actividades deportivas (47,4%), turismo e restauración (30,4%), téxtil e confección (22,9%) e venta retalista (18,5%) contra o temor nulo nos sectores aeroespacial, defensa e seguranza, minaría; papel, gráficas, edición e reprodución; servizos informáticos e venta maiorista. Presentan un nivel

de temor inferior ao 5% as persoas tituladas que traballan nas telecomunicacións (0,8%), banca e seguros (1,0%), servizos centrais da administración pública (2,7%), farmacéutico (2,9%), saúde (3,2%), consultoría (4,3%) e alimentación (4,5%).

Segundo a categoría profesional, empregados/as non cualificados/as (12,1%) e directivos/as (10,0%) mostran máis temor que mandos intermedios (5,8%).

O temor a que a empresa en que traballan peche no curto prazo é significativamente máis agudo nas persoas que traballan en empresas individuais (19,9%) e microempresas (13,7%) que nas grandes con máis de 1000 empregados/as (3,1%).

Por titulacións, o temor atinxe á metade das persoas inquiridas nos grados en Educación Infantil, Enxeñaría Eléctrica, Turismo e Xeografía en Historia, ben como a unha parte notábel dos/as graduados/as en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Ciencias Ambientais e Enxeñaría en Organización Industrial (33,3% cada un), graduados/as en Educación Social (28,6%), Belas Artes (27,3%) e en Ciencias do Mar (25,0%). Persoas tituladas en até 29 titulacións da UVigo mostraron un temor nulo a que se dese esta hipótese, seguido polos diplomados/as en Enfermaría (1,2%), Enxeñaría de Telecomunicación (1,6%), licenciaturas en Psicopedagogía (2,3%) e Ciencias Económicas (2,8%), Diplomatura en Relacións Laborais e en Enxeñaría de Minas (2,9% ambas).

O Anexo 124 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual do risco de que a empresa/organización en que traballan as persoas tituladas da UVigo teña que pechar mentres dure a actual crise por Covid-19.

### **7.1.3 Risco de perda do emprego durante a primeira onda da pandemia**

Un 6,5% das persoas tituladas que participaron neste estudo manifestaron o seu temor a perder o seu emprego durante esta crise, sen mostrar diferenzas estatisticamente significativas homes (6,7%) e mulleres (6,4%).

Segundo o lugar de traballo, este temor é máis alto nas persoas tituladas que traballan en Galicia (6,8%) e no resto do mundo (6,4%) que noutras Comunidades Autónomas (4,6%).

Para máis información, o Anexo 129 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual das respostas segundo o lugar de traballo, especificando os resultados, no caso das persoas tituladas que traballan en Galicia, por provincias e comarcas; por Comunidades Autónomas e provincias das que traballan noutras Comunidades Autónomas e por países das que traballan no resto do mundo.

Por ámbitos académicos, o temor a perder o emprego durante a primeira onda desta crise foi máis alto entre as persoas tituladas das Artes e Humanidades (10,6%) e Tecnolóxico (6,5%) que nas Ciencias da Saúde (2,8%) e Científico (4,9%).

O temor a perder o emprego é inversamente proporcional ao tempo de antigüidade, sendo máis alto nas promocións máis recentes (12,6% de titulados/as entre 2016-20) que nas máis antigas (5,0% de titulados/as entre 1990-95).

Segundo o tipo de contrato, as persoas máis temerosas a perder o seu emprego no curto prazo traballan sen contrato (50,0%), en prácticas (11,1%) ou son temporais/eventuais (10,7%) contra o mínimo de 4,9% dos que traballan con contratos de duración indefinida.

É significativo o maior temor a perder o emprego entre as persoas que traballan en empresas privadas (8,4%) e entidades non lucrativas (7,2%) que no ámbito público (2,4%).

Por sectores económicos, o temor a perder o emprego no curto prazo foi máis alto nas persoas que traballan en medios de comunicación/audiovisuais (26,2%), venda retalista (18,5%), actividades deportivas (15,8%) e turismo e restauración (15,1%). Ningunha das persoas inquiridas que traballan na defensa e seguranza, minaría e venda maiorista teme perder o seu emprego, seguida polas que o fan nos servizos centrais da administración pública (1,9%), saúde (2,2%), investigación (2,7%), banca e seguros (3,2%) e servizos informáticos (3,7%).

Segundo a categoría profesional o temor a perder o emprego durante a primeira onda da actual crise por Covid-19 é máis elevado nos empregados/as non cualificados/as (7,7%) e directivos (7,2%) que nos mandos intermedios (5,1%).

As persoas tituladas que traballan nas empresas individuais (10,9%) e microempresas (9,9%) manifestan máis temor que as que o fan en grandes empresas con 1000 ou máis empregados/as (3,4%).

O temor a perder o emprego durante esta crise é máis alto entre os graduados/as en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática e en Turismo (50,0% cada unha), seguido polos graduados/as en Belas Artes (36,4%), Enxeñaría en Organización Industrial (33,3%), Ciencias do Mar e Traballo Social (25,0% ambas) e en Enxeñaría Mecánica (20,0%). As persoas tituladas en 33 titulacións non mostraron calquer temor a perder o seu emprego no curto prazo, rexistrando menos de 3% os titulados/as na Licenciatura en Psicopedagogía (2,3%), Diplomatura en Enfermaría e Enxeñaría de Telecomunicación (2,4% ambas), Diplomatura en Profesorado de EXB (2,7%), Licenciatura en Química (2,8%), Diplomatura en Relacións Laborais e Enxeñaría de Minas (2,9% ambas).

Máis detalladamente, o Anexo 125 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual do risco das persoas tituladas a perder o emprego durante a primeira onda da actual crise por Covid-19.

### 7.1.4 Risco de redución salarial permanente

O 14,2% das persoas inquiridas manifestou a súa preocupación con que o salario se vexa reducido de forma permanente, sendo levemente máis alto en mulleres (15,0%) que en homes (13,3%).

Este risco é máis sentido entre as persoas que traballan en Galicia (15,8%) que no resto do mundo (8,4%) e noutra Comunidade Autónoma (10,0%).

Para máis información, o Anexo 129 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual das respostas segundo o lugar de traballo, especificando os resultados, no caso das persoas tituladas que traballan en Galicia, por provincias e comarcas; por Comunidades Autónomas e provincias das que traballan noutras Comunidades Autónomas e por países das que traballan no resto do mundo.



Por ámbitos académicos, as persoas tituladas das Ciencias da Saúde (20,3%) e das Artes e Humanidades (18,3%) manifestáronse máis preocupadas con esta eventualidade que as do Científico (10,9%) e Tecnolóxico (11,8%).

Aínda que non exista un padrón de tendencia definido, segundo a promoción académica, as persoas tituladas con máis antigüidade mostráronse máis temerosas con esta eventualidade (22,1% entre 1990-95) que as máis recentes.

A preocupación coa perda de poder adquisitivo no longo prazo é máis alta nas persoas sen contrato (50,0%), empregados/as en prácticas (22,2%) e temporais/eventuais (14,3%) que nos bolsseiros/as (2,9%).

Os/as empregados/as do ámbito público mostraron un nivel de temor (20,4%) superior a empregados/as de entidades non lucrativas (10,1%) e da empresa privada (11,5%).

O temor a veren reducidos os seus salarios de forma permanente foi máis sentido nas persoas que traballan en servizos profesionais (29,4%), servizos centrais da administración pública (25,5%), actividades deportivas (21,1%), ensino/docencia (20,1%), venda retailista (18,4%), turismo e restauración (18,2%), saúde (16,6%); agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal (15,8%) e loxística, transporte e distribución (15,7%). Polo contrario, ningunha persoa que traballa na cultura e lecer, defensa e seguranza, minaría e xestión ambiental manifestou esta preocupación, rexistrándose as taxas máis baixas nos servizos informáticos (3,7%), banca e seguros (3,8%) e telecomunicacións (4,8%).

O temor a ver reducido o salario permanentemente é máis alto entre directivos/as (21,3%) e empregados/as non cualificados/as (17,0%) que en mandos intermedios (10,7%).

No tocante ao tamaño da empresa, mostráronse máis temerosas as persoas que traballan en empresas individuais (38,9%) e microempresas (15,5%) que nas medianas empresas (10,1%).

Por titulacións, os niveis máis altos de preocupación perante unha redución salarial permanente rexistráronse entre os graduados/as en Ciencias do Mar, Educación Infantil e Turismo (50,0% cada unha), Educación Primaria e Enxeñaría Forestal (40,0% ambas), Grao en Belas Artes (36,4%) e Licenciatura en Historia (33,3%). Persoas tituladas en até 22 titulacións non referiron ningún tipo de preocupación con esta posibilidade, rexistrándose, cun nivel de temor inferior ao 5%, diplomados/as en Traballo Social (3,3%) e Relacións Laborais (4,5%) e Enxeñaría Técnica en Telecomunicación (4,8%).

O Anexo 126 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual do risco de redución salarial de forma permanente.

### **7.1.5 Risco de peche da empresa/entidade en que traballa permanentemente**

O 3,4% das persoas tituladas da UVigo referiron a súa preocupación con que a empresa en que traballan teña que pechar permanentemente, non existindo diferenzas significativas entre homes (3,4%) e mulleres (3,5%).

Segundo o lugar de traballo esta preocupación é máis alta nas persoas tituladas que traballan en Galicia (3,8%) e no resto do mundo (3,4%) que noutras Comunidades Autónomas (1,8%).

Para máis información, o Anexo 129 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual das respostas segundo o lugar de traballo, especificando os resultados, no caso das persoas tituladas que traballan en Galicia, por provincias e comarcas; por Comunidades Autónomas e provincias das que traballan noutras Comunidades Autónomas e por países das que traballan no resto do mundo.

Por ámbitos académicos, o temor é máis alto nas Artes e Humanidades (6,2%) que no Científico (2,3%) e Tecnolóxico (2,6%).

Por promocións, sen existir unha tendencia uniforme, as persoas con menos tempo no mercado de traballo mostráronse máis preocupadas que as promocións máis antigas (2,7% entre 1996-2000).

Segundo o tipo de contrato esta preocupación é máis sentida nas persoas sen contrato (50,0%) que en bolseiros/as e contratados en prácticas (0,0% ambos).

As persoas tituladas que traballan na empresa privada mostraron unha preocupación máis alta (4,9%) que no ámbito público (0,8%) e entidades non lucrativas (1,4%).

Por sectores económicos, o temor ao peche permanente da empresa en que traballan é significativo entre as persoas que traballan en actividades deportivas e venda retalista (15,8% ambos), construción naval e cultura e lecer (12,5% ambos), turismo e restauración (12,1%) e medios de comunicación/audiovisuais (11,9%). En nove sectores económicos ningunha persoa titulada referiu calquera nivel de preocupación, sendo inferior ao 2% os rexistrados en telecomunicacións (0,8%), servizos centrais da administración pública (0,9%), banca e seguros (1,0%) e servizos informáticos (1,9%).

Directivos/as (6,8%) e empregados/as non cualificados/as (6,4%) mostraron máis preocupación que mandos intermedios (2,4%).

Segundo o tamaño da empresa, persoas tituladas que traballan en empresas individuais (14,4%) e microempresas (8,6%) referiron máis preocupación que as empregadas en grandes empresas con máis de 1000 empregados/as (0,3%).

Por titulacións, a metade de graduados/as en Turismo, ben como un terzo dos graduados/as en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Ciencias Ambientais e Enxeñaría en Organización Industrial temen que a empresa en que traballan teña que pechar permanentemente, seguidos polos graduados/as en Belas Artes (27,3%) e en Ciencias do Mar (25,0%). Polo contrario, persoas tituladas en 40 titulacións non manifestaron calquera tipo de temor con esta eventualidade, sendo inferior ao 2% en Enxeñaría Técnica Industrial (0,6%), Enxeñaría de Telecomunicación (0,8%), Diplomatura en Relacións Laborais (1,4%) e Licenciatura en Ciencias do Mar (1,5%).

O Anexo 127 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual do risco de que a empresa/organización en que traballa teña que pechar permanentemente.

### **7.1.6 Risco de perda do emprego permanentemente**

O 6,1% das persoas inquiridas expresou o seu temor a perder o emprego permanentemente por causa da primeira onda da pandemia, sendo máis elevado entre as mulleres (6,4%) que nos homes (5,5%).

Segundo o lugar de traballo as persoas tituladas que traballan en Galicia (6,3%) manifestaron máis preocupación que as emigradas no estranxeiro (5,3%) e noutras Comunidades Autónomas (4,9%).

Para máis información, o Anexo 129 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual das respostas segundo o lugar de traballo, especificando os resultados, no caso das persoas tituladas que traballan en Galicia, por provincias e comarcas; por Comunidades Autónomas e provincias das que traballan noutras Comunidades Autónomas e por países das que traballan no resto do mundo.

Por ámbitos académicos, esta preocupación foi máis alta nas Artes e Humanidades (8,0%) e Tecnolóxico (6,5%) que nas Ciencias da Saúde (1,4%).

Relativamente ao tipo de contrato, o temor de persoas que traballan sen contrato (50,0%), con contratos por obra/servizos (13,9%) e en prácticas (11,1%) é superior ao mostrado polos indefinidos (4,5%).

As persoas empregadas en entidades non lucrativas (9,4%) e na empresa privada (7,3%) manifestaron máis temor a perder o seu emprego permanentemente que no ámbito público (2,7%).

Por sectores económicos, os máis preocupados con esta eventualidade foron os que traballan en venda retalista (21,0%), actividades deportivas (15,8%), turismo e restauración (15,1%), medios de comunicación/audiovisuais (14,6%), outras actividades sociais (13,6%) e cultura e lecer (12,5%), contra a nula incidencia na construción naval, defensa e seguranza, minaría, venda maiorista e xestión ambiental. A preocupación é inferior ao 3% entre as persoas que traballan na saúde (1,1%), servizos centrais da administración pública e servizos informáticos (1,9% ambos), banca e seguros e no farmacéutico (2,9% ambos).

No tocante á categoría profesional, empregados/as non cualificados/as (11,3%) e directivos/as (6,6%) mostraron máis preocupación que mandos intermedios (4,0%).

Segundo o tamaño da empresa, a preocupación de persoas que traballan en microempresas (9,6%) e empresas individuais (7,0%) supera á rexistrada nas grandes empresas con máis de 1000 empregados/as (3,5%).

Por titulacións, manifestaron o seu desacougo metade de graduados/as en Tradución e Interpretación, seguidos polos graduados/as en Belas Artes (36,4%), Enxeñaría en Organización Industrial e Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais (33,3% ambas), Grao en Enxeñaría Forestal e Licenciatura en Comunicación Audiovisual (20,0% ambas), Licenciatura en Belas Artes (17,4%) e Grao en Educación Infantil (16,7%). Polo contrario, persoas tituladas de 33 titulacións non manifestaron calquera tipo de preocupación por perder o seu emprego permanentemente, alcanzando menos do 3% entre

os licenciados/as en Bioloxía (1,6%), Ciencias Empresariais (2,0%), Dereito Económico-Empresarial (2,2%), Psicopedagogía (2,4%) e Filoloxía Inglesa (2,6%), Diplomatura en Profesorado de EXB (2,7%), Licenciatura en Química (2,8%), diplomados/as en Mestre/a e en Relacións Laborais, ben como en Enxeñaría de Minas (2,9% cada unha).

O Anexo 128 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual do risco de perder o emprego permanentemente.

## 7.2 O impacto da actual crise por Covid-19 na economía durante a primeira onda da pandemia

### 7.2.1 Percepción sobre o impacto na economía

#### 7.2.1.1 Resultados globais e por xénero

Inquiridos sobre como estaba a afectar a primeira onda da crise por Covid-19 na economía, a maioría das persoas inquiridas (56,1%) acha que o impacto desta crise será negativo e duradeiro, un 40,1% acha que será pasaxeiro contra un 3,9% que considera que terá pouco impacto.

#### Cadro nº187: Percepción global e por xéneros sobre o impacto da actual crise por Covid-19 na economía

	Global	Home	Muller
Impacto negativo e duradeiro	56,1	52,3	58,6
Impacto negativo pero pasaxeiro	40,1	43,4	37,8
Terá pouco impacto	3,9	4,3	3,6

Por xéneros é estatisticamente significativa a maior proporción de mulleres que coidan que o impacto está a ser negativo e duradeiro (58,6% contra 52,3% de homes) e a de homes que ese impacto negativo teña carácter pasaxeiro (43,4% contra 37,8% de mulleres).

#### 7.2.1.2 Lugar de residencia

A maioría de persoas tituladas que viven outras Comunidades Autónomas (60,5%) e en Galicia (57,1%) consideran que o impacto da actual crise por Covid-19 terá un impacto negativo e duradeiro. Porén, para a maioría das persoas que viven no estranxeiro (50,3%) o impacto será negativo pero pasaxeiro e o 7,7% acha que terá pouco impacto.

#### Cadro nº188: Percepción sobre o impacto na economía segundo o lugar de residencia

	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
Impacto negativo e duradeiro	57,1	60,5	42,0
Impacto negativo pero pasaxeiro	39,4	36,6	50,3
Terá pouco impacto	3,6	2,9	7,7

### 7.2.1.2.1 Galicia

#### 7.2.1.2.1.1 Provincias

A expectativa de que o impacto da primeira onda da pandemia de Covid-19 vai ser negativo e duradeiro é maioritario entre as persoas tituladas que responderon a enquisa, sendo significativa a maior porcentaxe en Ourense (63%) que en Pontevedra (54,9%), Lugo (56,5%) e A Coruña (59,9%).

#### Cadro nº189: Percepción sobre o impacto na economía dos residentes en Galicia por provincias

Provincia	Impacto negativo e duradeiro	Impacto negativo pero pasaxeiro	Terá pouco impacto
A Coruña	59,9	36,3	3,8
Lugo	56,5	37,6	5,9
Ourense	63,0	34,1	2,9
Pontevedra	54,9	41,5	3,5

#### 7.2.1.2.1.2 Comarcas

A percepción maioritaria en 34 das 48 comarcas avaliadas é que o impacto da actual crise por Covid-19 vai ser negativo e duradeiro, sendo total nas persoas residentes nas comarcas da Barcala, Mariña Oriental, Eume, Meira e Terra de Caldelas. Esta percepción é compartillada tamén de forma predominante polos residentes nas comarcas de Verín (91,7%), Terra de Lemos (86,7%), Mariña Central (83,8%), Eume (80,0%) e Ferrol (77,8%).

Nas comarcas urbanas máis poboadas esta percepción oscila entre o máximo de Santiago e Ourense (64,8% e 64,6%, respectivamente), seguido pola Coruña (58,5%), Vigo (55,3%), Pontevedra (55,0%) e Lugo (54,5%).

O Anexo 130 mostra a distribución porcentual da percepción sobre o impacto na economía das persoas residentes en Galicia por comarcas.

#### 7.2.1.2.2 Outras Comunidades Autónomas

##### 7.2.1.2.2.1 Comunidades Autónomas

O sentir de que esta crise vai ter un impacto negativo e duradeiro, tal como mostra o Cadro nº190, é total entre os residentes nas Illas Canarias, seguidos por Castela-A Mancha (86,7%), Castela e León (76,0%), Illas Baleares (75,0%) e Comunidade de Madrid (64,8%). Porén, achan que este impacto será pasaxeiro a maioría dos residentes na Rexión de Murcia (75,0%), Estremadura (66,7%), País Basco (64,7%), Comunidade Valenciana (52,6%) e Aragón (50,0%). É significativa a proporción de residentes en Navarra (12,5%) e Andalucía (11,5%) que achan que terá pouco impacto.

**Cadro nº190: Percepción sobre o impacto na economía dos residentes noutras Comunidades Autónomas**

Comunidade Autónoma	Impacto negativo e duradeiro	Impacto negativo pero pasaxeiro	Terá pouco impacto
Andalucía	57,7	30,8	11,5
Aragón	50,0	50,0	0,0
Asturias	53,8	46,2	0,0
Cantabria	57,1	42,9	0,0
Castela e León	76,0	24,0	0,0
Castela-A Mancha	85,7	14,3	0,0
Cataluña	50,6	48,1	1,3
Comunidade de Madrid	64,8	31,9	3,3
Estremadura	33,3	66,7	0,0
Illas Baleares	75,0	16,7	8,3
Illas Canarias	100,0	0,0	0,0
Navarra	50,0	37,5	12,5
País Basco	35,3	64,7	0,0
País Valenciano	47,4	52,6	0,0
Rexión de Murcia	25,0	75,0	0,0

**7.2.1.2.2 Provincias**

O Anexo 131 mostra a distribución porcentual da percepción sobre o impacto na economía dos residentes noutras Comunidades Autónomas por provincias.

**7.2.1.2.3 Resto do mundo**

Na maioría de países avaliados a opinión maioritaria das persoas que participaron neste estudo é que a actual crise por Covid-19 vai ter un impacto negativo e duradeiro. En nove deles de forma total, seguido, de forma predominante, polos residentes no Brasil (80,0%), Australia e Perú (75,0% ambos), Arxentina (66,7%), Colombia, Irlanda e México (60,0% cada un). Noutros países achan que o impacto vai ser pasaxeiro, en nove deles de forma total e maioritario na Suíza (86,7%), Italia, Noruega e Polonia (75,0% cada un), Alemaña (68,8%), Dinamarca (66,7%), Países Baixos (60,0%), Francia (56,3%), Chile e Finlandia (50,0% ambos).

Polo contrario, a percepción de que vai ter pouco impacto é total nos residentes en Singapur e maioritaria entre os que viven en Chequia e China (50,0% ambos), seguidos por Dinamarca (33,3%), Países Baixos (30,0%), Polonia (25,0%) e Irlanda (20,0%).

Para máis informacións, o Anexo 132 mostra a distribución porcentual da percepción sobre o impacto na economía dos residentes no resto do mundo por países.

### 7.2.1.3 Ámbitos académicos

A maioría de persoas tituladas de todos os ámbitos achán que a actual crise por Covid-19 vai ter un impacto negativo e duradeiro, oscilando entre o máximo de 59,6% de titulados/as das Ciencias da Saúde e mínimo do Multidisciplinar (51,6%), os cales, á vez, achán, en maior proporción, que ese impacto será pasaxeiro (48,4%). É significativa a maior proporción de persoas tituladas do ámbito Xurídico-Social que coidan que esta crise terá pouco impacto (4,3%).

**Cadro nº191: Percepción sobre o impacto na economía segundo os ámbitos académicos**

Ámbito académico	Impacto negativo e duradeiro	Impacto negativo pero pasaxeiro	Terá pouco impacto
Artes e Humanidades	57,1	39,1	3,8
Ciencias da Saúde	59,6	39,1	1,3
Científico	57,8	38,5	3,6
Multidisciplinar	51,6	48,4	0,0
Tecnolóxico	53,8	42,5	3,6
Xurídico-Social	56,5	39,1	4,3

### 7.2.1.4 Promoción académica

Segundo a promoción académica non existen relacións de dependencia estatística ( $p$ -valor>0,05).

**Cadro nº192: Percepción sobre o impacto na economía segundo a promoción académica**

	1990-1995	1996-2000	2001-2005	2006-2010	2011-2015	2016-2020
Impacto negativo e duradeiro	60,4	59,1	54,9	57,8	52,9	54,9
Impacto negativo pero pasaxeiro	37,3	36,2	41,4	37,7	43,3	43,4
Terá pouco impacto	2,3	4,7	3,7	4,4	3,8	1,7

### 7.2.1.5 Titulacións

Consideran que a actual crise por Covid-19 terá un impacto negativo e duradeiro a totalidade de persoas tituladas nos graos en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Enxeñaría dos Recursos Meneiros e Enerxéticos, Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática e en Enxeñaría en Química Industrial, ben como os licenciados/as en Física. Logo a seguir, é a opinión predominante nos graduados/as en Dirección e Xestión Pública (83,3%) e en Educación Primaria (76,9%), licenciados/as en Historia (76,9%), graduados/as en Estudos de Galego e Español, Química e en Traballo Social (75,0% cada unha).

A opinión de que ese impacto negativo será pasaxeiro está estendida entre a totalidade de graduados/as en Enxeñaría Agraria e é predominante nos graduados/as en Ciencias da Actividade Física e

do Deporte (80,0%), Enxeñaría da Enerxía (71,4%), Administración e Dirección de Empresas (67,9%) e en Enxeñaría Forestal (66,7%), ben como no Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, Diplomatura en Fisioterapia e Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (57,1% cada unha). A metade de graduados/as en Xeografía e Historia e en Enxeñaría Eléctrica achán que esta crise terá pouco impacto.

O Anexo 133 mostra a percepción das persoas tituladas da UVigo sobre o impacto da actual crise por Covid-19 na economía segundo a titulación.

### 7.2.1.6 Rama de actividade

É estatisticamente significativa a menor proporción de persoas tituladas que traballan na empresa privada (52,8%) que achán que a actual crise por Covid-19 vai ter un impacto negativo e duradeiro e que, en consecuencia, en maior grao achán que ese impacto será pasaxeiro (42,6%).

**Cadro nº193: Percepción sobre o impacto na economía segundo a rama de actividade**

Rama de actividade	Impacto negativo e duradeiro	Impacto negativo pero pasaxeiro	Terá pouco impacto
Ámbito público	61,1	36,6	2,3
Empresa privada	52,8	42,6	4,7
Entidade non lucrativa	61,5	35,8	2,7

### 7.2.1.7 Sector económico

Consideran que esta crise terá un impacto negativo e duradeiro a totalidade de persoas tituladas que traballan na minaría, seguido polas que o fan no sector aeroespacial (75,0%), outras actividades sociais (72,4%), medios de comunicación/audiovisuais (70,8%) e construción naval (66,7%).

A opinión de que ese impacto negativo vai ser pasaxeiro é maioritaria entre as persoas tituladas que traballan en actividades deportivas (73,7%), venda maiorista (57,1%), turismo e restauración (55%), madeira (53,3%), enxeñaría (52,4%) e industria química, plástico, vidro e envases (51,6%).

A percepción de que terá pouco impacto é significativa entre as persoas tituladas que traballan na construción naval (22,2%), industria química, plástico, vidro e envases (16,1%) e cultura e lecer (8,3%).

O Anexo 134 mostra o cadro de datos da distribución porcentual da percepción sobre o impacto na economía da actual crise por Covid-19 segundo o sector económico en que traballan as persoas tituladas da UVigo.

### 7.2.1.8 Categoría profesional

Empregados/as non cualificados/as e directivos/as achán en maior proporción (63,6% e 60,5%, respectivamente) que esta crise vai ter un impacto negativo e duradeiro contra un 42,0% de mandos



intermedios e 41,2% de técnicos/as cualificados/as que xulgan que ese impacto vai ser pasaxeiro. A opinión de que terá pouco impacto está máis estendida entre os técnicos/as cualificados/as (4,2%).

**Cadro nº194: Percepción sobre o impacto na economía segundo a categoría profesional**

Categoría profesional	Impacto negativo e duradeiro	Impacto negativo pero pasaxeiro	Terá pouco impacto
Directivo/a	60,5	36,7	2,9
Empregado/a non cualificado/a	63,6	33,3	3,0
Mando intermedio	54,4	42,0	3,5
Técnico/a cualificado/a	54,6	41,2	4,2

**7.2.1.9 Tamaño da empresa**

Tal como mostra o Cadro nº195, a opinión de que a crise vai ter un impacto negativo e duradeiro está máis estendida nas persoas tituladas que traballan nas grandes empresas. Pola contra, os titulados/as que traballan en microempresas e empresas individuais achan en maior proporción que ese impacto será pasaxeiro (42,5%) ou que terá pouco impacto (8,3%), respectivamente.

**Cadro nº195: Percepción sobre o impacto na economía segundo o tamaño da empresa**

Tamaño da empresa	Impacto negativo e duradeiro	Impacto negativo pero pasaxeiro	Terá pouco impacto
Empresa individual	53,0	38,6	8,3
Microempresa	53,5	42,5	4,0
Pequena empresa	54,9	41,8	3,2
Mediana empresa	54,6	40,5	4,9
Grande empresa	54,4	41,6	4,1
1000 ou máis empregados/as	58,4	38,9	2,8

**7.2.2. Probabilidade de que no futuro inmediato volte a haber unha nova onda da pandemia**

**7.2.2.1 Resultados globais e por xénero**

Sobre a posibilidade de que unha crise como a experimentada durante a primeira onda da pandemia de Covid-19 se repita nun prazo breve de tempo, a opinión maioritaria (63,8%) é que no futuro inmediato voltemos a sufrir unha crise como esta, mentres que o 23,0% ten dúbidas. Esta percepción áchase algo máis estendida nas mulleres (65,0%) que nos homes (62,1%).

**Cadro nº196: Risco dunha nova onda da pandemia de Covid-19 no curto prazo**

	%	Home	Muller
Non	13,2	18,1	9,8
NS/NR	23,0	19,8	25,2
Si	63,8	62,1	65,0

**7.2.2.2 Lugar de residencia**

Tal como mostra o Cadro nº197, non existen relacións de dependencia estatística nas respostas das persoas inquiridas segundo o seu lugar de residencia. A opinión maioritaria é que no futuro inmediato se torne a producir unha nova onda da actual crise por Covid-19.

**Cadro nº197: Risco dunha nova onda da pandemia segundo o lugar de residencia**

	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
Non	13,6	11,4	12,0
NS/NR	22,5	24,9	24,6
Si	63,9	63,7	63,5

**7.2.2.2.1 Galicia****7.2.2.2.1.1 Provincias**

É significativa a maior proporción de persoas tituladas da UVigo en Lugo que achán tanto que se vai producir unha nova onda da pandemia no curto prazo (69,4%) como que non a prevexan (15,3%).

**Cadro nº198: Risco dunha nova onda da pandemia das persoas residentes en Galicia por provincias**

	Non	NS/NR	Si
A Coruña	12,6	23,8	63,6
Lugo	15,3	15,3	69,4
Ourense	11,2	24,8	64,0
Pontevedra	14,4	21,9	63,7

**7.2.2.2.1.2 Comarcas**

Achán que se vai producir unha nova crise como a experimentada na primeira onda da pandemia a totalidade das persoas tituladas residentes na Mariña Oriental, Terra de Caldelas e Terra de Melide, ben como a maioría de moradores en Ordes (85,7%), A Limia (84,6%), Verín (83,3%), O Eume (80,0%), Terra de Celanova (77,8%) Lugo (75,8%), Baixa Limia e Allariz-Maceda (75,0% ambas). Porén, non ven factíbel esta eventualidade a totalidade dos residentes na Mariña Occidental, Eume e Fisterra, ben como, a máis distancia, os moradores en Sarria (40,0%), Terra de Soneira (33,3%) e Barbanza (28,6%).

O Anexo 135 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual do risco dunha nova onda da pandemia de Covid-19 das persoas residentes en Galicia por comarcas.

### 7.2.2.2.2 Outras Comunidades Autónomas

#### 7.2.2.2.2.1 Comunidades Autónomas

Salvo en Asturias, en todas as Comunidades Autónomas a maioría de persoas tituladas da UVigo inquiridas achan que no curto prazo se vai producir unha nova onda da pandemia, oscilando entre a totalidade dos residentes en Aragón, seguido polas Illas Canarias (72,7%), Castela e León (72,0%), Cantabria e Castela-A Mancha (71,4% ambas), País Basco (70,6%) e Andalucía (70,4%).

**Cadro nº199: Risco dunha nova onda da pandemia das persoas residentes noutras Comunidades Autónomas**

Comunidade Autónoma	Non	NS/NR	Si
Andalucía	7,4	22,2	70,4
Aragón	0,0	0,0	100,0
Asturias	0,0	53,8	46,2
Cantabria	14,3	14,3	71,4
Castela e León	12,0	16,0	72,0
Castela-A Mancha	14,3	14,3	71,4
Cataluña	6,5	26,0	67,5
Comunidade de Madrid	16,0	24,9	59,1
Estremadura	0,0	33,3	66,7
Illas Baleares	8,3	25,0	66,7
Illas Canarias	9,1	18,2	72,7
Navarra	0,0	37,5	62,5
País Basco	11,8	17,6	70,6
País Valenciano	5,2	31,6	63,2
Rexión de Murcia	25,0	25,0	50,0

#### 7.2.2.2.2.2 Provincias

O Anexo 136 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual do risco dunha nova onda da pandemia de Covid-19 das persoas residentes noutras Comunidades Autónomas por provincias.

#### 7.2.2.2.3 Resto do mundo

Salvo en 11 dos países avaliados, a maioría de persoas tituladas da UVigo emigradas ao estranxeiro acha que no curto prazo se vai producir unha nova crise por Covid-19. Con esta idea concorda a totalidade de persoas residentes en trece países e é predominante entre os moradores en Dinamarca (83,3%), México (80,0%), Suíza (73,3%), Estados Unidos (72,2%), Bélxica (71,4%) e Brasil (70,0%). Polo

contrario, achan que non se vai producir esta eventualidade a totalidade dos residentes en Andorra, Casaquistán e Panamá, ben como a maioría dos residentes na Colombia (60,0%), Chequia, China, Chile e Xapón (50,0% cada un).

O Anexo 137 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual do risco dunha nova onda da pandemia de Covid-19 das persoas residentes no resto do mundo por países.

### 7.2.2.3 Ámbitos académicos

As persoas tituladas dos ámbitos das Ciencias da Saúde (72,2%) e Científico (70,9%) achan en maior proporción que se vai reproducir unha nova vaga da actual crise por Covid-19 contra o mínimo do 59,4% no Multidisciplinar.

**Cadro nº200: Risco dunha nova onda da pandemia segundo os ámbitos académicos**

	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Multidisciplinar	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Non	6,1	7,3	9,2	21,9	16,1	14,5
NS/NR	26,9	20,5	19,8	18,8	21,2	24,3
Si	67,0	72,2	70,9	59,4	62,7	61,2

### 7.2.2.4 Promoción académica

A opinión de que se poda reproducir unha nova onda da actual crise por Covid-19 no futuro inmediato está máis estendida nas persoas tituladas máis recentes (69,3% entre 2016-20 e 66,9% entre 2011-15) que nas máis antigas (57,4% entre 1996-2000 e 59,7% entre 1990-95).

**Cadro nº201: Risco dunha nova onda da pandemia segundo a promoción académica**

	1990-95	1996-2000	2001-2005	2006-2010	2011-2015	2016-2020
Non	15,7	15,8	12,5	13,4	12,2	8,5
NS/NR	24,5	26,8	23,2	22,5	20,8	22,2
Si	59,7	57,4	64,2	64,1	66,9	69,3

### 7.2.2.5 Titulacións

A totalidade de graduados/as en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Dereito, Educación Social, Enxeñaría Agraria, Enxeñaría en Química Industrial, Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais e licenciados/as en Filoloxía Galega achan que no futuro inmediato se vai producir unha nova crise como a producida na primeira onda da pandemia, seguida polos diplomados/as en Xestión e Administración Pública (88,9%), graduados/as en Traballo Social (87,5%), Enxeñaría da Enerxía e Enxeñaría das Tecnoloxías de Telecomunicación (85,7% ambas).

A percepción de que non se irá producir no breve prazo unha crise como a da primeira onda da pandemia é considerábel entre os graduados/as en Ciencias Ambientais (50,0%), Ciencias da Actividade

Física e do Deporte (40,0%), Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática (33,3%), Estudos de Galego e Español, Química e Turismo (25,0% cada unha).

O Anexo 138 mostra o cadro de datos da distribución porcentual sobre a probabilidade de que no futuro inmediato volte a haber unha nova onda da pandemia de Covid-19 por titulacións.

### 7.2.2.6 Rama de actividade

As persoas tituladas que traballan no ámbito público son máis pesimistas a respecto dunha recidiva, no futuro inmediato, dunha nova onda da pandemia de Covid-19, ao rexistrar a máxima porcentaxe de persoas que acreditan niso (64,9%) e a mínima dos que achan que non vai ter lugar (9,8%).

#### Cadro nº202: Risco dunha nova onda da pandemia segundo a rama de actividade

Rama de actividade	Non	NS/NR	Si
Ámbito público	9,8	25,4	64,9
Empresa privada	14,6	21,9	63,5
Entidade non lucrativa	13,2	23,8	62,9

### 7.2.2.7 Sector económico

Achan que se vai producir no curto prazo unha nova onda da pandemia de Covid-19 a totalidade das persoas tituladas que participaron neste estudo que traballan no sector naval, seguido polos que o fan en defensa e seguranza (90,9%), xestión ambiental (80,0%), loxística, transporte e distribución (77,8%), minaría (75,0%), enxeñaría (72,6%), saúde (71,9%), agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal e en venda maiorista (71,4% ambos), industria alimentaria/alimentación e investigación (70,3% ambos) e servizos profesionais (70,2%).

Pola contra, a certeza de que esta hipótese non se vai producir está máis estendida nas persoas que traballan en sectores como a madeira (33,3%), metalurxia e eléctrico (26,9%), aeroespacial (21,1%), automoción (20,7%) e venda retalista (20,0%).

O Anexo 139 mostra o cadro de datos da distribución porcentual sobre a probabilidade de que no futuro inmediato volte a haber unha nova onda da pandemia de Covid-19 segundo o sector económico.

### 7.2.2.8 Categoría profesional

Sen existir diferenzas significativas, as persoas tituladas da UVigo que traballan como empregadas non cualificadas son máis pesimistas (68,3%) que as directivas (62,8%), as cales mostran a certeza máis alta (15,8%) que non se vai producir unha nova onda da pandemia de Covid-19.

**Cadro nº203: Risco dunha nova onda da pandemia segundo a categoría profesional**

Categoría profesional	Non	NS/NR	Si
Directivo/a	15,8	21,5	62,8
Empregado/a non cualificado/a	8,4	23,4	68,3
Mando intermedio	13,6	22,4	64,0
Técnico/a cualificado/a	12,8	23,6	63,6

**7.2.2.9 Tamaño da empresa**

É significativo o maior grao de pesimismo das persoas tituladas que traballan como autónomas ou nunha empresa individual (74,8%) a respecto da emerxencia dunha nova crise como a producida durante a primeira onda da pandemia.

**Cadro nº204: Risco dunha nova onda da pandemia segundo o tamaño da empresa**

Tamaño da empresa	Non	Ns/nr	Si
1	8,4	16,8	74,8
2-9	11,0	24,4	64,5
10-49	14,0	25,0	60,9
50-249	13,7	22,8	63,6
250-999	14,7	21,0	64,4
1000 ou máis empregados/as	13,2	23,1	63,7

**7.2.3 Expectativas sobre a preparación do país en que vive para afrontar unha nova onda da pandemia****7.2.3.1 Resultados globais e por xénero**

Perante a posibilidade da reprodución dunha nova onda da actual crise por Covid-19, unha maioría de persoas inquiridas (59,2%) confía que o país en que vive estará mellor preparado para afrontala contra o 28,8%.

**Cadro nº205: Percepción sobre a preparación perante unha nova onda da pandemia**

	Global	Home	Muller
Non	28,8	27,8	29,4
NS/NR	12,0	8,9	14,2
Si	59,2	63,3	56,4

### 7.2.3.2 Lugar de residencia

Segundo o lugar de residencia das persoas tituladas, son máis confiantes nas capacidades da área en que viven as persoas residentes no estranxeiro (62,2%) e en Galicia (59,2%) que noutras Comunidades Autónomas (54,5%), as cales mostraron maior nivel de escepticismo (31,6%).

**Cadro nº206: Percepción sobre a preparación perante unha nova onda da pandemia segundo o lugar de residencia**

	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
Non	28,5	31,6	25,7
NS/NR	11,9	13,5	10,9
Si	59,2	54,5	62,2

#### 7.2.3.2.1 Galicia

##### 7.2.3.2.1.1 Provincias

Sen diferenzas significativas ( $p$ -valor $>0,05$ ), a maioría das persoas tituladas achan que o país estará mellor preparado perante unha nova onda da actual crise por Covid-19. Porén, as persoas residentes en Ourense son máis escépticas (31,4%) que o resto.

**Cadro nº207: Percepción sobre a preparación perante unha nova onda da pandemia das persoas tituladas residentes en Galicia por provincias**

Provincia	Non	NS/NR	Si
A Coruña	25,4	13,9	60,7
Lugo	27,1	12,9	60,0
Ourense	31,4	10,0	58,6
Pontevedra	28,8	11,9	59,3

##### 7.2.3.2.1.2 Comarcas

Achan que o país vai estar mellor preparado perante unha nova onda da pandemia a totalidade das persoas tituladas residentes nas comarcas da Baixa Limia, Mariña Occidental, Mariña Oriental, Eume, Fisterra, Quiroga e Terra de Melide, ben como a maioría de moradores en Chantada (90,0%), Terra de Celanova (88,9%) e Ordes (71,4%). Porén, o escepticismo é máis alto na totalidade de moradores das comarcas de Terra de Caldelas, ben como da maioría da Paradanta (57,1%), Ribeiro (54,5%) e Mariña Central (50%).

O Anexo 140 mostra o cadro de datos da distribución porcentual da percepción sobre a preparación do país perante unha nova onda da actual crise por Covid-19 das persoas residentes en Galicia por comarcas.

### 7.2.3.2.2 Outras Comunidades Autónomas

#### 7.2.3.2.2.1 Comunidades Autónomas

O optimismo sobre a preparación do país perante unha nova vaga da pandemia, tal como mostra o Cadro nº208, é maioritario en nove das quince comunidades avaliadas, sendo máis alto entre os residentes en Andalucía (70,4%) e Estremadura (66,7%), seguidos por País Basco (58,8%), Comunidade de Madrid (58,2%) e Cataluña (56,6%). Polo contrario, a totalidade de residentes en Aragón (100%), unha proporción predominante en Navarra (62,5%), Illas Baleares (58,3%) e Rexión de Murcia (50,0%) son pesimistas perante esa eventualidade.

**Cadro nº208: Percepción sobre a preparación perante unha nova onda da pandemia das persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas**

Comunidade Autónoma	Non	NS/NR	Si
Andalucía	29,6	0,0	70,4
Aragón	100,0	0,0	0,0
Asturias	30,8	38,5	30,8
Cantabria	42,9	14,3	42,9
Castela e León	32,0	16,0	52,0
Castela-A Mancha	42,9	28,6	28,6
Cataluña	38,2	5,3	56,6
Comunidade de Madrid	24,2	17,6	58,2
Estremadura	0,0	33,3	66,7
Illas Baleares	58,3	8,3	33,3
Illas Canarias	45,5	0,0	54,5
Navarra	62,5	12,5	25,0
País Basco	29,4	11,8	58,8
País Valenciano	31,6	15,8	52,6
Rexión de Murcia	50,0	0,0	50,0

#### 7.2.3.2.2.2 Provincias

Para máis informacións, o Anexo 141 mostra o cadro de datos da distribución porcentual da percepción sobre a preparación do país perante unha nova onda da actual crise por Covid-19 das persoas residentes noutras Comunidades Autónomas por provincias.

#### 7.2.3.2.3 Resto do mundo

A totalidade das persoas tituladas en dezasete dos países avaliados acha o país vai estar mellor preparado perante unha nova onda da actual crise, seguida polos residentes na Alemaña (89,4%), Suíza (86,7%), Dinamarca (83,3%), Irlanda e Países Baixos (80,0% ambos), Australia, Noruega e Po-



lonia (85,0% cada un). Porén, o escepticismo é total entre os residentes en Casaquistán, Israel, Panamá, Paraguai e República Dominicana, ben como a maioría dos residentes en Colombia (80,0%), Brasil (70,0%), Ecuador (66,7%), Perú (62,5%), México (60,0%), Chile, China, Estados Unidos e Arxentina (50,0% cada un).

O Anexo 141 mostra o cadro de datos da distribución porcentual da percepción sobre a preparación do país perante unha nova onda da actual crise por Covid-19 das persoas residentes no resto do mundo por países.

### 7.2.3.3 Ámbitos académicos

O nivel de confianza na capacidade de resposta do país en que viven das persoas tituladas dos ámbitos Multidisciplinar (68,8%) e Tecnolóxico (61,6%) son máis altas que nas Artes e Humanidades (53,2%) e Ciencias da Saúde (53,7%), ámbitos que, polo contrario, presentan maior proporción de desconfianza.

**Cadro nº209: Percepción sobre a preparación perante unha nova onda da pandemia segundo o ámbito académico**

	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Multidisciplinar	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Non	32,2	36,9	29,8	12,5	28,9	27,3
NS/NR	14,6	9,4	12,6	18,8	9,4	13,1
Si	53,2	53,7	57,6	68,8	61,6	59,7

### 7.2.3.4 Promoción académica

Segundo a promoción académica, tal como mostra o Cadro nº210, sen existir unha tendencia clara, as persoas con máis antigüidade mostráronse máis confiantes perante esta posibilidade.

**Cadro nº210: Percepción sobre a preparación perante unha nova onda da pandemia segundo a promoción académica**

	1990-95	1996-2000	2001-2005	2006-2010	2011-2015	2016-2020
Non	27,2	24,9	27,8	31,2	30,3	28,0
NS/NR	12,0	11,3	12,4	13,3	10,8	13,1
Si	60,8	63,8	59,8	55,4	58,9	58,9

### 7.2.3.5 Titulacións

Para máis informacións, o Anexo 143 mostra o cadro de datos da distribución porcentual da percepción sobre a preparación do país perante unha nova onda da actual crise por Covid-19 das persoas tituladas segundo a titulación realizada na UVigo.

### 7.2.3.6 Rama de actividade

Sen diferenzas estatisticamente significativas ( $p$ -valor $>0,05$ ), mostráronse máis optimistas as persoas que traballan para a administración pública (60,3%) e na empresa privada (59,1%) que en entidades non lucrativas, as cales presentan o grao de desconfianza (32,2%) máis alto.

**Cadro nº211: Percepción sobre a preparación perante unha nova onda da pandemia segundo a rama de actividade**

	Non	NS/NR	Si
Ámbito público	25,6	14,1	60,3
Empresa privada	29,8	11,1	59,1
Entidade non lucrativa	32,2	11,2	56,6

### 7.2.3.7 Sector económico

As persoas máis confiantes nas posibilidades do país en que viven encarar dun mellor xeito unha eventual segunda onda da actual crise por Covid-19 traballan no sector aeroespacial (76,9%), madeira (73,3%), venda maiorista (71,4%), servizos a empresas (70,9%) contra a maioría dos que o fan nos sectores da construción naval (77,8%), minaría (75,0%), papel, gráficas, edición e reprodución (50,0%).

O Anexo 144 mostra o cadro de datos da distribución porcentual da percepción sobre a preparación do país perante unha nova onda da actual crise por Covid-19 das persoas tituladas segundo o sector económico.

### 7.2.3.8 Categoría profesional

Existen diferenzas estatisticamente significativas segundo a categoría profesional das persoas tituladas que responderon a enquisa. Así, a percepción é máis optimista en mandos intermedios (63,0%) e técnicos/as cualificados/as (59,7%) que nas persoas empregadas sen a cualificación acadada para o posto de traballo (50,0%).

**Cadro nº212: Percepción sobre a preparación perante unha nova onda da pandemia segundo a categoría profesional**

Categoría profesional	Non	NS/NR	Si
Directivo/a	30,4	14,0	55,6
Empregado/a non cualificado/a	33,3	16,7	50,0
Mando intermedio	24,7	12,2	63,0
Técnico/a cualificado/a	29,2	11,1	59,7

### 7.2.3.9 Tamaño da empresa

Atendendo ao tamaño da organización en que traballan as persoas tituladas da UVigo que participaron neste estudo, mostráronse máis optimistas coa capacidade do país en que viven para encarar unha nova onda da pandemia as que traballan en grandes empresas cun persoal entre 250-999 empregados/as (63,9%) e con mil ou máis empregados/as (61,8%) que os que traballan en microempresas (49,7%).

**Cadro nº213: Percepción sobre a preparación perante unha nova onda da actual crise por Covid-19 segundo o tamaño da empresa**

Tamaño da empresa	Non	Ns/nr	Si
1	31,1	13,6	55,3
2-9	34,3	16,0	49,7
10-49	29,2	10,8	60,0
50-249	29,1	12,5	58,4
250-999	26,0	10,1	63,9
1000 ou máis empregados/as	26,8	11,4	61,8

### 7.2.4 Situación da economía doméstica durante a primeira onda da pandemia

As persoas tituladas que participaron no estudo foron inquiridas sobre a situación da economía dos seus fogares durante a primeira onda da pandemia de Covid-19. A seguir son analizadas as respostas recollidas na enquisa.

#### 7.2.4.1 Resultados globais e por xénero

A primeira onda da actual crise por coronavirus provocou un deterioro da economía doméstica de aproximadamente un en cada catro das persoas tituladas inquiridas. Con certeza, aínda que o 72,4% dos inquiridos afirmou que a situación económica do seu lar non se viu alterada, un 24,5% declara que empeorou, proporción que é significativamente máis alta nas mulleres (27,3%) que nos homes (20,4%).

**Cadro nº214: Situación da economía doméstica durante a primeira onda da pandemia**

Situación económica	Global	Home	Muller
Igual	72,4	75,7	70,2
Mellor	3,1	3,9	2,5
Peor	24,5	20,4	27,3

#### 7.2.4.2 Lugar de residencia

Existen diferenzas estatisticamente significativas ( $p$ -valor $<0,05$ ) segundo o lugar de residencia. Así sendo, as residentes en Galicia manifestaron, en maior proporción, que a súa situación económica

tiña empeorado (26,3%), contra o 10,2% de emigrantes no estranxeiro cuxa economía doméstica mellorou durante a primeira onda da pandemia. As persoas residentes noutras Comunidades Autónomas manifestaron máis frecuencia (77,8%) no tocante a non ver alterado o seu status económico.

**Cadro nº215: Situación da economía doméstica durante a primeira onda da pandemia segundo o lugar de residencia**

Situación	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
Igual	71,2	77,8	71,7
Mellor	2,5	3,6	10,2
Peor	26,3	18,6	17,1

#### 7.2.4.2.1 Galicia

##### 7.2.4.2.1.1 Provincias

Por provincias, aínda que sen diferenzas significativas, afirmaron en maior proporción estar nunha situación peor o 28,2% das persoas tituladas residentes en Pontevedra contra o 22,6% de Lugo e 22,9% de Ourense. Pola contra, o 3,8% das persoas tituladas que viven na de Coruña manifestaron que a situación económica do seu fogar tiña mellorado.

**Cadro nº216: Situación da economía doméstica das persoas tituladas da UVigo residentes en Galicia por provincias durante a primeira onda da pandemia**

Provincia	Igual	Mellor	Peor
A Coruña	72,6	3,8	23,6
Lugo	73,8	3,6	22,6
Ourense	74,9	2,2	22,9
Pontevedra	70,3	1,5	28,2

##### 7.2.4.2.1.2 Comarcas

Manifestaron o empeoramento da situación económica familiar a totalidade das persoas tituladas de Terra de Caldelas, ben como a maioría de residentes en Terra de Soneira (66,7%), Sarria e Tabeirós-Terra de Montes (60,0% ambas). Pola contra, tiña mellorado sensibelmente nas persoas residentes na Paradanta e Terra de Trives (14,3% ambas), O Ribeiro (9,1%) e Noia (8,3%).

Máis detalladamente, o Anexo 145 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual da situación da economía doméstica das persoas tituladas da UVigo por causa da primeira onda da pandemia residentes en Galicia por comarcas.

## 7.2.4.2.2 Outras Comunidades Autónomas

### 7.2.4.2.2.1 Comunidades Autónomas

A economía doméstica das persoas tituladas da UVigo empeorou na maioría das persoas tituladas residentes nas Illas Canarias (54,5%), seguida, a máis distancia, polas Illas Baleares (33,3%), Comunidade Valenciana (26,3%) e Cataluña (23,7%). Pola contra, mellorou en maior proporción nos residentes en Illas Baleares (8,3%), Andalucía (7,4%) e Comunidade de Madrid (4,9%).

#### Cadro nº217: Situación da economía doméstica das persoas tituladas da UVigo residentes noutras Comunidades Autónomas durante a primeira onda da pandemia

Comunidade Autónoma	Igual	Mellor	Peor
Andalucía	81,5	7,4	11,1
Aragón	100,0	0,0	0,0
Asturias	84,6	0,0	15,4
Cantabria	100,0	0,0	0,0
Castela e León	76,0	4,0	20,0
Castela-A Mancha	85,7	0,0	14,3
Cataluña	73,7	2,6	23,7
Comunidade de Madrid	78,7	4,9	16,4
Estremadura	100,0	0,0	0,0
Illas Baleares	58,3	8,3	33,3
Illas Canarias	45,5	0,0	54,5
Navarra	100,0	0,0	0,0
País Basco	88,2	0,0	11,8
País Valenciano	73,7	0,0	26,3
Rexión de Murcia	100,0	0,0	0,0

### 7.2.4.2.2.2 Provincias

O Anexo 146 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual da situación da economía doméstica das persoas tituladas da UVigo residentes noutras Comunidades Autónomas por provincias durante a primeira onda da pandemia.

### 7.2.4.2.3 Resto do mundo

A primeira onda da actual crise por Covid-19 provocou o empeoramento da economía doméstica da totalidade das persoas tituladas residentes en oito dos países avaliados (Andorra, Casaquistán, Croacia, Ecuador, Estonia, Malaisia, Paraguai e Tailandia), ben como da metade dos que viven en Chequia e China, seguidos por México (40,0%), Portugal (34,5%) e Brasil (30,0%). Pola contra, referiron ter mellorado a súa economía doméstica a totalidade de residentes en países como Israel, O

Salvador, Panamá e Singapur, metade dos residentes na Chequia, seguida por Australia, Canadá e Italia (25,0% cada un) e Colombia e Irlanda (20,0% ambos).

O Anexo 147 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual da situación da economía doméstica das persoas tituladas da UVigo residentes no resto do mundo por países durante a primeira onda da pandemia.

### 7.2.4.3 Ámbitos académicos

A economía doméstica das persoas tituladas da UVigo empeorou en maior proporción nos ámbitos das Artes e Humanidades (29,4%) e Xurídico-Social (27,5%) contra os das Ciencias da Saúde (18,5%) e Tecnolóxico (19,3%). Ao invés, viuse mellorada de forma destacada entre os egresados/as do Tecnolóxico (4,1%).

**Cadro nº218: Situación da economía doméstica das persoas tituladas da UVigo segundo ámbitos académicos durante a primeira onda da pandemia**

	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Multidisciplinar	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Igual	66,8	79,5	73,4	71,9	76,7	70,2
Mellor	3,8	2,0	3,1	3,1	4,1	2,3
Peor	29,4	18,5	23,5	25,0	19,3	27,5

### 7.2.4.4 Promoción académica

Segundo o tempo de antigüidade no mercado laboral, de forma significativa, as promocións máis recentes víronse prexudicadas en maior proporción (30,3% de titulados/as entre 2011-15 e 30,1% entre 2016-20) que as máis antigas. Paradoxalmente, as promocións máis recentes referiron ter mellorado en maior grao a súa situación económica doméstica.

**Cadro nº219: Situación da economía doméstica das persoas tituladas da UVigo segundo a promoción académica durante a primeira onda da pandemia**

	1990-95	1996-2000	2001-2005	2006-2010	2011-2015	2016-2020
Igual	81,0	76,0	76,6	71,9	66,5	65,9
Mellor	1,4	1,2	3,0	4,3	3,2	4,0
Peor	17,6	22,8	20,4	23,8	30,3	30,1

### 7.2.4.5 Titulacións

Referiron ter empeorado a súa economía familiar a totalidade de graduados/as en Turismo, ben como a maioría de graduados/as en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos e en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática (66,7% ambas), Educación Infantil (63,6%) e en Publicidade e Relacións Públicas (53,8%), diplomados/as en Turismo, graduados/as en Bioloxía, en Ciencias Ambientais, Comunicación Audiovisual, Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, Enxeñaría en organización

Industrial, Estudos de Galego e Español e en Xeografía e Historia (50,0% cada unha). Polo contrario, referiron ter experimentado unha melloría na súa economía doméstica os graduados/as en Química (25,0%), Educación Social (20,0%), licenciados/as en Historia (15,4%), graduados/as en Comercio, Enxeñaría da Enerxía, Enxeñaría en Tecnoloxías de Telecomunicación e en Relacións Laborais e Recursos Humanos (14,3% cada unha).

O Anexo 148 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual da situación da economía doméstica das persoas tituladas da UVigo segundo a titulación realizada durante a primeira onda da pandemia.

#### 7.2.4.6 Rama de actividade

As persoas que traballan para a administración pública desfrutaron dunha situación máis estábel (82,2%), sendo as que traballan na empresa privada (26,6%) e entidades non lucrativas (24,3%), as cales sufreron en máis proporción as consecuencias económicas da primeira onda desta crise. Un 3,9% de empregados/as en entidades non lucrativas referiron ter mellorado a súa economía doméstica.

**Cadro nº220: Situación da economía doméstica das persoas tituladas da UVigo segundo a rama de actividade durante a primeira onda da pandemia**

Rama de actividade	Igual	Mellor	Peor
Ámbito público	82,2	2,7	15,1
Empresa privada	70,4	3,0	26,6
Entidade non lucrativa	71,7	3,9	24,3

#### 7.2.4.7 Sector económico

A teor do empeoramento da economía doméstica das persoas tituladas da UVigo que participaron neste estudo, o sector económico que se viu maioritariamente damnificado pola primeira onda da actual crise por Covid-19 foi o turismo e restauración (52,5%), seguido polos medios de comunicación/audiovisuais (43,8%), servizos profesionais (43,6%), venda maiorista (52,9%), actividades deportivas (42,1%), téxtil e confección (39,5%), venda retalista (37,5%), madeira e xestión ambiental (33,3% ambos). Polo contrario, melloraron a súa situación as persoas tituladas que traballan na industria química, plástico, vidro e envases (16,1%), aeroespacial (7,7%), enxeñaría (7,1%), enerxía e utilities (6,9%), xestión ambiental (6,7%), telecomunicacións (6,3%) e consultoría (5,4%).

Máis pormenorizadamente, o Anexo 149 reflicte o cadro de datos coa distribución porcentual da situación da economía doméstica das persoas tituladas da UVigo segundo o sector económico durante a primeira onda da pandemia.

#### 7.2.4.8 Categoría profesional

Referiron sentirse máis prexudicados economicamente pola primeira onda da pandemia os/as empregados/as non cualificados/as (32,1%) e directivos/as (28,5%) que mandos intermedios (20,1%), categoría profesional que en maior proporción referiu ter mellorado a súa economía doméstica (3,2%).

**Cadro nº221: Situación da economía doméstica das persoas tituladas da UVigo segundo a categoría profesional durante a primeira onda da pandemia**

Categoría profesional	Igual	Mellor	Peor
Directivo/a	71,3	2,9	25,8
Empregado/a non cualificado/a	65,5	2,4	32,1
Mando intermedio	76,7	3,2	20,1
Técnico/a cualificado/a	74,5	2,9	22,6

**7.2.4.9 Tamaño da empresa**

A maioría de persoas tituladas (51,5%) que traballan en empresas individuais referiu ter empeorado a súa economía doméstica, ben como o 35,0% das que o fan en microempresas, contra o mínimo de 14,9% de grandes empresas con máis de 1000 empregados/as, as cales manifestaron en maior proporción (4,1%) ter experimentado unha melloría da súa situación económica.

**Cadro nº222: Situación da economía doméstica das persoas tituladas da UVigo segundo o tamaño da empresa durante a primeira onda da pandemia**

Tamaño da empresa	Igual	Mellor	Peor
1	45,5	3,0	51,5
2-9	62,7	2,3	35,0
10-49	73,4	1,9	24,7
50-249	76,0	2,9	21,1
250-999	72,9	2,3	24,8
1000 empregados/as ou máis	81,0	4,1	14,9

**7.2.5 Expectativa sobre a melloría da economía doméstica a curto prazo**

Todas as persoas tituladas da UVigo que participaron neste estudo foron inquiridas sobre se a situación da súa economía doméstica iría mellorar nos próximos meses. Este apartado analiza as respostas recollidas.

**7.2.5.1 Resultados globais e por xénero**

A maioría de persoas tituladas (66,7%) referiu que non espera que se produza unha melloría na situación económica do seu fogar nos próximos meses contra un 19,9% que conta que se produza. Por xéneros é significativo o maior grao de optimismo de homes (22,6%) que de mulleres (18,1%).



**Cadro nº223: Expectativas de melloría da economía doméstica no curto prazo**

	Global	Home	Muller
Non	66,7	65,9	67,2
NS/NR	13,4	11,5	14,7
Si	19,9	22,6	18,1

### 7.2.5.2 Lugar de residencia

É estatisticamente significativa a maior proporción de persoas tituladas emigradas no estranxeiro (28,0%) e noutras Comunidades Autónomas (23,6%) que encaran con máis optimismo a situación da súa economía doméstica nos próximos meses que as residentes en Galicia (18,2%), as cales, alén diso, mostran un maior pesimismo sobre a melloría da súa situación económica (67,9%).

**Cadro nº224: Expectativas sobre a melloría da economía doméstica no curto prazo segundo o lugar de residencia**

	Galicia	Outra Comunidade Autónoma	Resto do mundo
Non	67,9	65,5	56,2
NS/NR	13,9	10,9	14,8
Si	18,2	23,6	28,0

#### 7.2.5.2.1 Galicia

##### 7.2.5.2.1.1 Provincias

Por provincias, mostráronse máis optimistas sobre a evolución da súa economía doméstica as persoas tituladas residentes en Lugo (19,3%) e Pontevedra (19,1%) contra as residentes en Ourense (14,3%). Porén as residentes en Lugo e A Coruña son as máis pesimistas sobre a situación da economía do seu fogar nos próximos meses.

**Cadro nº225: Expectativas sobre a melloría da economía doméstica no curto prazo das persoas tituladas residentes en Galicia por provincias**

Provincia	Non	NS/NR	Si
A Coruña	69,4	11,8	18,8
Lugo	69,9	10,8	19,3
Ourense	68,4	17,3	14,3
Pontevedra	67,6	13,3	19,1

##### 7.2.5.2.1.2 Comarcas

Mostráronse optimistas a totalidade das persoas tituladas da UVigo residentes nas comarcas da Mariña Oriental e Fisterra, situándose, a máis distancia, en Tabeirós-Terra de Montes (40,0%), Terra

de Soneira (33,3%), Allariz-Maceda (31,3%), Chantada (30,0%), Paradanta (28,6%), Barbanza, Lugo, Noia e Verín (25,0% cada unha). Polo contrario, mostráronse pesimistas a totalidade das residentes na Barcala, Mariña Occidental, Eume, Meira, Muros, Terra de Melide e Viana, seguidas polas da Terra Chá (90,0%), Terra de Celanova (88,7%), Ordes (85,7%), Terra de Trives (85,7%), Condado (84,2%), Mariña Central (83,3%), Eume (80,0%), Carballiño (79,5%), Bergantiños (78,6%), Sar (77,8%) e Baixa Limia (75,0%).

Máis detalladamente, o Anexo 150 reflicte o cadro de datos coa distribución porcentual das expectativas sobre a melloría da economía doméstica no curto prazo das persoas tituladas residentes en Galicia por comarcas

## 7.2.5.2 Outras Comunidades Autónomas

### 7.2.5.2.1 Comunidades Autónomas

Encaran o seu futuro económico inmediato con máis optimismo as persoas tituladas da UVigo emigradas nas Illas Canarias (36,4%), Cataluña (33,8%), Estremadura (33,3%), Cantabria (28,6%) e Comunidade de Madrid (25,3%). Porén, mostráronse pesimistas a totalidade de residentes en Aragón e Castela-A Mancha, ben como en Asturias (84,6%), Illas Baleares (83,3%), Andalucía (81,5%), Comunidade Valenciana (78,9%), País Basco (76,5%), Navarra e Rexión de Murcia (75,0% ambas).

#### Cadro nº226: Expectativas sobre a melloría da economía doméstica no curto prazo das persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas

Comunidade Autónoma	Non	NS/NR	Si
Andalucía	81,5	7,4	11,1
Aragón	100,0	0,0	0,0
Asturias	84,6	0,0	15,4
Cantabria	57,1	14,3	28,6
Castela e León	64,0	12,0	24,0
Castela-A Mancha	100,0	0,0	0,0
Cataluña	55,8	10,4	33,8
Comunidade de Madrid	62,1	12,6	25,3
Estremadura	33,3	33,3	33,3
Illas Baleares	83,3	8,3	8,3
Illas Canarias	54,5	9,1	36,4
Navarra	75,0	12,5	12,5
País Basco	76,5	11,7	11,8
País Valenciano	78,9	0,0	21,1
Rexión de Murcia	75,0	25,0	0,0

### 7.2.5.2.2 Provincias

O Anexo 151 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual das expectativas sobre a melloría da economía doméstica no curto prazo das persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas por provincias.

### 7.2.5.2.3 Resto do mundo

Mostráronse optimistas a totalidade de persoas tituladas emigradas en Malaisia e Singapur, ben como a maioría de residentes en Polonia (75,0%), Ecuador (66,7%), Arxentina, Canadá, Chile, China, Italia, Suecia e Xapón (50,0% cada un). No entanto, o pesimismo sobre a evolución inmediata da súa economía doméstica é total entre os residentes en Andorra, Casaquistán, Finlandia, Israel, Lituania, Luxemburgo, O Salvador, Panamá, República Dominicana e Turquía, seguida polos Países Baixos (80,0%), Australia e Francia (75,0% ambos), Portugal (72,4%), Dinamarca (66,7%), Estados Unidos (61,1%), Colombia, Irlanda, México e Brasil (60,0% cada un).

O Anexo 152 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual das expectativas sobre a melloría da economía doméstica no curto prazo das persoas tituladas residentes no resto do mundo por países.

### 7.2.5.3 Ámbitos académicos

A teor dos datos recollidos no Cadro nº227, encaran con máis optimismo a evolución inmediata da súa economía doméstica as persoas tituladas dos ámbitos Xurídico-Social (20,8%) e Tecnolóxico (20,5%) que as Ciencias da Saúde (11,9%), os cales se mostraron máis pesimistas (72,2%).

**Cadro nº227: Expectativas sobre a melloría da economía doméstica no curto prazo segundo o ámbito académico**

	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Multidisciplinar	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Non	62,4	72,2	66,1	65,6	69,6	65,6
NS/NR	18,1	15,9	15,1	21,9	9,9	13,6
Si	19,5	11,9	18,8	12,5	20,5	20,8

### 7.2.5.4 Promoción académica

Mostráronse máis optimistas sobre a evolución da súa economía doméstica as persoas tituladas con menos tempo de permanencia no mercado de traballo que as promocións máis antigas, oscilando entre o máximo de 24,9% entre as promocións do quinquenio 2011-15 ao mínimo de 13,4% entre 1990-95. As promocións máis antigas son as máis pesimistas (77,0%) sobre a evolución da súa economía doméstica nos meses seguintes á primeira onda da actual crise por Covid-19.

**Cadro nº228: Expectativas sobre a melloría da economía doméstica no curto prazo segundo a promoción académica**

	1990-95	1996-2000	2001-2005	2006-2010	2011-2015	2016-2020
Non	77,0	74,7	69,2	64,2	60,6	61,7
NS/NR	9,6	11,3	12,4	15,2	14,5	14,3
Si	13,4	14,0	18,4	20,6	24,9	24,0

**7.2.5.5 Titulacións**

Segundo a titulación realizada na UVigo, encaran con optimismo o futuro após a primeira onda da pandemia a maioría de graduados/as en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (66,7%), Publicidade e Relacións Públicas (53,8%), Ciencias Ambientais e Estudos de Galego e Español (50,0% ambas), ben como os graduados/as en Comunicación Audiovisual (42,9%) e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (40,0%). Os máis pesimistas, no entanto, son a totalidade de graduados/as en Enxeñaría Agraria, Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, Enxeñaría en Química Industrial, Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais, ben como os graduados/as en Ciencias do Mar e en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (85,7% ambas), Dirección e Xestión Pública e en Enxeñaría Forestal (83,3% ambas), Licenciatura en Física, Diplomatura en Traballo Social, graduados/as en Enfermaría e en Enxeñaría Informática (80% cada unha).

Para máis informacións, o Anexo 153 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual das expectativas sobre a melloría da economía doméstica no curto prazo das persoas tituladas segundo a titulación realizada na UVigo.

**7.2.5.6 Rama de actividade**

Existen relacións de dependencia estatística ( $p$ -valor $<0,05$ ) entre estas dúas variábeis. Así sendo, é significativo o maior grao de optimismo (23,4%) mostrado polos empregados/as por conta allea na empresa privada, duplicando a empregados/as do ámbito público (10,8%) e entidades non lucrativas (11,3%).

**Cadro nº229: Expectativas sobre a melloría da economía doméstica no curto prazo segundo a rama de actividade**

Rama de actividade	Non	NS/NR	Si
Ámbito público	74,6	14,6	10,8
Empresa privada	64,9	11,7	23,4
Entidade non lucrativa	75,3	13,4	11,3

**7.2.5.7 Sector económico**

Encaran con máis optimismo a evolución da súa situación económica doméstica as persoas tituladas da UVigo que traballan nos sectores das actividades deportivas (47,4%), medios de comunicación/audiovisuais (43,8%), venda maiorista (42,9%), turismo e restauración (37,5%), xestión ambiental (33,3%) e téxtil e confección (31,6%). Porén, os máis pesimistas son os/as traballadores/as da

construción naval (88,9%), aeroespacial (84,6%), servizos centrais da administración pública (81,3%), venda retallista (77,5%), telecomunicacións (76,2%), outras actividades sociais (75,3%), minaría e papel, gráficas, edición e reprodución (75% ambos).

O Anexo 154 mostra o cadro de datos da distribución porcentual sobre as expectativas sobre a melloría da economía doméstica no curto prazo das persoas tituladas residentes segundo o sector económico.

### 7.2.5.8 Categoría profesional

Directivos/as (24,6%) e mandos intermedios (20,9%) encaran con máis optimismo a evolución da súa economía doméstica, contra o mínimo de 14,9% de persoas tituladas con empregos non cualificados. Porén, o pesimismo é máis alto entre técnicos/as cualificados/as (69,1%) e mandos intermedios (68,9%).

**Cadro n°230: Expectativas sobre a melloría da economía doméstica no curto prazo segundo a categoría profesional**

Categoría profesional	Non	NS/NR	Si
Directivo/a	64,9	10,5	24,6
Empregado/a non cualificado/a	66,7	18,4	14,9
Mando intermedio	68,9	10,2	20,9
Técnico/a cualificado/a	69,1	13,4	17,5

### 7.2.5.9 Tamaño da empresa

As persoas tituladas que traballan en empresas individuais e microempresas mostráronse máis optimistas sobre o futuro inmediato da súa economía doméstica (38,6% e 24,3%, respectivamente) que os empregados/as en empresas medianas (15,8%) e grandes empresas con máis de 1000 empregados/as (16,6%).

**Cadro n°231: Expectativas sobre a melloría da economía doméstica no curto prazo segundo o tamaño da empresa**

Tamaño da empresa	Non	Ns/nr	Si
1	45,5	15,9	38,6
2-9	62,4	13,3	24,3
10-49	69,5	12,6	17,9
50-249	73,4	10,7	15,8
250-999	67,2	13,5	19,3
1000 ou máis empregados/as	71,2	12,2	16,6



# PARTE IV

## ANÁLISE DAS RESPOSTAS Á PREGUNTA ABERTA

Nesta parte do estudo recóllese unha mostra representativa das opinións e comentarios que as persoas tituladas que participaron neste estudo transmitiron sobre a primeira onda da pandemia de Covid-19, colectadas entre maio e xullo de 2020.

Estas opinións foron agrupadas nos cinco ámbitos académicos (Artes e Humanidades, Ciencias da Saúde, Científico, Tecnolóxico e Xurídico-Social). Por outra parte, en cada rama de coñecemento integráronse as diferentes opinións que representan as titulacións implantadas na Universidade de Vigo (licenciaturas, enxeñarías superiores, diplomaturas, enxeñarías técnicas, graos, mestrados universitarios, títulos propios e doutoramento).

Alén diso, dentro de cada ámbito académico, os comentarios foron sintetizados en tres categorías temáticas: impacto sobre a economía, impacto laboral e no modo de traballo e experiencia no estranxeiro.

### 1. Artes e Humanidades

#### 1.1 Impacto na economía

O problema derivado da crise da Covid-19 é a ausencia de industria produtiva en España ao alicerzarse no turismo e comercio primario (licenciada/o en Belas Artes).

É necesario que haxa unha mudanza do modelo económico que mellore as condicións de vida da maioría da poboación (graduada/o en Tradución e Interpretación).

O problema desta crise é que a sociedade vai ter que pagar durante moitos anos todos os créditos que está a pedir o estado para salvar a economía causante da pandemia por explotación salvaxe dos recursos naturais, produción alimentar masiva, privatizacións e cortes en sanidade... A crise vaise repetir provocada por un virus ou polo cambio climático (licenciada/o en Tradución e Interpretación).

#### 1.2 Impacto laboral e no modo de traballo

O sector do ensino, con pouca formación tecnolóxica, fixo un grande esforzo para seguir a educar a distancia durante a crise sanitaria (licenciada/o en Tradución e Interpretación).

O sector audiovisual verá alteradas drasticamente as súas condicións de traballo (licenciada/o en Belas Artes).

## 1.3 Experiencia no estranxeiro

España estivo a facer as cousas bastante ben a diferenza da Suíza, onde se primou a protección de capital de grandes empresas a custa da saúde. A situación non foi tan terrible debido a que as características culturais e demográficas son diferentes (titulada/o no Mestrado en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións).

A Alemaña salvouse polo factor sorte de non ter chegado unha cepa do coronavirus tan contagiosa, referindo o desrespeito pola distancia de seguranza na cidade en que vive ou o non uso de EPIs nos centros de saúde. Porén, refere que Alemaña é un dos mellores grazas ao seu elevado investimento en investigación, un sistema sanitario robusto e unha infraestrutura empresarial que permite o teletraballo (licenciada/o en Tradución e Interpretación).

O Reino Unido é un país onde a crise da Covid-19 é unha “acción criminal e deliberada dun goberno de ideoloxía antihumanitaria e antihumanista” que se vai acrecentar á crise inmigratoria orixinala polo Brexit, contribuíndo a máis traxedias humanas. Como estranxeira/o da UE, teme que a continuidade no seu posto de traballo depende máis da política inmigratoria que da pandemia (licenciado/a en Tradución e Interpretación).

## 2. Ciencias da Saúde

### 2.1 Impacto na economía

Os empregados/as públicos teñen un elevado risco de diminución salarial como ten acontecido en crises anteriores (diplomada/o en Enfermaría).

### 2.2 Impacto laboral e no modo de traballo

O colectivo profesional de enfermeiros/as sentiuse estresado nos seus postos de traballo desde o inicio da crise sanitaria (titulada/o en Enfermaría).

Os profesionais sanitarios están pouco protexidos contra o virus da Covid-19, sen medios, material de protección, información clara por parte das xerencias para protexer os doentes e o persoal de saúde (diplomada/o en Enfermaría).

Hai que ter en conta impacto psicolóxico do persoal sanitario, especialmente nos centros privados, con menos persoal e con máis carga de traballo e non sempre recoñecidos pola sociedade. Lembra que este sector seguiu a traballar apesar das perdas provocadas pola crise e o aumento de gastos, co mesmo persoal sobrecargado ao ter que atender as patoloxías pendentes de atención e cuns salarios tres veces inferiores aos do sector público (diplomada/o en Enfermaría).



### **3. Científico**

#### **3.1 Impacto na economía**

É importante que neste momento todas as institucións axuden ás persoas desempregadas (licenciada/o en Bioloxía).

A saída do confinamento obrigatorio tivo un impacto económico positivo nalgúns sectores en termos de vendas, contratacións... (licenciado/a en Ciencias do Mar).

Existe a posibilidade de que, por causa da crise, o ministerio deixe de investir en ciencia e reduza os contratos futuros, pairando sobre os investigadores/as a ameaza da precariedade e da emigración (licenciada/o en Ciencias do Mar).

Existiu falta de previsión por parte das autoridades españolas perante a pandemia, dados os antecedentes da China e Italia (licenciada/o en Bioloxía).

#### **3.2 Impacto laboral e no modo de traballo**

Durante esta crise os departamentos de prevención de riscos profesionais no seo das empresas/ entidades viron valorizada a súa área funcional de traballo (licenciada/o en Química).

Esta crise está a afectar en cheo aos estudantes de doutoramento, imposibilitando a realización de traballos de campo noutros países (licenciada/o en Bioloxía).

Esta crise tamén contribuíu a aumentar a carga dalgún sector económico como o da industria alimentar (graduada/o en Bioloxía).

Esta crise está a afectar considerabelmente á oferta e demanda laborais en curso (doutorada/o en Bioloxía).

#### **3.3 Experiencia no estranxeiro**

Os efectos non tan nocivos desta crise na Alemaña dependen da boa situación económica do país e do sector en que se traballe (titulada/o en Ciencias do Mar).

### **4. Tecnolóxico**

#### **4.1 Impacto na economía**

Nada tornará a ser o mesmo despois da crise da Covid-19 (titulada/o en Enxeñaría Industrial).

Estas crises repetíranse frecuentemente (titulada/o no Mestrado Universitario en Enxeñaría da Edificación e Construcións Industriais).

Esta crise para o sector tecnolóxico pode ser unha oportunidade para acelerar as mudanzas onde se demostre que a dixitalización será o impulsor dunha revolución económica (titulada/o en Enxeñaría en Informática).

Esta crise, como case todas, foi inesperada. O importante é estarmos preparados para a mudanza continuada (titulada/o en Enxeñaría de Telecomunicación).

Unha crise como esta é un momento para novas oportunidades e que non todo ten que ser negativo (titulada/o en Enxeñaría Técnica Industrial).

## 4.2 Impacto laboral e no modo de traballo

Un dos principais problemas foi a conciliación familiar, ao non poder teletraballar e atender os fillos ao mesmo tempo, situación que se viu agravada coa desescalada e o regreso ao traballo coas escolas e garderías pechadas (titulada/o en Enxeñaría Técnica Industrial).

A adaptación das empresas ao teletraballo foi máis fácil nas empresas con experiencia previa no traballo remoto. No sector informático algunhas empresas xa implantaran esta modalidade de traballo de forma voluntaria para facilitar a conciliación familiar (titulada/o en Enxeñaría Informática).

Denuncia que as empresas poden despedir por Coronavirus aínda que non sexa de forma explícita (titulada/o no Mestrado Universitario en Enxeñaría Informática).

Aínda que as áreas funcionais de traballo de informática non se viron prexudicadas, outros departamentos das empresas/entidades viron a súa actividade afectada por causa da Covid-19, coa aplicación de ERTes ou reducións salariais (tituladas/os en Enxeñaría de Minas e en Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión).

O principal problema das nais durante esta crise é a conciliación familiar, pois moitas mulleres poden perder o emprego ou ver reducidos os seus ingresos caso non se manteña o teletraballo ou se apliquen xornadas parciais, contribuíndo para afondar a brecha de xénero (titulado/a en Enxeñaría Industrial).

No cadro das mudanzas normativas realizadas polo Goberno central sobre a modificación das duracións máximas dos contratos e proxectos de investigación por causa da pandemia da Covid-19, durante esta crise os contratos postdoc foron ampliados por un período de seis meses en Galicia (titulada/o en Enxeñaría de Telecomunicación).

Apesar da legalidade vixente, existen mecanismos que facilitan os despedimentos, facendo que un contrato indefinido non ofrezca moitas máis garantías que un contrato temporal (titulada/o en Enxeñaría Técnica Industrial).

Resulta moi complicado conciliar o teletraballo con fillos menores en casa (titulado/a en Enxeñaría Técnica Industrial).

### **4.3 Experiencia no estranxeiro**

Desde hai tempo na Alemaña o teletraballo está implantado na maioría de sectores estratéxicos, con procesos de selección virtuais (titulada/o en Enxeñaría Informática).

A pandemia da Covid-19 na Alemaña serviu para catalizar unha crise que o sector automobilístico e da maquinaria ven atravesando desde hai anos (titulada/o en Enxeñaría Industrial).

## **5. Xurídico-Social**

### **5.1 Impacto na economía**

Esta crise provocou un encarecemento da vida, mormente dos produtos da alimentación, mentres se mantén o nivel salarial (diplomada/o en Traballo Social).

Non voltará a haber en breve unha nova crise como experimentada na primeira onda da pandemia porque tardarase en saír desta (titulada/o en Economía).

Existe o temor de que a situación económica da poboación española se vexa mermada dun xeito relevante por causa desta crise (titulada/o en Dereito).

É preciso ter en conta o impacto psicosocial da actual crise (licenciada/o en Psicopedagogía) ou o custo do impacto "emocional" no ámbito sanitario (licenciada/o na sección de Ciencias Económicas).

O sector financeiro-fiscal estivo desbordado de traballo durante a primeira onda da pandemia, con desastrosas consecuencias para os traballadores (licenciada/o na sección de Ciencias Económicas).

Existe o temor de que esta crise sexa aproveitada polo empresariado para reducir aínda máis os dereitos laborais das xeracións afectadas tanto pola crise financeira de 2008 como pola causada pola pandemia (graduada/o en ADE).

Existe unha falta de consciencia social e humana para afrontar o tipo de situacións orixinadas pola pandemia (diplomada/o en Ciencias Empresariais).

A verdadeira crise era anterior: a falta de emprego para as persoas tituladas relacionado cos estudos realizados (diplomada/o en Traballo Social).

Denuncia a desprotección absoluta das persoas traballadoras na empresa privada, pois teme que o empresariado instrumentalice a crise da Covid-19 como coartada/chantaxe para empeorar as condicións laborais e non ver reducido o seu lucro (titulada/o en Economía).

A crise sanitaria acarreta unha crise económica que afectará a moitas familias, á procura de emprego e ás condicións e oportunidades laborais (titulada/o en Administración e Dirección de Empresas).

## 5.2 Impacto laboral e no modo de traballo

Non houbo ningún tipo de axuda económica para os profesionais mutualistas da avogacía durante esta crise debido ao cese da actividade xudicial durante o período de confinamento obrigatorio (licenciada/o en Dereito Económico-Empresarial).

Aínda que os ERTes garantiron a maioría de postos de traballo, o principal problema vai ser a inserción laboral das persoas recén tituladas por causa desta crise (graduada/o en ADE).

É preciso ter en conta a conciliación familiar das nais teletraballadoras (titulada/o en ADE).

As persoas que exercen a avogacía experimentaron un grande impacto laboral debido á suspensión dos prazos procesuais e administrativos, dos xuízos e procedementos, que comportaron a redución da súa actividade económica (licenciada/o en Dereito).

A crise da Covid-19 provocou unha situación de incerteza e paralización de proxectos profesionais nun sector tan intermitente e itinerante como o audiovisual (licenciadas/os en Publicidade e Relacións Públicas e en Comunicación Audiovisual)

O ensino puido proseguir grazas aos medios dispostos polo profesorado e a achega das familias. Porén, nalgúns casos a situación do alumnado empeorou perante a ausencia de apoio e medios por parte da administración, provocando o desacougo do profesorado máis implicado e comprometido cun ensino de calidade. Alén diso, o profesorado viuse sobrecargado de procesos administrativos por parte das autoridades educativas (diplomada/o en Mestre/a).

A actual crise impediu a incorporación laboral como docente do profesorado substituto (diplomada/o en Mestre/a).

Nalgunhas empresas o impacto da crise de Covid-19 foi positivo ao aumentar a súa actividade. Alén diso, as mudanzas organizativas permitiron un aumento da eficiencia e da produtividade (titulada/o no Mestrado Universitario en Dirección Integrada de Empresas).

A educación infantil está a verse afectada seriamente pola actual crise por Covid-19 no que respecta á docencia nesta faixa de idade e á manutención dos protocolos de seguranza (licenciada/o en Psicopedagogía).

Nalgúns sectores a actual crise provocou un empeoramento nas súas condicións laborais non no fondo (salario ou estabilidade), máis na forma, pois a aplicación do teletraballo supuxo un incremento das horas de traballo sen remunerar. A situación de dispoñibilidade permanente nos empregos dixitais está a dificultar a conciliación laboral e persoal (graduada/o en Publicidade e Relacións Públicas).

As persoas que estaban a preparar oposicións víronse afectadas por esta crise perante a desconvocatoria das OPE previstas (titulada/o no Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas).

Esta crise demostrou a flexibilidade e capacidade de esforzo das pequenas empresas familiares para adaptarse ás circunstancias que, sen solicitar ERTE, reduciron custos de persoal (titulada/o en Economía).

### **5.3 Experiencia no estranxeiro**

Polonia estivo pouco afectada durante a primeira onda da pandemia debido á rápida reacción do goberno perante a fraqueza do seu sistema de saúde (titulada/o en ADE).

A actual crise sanitaria por causa da Covid-19 veu a empeorar a situación crítica nos planos social e económico dun país como o Ecuador (titulada/o no Mestrado Universitario en Comercio Internacional).

Na Suíza non houbo durante a primeira onda da pandemia un confinamento obrigatorio, pois trátouse dun confinamento voluntario, sen prohibición de saír, sempre que foren respectadas as directrices de seguranza (titulada/o no Mestrado Universitario en Prevención de Riscos Laborais).

En Colombia houbo casos de corrupción ligados á xestión da pandemia, denunciando que o virus da corrupción pode causar máis vítimas en termos de fame, pobreza, desemprego, desigualdade social, exclusión e violencia (titulada/o no Mestrado Universitario en Situación de Desprotección e Conflito Social).

O Brasil, alén da crise polo coronavirus, está a atravesar unha crise política que fai con que os efectos da pandemia sexan peores e máis duradeiros (graduada/o en Dirección e Xestión Pública).



# PARTE V

## CONCLUSIÓNS

Nesta parte son abordadas as principais conclusións tiradas dos resultados da enquisa aplicada sobre o impacto da primeira onda da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo.

### 1. Datos persoais e académicos

#### 1.1 Datos persoais

- Xénero: A porcentaxe de mulleres tituladas que participou no estudo (59,7%) supera á de homes (40,3%).
- Lugar de residencia: A maioría de persoas tituladas (77,6%) residen en Galicia, contra os que o fan noutra Comunidade Autónoma (12,9%) e no resto do mundo<sup>52</sup> (9,4%). A taxa de emigración<sup>53</sup> masculina (25,5%) supera á feminina (20,2%).

Residentes en Galicia:

- Provincias: Predominan os residentes en Pontevedra (64,9%), seguidos por Ourense (16,8%) e A Coruña (15,0%) e, a máis distancia, Lugo (3,4%).
- Comarcas: A maioría (53,3%) vive nas comarcas de Vigo (42,3%) e Ourense (11,2%), seguidas polas que o fan en Pontevedra (8,5%), A Coruña (5,9%) e O Morrazo (5,4%). Outras comarcas con presenza significativa son Santiago (4,4%), O Salnés (2,6%), Baixo Miño e Condado (2,3% ambas).

Residentes noutras Comunidades Autónomas:

- Comunidades Autónomas: Destacan a Comunidade de Madrid (44,2%) e Cataluña (18,6%), seguidas a máis distancia por Andalucía (6,5%) e Castela e León (6,0%).

Estranxeiro:

- Países: Os países con máis titulados/as son o Reino Unido (17,4%), Alemaña (15,8%) e Portugal (10,2%). A máis distancia están os Estados Unidos da América (5,9%), Francia (5,3%) e Suíza (4,9%).

#### 1.2 Datos académicos

- Ámbitos académicos: Predominan as persoas tituladas da rama<sup>54</sup> Xurídico-Social (44,7%), seguidas pola Tecnolóxica (27,7%), Científica (11,2%), Artes e Humanidades (10,7%) e das Ciencias da

<sup>52</sup> En 43 países dos cinco continentes.

<sup>53</sup> Persoas tituladas residentes fóra de Galicia.

<sup>54</sup> O 1,0% restante son titulados/as do ámbito Multidisciplinar.

Saúde (4,7%). Por xéneros, as mulleres son maioritarias en todos os ámbitos académicos<sup>55</sup>, salvo no Tecnolóxico onde existe predominio masculino (70,3% contra 29,7%).

- Campus: A maioría das persoas tituladas realizaron os seus estudos no Campus de Vigo (64,0%), seguido polo de Ourense (20,5%) e Pontevedra (15,5%).
- Tipoloxía de estudos: Dos titulados/as que responderon a enquisa, o 46,4% realizou unha titulación de ciclo longo, 31,1% de ciclo curto, o 9,8% de grao, 6,9% de mestrado universitario e 5,4% de doutoramento.
- Promoción académica: Por quinquenios, o 6,8% obtivo o seu título entre 1990-95, 15,4% entre 1996-2000, 21,9% entre 2001-05, 24,1% entre 2006-10, 26,3% entre 2011-15 e 5,5% entre 2016-2020.

## 2. Perfil profesional

### 2.1 Persoas que traballaban antes da crise

A situación maioritaria entre as persoas que traballaban antes da pandemia era a de empregado por conta allea na empresa privada (56,3%), sendo estatisticamente significativa a maior porcentaxe de homes (62,5%) que de mulleres (52,1%).

A seguir áchanse as persoas que traballaban para a administración pública (26,5%), sendo superior a proporción feminina (29,7%) que a masculina (21,6%).

O traballo autónomo ocupaba o 6,6% das persoas tituladas, sen grandes diferenzas entre homes (6,1%) e mulleres (6,9%).

Finalmente, a proporción de empresarios/as ou titulares dunha empresa era do 1,9%, sendo estatisticamente significativa a maior porcentaxe de homes (3,4%) que de mulleres (0,9%).

### 2.2 Persoas que non traballaban antes da crise

A situación predominante entre as persoas que non traballaban era a de desempregado/a, procurando emprego (4,7%), con máis proporción de mulleres (5,3%) que de homes (3,9%).

Do total de persoas tituladas que responderon a enquisa, somente un 1,6% estaban a preparar oposicións, triplicando a proporción de mulleres (2,3%) á de homes (0,7%).

Un 1,0% das persoas inquiridas encontrábase a cursar estudos universitarios<sup>56</sup>, sen diferenzas estatisticamente significativas por xéneros.

<sup>55</sup> Ciencias da Saúde (81,6%), Artes e Humanidades (80,5%), Científico (69,2%), Xurídico-Social (68,8%), e Multidisciplinar (53,1%).

<sup>56</sup> A maioría de persoas tituladas da UVigo que continúan a súa formación universitaria (62,5%) están a realizar estudos de doutoramento, un 28,1% son estudantes de mestrado e o 9,4% de grao.



O coidado familiar, actividade realizada unicamente por mulleres, abarca o 0,6% das persoas inquiridas.

O 0,5% estaban de baixa laboral, sendo superior en mulleres (0,6%) que en homes (0,2%). Finalmente, o 0,4% eran xubilados/pensionistas.

## **2.3 Taxa de ocupación**

Traballaba un 92,2% das persoas tituladas antes do inicio da actual crise por Covid-19<sup>57</sup>.

- Xénero: É significativa a maior proporción de homes (94,5% contra 90,6% de mulleres).
- Lugar de residencia: Aínda que a taxa de ocupación en Galicia (91,7%) é levemente inferior, non existen diferenzas estatisticamente significativas segundo o lugar de residencia (93,8% no estranxeiro e 93,7% noutra Comunidade Autónoma).

## **2.4 Lugar de traballo<sup>58</sup>**

Tres cuartas partes (75,0%) traballa en Galicia, seguido por outra Comunidade Autónoma (14,3%) no resto do mundo<sup>59</sup> (10,7%).

- Xénero: A proporción de mulleres que traballa no estranxeiro (22,1%) é inferior á de homes (29,1%).
- Galicia:
  - Provincias: A maioría traballa en Pontevedra (64,1%), seguido pola Coruña (16,7%) e Ourense (16,0%). En Lugo tan só traballa o 3,1% das persoas inquiridas.
  - Comarcas: O 77,8% traballa en Vigo (45,5%), Ourense (11,0%), Pontevedra (8,7%), Santiago (6,3%) e A Coruña (6,3%).
- Outras Comunidades Autónomas:
  - Destacan a Comunidade de Madrid (46,2%) e Cataluña (20,5%), seguidas por Castela e León (5,2%), Andalucía (4,8%) e País Basco (4,3%).
- Resto do mundo:
  - Países: Destacan o Reino Unido (17,2%), Alemaña (14%) e Portugal (11,8%), seguidos por Estados Unidos da América (6,7%), Francia e Suíza (5,1% ambos).

---

<sup>57)</sup> Data referencia: marzo de 2020.

<sup>58)</sup> A diferenza do lugar de residencia, recollido no apartado 1.1, ítem respondido por todas as persoas tituladas que participaron neste estudo independentemente da súa situación socio-laboral; isto é, incluíndo empregadas, desempregadas, estudantes, xubilados/pensionistas..., o lugar de traballo (ítem unicamente respondido polas persoas que traballaban no momento de responder a enquisa) fai referencia ao lugar no que se encontra a empresa/entidade en que traballan as persoas ocupadas.

<sup>59)</sup> En 46 países dos cinco continentes.

## 2.5 Modalidade de contratación

Antes do inicio da actual crise por Covid-19, a maioría (90,7%) traballaba por conta allea<sup>60</sup> contra o 9,3% que o facía por conta propia<sup>61</sup>.

## 2.6 Tipo de contrato

Predominan os contratos indefinidos (76,9%), seguido polos temporais/eventuais (15,6%). No 7,4% restante destacan os contratos por obra/servizo (5,5%), os bolseiros/as (1,4%) e, a máis distancia, os titulados/as en practicas (0,4%). Con todo, seguen a existir titulados a traballar sen contrato (0,1%).

- Xénero: Son estatisticamente significativas as diferenzas nas porcentaxes de contratos indefinidos (82,0% de homes contra 73,3% de mulleres), que se traducen na maior presenza feminina tanto de contratos temporais (18,5% contra o 11,7% de homes) e de bolseiras (2,0% contra o 0,6% de homes).
- Lugar de traballo: O tipo de contrato predominante é o indefinido, sendo máis alto noutra Comunidade Autónoma (83,3%) que en Galicia (76,0%) e no resto do mundo (74,6%). As modalidades de contrato de duración definida<sup>62</sup> están máis estendidas no estranxeiro (25,3%) e en Galicia (23,3%) que noutras Comunidades Autónomas (16,5%).

## 2.7 Rama de actividade

A maioría traballa na empresa privada (64,0%), seguido polo ámbito público (30,8%) e entidades non lucrativas (5,2%).

- Xénero: É significativa a maior proporción de homes na empresa privada (70,5% contra o 59,4% de mulleres) ben como a maior presenza feminina na administración pública (35,0% contra o 25,0% da masculina).

## 2.8 Sector económico

O sector económico<sup>63</sup> que concentra máis persoas tituladas é o ensino/docencia (19,0%), seguido a máis distancia por determinados servizos da administración pública (7,9%), saúde (6,8%), automoción (6,1%), investigación (5,4%) e consultoría (5,0%). A seguir, cunha proporción entre 3 e 5%, áchase o sector das telecomunicacións e novas tecnoloxías da información e comunicación (4,3%), a alimentación e industria agroalimentar (4,1%), servizos a empresas (4,0%), banca e seguros (3,7%) e servizos profesionais (3,2%). Os restantes sectores, que agrupan o 30,2% da mostra obtida, separadamente presentan unha porcentaxe inferior ao 3%.

<sup>60</sup> Emprego na empresa privada (61,7%) e na administración pública (29,0%).

<sup>61</sup> Traballadores autónomos (7,2%) e empresarios/s (2,1%).

<sup>62</sup> Contrato temporal/eventual, por obra/servizo e bolsa.

<sup>63</sup> Foron avaliados 35 sectores económicos.

- Xénero: Existe predominio feminino no ensino/docencia, saúde, servizos profesionais, outras actividades sociais e servizos centrais da administración pública. Os homes predominan na automoción, enxeñaría, telecomunicacións e novas tecnoloxías, enerxía e utilities e metalurxia e eléctrico. No resto de sectores non destaca un xénero sobre o outro.

- Lugar de traballo:

Galicia: Son máis frecuentes o ensino/docencia (21,0% contra o 14,0% do resto do mundo e 12,1% doutras Comunidades Autónomas), saúde (7,5% contra o 5,7% doutras Comunidades Autónomas e 3,5% do resto do mundo), servizos a empresas (4,5% contra o 3,1% doutras Comunidades Autónomas e 1,6% do resto do mundo), alimentación (4,4% contra o 4,0% noutras Comunidades Autónomas e 1,9% no resto do mundo), servizos profesionais (3,4% contra 2,9% do resto do mundo e 2,4% doutras Comunidades Autónomas) e outras actividades sociais (3,0% contra 1,6% do resto do mundo e 1,4% doutras Comunidades Autónomas).

Outras Comunidades Autónomas: Destacan os servizos centrais da administración pública (10,5% contra o 8,1% de Galicia e 3,2% do resto do mundo), consultoría (7,1% contra o 4,7% de Galicia e o 4,5% do resto do mundo), telecomunicacións/IT (6,9% contra o 5,7% do resto do mundo e 3,6% de Galicia), banca e seguros (5,5% contra o 3,5% de Galicia e 2,9% do resto do mundo), medios de comunicación/audiovisuais (3,3% contra o 2,2% no resto do mundo e 1,2% en Galicia) e venda retalista (3,1% contra o 1,2% en Galicia e 0,3% no resto do mundo).

Resto do mundo: Destaca a investigación (16,6% contra 5,5% noutras Comunidades Autónomas e 3,8% en Galicia), automoción (7,3% contra o 6,6% de Galicia e 2,4% noutras Comunidades Autónomas), enerxía e utilities (5,1% contra o 3,6% noutras Comunidades Autónomas e 1,9% en Galicia), farmacéutico (3,8% contra o 1,4% noutras Comunidades Autónomas e 1,0% en Galicia) e enxeñaría (3,2% contra o 2,9% noutras Comunidades Autónomas e 2,8% en Galicia).

## 2.9 Categoría profesional

A maioría traballaba como técnicos/as cualificados/as (61,8%), mandos intermedios (20,6%), directivos/as (11,9%) e empregados/as sen cualificación (5,7%).

- Xénero: É significativa a maior proporción de homes que traballan como directivos (16,5% contra o 8,7% de mulleres) e mandos intermedios (22,7% contra 19,1%). Polo contrario, entre as mulleres é máis alta a porcentaxe de empregadas non cualificadas (7,7% contra 3% de homes).
- Lugar de traballo: A presenza de categorías profesionais propias de titulados/as universitarios/as<sup>64</sup> é máis frecuente no estranxeiro (98,1%) e noutra Comunidade Autónoma (95,5%) que en Galicia (93,5%). A proporción de directivos/as é máis alta en Galicia (12,3%) que noutra Comunidade Autónoma (10,2%) ou no resto do mundo (11,5%), mentres os mandos intermedios son máis frecuentes no estranxeiro (28,0%) e noutras Comunidades Autónomas (24,8%) que en Galicia (18,7%).

<sup>64</sup> Directivos/as, mandos intermedios e técnicos/as cualificados/as.

## 2.10 Área funcional de traballo

As principais áreas funcionais de traballo ou departamentos<sup>65</sup> son a formación e ensino (16,0%) e administración e finanzas (12,0%), seguidas por servizos (9,4%); I+D+i (8,3%), enxeñaría e construción (7,8%), informática e tecnoloxía (7,3%), vendas e marketing (6,6%), produción (6,3%) e prevención e saúde (5,4%). Con porcentaxes máis baixas áchase dirección xeral (4,3%), atención ao cliente (4,2%), calidade (1,5%), loxística e almacén (1,3%), recursos humanos (1,1%), compras (0,9%) e xestión de proxectos (0,4%). No 7,1% de casos, as empresas/organizacións carecen de áreas funcionais diferenciadas.

- Xénero: Os homes predominan en sectores como a enxeñaría e construción (+10,4), informática e tecnoloxía (+6,5), dirección xeral (+3,8), I+D+i (+3,6) e produción (+3,3). As mulleres destacan en formación e ensino (+8,3), administración e finanzas (+4,6), servizos (+4,2), prevención e saúde (+3,1) e atención ao cliente (+2,6). No resto de departamentos<sup>66</sup> é equivalente a presenza de ambos os xéneros. A presenza de mulleres en organizacións sen áreas diferenciadas (9,1%) duplica á de homes (4,4%).

## 2.11 Tamaño da empresa

Case a metade (46,0%) traballa en empresas con 250 ou máis empregados<sup>67</sup>. A outra metade divídese entre medianas empresas<sup>68</sup> (19,1%), pequenas empresas<sup>69</sup> (18,3%) e microempresas<sup>70</sup> (12,0%). En menor medida (4,6%) están as empresas individuais.

- Lugar de traballo: As pequenas e medianas empresas son máis frecuentes en Galicia (41,0%) que no estranxeiro (13,5%) e noutras Comunidades Autónomas (18,5%). As grandes empresas son as maioritarias no estranxeiro (66,9%) e noutra Comunidade Autónoma (61,2%), contra o 40,2% de Galicia.

## 3. Impacto laboral da primeira onda da pandemia de Covid-19

### 3.1 Impacto sanitario

Un 34,3% das persoas inquiridas referiu a existencia dalgún caso de contaxio por Covid-19 no seu entorno de traballo

- Lugar de traballo: O impacto sanitario foi superior en España (58,0%) e no estranxeiro (44,8%) que en Galicia (28,4%).

<sup>65</sup> Foron avaliadas 17 áreas funcionais de traballo.

<sup>66</sup> Vendas e marketing, xestión de proxectos, compras, calidade, recursos humanos e loxística e almacén.

<sup>67</sup> 33,9% con 1000 empregados ou mais e 12,1% de 250 a 1000 empregados.

<sup>68</sup> De 50 a 249 empregados.

<sup>69</sup> De 10 a 49 empregados.

<sup>70</sup> De 2 a 9 empregados.

#### Galicia:

- Provincias: Houbo máis impacto en Ourense (33,4%), seguido polas provincias da Coruña (28,1%) e Pontevedra (28,0%) e, a máis distancia, Lugo (13,4%).
- Comarcas: Durante a primeira onda da pandemia houbo unha incidencia sanitaria superior á media galega nas comarcas de Viana (50,0%), Ourense (37,4%), Verín (36,4%), Pontevedra (35,8%), A Limia, Ferrol, O Carballiño, Sarria e Taboas-Terra de Montes (33,3% cada unha), A Coruña (33,1%), Deza (30,0%), Vigo (29,7%), Santiago (29,5%) e Eume (28,6%). Lugo foi a comarca de carácter urbano menos afectada, cunha incidencia sanitaria de 10,3%.
- Municipios: Os grandes municipios galegos<sup>71</sup>, salvo Lugo (10,3%), experimentaron un grao de contaxio superior á media galega.

#### Outras Comunidades Autónomas:

- A rexión de Castela, integrada polas Comunidades Autónomas de Madrid (72,6%), Castela-A Mancha (71,4%) e Castela e León (65,0%) foi a máis afectada. A máis distancia, cunha incidencia por volta do 50%, encóntranse o Comunidade Valenciana (57,1%), Cantabria (50,0%) e Cataluña (48,8%). Andalucía tivo unha incidencia (21,1%) inferior á media galega. As persoas tituladas que traballan en Aragón e Rexión de Murcia<sup>72</sup> non referiron a existencia de contaxios no seu ámbito laboral.

#### Resto do mundo:

- Referiron contaxios a totalidade das persoas que traballan en oito<sup>73</sup> dos 46 países, seguidos por Bélxica (85,7%), Perú e Polonia (75% ambos), Suíza (73,3%), Italia (66,7%), Estados Unidos da América (61,9%) e Reino Unido (51,9%). As persoas tituladas en vinte países<sup>74</sup> non referiron incidencia sanitaria.
- Rama de actividade: A maior incidencia deuse no ámbito público (43,7%), seguido polas entidades non lucrativas (32,1%) e na empresa privada (30,1%).
- Sector económico: A incidencia sanitaria foi maioritaria no sector sanitario (70,8%), banca e seguros (57,1%) e aeroespacial (53,8%), seguidos por telecomunicacións (47,2%), administración pública (45,8%), defensa e seguridade (43,4%), industria química, plástico, vidro e envases (43,3%), venda maiorista (42,9%) e madeira (40%). Os sectores con menos afectación foron os servizos profesionais (8,7%), cultura e lecer, construción naval e agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal (12,5% cada un), actividades deportivas (15,8%), enxeñaría (16,7%), turismo e restauración (18,2%) e papel, gráficas, edición e reprodución (20,0%).
- Área funcional de traballo: Os departamentos con máis incidencia de contaxios son os de prevención e saúde (61,9%), compras (57,7%), recursos humanos (53,3%), informática e tecnoloxía (41,1%), vendas e marketing (39,1%), produción (39,0%), atención ao cliente (38,9%), investigación, desenvolvemento e innovación (38,7%), servizos (37,7%) e enxeñaría e construción (35,0%).

<sup>71</sup> Poboación municipal superior a 50.000 habitantes.

<sup>72</sup> Tamaño de mostra non suficientemente representativo.

<sup>73</sup> Andorra, Cabo Verde, Chequia, Finlandia, Lituania, Luxemburgo, Tailandia e Turquía.

<sup>74</sup> Arxentina, Austria, Canadá, Casaquistán, China, Colombia, Costa Rica, Croacia, Ecuador, Eslovaquia, Grecia, Israel, Malaisia, Mozambique, O Salvador, Paraguai, Singapur, Suecia, Tunisia e Xapón.

As menos afectadas foron as entidades sen áreas funcionais diferenciadas (14,1%), dirección xeral (20,8%), loxística e almacén (21,6%) e formación e ensino (26,7%).

- Categoría profesional: Mandos intermedios e empregados/as non cualificados/as referiron máis incidencia no seu ámbito laboral (cunhas taxas de incidencia de 42,2% e 35,6%, respectivamente) que directivos/as (24,6%) e técnicos/as cualificados/as (33,6%).
- Tamaño da empresa: A incidencia sanitaria mostrouse directamente proporcional ao tamaño da empresa, oscilando desde un mínimo de 5,5% entre os traballadores/as autónomos/as (empresas individuais) ao máximo de 55,0% nas grandes empresas<sup>75</sup>.

## 3.2 Impacto socio-laboral

Para avaliar o impacto laboral foi preciso determinar a situación socio-laboral das persoas tituladas inquiridas no momento actual; isto é, no momento de responder o cuestionario (xuño de 2020), logo de superado o período de confinamento obrigatorio.

### 3.2.1 Situación actual

No momento de responder a enquisa a inmensa maioría (85,9%) segue no mesmo emprego/actividade que tiña antes do inicio da pandemia. Un 5,0% perdeu o traballo que tiña durante esta crise, o 4,3% xa estaba desempleado antes desta crise, un 3,0% segue na mesma situación anterior (estudante, xubilado/pensionista, prepara oposicións,...), un 1,2% mudou de emprego e o 0,6% encontrou emprego no período avaliado<sup>76</sup>.

A maioría e persoas tituladas que participaron neste estudo (87,7%) traballan no momento actual, o 85,9% no mesmo emprego/actividade que tiña antes do inicio da crise, o 1,2% por ter encontrado emprego e o 0,6% nun posto de traballo diferente.

O 12,3% das persoas tituladas non traballan no momento actual, por ter perdido o traballo durante esta crise (5,0%), por xa estar previamente desempregadas (4,3%) ou por seguir na mesma situación anterior (como estudante, xubilado/pensionista, preparar oposicións, baixa laboral,...).

- Xénero: A ocupación dos homes (91,1%) é superior á das mulleres (85,2%). Sen ser estatisticamente significativas, é levemente superior a proporción de homes que encontrou emprego (0,8% contra o 0,4% de mulleres) ou que mudou de posto de traballo (1,2% contra o 1,1% de mulleres). A proporción de homes que non traballan (8,7%) é inferior á das mulleres (14,8%). En todas as hipóteses, a porcentaxe de mulleres é superior á dos homes, tanto as que perderon o traballo por causa desta crise (5,7% contra o 4,0% de homes), as que xa estaban desempregadas (5,0% contra o 3,2% de homes) ou que seguen na mesma situación socio-laboral anterior (4,1% contra o 1,5% de homes).

<sup>75</sup> Incidencia sanitaria de 49,1% nas grandes empresas con 250-999 traballadores e do 57,1% nas que teñen 1000 ou mais empregados/as.

<sup>76</sup> Entre marzo e maio de 2020.

- Lugar de residencia: As persoas tituladas residentes no estranxeiro (91,4%) e noutras Comunidades Autónomas (90,6%) traballan en máis proporción do que as que o fan en Galicia (86,7%). A proporción de persoas tituladas residentes que non traballan en Galicia (13,3%) supera á dos residentes no resto do mundo (8,6%) e noutras Comunidades Autónomas (9,4%).

### **3.2.2 Taxa de ocupación**

A ocupación experimentou unha diminución do 4,9%, pasando dunha taxa de 92,2% no momento anterior á crise (marzo de 2020) a un 87,7% no momento de responder a enquisa (xuño de 2020).

- Xénero: As mulleres experimentaron unha diminución da ocupación (5,8%) superior á dos homes (3,5%).
- Lugar de residencia: A caída rexistrada entre os que traballan en Galicia (5,5%) supera á producida no estranxeiro (2,6%) e noutra Comunidade Autónoma (3,3%).

Galicia:

- Provincias: A diminución da taxa de ocupación afectou todas as provincias, sendo superior a rexistrada en Lugo (6,2%), Pontevedra (6,0%) e A Coruña (5,2%) que en Ourense (3,1%).
- Comarcas: As máis afectadas foron o Deza (-30,0%), Chantada (-20,0%), Terra Chá (-12,5%), Pontevedra (-9,1%), Bergantiños e Caldas (-7,8% ambas), A Coruña (-7,4%), Baixo Miño (-7,0%), Valdeorras (-6,6%), Santiago (-6,5%), Lugo (-6,1%), Morrazo (-5,7%) e Vigo (-5,5%).

Outras Comunidades Autónomas: As maiores inflexións na taxa de ocupación producíronse en Aragón (-100,0%), Asturias (-16,7%), Cantabria (-14,3%), Illas Baleares (-8,3%), Cataluña (-6,8%), Andalucía e Castela e León (-4,3% ambas). Na Comunidade de Madrid foi de -0,5% e ficou inalterada nas outras sete Comunidades Autónomas con presenza de persoas tituladas da UVigo.

Resto do mundo: En 36 dos 46 países con presenza de persoas tituladas da UVigo non se produciu unha mudanza da taxa de ocupación. Os países máis afectados, por orde decrecente, foron Croacia (-100,0%), Xapón (-50,0%), Italia (-25,0%), Brasil (-11,1%), México (-10,0%), Reino Unido (-3,9%) e Portugal (-3,4%).

- Ámbitos académicos: Houbo máis impacto nas Artes e Humanidades (6,4%) e Xurídico-Social (6,0%) que nas Ciencias da Saúde (2,1%), Tecnolóxico (3,0%) e Científico (5,0%).
- Tipoloxía de estudos: As maiores perdas de ocupación rexístranse entre os titulados en títulos propios (24,9%), graos (10,6%), mestrados universitarios (7,2%), diplomaturas (6,1%) contra enxeñaría superiores (1,4%), licenciaturas (3,7%) e enxeñaría técnicas (5,2%).

### 3.2.2.1 Rotación laboral<sup>77</sup>

O 1,2% das persoas tituladas da UVigo que participaron no estudo mudaron de emprego durante a primeira onda da actual crise por Covid-19.

- Xénero: Non existen diferenzas significativas na rotación laboral experimentada por homes (1,2%) e mulleres (1,1%).
- Lugar de residencia: As persoas tituladas residentes no estranxeiro mudaron de emprego con máis frecuencia (3,0%) que as que viven en Galicia (1,0%) e noutras Comunidades Autónomas (0,7%).

Galicia:

- Provincias: Houbo máis rotación laboral en Lugo (2,4%), seguida, a máis distancia por Pontevedra (2,0%), contra os mínimos da Coruña (0,5%) e Ourense (0,7%).
- Comarcas: Houbo rotación laboral nas persoas tituladas da Terra de Celanova (11,1%), A Terra Chá (10,0%), Bergantiños (7,1%) e O Condado (7,0%), seguidas por Ferrol (3,6%), Lugo (3,0%), O Morrazo (2,2%), O Salnés (1,6%), Vigo (1,0%) e Ourense (0,7%).

Outras Comunidades Autónomas: Só houbo rotación laboral entre as persoas tituladas residentes na Comunidade de Madrid (1,6%).

Resto do mundo: Só houbo rotación laboral en cinco países: Suíza (13,3%), Estados Unidos (11,1%) e Países Baixos (10,0%), seguidos, a máis distancia, polo Reino Unido (5,7%) e Alemaña (2,1%).

- Rama de actividade: Foi superior na empresa privada (1,5%) que no ámbito público (1,1%).
- Sector económico: Houbo rotación laboral en 16 dos 35 sectores económicos avaliados, mostrándose maior na industria química, plástico, vidro e envases (6,5%), actividades deportivas (5,3%), enxeñaría (3,6%) e servizos a empresas (2,6%).
- Área funcional de traballo: Os departamentos das empresas/entidades con máis rotación laboral foron calidade (4,7%), prevención e saúde (2,6%) e atención ao cliente (2,5%).
- Categoría profesional: Houbo máis rotación laboral entre técnicos/as cualificados (1,5%) e empregados/as non cualificados/as (1,2%), seguidos por directivos/as (1,1%) e mandos intermedios (0,8%).
- Tamaño da empresa: Houbo máis rotación laboral nas empresas de tamaño mediano e (2,0%) e individual (1,5%) que nas máis grandes (0,9%).

---

<sup>77)</sup> Perfil das persoas tituladas que mudaron de emprego durante a primeira onda da pandemia.



### 3.2.2.2 Oportunidades laborais/empregabilidade<sup>78</sup>

O 0,6% da mostra arranxou emprego, sendo superior nos homes (0,8%) que nas mulleres (0,4%).

- Lugar de residencia: Encontraron emprego en máis proporción as persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas (1,7%) que en Galicia (0,4%) e no resto do mundo (0,3%).

Galicia:

- Provincias: Arranxaron emprego con máis frecuencia na Coruña (0,8%), seguidas por Ourense (0,5%) e Pontevedra (0,4%) contra Lugo (0,0%).
- Comarcas: Houbo oportunidades laborais na Limia (15,4%) e Noia (8,3%), seguidas, a máis distancia, polo Condado (1,8%), Salnés (1,6%), A Coruña (1,4%), Morrazo (0,7%), Pontevedra (0,5%) e Vigo (0,2%).

Outras Comunidades Autónomas: Houbo oportunidades laborais nas Illas Canarias (9,1%), Andalucía (3,7%), Comunidade de Madrid (2,2%) e Cataluña (1,3%).

Resto do mundo: Só encontraron emprego as persoas tituladas da UVigo residentes na Suecia (25,0%).

### 3.2.3 Taxa de desemprego

A crise xerada pola Covid-19 provocou un aumento da taxa de desemprego do 97,9%, pasando dun 4,7% en marzo de 2020 a un 9,3% en xuño de 2020.

- Xénero: Foi maior o incremento na taxa de desemprego experimentado polas mulleres (+101,9) que homes (+84,6).
- Lugar de residencia: O incremento da taxa de desemprego foi máis elevada en Galicia (+100,0%) que noutra Comunidade Autónoma (+79,1%) e no resto do mundo (+69,7%).

Galicia

- Provincias: Lugo (+248,5%), A Coruña (+100,0%), Pontevedra (+99,1%) e Ourense (+92,3%).
- Comarcas: Os maiores incrementos déronse no Baixo Miño (+406%), Deza (+300%), Santiago (+233%), Ourense (+200%), Condado (+194%), Morrazo (+118%), A Coruña (+109%), Vigo (+102), Caldas (+101%) e a Terra Chá (+100%), ben como Ferrol (+97%), Pontevedra (+83%) e O Salnés (+60%). O desemprego reduciuse nas comarcas da Limia (-33,3%) e Noia (-25%).

Outras Comunidades Autónomas: Os maiores incrementos producíronse en tres Comunidades Autónomas<sup>79</sup> que pasaron dunha situación de pleno emprego a rexistrar taxas de desemprego. Logo a seguir, os maiores incrementos déronse en Asturias (+200,0%), Cataluña (+166,7%), Aragón (+100,0%), Andalucía (+50,0%) e Comunidade de Madrid (+33,3%)

<sup>78</sup> Perfil das persoas que encontraron emprego durante a primeira onda da pandemia.

<sup>79</sup> Cantabria, Castela e León e Illas Baleares

Resto do mundo: Catro países<sup>80</sup> pasaron do pleno emprego a rexistrar desemprego. Os maiores incrementos déronse no Reino Unido (+200%) e Portugal (+103%).

### 3.2.3.1 Destrución de emprego<sup>81</sup>

Un 5,0% das persoas tituladas da UVigo perderon o emprego durante a primeira onda da pandemia, sendo superior a perda experimentada polas mulleres (5,7%) que polos homes (4,0%).

- Lugar de traballo: A perda do emprego foi superior en Galicia (5,4%) e noutras Comunidades Autónomas (4,8%) que no resto do mundo (2,3%).

Galicia:

- Provincias: É significativa a perda producida entre as persoas tituladas que traballan en Ourense (3,6%) contra Lugo (5,9%), Pontevedra (5,8%) e A Coruña (5,6%).
- Comarcas: A media galega é superada no Deza (23,1%), Chantada (20,0%), Terra Chá (10,0%), A Coruña (8,1%), Pontevedra (8,0%), Bergantiños e Caldas (7,1%), Baixo Miño (6,9%), Salnés e Santiago (6,3%), Lugo (6,1%), Morrazo e Valdeorras (5,9% ambas), Condado (5,3%), Vigo (5,1%) e Ourense (5,0%).

Outras Comunidades Autónomas: A media galega é superada en Aragón (50,0%), Asturias (15,4%), Cantabria (14,3%), Illas Canarias (9,1%), Illas Baleares (8,3%), Cataluña (7,8%) e Andalucía (7,4%). Abaixo dela sitúanse Castela e León (4,0%) e a Comunidade de Madrid (2,7%). As persoas tituladas da UVigo residentes noutras Comunidades Autónomas non rexistraron perda de emprego.

Resto do mundo: Perdeu o emprego a totalidade das persoas tituladas da UVigo emigradas en Croacia, Xapón (50,0%), seguido por Brasil e México (10,0% ambos), Reino Unido (3,8%) e Portugal (3,2%).

- Tipo de contrato: As persoas tituladas sen contrato (33,3%), con contrato de duración temporal/eventual (17,8%), por obra/servizo (9,1%) e en prácticas (9,1%) foron o máis afectados contra as que tiñan un contrato de duración indefinida (2,0%).
- Antigüidade: As persoas con menos antigüidade no seu posto de traballo perderon o seu emprego en máis proporción que aquelas con máis tempo de permanencia (18,7% con menos de seis meses, 12,1% entre seis meses e un ano contra o 1,3% entre 15-20 anos).
- Rama de actividade: As entidades non lucrativas (7,2%) foi a máis afectada, seguida pola empresa privada (5,6%) e o ámbito público (4,0%).

<sup>80</sup>) Brasil, Croacia, México e Xapón.

<sup>81</sup>) Perfil das persoas que perderon o emprego durante a primeira onda da pandemia

- Sector económico: Víronse afectados<sup>82</sup> 28 dos 35 sectores avaliados neste estudo, mormente o da cultura e lecer (30,8%), turismo e restauración (14,6%), construción naval (11,1%), medios de comunicación/audiovisuais (10,4%) e farmacéutico (10,3%).
- Área funcional de traballo: Os departamentos máis afectados foron atención ao cliente (9,9%), produción (8,8%), formación e ensino (6,9%), vendas e marketing (5,3%), loxística e almacén e prevención e saúde (5,1% ambos). No caso das entidades sen áreas diferenciadas de traballo a perda de emprego foi do 4,9%.
- Categoría profesional: Empregados/as sen cualificación para o posto de traballo que desenvolven (13,1%) e técnicos/as cualificados/as (5,6%) foron as máis afectadas, contra directivos/as (2,6% deles perderon o emprego) e mandos intermedios (3,3%).
- Tamaño da empresa: As empresas máis afectadas foron as de tamaño micro (8,4%) e pequeno (6,8%) contra o mínimo das empresas individuais (3,0%) e con máis de 1000 empregados (3,6%).

### 3.2.3.2 Causas do desemprego<sup>83</sup>

As principais causas referidas polas que perderon o seu emprego foron a finalización de contrato (46,2%), seguida pola suspensión da actividade profesional (33,0%) e os despedimentos<sup>84</sup> (13,3%).

- Xénero: É estatisticamente significativa proporción de mulleres despedidas por finalización de contrato (49,5% contra 39,2% de homes). Polo contrario, os homes refiren teren sido despedidos en máis proporción (21,6%) que as mulleres (9,3%).
- Lugar de traballo: A finalización de contrato foi a causa do desemprego alegada pola maioría das persoas tituladas que traballaban en Galicia (55,7%) contra o 18,2% dos que o facían noutra Comunidade Autónoma e 16,4% no estranxeiro. A suspensión da actividade profesional atinxiu o valor máximo no estranxeiro (45,5% contra o 40,9% noutra Comunidade Autónoma e 28,7% en Galicia). Noutras Comunidades Autónomas houbo máis proporción de despedimentos (31,7%) que no estranxeiro (18,2%) e en Galicia (8,6%).
- Tipo de contrato: Case a metade (46,2%) das persoas con contrato indefinido foron despedidas. Para as persoas cun tipo de contrato de duración definida a principal causa foi a finalización do mesmo, entre o 100% de bolseiros/as, 67,6% con contrato temporal/eventual e 47,4% con contrato por obra/servizo. A suspensión da actividade alcanzou proporcións significativas nas persoas con contrato por obra/servizo (47,7%), indefinido (30,8%) e temporal/eventual (23,9%).
- Rama de actividade: A finalización de contrato é a causa da perda do emprego predominante no ámbito público (88,9%) contra o 9,1% nas entidades non lucrativas e 38,6% na empresa privada, onde alcanza unha porcentaxe semellante á suspensión da actividade profesional (37,6%). Os

<sup>82</sup> Non destruíron emprego os sectores ligados ás actividades deportivas, aeroespacial, defensa e seguranza, madeira, metalúrxico e eléctrico, minaría e venda maiorista

<sup>83</sup> Persoas tituladas que perderon o emprego durante a fase inicial da actual crise.

<sup>84</sup> Por aplicación de EREs (3,2%), despedimentos improcedentes (4,4%) ou voluntarios (1,3%).

despedimentos son máis frecuentes nas entidades non lucrativas (27,3%) e na empresa privada (14,9%).

- Sector económico: A finalización de contrato foi a principal causa da perda do emprego na totalidade das persoas tituladas da UVigo que traballaban nos servizos da administración pública e na agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal e xestión ambiental, seguida pola investigación (85,7%), banca e seguros (80,0%), farmacéutica (75,0%), automoción (69,2%), cultura e lecer e têxtil e confección (66,7% ambos), ensino/docencia (56,8%), alimentación, enxeñaría e venda retalista (50,0% cada un) e enerxía e utilities (33,3%). A suspensión da actividade profesional foi maioritaria na consultoría e turismo e restauración (83,3% ambos), outras actividades sociais (75,0%), servizos a empresas (60,0%), medios de comunicación/audiovisuais e servizos profesionais (50,0% ambos), alcanzando proporcións considerábeis na saúde (42,9%), construción (40,0%) e enerxía e utilities (33,3%). Os despedimentos afectaron á totalidade das persoas tituladas que perderon o emprego na construción naval; industria química, plástico, vidro e envases; papel, gráficas, edición e reprodución e telecomunicacións, ben como á metade dos empregados en loxística, transporte e distribución e venda retalista (50,0% ambos), construción (40,0%) e servizos informáticos (33,3%).
- Categoría profesional: A maioría de mandos intermedios (60,0%) e técnicos/as cualificados/as (50,0%) perderon o seu emprego por finalización do contrato vixente. Os directivos/as perderon o emprego por suspensión de actividade e despedimento (42,9% ambas), véndose afectados en maior proporción polo peche do propio negocio (14,3%). Os empregados/as non cualificados/as perderon o seu emprego principalmente por finalización de contrato (47,6%) e pola suspensión da actividade profesional (33,3%).
- Tamaño da empresa: A finalización do contrato mostra unha tendencia directamente proporcional ao tamaño da empresa, oscilando dun mínimo do 25,0% nas microempresas a un máximo do 71,4% nas grandes empresas. A perda do emprego por suspensión da actividade presenta a tendencia inversa, flutuando entre o mínimo de 14,3% nas grandes empresas ao máximo de 50,0% nas empresas individuais. De forma semellante, o peche do negocio propio é exclusivo das microempresas.

### 3.2.3.3 Recuperación do emprego

A maioría de persoas tituladas que perderon o emprego (51,6%) durante a primeira onda da pandemia confían en recuperalo no curto prazo.

- Lugar de traballo: Son máis optimistas para recuperar o seu emprego as persoas tituladas que traballaban en Galicia (53,4%) que as que o facían no resto do mundo (50,0%) e outra Comunidade Autónoma (33,3%).
- Rama de actividade: O optimismo é maioritario no ámbito público (60,7%) e minoritario (44,1%) na empresa privada.

- Sector económico: As expectativas optimistas son totais en dez<sup>85</sup> dos sectores avaliados. A máis distancia, áchanse os servizos centrais da administración pública (66,7%), automoción (62,5%), ensino (53,3%) e alimentación/industria alimentar (50,0%). As expectativas son menores<sup>86</sup> en investigación (33,3%) e banca e seguros (25%).
- Categoría profesional: Directivos/as (100,0%) son máis optimistas que empregadas non cualificadas (62,5%) e mandos intermedios (54,5%) contra técnicos/as cualificados/as (48,8%).

### **3.2.3.4 Expectativas de retomada da actividade suspendida durante a primeira onda da pandemia**

O 46,9% das persoas tituladas da UVigo espera retomar a súa actividade ou negocio no curto prazo, sendo as expectativas dos homes (50,0%) máis altas que a das mulleres (45,2%).

- Lugar de traballo: As persoas tituladas que traballaban no estranxeiro (77,8%) son máis optimistas que as que o facían en Galicia (42,4%) e noutras Comunidades Autónomas (47,4%).
- Sector económico: A totalidade das persoas tituladas que traballaban en seis<sup>87</sup> dos 35 sectores avaliados, seguidos polos que traballaban en medios de comunicación/audiovisuais e turismo e restauración (66,7% ambos), enxeñaría e saúde (60,0% ambos), alimentación/industria alimentar, construción, cultura e lecer e servizos profesionais (50,0% cada un). O pesimismo está estendido no 66,7% das persoas con actividades ou negocios ligados á automoción, ben como a totalidade dos que traballaban en dez<sup>88</sup> sectores avaliados.
- Categoría profesional: Directivos/as (57,1%) e empregados/as non cualificados/as (53,8%) mostráronse máis optimistas na retomada da súa actividade ou negocio que mandos intermedios (44,4%) e técnicos/as cualificados/as (44,8%).
- Tamaño da empresa: As expectativas de retomar a actividade ou negocio propio son máis altas nas microempresas de 2-9 traballadores (63,6%), pequenas empresas (52,2%) e empresas medianas (52,9%) que nas empresas con máis de 1000 traballadores/as (42,9%).

### **3.2.3.5 Procura de emprego durante a primeira onda da pandemia**

A maioría de persoas tituladas (79,4%) procurou emprego durante o período de confinamento da primeira onda da pandemia<sup>89</sup>

<sup>85</sup> Construción, cultura e lecer, enxeñaría; loxística, transporte e distribución; medios de comunicación/audiovisuais, saúde, servizos a empresas, venda retalista e xestión ambiental.

<sup>86</sup> Non mostraron nengunha expectativa as que traballaban en agricultura, gandería, pesca, silvicultura e forestal; consultoría, enerxía e utilities, farmacéutica e téxtil e confección.

<sup>87</sup> Consultoría, investigación; papel, gráficas, edición e reprodución; servizos informáticos, telecomunicacións e téxtil e confección

<sup>88</sup> Banca e seguros, construción naval, enerxía e utilities, farmacéutico; industria química, plástico, vidro e envases; loxística, transporte e distribución; outras actividades sociais, servizos a empresas e venda retalista

<sup>89</sup> En relación á situación socio-laboral previa, as persoas que xa estaban desempregadas procuraron emprego en maior proporción (87,0%) das que perderon o emprego durante a primeira onda da pandemia (78,1%).

- Xénero: Procuraron en maior proporción homes (82,0%) que mulleres (78,2%).
- Lugar de residencia: A procura de emprego foi total nos residentes no estranxeiro, ben como o 78,6% dos que o fan Galicia e o 59,1% noutra Comunidade Autónoma.

### 3.3 Impacto no modo de traballo

#### 3.3.1 Modalidade de traballo durante o confinamento

A porcentaxe de persoas tituladas empregadas que traballaron no seu lugar habitual (ben con “normalidade” ou con “horarios especiais”) ascende ao 34,1%, ficando 20 puntos abaixo das que teletraballaron ou fixeron traballo remoto (54,0%). A combinación de traballo remoto e outra modalidade (traballo presencial e/ou ERTE parcial) incumbe o 2,6% das persoas tituladas.

As persoas inquiridas incluídas en ERTE representan o 5,7% de todos os empregados/as. Como demostraron outros estudos demoscópicos sobre este asunto, esta situación afecta en particular aos que carecen de estudos universitarios.

Os empregados que atravesaron a crise en casa sen desempeñar unha actividade laboral, por estaren de baixa (1,6%), de vacacións (0,2%), en casa sen teletraballar (0,7%) ou porque suspenderon a súa actividade económica (1,3%), alcanza o 3,8%.

En definitiva, entre os inquiridos que traballan, o grupo maioritario (54,0%) está formado polos que o fan desde casa (teletraballo), seguido polos que traballan no seu lugar habitual (34,1%). Un 5,7% está en ERTE e o 3,8% permaneceu en casa sen desempeñar unha actividade laboral.

- Xénero: Non existen diferenzas estatisticamente significativas na proporción de homes (54,8%) e mulleres (53,3%) que traballaron desde casa. Porén, é significativa a maior proporción de mulleres que permaneceron en casa sen actividade laboral (5,0% contra 2,5% de homes).
- Lugar de traballo: O teletraballo das persoas tituladas que traballan no estranxeiro (73,0%) foi superior á dos que traballan noutra Comunidade Autónoma (69,1%) e en Galicia (50,4%). En Galicia foi máis alto o traballo presencial (39,2%) que noutra Comunidade Autónoma (23,4%) e no estranxeiro (22,6%), as persoas en ERTE (6,1% contra o 2,7% no estranxeiro) e en casa sen actividade laboral (4,3% contra o 1,7% no estranxeiro).

#### Galicia

- Provincias: O teletraballo só foi maioritario na Coruña (55,6% contra os mínimos de 39,7% en Lugo e 45,4% en Ourense) e o traballo presencial tivo as taxas máis altas en Lugo (44,1%) e Ourense (43,0%).
- Comarcas: O teletraballo foi total nas comarcas de Arzúa e Fisterra, alcanzando proporcións predominantes na Paradanta (85,7%), Viana (75,0%), Santiago (60,9%), A Coruña (60,2%), Eume (57,1%), Ferrol (52,0%), Vigo (51,0%), Ourense (50,9%), Barcala, Mariña Central, Mariña Occidental, Bergantiños, Chantada e Terra de Melide (50,0% cada una).

Outras Comunidades Autónomas: Mentres que o teletraballo foi maioritario na Rexión de Murcia (75,0%), Comunidade de Madrid (74,7%), Comunidade Valenciana (73,3%), Cantabria (71,4%) e Cataluña (70,0%) o traballo presencial só foi maioritario en Navarra (57,1%), alcanzando rexistros considerábeis en Castela-A Mancha e Illas Canarias (42,9%), Illas Baleares (40,0%) e País Basco (38,9%).

Resto do mundo: O teletraballo foi o único modo de traballo en 23 dos 46 países con presenza de egresados/as da UVigo, destacando México (88,9%), EUA (85,7%), Francia (81,3%), Países Baixos (76,9%), Chile e Perú (75,0% ambos), Reino Unido (57,3%), Portugal (62,9%), Alemaña (61,4%), Colombia (60,0%), China, Ecuador, Polonia e Suecia (50,0% cada un). Polo contrario, o traballo presencial foi total en Finlandia, Moçambique, Tailandia e Turquía, con frecuencias notábeis en Arxentina (80,0%), China, Ecuador, Polonia e Suecia (50,0% cada un), Suíza (46,7%), Colombia (40,0%), Reino Unido (26,9%), Portugal (25,7%) e Chile (25,0%).

- Rama de actividade: O teletraballo foi maioritario no ámbito público (64,3%) e entidades non lucrativas (56,7%), alcanzando a case metade (48,9%) na empresa privada. O traballo presencial oscila entre un máximo de 36,4% na empresa privada, 34,0% nas entidades non lucrativas e 29,8% no sector público. Os ERTes foron máis frecuentes na empresa privada (8,4%) que nas entidades non lucrativas (4,3%).
- Categoría profesional: O teletraballo xeneralizouse entre técnicos/as intermedios/as (57,5%) e mandos intermedios (57,5%) contra o mínimo de empregados/as non cualificados/as (29,5%). As categorías de directivas (49,0%) e empregados/as non cualificados/as (49,3%) realizaron traballo presencial con maior frecuencia. Entre os empregados/as con empregos non cualificados foi significativa a frecuencia de ERTE (13,0%) e en casa sen actividade (5,5%).
- Tamaño da empresa: En xeral, a implantación do teletraballo é directamente proporcional ao tamaño da empresa, alcanzando o 63,5% nas empresas con 1000 ou máis empregados/as contra o 27,6% nas empresas individuais e 29,6% nas microempresas. É estatisticamente significativa a presenza de ERTes nas microempresas (11,8%) e a suspensión da actividade laboral nas empresas individuais (12,6%).

### **3.3.2 Experiencia previa de teletraballo**

Antes da emerxencia desta crise, a maioría de persoas tituladas (60,8%) carecía de experiencia previa na realización do teletraballo ou traballo remoto.

- Xénero: Existen diferenzas estatisticamente significativas, sendo superior a experiencia previa de homes (49,9%) que de mulleres (31,1%).
- Lugar de traballo: Antes da emerxencia desta crise, o teletraballo estaba máis implantado entre as persoas tituladas que traballan no estranxeiro (64,6%) e noutras Comunidades Autónomas (45,1%) que en Galicia (32,1%).
- Rama de actividade: O teletraballo estaba máis estendido na empresa privada (28,8%) que no ámbito público (25,5%) e nas entidades sen ánimo de lucro (25,9%).

- Sector económico: O teletraballo xa fora experimentado previamente pola totalidade das persoas que traballan en xestión ambiental e, de forma predominante, nos sectores aeroespacial (72,7%), servizos profesionais (69,6%), enerxía e utilities (68,2%), telecomunicacións/IT (67,6%), servizos informáticos (63,8%), sanitario/saúde (60,7%) e consultoría (60,0%). Porén, carecían de experiencia previa as persoas tituladas que traballan en sectores como a madeira, minaría, turismo e restauración/HORECA e venda maiorista.
- Tamaño da empresa: O teletraballo estaba máis estendido nas empresas individuais (69,7%) e microempresas (53,8%), máis nas empresas medianas (37,0%) que nas pequenas (26,6%) e nas empresas con máis de 1000 traballadores/as (45,4%) que nas comprendidas entre 250 e 999 (31,5%).

### 3.3.3 Axudas públicas por suspensión de actividade

A maioría de persoas inquiridas que tiveron que suspender a súa actividade<sup>90</sup> durante a primeira onda da pandemia (53,3%) contou con axudas concedidas polas administracións públicas, sendo levemente superior as recibidas polos homes (57,1%) que polas mulleres (50%).

- Lugar de traballo: Percibiron estas axudas a totalidade das persoas tituladas da UVigo que o precisaron noutras Comunidades Autónomas, máis da metade (54,2%) en Galicia e o 33,3% das emigradas ao estranxeiro.
- Sector económico: Foron beneficiadas a totalidade das persoas tituladas da UVigo nos sectores da construción, sanitario/saúde e turismo e restauración, ben como a maioría do ensino/docencia (71,4%), actividades deportivas, servizos centrais da administración pública, consultoría, servizos profesionais e venda retalista (50,0% cada un). Non recibiu ningún tipo de axuda a totalidade das persoas tituladas que traballan noutras actividades sociais e servizos a empresas.
- Tamaño da empresa: A maioría que recibiu estas axudas traballan en microempresas (60,0%), empresas individuais (26,7%), medianas empresas e grandes empresas con máis de 1000 empregados (6,7% ambas).

### 3.3.4 Medidas adoptadas polas empresas para combater a Covid-19

Directivos e mandos intermedios que participaron na enquisa foron inquiridos sobre as medidas que tiveron que adoptar para encarar a Covid-19 no seo das organizacións en que traballan.

#### 3.3.4.1 Necesidade de adoptar medidas

O 84,1% tivo que aplicar algún tipo de medida organizativa na empresa/entidade en que traballan para encarar a primeira onda da pandemia de Covid-19.

- Xénero: É superior a proporción de homes (84,9%) que de mulleres (80,7%).

---

<sup>90</sup> A suspensión de actividade afectou ao 1,3% das persoas tituladas que participaron neste estudo (1,2% de homes contra 1,4% de mulleres)



- Lugar de traballo: Non existen diferenzas estatisticamente significativas, oscilando entre o 82,6% en Galicia, 82,4% noutras Comunidades Autónomas e o 84,1% no estranxeiro.
- Rama de actividade: As entidades non lucrativas precisaron tomar medidas de tipo organizativo en maior proporción (94,4%) que as do ámbito público (88,6%) e da empresa privada (80,3%).
- Sector económico: En 7 dos 35 sectores avaliados<sup>91</sup> a totalidade de directivos e mandos intermedios tiveron que tomar medidas organizativas. As maiores necesidades rexistráronse na automoción (96,7%); industria química, plástico, vidro e envases (91,7%), venda retalista (90,5%), servizos centrais da administración pública (88,7%), construción (88,2%), ensino/docencia (87,7%), téxtil e confección (86,7%), investigación (86,4%), defensa e seguranza e farmacéutica (95,7% ambos) e outras actividades sociais (85%). Os rexistros máis baixos producíronse nos servizos profesionais (59,1%); agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal e papel, gráficas, edición e reprodución (60,0% ambos), servizos informáticos (60,9%), madeira (62,5%) e cultura e lecer (66,7%).
- Tamaño da empresa: A necesidade foi maior nas medianas empresas (89,0%), empresas grandes (87,9% entre 250-999 empregados/as e 86,5% con mil ou máis empregados/as), contra as microempresas (77,6%) e empresas individuais (50,0%).

### **3.3.4.2 Tipoloxía das medidas adoptadas**

Entre as medidas adoptadas destacan a aplicación do teletraballo/traballo remoto (82,6%), seguida pola restrición de viaxes e reunións presenciais (56,7%), intensificar a seguridade e hixiene (55,7%), flexibilidade de horarios e quendas do persoal (50,4%) e medidas formativas e informativas (48,2%).

A máis distancia, a aplicación de confinamentos preventivos a empregados afectados (28,0%) e aplicar ERTes (27,6%).

En menor proporción, destacan a procura de provedores alternativos (6,9%), reforzo/contratación de persoal (5,8%), procurar clientes alternativos (5,6%), desvío da produción a outro lugar (1,5%) e suspensión da actividade (1,1%).

- Categoría profesional: Entre directivos/as predominou a restrición de viaxes e reunións presenciais (63,2% contra 53,8% de mandos intermedios), seguridade e hixiene/intensificar a PRL (61,4% contra 53,2%), flexibilidade de horarios e quendas do persoal (55,4% contra 48,1%), medidas informativas e formativas (52,1% contra 46,8%), aplicar ERTes (31,8% contra 25,5%), procurar clientes alternativos (10,0% contra 3,3%), procurar provedores alternativos (8,9% contra 5,9%), reforzo e contratación de persoal (7,5% contra 4,9%), deslocalización da produción (1,4% contra 1,0%). Entre mandos intermedios foi máis frecuente aplicar o teletraballo ou traballo remoto (83,1% contra 81,5% de directivos/as), aplicar cuarentenas preventivas para empregados/as afectados/as (29,9% contra 25,0%).

---

<sup>91</sup> Actividades deportivas, aeroespacial, construción naval, minaría, turismo e restauración, venda maiorista e xestión ambiental.

- Lugar de traballo:

Galicia: Foi máis frecuente a aplicación de ERTes (29,2%).

Outras Comunidades Autónomas: Houbo máis frecuencia en aplicación do teletraballo (89,3%), medidas informativas e formativas (60,7%), flexibilidade de horarios e quendas do persoal (57,4%), cuarentenas preventivas para empregados afectados (45,9%) e reforzo/contratación de persoal (7,4%).

Resto do mundo: Destaca a aplicación da seguraza e hixiene (57,9%), a restrición de viaxes e reunións presenciais (67,3%), procurar fornecedores alternativos (8,4%), procurar clientes alternativos (9,3%) e deslocalizar a produción (1,9%).

- Rama de actividade: Na empresa privada predomina a aplicación de medidas como a restrición de viaxes e reunións presenciais (63,2%), a aplicación de ERTes (36,4%) e procurar clientes alternativos (7,6%). As entidades non lucrativas rexistraron máis frecuencia na adopción do teletraballo/traballo remoto (88,2%), seguraza e hixiene/intensificar a PRL (61,8%), medidas informativas e formativas (58,8%), flexibilidade de horarios e quendas do persoal (67,6%), corentena preventiva para empregados/as afectados/as (29,4%), procurar fornecedores alternativos (14,7%), reforzo/contratación de persoal (8,8%) e desvío da produción a outro lugar (2,9%). O ámbito público presenta a menor proporción de todas as medidas organizativas avaliadas.

- Sectores económicos:

Medida adoptada	Sector económico	
	Valores máximos	Valores mínimos
Aplicar o teletraballo	Aeroespacial, banca e seguros; papel, gráficas, edición e reprodución, servizos informáticos e venda maiorista (100,0%) Telecomunicacións (97,2%) Consultoría (94,5%) Medios de comunicación/audiovisuais (91,7%) Servizos centrais da administración pública (91,5%).	Turismo e restauración (46,2%) Sanitario/saúde (56,4%) Madeira (60%) Téxtil e confección (61,5%) Outras actividades sociais (64,7%)
Restrición de viaxes e reunión presenciais	Metalurxia e eléctrico (84,6%) Loxística, transporte e distribución (78,9%) Consultoría (76,9%) Enxeñaría (76,0%) Telecomunicacións (75,0%)	Farmacéutico (16,7%) Ensin/docencia (29,8%) Servizos centrais da administración pública (29,8%) Turismo e restauración (30,8%)
Intensificar seguranza e hixiene/PRL	Aeroespacial e venda maiorista (100,0%) Metalurxia e eléctrico (88,5%) Alimentación (85,1%) Madeira (80,0%)	Ensin (29,8%) Banca e seguros (36,1%) Turismo e restauración (38,5%).
Flexibilización de horarios e quendas de persoal	Aeroespacial (100,0%) Metalúrxico e eléctrico (80,8%) Madeira (80,0%)	Turismo e restauración (23,1%) Ensin (27,2%) Servizos profesionais (34,6%) Industria química, plástico, vidro e envases (36,4%) Banca e seguros (38,9%) Construción (40,0%)
Medidas informativas e formativas	Madeira (80,0%) Alimentación (70,2%) Metalúrxico e eléctrico (69,2%) Venda retallista (68,4%) Aeroespacial (66,7%) Farmacéutica (66,7%) Papel, gráficas, edición e reprodución (66,7%)	Servizos profesionais (23,1%) Ensin (24,6%) Banca e seguros (30,6%) Agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal (33,3%)
Cuarentenas preventivas para empregados afectados	Madeira (80,0%) Saúde (51,3%) Defensa e seguranza (50,0%) Venda maiorista (50,0%)	Servizos informáticos (0,0%) Servizos profesionais (7,7%) Ensin (9,6%) Turismo e restauración (15,4%) Consultoría (17,9%) Metalúrxico e eléctrico (19,2%)
Aplicar ERTE	Venda maiorista (100,0%) Automoción (83,1%) Venta retallista (73,7%) Téxtil e da confección (69,2%) Madeira (60,0%)	Banca e seguros, farmacéutico e servizos centrais da administración pública (0%) Investigación (10,5%) Servizos informáticos (14,3%) Alimentación (14,9%).

Medida adoptada	Sector económico	
	Valores máximos	Valores mínimos
Procura de fornecedores alternativos	Venda maiorista (50,0%), Farmacéutico (33,3%) Papel, gráficas, edición e reprodución (33,3%)	Non foi implementada en cinco sectores <sup>92</sup> Ensino (1,8%) Servizos centrais da administración pública (2,1%) Telecomunicacións/IT (2,8%) Automoción (3,4%)
Reforzo/ contratación de persoal	Papel, gráficas, edición e reprodución (33,3%) Sanitario (30,8%) Madeira (20%).	Nulo en 11 sectores <sup>93</sup> Ensino (0,9%) Automoción (1,7%) Consultoría (2,6%) Servizos profesionais (3,8%) Metalúrxico e eléctrico (3,8%)
Procura de clientes alternativos	Venda maiorista (50,0%) Aeroespacial (33,3%) Turismo e restauración (23,1%) Consultoría (20,5%) Madeira (2,00%).	Banca e seguros (2,8%) Automoción (3,4%) Ensino (3,5%) Metalúrxico e eléctrico (3,8%) Enxeñaría (4%)
Desvío da produción	Madeira (20,0%) Téxtil e confección (15,4%) Medios de comunicación e audiovisuais (8,3%) Investigación (5,3%)	Ensino (1,8%) Alimentación (2,1%) Saúde (2,6%) Metalúrxico e eléctrico (3,8%) Enxeñaría (4,0%)

- Tamaño da empresa: Nas grandes empresas cun persoal entre 250-999 empregados/as foi máis frecuente a aplicación do teletraballo (88,3%), a restrición de viaxes e reunións presenciais (70,9%), a seguranza e hixiene/intensificación da PRL (68%), a flexibilización de horarios e quendas do persoal (65,0%), medidas informativas e formativas (59,2%), ERTes (46,6%) e cuarentenas preventivas para empregados/as afectados (45,6%). Nas grandes empresas con máis de 1000 empregados/as tamén predomina a aplicación do teletraballo (88,3%) e a procura de fornecedores alternativos (9,0%). As medianas empresas son as que en máis proporción reforzaron a súa estrutura coa contratación de persoal (9,2%) contra a nula contratación das empresas individuais e microempresas (1,0%). As empresas individuais foron as que máis frecuentemente desviaron a súa produción a outro lugar (7,7%) e procuraron clientes alternativos (11,5%).

### 3.3.4.3 Responsabilidade na adopción de medidas

A responsabilidade de mandos intermedios e directivos recaeu na súa implantación (34,1%) e de-  
seño e planificación (31,5%). Un 34,4% referiu non ter ningunha responsabilidade.

<sup>92)</sup> Aeroespacial, banca e seguros, consultoría, madeira e turismo e restauración

<sup>93)</sup> Agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal; aeroespacial, banca e seguros, construción, defensa e seguranza, enerxía e utilities, farmacéutica, investigación, medios de comunicación/audiovisuais, venda retailista e lóxística, transporte e distribución

- Xénero: Nos homes foi máis frecuente o deseño e planificación das medidas organizativas adoptadas no seo das empresas/entidades (34,9% contra o 27,9% das mulleres) mentres que, entre as mulleres, é máis frecuente a ausencia de calquera tipo de responsabilidade (38,5% contra o 30,4% de homes).
- Categoría profesional: O grao de responsabilidade de directivos/as na adopción das medidas organizativas no seo das empresas/entidades foi maioritario no que respecta ao seu deseño e planificación (53,8%), seguida pola implantación (35,0%). Case a metade (46,6%) de mandos intermedios non tivo calquera participación, recaendo neles principalmente a implantación (33,8%) e deseño e planificación (19,6%) desas medidas adoptadas.
- Lugar de traballo: As persoas tituladas noutra Comunidade Autónoma (43,4%) e no estranxeiro (37,4%) alegaron en maior proporción carecer de responsabilidade na adopción das medidas organizativas. O deseño e planificación foi máis frecuente entre os titulados/as que traballan en Galicia (34,0%) e a implantación das medidas adoptadas entre as que traballan noutras Comunidades Autónomas (36,1%).

## **4. Percepción sobre impacto da Covid-19 no emprego e a economía**

### **4.1 Impacto no emprego**

- O maior temor entre as persoas tituladas é que a pandemia provoque unha perda do poder adquisitivo: o 25,3% a unha redución salarial transitoria<sup>94</sup> e 14,2% de forma estábel<sup>95</sup>.
- O temor ao peche da empresa/organización en que traballan é máis alto no curto prazo (7,0%) que no longo (3,4%).
- O temor a perder o emprego é levemente superior no curto prazo (6,5%) a que se produza de forma permanente (6,1%).

### **4.2 Impacto na economía**

- A maioría das persoas inquiridas (56,1%) acha que o impacto desta crise na economía será negativo e duradeiro, un 40,1% que será pasaxeiro e un 3,9% que terá pouco impacto.
- Sobre a posibilidade de que unha crise como a experimentada entre marzo e xuño por causa da Covid-19 se repita nun prazo breve de tempo, a opinión maioritaria (63,8%) é que no futuro inmediato volte a haber unha crise como esta. O 23,0% ten dúbida sobre esta hipótese. Esta percepción é máis frecuente en mulleres (65,0%) que en homes (62,1%).
- Perante a posibilidade dunha reprodución da crise por Covid-19, unha maioría de 59,2% contra 28,8% confía en que o país en que vive estará mellor preparado para afrontala.
- Aínda que unha maioría (72,4%) afirma que a situación económica do seu fogar non se viu alterada, un 24,5% declara que empeorou, proporción que é significativamente máis alta en mulleres (27,3%) que en homes (20,4%).
- A maioría de persoas inquiridas (66,7%) acha que a situación económica do seu fogar non vai mellorar nos próximos meses.

<sup>94</sup> Temor a unha redución salarial durante o tempo que dure a crise.

<sup>95</sup> Temor a unha redución salarial permanente.



## BIBLIOGRAFÍA

*Estudo sobre a situación profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo. Promocións de 1990-2015.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Observatorio e Persoas Tituladas da Universidade de Vigo. Consello Social-Universidade de Vigo (2018)

*100 titulacións da Universidade de Vigo (1990-2015). Formación complementar e especialización profesional das persoas tituladas.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Observatorio e Persoas Tituladas da Universidade de Vigo. Consello Social-Universidade de Vigo (2019)

*71.487 persoas tituladas da Universidade de Vigo (1990-2015). Evolución da oferta académica.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo. Consello Social-Universidade de Vigo (2017)

*Estudo sobre a situación profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo. Promocións de 2005-2010.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Consello Social-Universidade de Vigo (2015)

*Estudo sobre a experiencia académica e profesional das persoas tituladas da UVigo.* Promocións de 2008 e 2009. Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Consello Social-Universidade de Vigo (2014)

*Estudo sobre a experiencia académica e profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo.* Promocións de 2006 e 2007. Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Consello Social-Universidade de Vigo (2013)





# ANEXOS



## Anexo 1: Países de destino das persoas tituladas da UVigo

A seguinte lista mostra os países de destino das persoas tituladas da UVigo que viven ou traballan no estranxeiro rexistradas na Base de Datos do Observatorio

### ÁFRICA

10 países e un territorio dependente da Francia no continente africano son o lugar de residencia/traballo das persoas tituladas da UVigo.

- África do Sul
- Arxelia
- Gana
- Guiné Bissau
- Illa de Reunión (Francia)
- Marrocos
- Mozambique
- Namibia
- Quenia
- Tunisia

### AMÉRICA

19 países da América son o lugar de residencia/traballo das persoas tituladas da UVigo.

- Arxentina
- Barbados
- Bolivia
- Brasil
- Canadá
- Chile
- Colombia
- Cuba
- Ecuador
- Estados Unidos
- México
- Nicaragua
- O Salvador
- Panamá
- Paraguai

- Perú
- República Dominicana
- Uruguai
- Venezuela

### ASIA

11 países e un territorio (Taiwán) dependente da China son o lugar de residencia/traballo das persoas tituladas da UVigo.

- Bangladesh
- Catar
- Casaquistán
- China
- Emirados Árabes Unidos
- India
- Indonesia
- Israel
- Singapura
- Tailandia
- Taiwán (China)
- Xapón

### EUROPA

30 países da Europa son o lugar de residencia/traballo das persoas tituladas da UVigo.

- Alemaña
- Andorra
- Austria
- Bélxica
- Bulgaria
- Chequia
- Croacia
- Dinamarca
- Eslovaquia

- Estonia
- Finlandia
- Francia
- Grecia
- Hungría
- Irlanda
- Islandia
- Italia
- Lituania
- Luxemburgo
- Malta
- Noruega
- Países Baixos
- Polonia
- Portugal
- Reino Unido
- Romanía
- Rusia
- Suecia
- Suíza
- Xeorxia

### OCEANÍA

2 países e un territorio francés son o lugar de residencia/traballo das persoas tituladas da UVigo.

- Australia
- Papúa Nova-Guiné
- Territorio das Illas Wallis e Futuna (Francia)

## Anexo 2: Texto tipo da solicitude de colaboración enviada ás persoas tituladas da UVigo no estranxeiro

Asunto: Experiencia sobre a actual crise por Covid-19 en Canadá

Prezada/o titulada/o,

O Observatorio, proxecto da UVigo realizado coa colaboración do seu Consello Social<sup>1</sup>, conta cunha Rede de persoas tituladas da que forman parte máis de 13.100 persoas repartidas por 70 países dos cinco continentes e de todas as promocións e titulacións impartidas na UVigo. Para nós as persoas tituladas que se encontran fóra de Galicia serven tanto de embaixadores/as alí onde traballan como de antenas de visualización para identificar oportunidades para a comunidade UVigo.

Por iso, conscientes da situación derivada da actual crise mundial por COVID-19 e, mesmo antes da declaración da situación de emerxencia sanitaria en Galicia pola Xunta o pasado día 13 e do Estado de Alarma polo Goberno central o día 14, decidimos recorrer a ese "Corpo Diplomático" e contactar coas persoas tituladas da UVigo que viven e traballan no estranxeiro para que, cunha breve "crónica" ou reporte, nos informen sobre a súa situación nos seus países de destino. Neste link podes ver todas as crónicas recibidas até agora:

> Corpo Diplomático da UVigo<sup>2</sup>

Contactamos persoalmente contigo xa que, na Base de Datos do Observatorio de Persoas Tituladas da UVigo, aparece que traballabas no Canadá entre 2016-17.

Por iso, SOLICITAMOS A TÚA COLABORACION

Se aínda resides e/ou traballas no Canadá agradeceríamos que, como antiga/o alumna/o da UVigo, nos trasladases por escrito unha breve "crónica" de como estás a vivir o proceso do punto de vista persoal e profesional e, dadas as circunstancias específicas, como

<sup>1</sup> <https://consellosocial.uvigo.gal/>

<sup>2</sup> <https://corpodiplomaticouvigo.blogspot.com/>

<sup>3</sup> <https://www.linkedin.com/company/observatorio-uvigo>

está evolucionando a situación no momento actual.

- Extensión máxima: 500 palabras (unha folla de Word)
- Enderezo de envío: [observatorio.egresados@uvigo.es](mailto:observatorio.egresados@uvigo.es) (responder este e-mail)

Igualmente, se así o desexas, desde o Observatorio de Persoas Tituladas da UVigo daríamos difusión á túa experiencia na nosa Páxina Web e Páxina de LinkedIn. Para iso precisaríamos o teu consentimento expreso, a fin de publicar os teus datos identificativos:

- Datos mínimos (obrigatorio): nome, un dos seus apelidos e titulación realizada na UVigo
- Outros datos (opcional): perfil de LinkedIn, ano de graduación, ocupación actual, categoría profesional, empresa,... (o que vostede decida!)

En definitiva, trátase de que nos facilites unha información sobre o país en que te encontras contrastada pola túa experiencia como titulado/a da UVigo.

Se a túa situación cambiou e xa non vives nen traballas no Canadá, agradeceríamos que actualizases os teus datos de contacto da nosa Rede cubrindo o seguinte formulario:

<http://observatorio.egresados.webs.uvigo.es/observatorio/rede/>

Tamén podes seguirmos a través da nosa Páxina de LinkedIn<sup>3</sup>.

Co desexo de que te encontres ben e en lugar seguro e, esperando contar coa túa colaboración, recibe un cordial saúdo,

Atentamente,  
Luis Espada Recarey  
Director do Observatorio

### Anexo 3: Listado das persoas tituladas da UVigo que participaron na iniciativa do Corpo Diplomático

Nome e apelido(s)	Data	Cidade/rexión	País
Lidia Giraudo	13/3	Turín	Italia
Mariana Toussaint	16/3	Roma	Italia
Alejandro Cadarso	19/3	Milán	Italia
Pablo Fernández Medina	20/3	Cambridge	Reino Unido
Aloia Romaní	20/3	Braga	Portugal
Germán Pérez-Sánchez	21/3	Aveiro	Portugal
Eva Macía	21/3	Wolverhampton	Reino Unido
Martín Fernández	21/3	Ontario	EUA
Sandra Lois Peón	23/2	Londres	Reino Unido
José Peiro Crespo	23/3	Norwich	Reino Unido
Hélder Antunes	23/3	Mesão Frio	Portugal
Gonzalo Bello	24/3	Beira	Moçambique
Guillermo Suárez	25/3	MunIQUE	Alemaña
Fabiana López Peleteiro	25/3	Londres	Reino Unido
Gloria Alonso	25/3	Berlín	Alemaña
Martín Rojas	25/3	Berlín	Alemaña
Roque Campos Parada	26/3	Leverkusen	Alemaña
Pablo Lores Lareo	26/3	Berlín	Alemaña
María J. Moldes	26/3	Londres	Alemaña
Romina Arjolekas	28/2	Frankfurt	Alemaña
Inés Areal	28/3	Düsseldorf	Alemaña
Bernard Comesaña	28/3	Miami	EUA
Yolanda Álvarez	30/3	Berlín	Alemaña
Iago Vázquez	31/3	Bremerhaven	Alemaña
Ana Carracelas Estévez	1/4	Osnabrück	Alemaña
Jorge Sánchez Borque	1/4	Stavanger	Noruega
Diego Campos Seijo	2/4	Colonia	Alemaña
Ángel Álvarez Pardiñas	2/4	Trondheim	Noruega
Isabel Rodríguez	2/4	Amsterdam	Países Baixos
Nuria Sánchez	3/4	Gante	Bélxica
Sonia Bellón Rico	3/4	Sydney	Australia
Juan Álvarez González	3/4	Toquio	Xapón
Manuel Montes Martín-Mateos	3/4	Farsund	Noruega
Robin Covelo Otero	6/4	Dublín	Irlanda
Miguel Ángel Varela Sánchez	6/4	Bruxelas	Bélxica
María de las Nieves Domínguez-González	7/4	Ontario	Canadá

Nome e apelido(s)	Data	Cidade/rexión	País
Manuel Gesto Rodríguez	7/4	Hjørring	Dinamarca
Carlos Cernadas Carrera	7/4	Belém	Brasil
Paula Rivas	8/4	Praga	Chequia
Mar Vicente	8/4	Viena	Austria
José Couceiro	9/4	Skellefteå	Suecia
Víctor Gómez	10/4	Amazonas	Perú
Rocío Álvarez López	11/4	Santa Maria da Feira	Portugal
María Perujo Lavín	13/4	Cidade de México	México
Alejandra Santiago Veiga	13/4	Belfast	Reino Unido
Javier Caprarelli Rodríguez	13/4	Buenos Aires	Arxentina
Alba Iglesias Alonso	13/4	Portsmouth	Reino Unido
Ricardo Losada Mateo	14/4	Aarhus	Dinamarca
Jhan Herrera Pérez	15/4	Barranquilla	Colombia
Silvia Gómez	15/4	Valparaíso	Chile
Alberto Álvarez Besada	16/4	Bogotá DC	Colombia
Ye Rodríguez	16/4	Illa de Reunión	Francia
Ángel Catalina Rubianes	21/4	Bruxelas	Bélxica
Juan Pablo López Aguilar	22/4	Quito	Ecuador
Cristian Javier López	25/4	Santa Catarina	Brasil
Guillermo Pérez Gómez	13/5	Viena	Austria
Eva Prieto Arbor	13/5	Londres	Reino Unido
Constantino Rodríguez	19/5	Varsovia	Polonia
Maria de Fátima Rodrigues da Torre	21/5	Chaves	Portugal

## Anexo 4: Cuestionario aplicado

### ENQUISA DE IMPACTO DA ACTUAL CRISE POR COVID-19 SOBRE A INSERCIÓN LABORAL

No Observatorio de Persoas Tituladas queremos coñecer o alcance do impacto laboral da actual crise por Covid-19 entre os Antigos Estudantes da UVigo de todas as titulacións e promocións.

Para iso, solicitamos a túa colaboración e agradeceríamos que respondeses esta Enquisa.

Comezamos!

\* Pregunta obrigatoria

### INFORMACIÓN INTRODUTORIA

1. Nome\*

2. Primeiro Apelido\*

3. Segundo Apelido\*

4. Xénero (marca só unha resposta)

- Home
- Muller

### LUGAR DE RESIDENCIA ACTUAL:

5. Localidade\*

Indique a poboación/localidade da súa residencia actual

6. Código Postal\*

7. País

### FORMACIÓN UNIVERSITARIA

Datos sobre a titulación PRINCIPAL obtida na UVigo (a que ten máis relación co seu perfil profesional)

8. Tipo de Título\* (marca só unha opción)

- Diplomatura/Enxeñaría Técnica
- Licenciatura/Enxeñaría Superior
- Grao
- Mestrado
- Doutoramento

9. Titulación principal obtida\*

Indique o nome da titulación referida na pregunta anterior (por ex., Enxeñaría Industrial, Tradución e Interpretación...)

10. Campus\*:

Indique o Campus da UVigo en que obtivo o título indicado na pregunta anterior (marca só unha opción)

- Ourense
- Pontevedra
- Vigo

11. Ano en que acabou a titulación universitaria\*:

Indique o ano en que completou a titulación referida nas preguntas anteriores

### SITUACIÓN SOCIO-LABORAL PREVIA Á ACTUAL CRISE POR COVID-19

### SITUACIÓN ANTERIOR Á CRISE\*

12. Escolla a opción que mellor describa a súa situación socio-laboral no momento do inicio da actual crise por Covid-19 (marcar só unha opción)

- Emprego por conta allea na empresa privada >> (PASAR A P13)
- Funcionario/traballo para a administración >> (PASAR A P13)
- Traballador/a Autónomo/a >> (PASAR A P15)
- Empresario/a (titular dunha empresa) >> (PASAR A P15)
- Desemprego/procurando emprego >> (PASAR A P15)
- Xubilado/pensionista >> (PASAR A P15)
- Cursar estudos universitarios >> (PASAR A P14)

- Prepara oposicións >> (PASAR A P15)
- Baixa laboral >> (PASAR A P15)
- Coidado familiar >> (PASAR A P15)
- Outra: Indicar cal: >> (PASAR A P15)

13. Tipo de contrato \* (marcar só unha opción)

- Indefinido
- Temporal/eventual
- Por obra/servizo
- En prácticas
- Bolsa
- Sen contrato
- Outro: Indicar cal:

PASAR A P15

14. De que tipo son os estudos que realiza? (marcar só unha opción)

- Grao
- Mestrado
- Doutoramento

PASAR A P15

15. Tempo que levaba na situación socio-laboral

Indique o número de MESES que levaba na situación descrita anteriormente antes do inicio da crise (como empregado/a na empresa privada, funcionario/a, desempregado/a, empresario/a, traballador/a autónomo/a, estudante universitario...)

16. Traballaba no momento do inicio da actual crise por COVID-19?\*

Esta pregunta, como as anteriores, esta referida ao momento inmediatamente anterior ao establecemento das medidas de confinamento e/ou distanciamento social por causa da crise (marcar só unha opción)

- Si
- Non

### CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABAJO

As seguintes preguntas están relacionadas coas características do seu posto de traballo no momento inmediatamente anterior á actual crise por Covid-19

17. Lugar de traballo\*

Indique a poboación ou localidade onde se encontra a empresa/organización en que traballa (independentemente do país en que se encuentre)

18. Provincia/rexión

Indique a provincia ou, no seu defecto, a rexión onde se encontra a empresa/organización en que traballa

19. País

Indique o país onde está a empresa/organización en que traballa no momento do inicio da actual crise por Covid-19

20. Rama de actividade\*

Indique a rama de actividade da empresa/organización/institución en que traballa (marcar só unha opción)

- Empresa privada
- Ámbito público
- Entidade non lucrativa (fundación, ONG, asociación...)

21. Sector económico \*

Indique o sector económico da empresa/organización/institución (marcar só unha opción)

- Administración pública (servizos centrais, Facenda,...)
- Aeroespacial
- Agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal
- Alimentación/Industria alimentaria
- Automoción
- Banca e seguros
- Construción
- Consultoría
- Defensa e seguridade
- Enerxía e utilities
- Ensino
- Enxeñaría
- Farmacéutica
- Industria química, plástico, vidro e envases
- Investigación
- Loxística, transporte e distribución
- Madeira



- Medios de comunicación/Audiovisuais
- Metalurxia e eléctrico
- Outras actividades sociais
- Papel, gráficas, edición e reprodución
- Sanitario
- Servizos a empresas
- Servizos informáticos
- Servizos profesionais
- Telecomunicacións/IT
- Têxtil e confección
- Turismo e restauración
- Venda retalista
- Outro:

22. Categoría do seu posto de traballo\* (marcar só unha opción)

- Técnico/a cualificado/a >> (PASAR A P26)
- Directivo/a >> (PASAR A P23)
- Mando intermedio >> (PASAR A P23)
- Emprego non cualificado >> (PASAR A P26)

### ACTUACIÓNS DURANTE A CRISE POR COVID-19

Este apartado analiza o alcance da intervención realizada por directivos/as e mandos intermedios no seo das organizacións para encarar a crise por Covid-19

23 Tivo que aplicar algunha medida de tipo organizativa na empresa/organización en que traballa? (marcar só unha opción)

- Si >> (PASAR A P24)
- Non >> (PASAR A P26)

24. Que tipo de medidas tivo que realizar no seo da súa empresa?

Escolla as medidas que foron implantadas na súa empresa durante a crise por Covid-19 (Pregunta multirresposta)

- Aplicar ERTE
- Aplicar o teletraballo/traballo remoto
- Cuarentena preventiva para empregados/as afectados/as
- Desvío da produción a outro lugar
- Flexibilidade de horarios e quendas do persoal
- Medidas informativas e formativas

- Procurar clientes alternativos
- Procurar fornecedores alternativos
- Reforzo/Contratación de persoal
- Restrición de viaxes e reunións presenciais
- Seguridade e hixiene/Intensificar PRL
- Ningunha
- Outra: Indicar cal

25. Cal foi a súa responsabilidade na toma destas medidas? (marcar só unha opción)

- Deseño e planificación
- Execución
- Ningunha

26. Área funcional/departamento da empresa en que traballa\*

Indique o departamento en que traballa dentro da súa empresa/organización (marcar só unha opción)

- Administración e finanzas
- Atención ao cliente
- Compras
- Dirección xeral
- Enxeñaría e construción
- Formación e ensino
- I+D+i
- Informática e tecnoloxía
- Loxística e almacén
- Prevención e saúde
- Produción
- Recursos humanos
- Servizos
- Vendas/marketing
- Non existen áreas funcionais diferenciadas na empresa
- Outra: Indicar cal

27. Tamaño da empresa/organización en que traballa  
Indique o número de empregados da empresa/organización en que traballa. No caso dunha empresa con varios centros de traballo, referímonos ao número de traballadores do conxunto da organización (marca só unha opción)

- 1
- 2-9
- 10-49

- 50-249
- 250-999
- 1000 empregados/as ou máis

## SITUACION ACTUAL

Estas preguntas son referidas ao momento actual en que está a responder esta enquisa

28. Traballa na actualidade?\* (marcar só unha opción)

- Non, perdeu o traballo que tiña durante esta crise >> (PASAR A P29)
- Non, xa estaba desempleado/a antes desta crise >> (PASAR A P32)
- Non, segue na mesma situación descrita anteriormente (estudante, xubilado/pensionista, prepara oposicións...) >> (PASAR A P38)
- Si, segue no mesmo emprego/actividade que tiña no inicio desta crise >> (PASAR Á P33)
- Si, encontrou emprego >> (PASAR A P33)
- Si, mudou de emprego >> (PASAR A P33)

29. Cales son as causas do seu desemprego? (marcar só unha opción)

- Por finalización de contrato >> (PASAR A P30)
- Peche do negocio propio >> (PASAR A P31)
- Suspensión de actividade profesional >> (PASAR A P31)
- Outra: Indicar cal:

30. Espera recuperar o emprego no curto prazo? (marcar só unha opción)

- Si
  - Non
- PASAR A P32

31. Espera retomar a súa actividade/negocio no curto prazo? (marcar só unha opción)

- Si
  - Non
- PASAR A P32

32. Buscou emprego durante o período de confinamento ou o está a buscar agora? (marcar só unha opción)

- Si
  - Non
- PASAR A P39

## IMPACTO DO CORONAVIRUS NO EMPREGO

33. Como afectou o coronavirus no seu traballo?\* (marcar só unha opción)

- Está facendo teletraballo/traballo remoto >> (PASAR A P34)
- Traballa con "normalidade" no seu lugar de traballo habitual >> (PASAR A P36)
- Traballa no seu lugar de traballo habitual pero con restricións (horarios especiais, quendas,...) >> (PASAR A P36)
- Está de vacacións >> (PASAR A P36)
- Está en ERTE >> (PASAR A P36)
- Está de baixa, non lle afecta >> (PASAR A P36)
- Suspensión de actividade >> (PASAR A P35)
- Peche de negocio >> (PASAR A P35)
- Está na casa sen teletraballar >> (PASAR A P36)
- Outra: Indicar cal

34. Realizou o teletraballo algunha vez na súa no seu posto de traballo antes desta crise?

Queremos saber se na súa empresa/organización teletraballou (ou traballou por remoto) algunha vez con anterioridade a esta crise (marcar só unha opción)

- Si
  - Non
- PASAR A P36

35. Recibiu algún tipo de axuda por suspensión de actividade? (marcar só unha opción)

- Si
  - Non
- PASAR A P36

## O IMPACTO DA COVID-19 SOBRE O EMPREGO

### AS CONSECUENCIAS DA CRISE SANITARIA SOBRE O EMPREGO

36. Que probabilidade existe de...?

	Nada	Pouca	Bastante	Moita
36.1 Que o meu soldo se reduza durante esta crise				
36.2 Que a empresa/organización na que traballo teña que pechar mentres dure esta crise				
36.3 Que perda o meu emprego durante esta crise				
36.4 Que o meu salario se reduza de forma permanente				
36.5 Que a empresa onde traballo teña que pechar permanentemente				
36.6 Que perda o emprego permanentemente				

37. Houbo algún caso de contaxio por COVID-19 na empresa ou no seu entorno de traballo? (marcar só unha opción)

- Si
- Non

#### O IMPACTO DO COVID-19 NA ECONOMÍA

38. Como cre que está afectando esta crise á economía do lugar onde vive? (marcar só unha opción)

- Impacto negativo e duradeiro
- Impacto negativo, pero pasaxeiro
- Terá pouco impacto

39. Cre probable que no futuro inmediato voltará a haber unha crise como esta? (marcar só unha opción)

- Si
- Non
- NS/NR

40. Cre que o país en que vive estará mellor preparado para afrontala? (marcar só unha opción)

- Si
- Non
- NS/NR

41. Como diría que é hoxe a situación económica do seu fogar? (marcar só unha opción)

- Mellor
- Igual
- Peor

42. Cre que a situación económica do seu fogar mellorará nos próximos meses? (marcar só unha opción)

- Si
- Non
- NS/NR

43. Dirección de correo electrónico\*

44. PREGUNTA ABERTA

Se desexa engadir algún comentario que considere relevante para os fins deste estudo e que non foi suficientemente abordado, por favor fágao a continuación

Consentimento RGPD\* (marcar só unha opción)

Lin e acepto a Política de Privacidade: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

## Anexo 5: Mensaxes de presentación do cuestionario

### PRIMEIRO ENVÍO

Asunto: Impacto laboral da actual crise por Covid-19

Prezada/o titulada/o,

Desde o inicio da actual crise por COVID-19 no Observatorio de Persoas Tituladas interesámonos pola situación do antigo alumnado da UVigo. Así, nun primeiro momento contactamos con todos os titulados/as que viven polo mundo adiante, recollendo, na iniciativa do Corpo Diplomático<sup>4</sup>, as crónicas de 59 persoas sobre súa experiencia persoal e profesional en 27 países dos 5 continentes.

Agora contactamos novamente contigo porque queremos saber o impacto desta crise global sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo. Para iso, solicitamos a túa colaboración cumprimentando a Enquisa que preparamos para coñecer como a situación creada polo virus está a afectar no emprego en aspectos como a implantación do teletraballo, os contratos (aplicación de ERTes), sectores económicos desigualmente atinxidos ou as expectativas sobre o impacto desta crise na economía e no mercado de traballo.

FORMULARIO DA ENQUISA:

- Accede á enquisa<sup>5</sup>

**IMPORTANTE:** Queremos aclarar que na enquisa NON se solicita o nome da empresa/organización en que traballas. Os datos persoais facilitados no consentimento serán tratados baixo a responsabilidade da UVigo para a xestión das finalidades do Observatorio. Ademais, para a análise e tratamento dos datos, realizada baixo a miña dirección, as respostas

recollidas na enquisa non serán asociadas cos únicos datos persoais requiridos (nome, apelidos e correo electrónico).

Co fin de obter unha mostra o máis representativa posible, agradeceríamos que difundises esta enquisa entre os teus colegas e compañeiros/as que estudaron contigo na UVigo. Como en traballos anteriores, os resultados e conclusións finais deste estudo serán publicados e estarán á túa disposición e de toda a comunidade universitaria.

Agradecendo de antemán a túa atención e o teu tempo, quedamos á espera da túa participación.

Recibe un cordial saúdo,  
Luis Espada  
Director do Observatorio

Máis información na Web do Observatorio | Enquisa de impacto da COVID-19 sobre a inserción laboral<sup>6</sup>

### PRIMEIRA REITERACIÓN

Asunto: Solicitamos a túa colaboración (segundo envío)

TEXTO EN ESPAÑOL<sup>7</sup>

Prezado/a titulado/a,

Contactamos novamente contigo para solicitar a túa colaboración para responder o cuestionario sobre o Impacto Laboral da actual crise por COVID-19 nas persoas tituladas da Universidade de Vigo.

Clicando no seguinte link podes acceder ao formulario da enquisa:

<sup>4</sup> <https://corpodiplomaticouvigo.blogspot.com/>

<sup>5</sup> [https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSefogpOjvC8x2dkHrH\\_hlcxTR3efl03LRFqw6Hredp--d9hNQ/closedform](https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSefogpOjvC8x2dkHrH_hlcxTR3efl03LRFqw6Hredp--d9hNQ/closedform)

<sup>6</sup> <http://observatorio.egresados.webs.uvigo.es/enquisa-de-impacto-da-covid-19-sobre-a-insercion-laboral/>

<sup>7</sup> <https://drive.google.com/file/d/1oXIRZXI2PvkVUhlRe4wm-4H5DLWR3CFh/view>

- Cuestionario<sup>8</sup>
- Vídeo-guía da enquisa<sup>9</sup> (en menos de 3 min podes coñecer o tipo de preguntas que vas encontrar)

Importante !

- Os datos persoais facilitados no consentimento serán tratados baixo a responsabilidade da UVigo para a xestión das finalidades do Observatorio segundo o RGPD.
- O tratamento estatístico das respostas, realizado baixo a miña dirección, garante a absoluta confidencialidade: as respostas recollidas na enquisa non serán asociadas cos únicos datos persoais requiridos.
- Conforme á Lei, dispós do dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición a todo dato que te afecte.

Agradecendo moito a túa atención e o teu tempo, quedamos á espera da túa participación.

Recibe un cordial saúdo,  
Luis Espada Recarey  
Director do Observatorio

Máis información na Web do Observatorio | Enquisa de impacto da COVID-19 sobre a inserción laboral<sup>10</sup>

## SEGUNDA REITERACIÓN

Asunto: Solicitamos a túa colaboración (último envío)

TEXTO EN ESPAÑOL<sup>11</sup>

Prezada/o titulada/o,

Ninguén gosta das enquisas pero, neste caso, son necesarias para coñecer o impacto laboral da actual crise por COVID-19 entre as persoas tituladas da UVigo.

Por iso, solicitamos a túa colaboración e agradeceríamos que respondeses o seguinte cuestionario clicando no seguinte link:

- Cuestionario<sup>12</sup>

Este é o terceiro e último envío que realizamos. Esta mensaxe non foi enviada aos antigos alumnos/as que xa responderon a enquisa polo que, se fose o teu caso, non é preciso que o voltes a facer.

Importante !

- Os datos persoais facilitados no consentimento serán tratados baixo a responsabilidade da UVigo para a xestión das finalidades do Observatorio segundo o RGPD.
- O tratamento estatístico das respostas, realizado baixo a miña dirección, garante a absoluta confidencialidade: as respostas recollidas na enquisa non serán asociadas cos únicos datos persoais requiridos.
- Conforme á Lei, dispós do dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición a todo dato que te afecte.

E porque queremos estar máis próximos dos antigos estudantes, temos a nosa páxina de LinkedIn sempre actualizada. E case apostamos que non o sabías e aínda non nos segues, verdade? Pois agora xa non tes desculpa. Clica aquí<sup>13</sup> e comeza a seguirmos para estar informado/a.

Agradecendo moito a túa atención e o teu tempo, quedamos á espera da túa participación.

Recibe un cordial saúdo,  
Luis Espada  
Director do Observatorio

Máis información na Web do Observatorio | Enquisa de impacto da COVID-19 sobre a inserción laboral<sup>14</sup>

<sup>8</sup> [https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSefogpOjvC8x2dkHrH\\_hlcxTR3efI03LRFqw6Hredp--d9hNQ/closedform](https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSefogpOjvC8x2dkHrH_hlcxTR3efI03LRFqw6Hredp--d9hNQ/closedform)

<sup>9</sup> <https://www.youtube.com/watch?v=46q52ZDpydA>

<sup>10</sup> <http://observatorio.egresados.webs.uvigo.es/enquisa-de-impacto-da-covid-19-sobre-a-insercion-laboral/>

<sup>11</sup> <https://drive.google.com/file/d/1K6nksEfzhFkxzv1IU5VYqjNHOHzC-kb3/view>

<sup>12</sup> [https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSefogpOjvC8x2dkHrH\\_hlcxTR3efI03LRFqw6Hredp--d9hNQ/closedform](https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSefogpOjvC8x2dkHrH_hlcxTR3efI03LRFqw6Hredp--d9hNQ/closedform)

<sup>13</sup> <https://www.linkedin.com/company/observatorio-uvigo>

<sup>14</sup> <http://observatorio.egresados.webs.uvigo.es/enquisa-de-impacto-da-covid-19-sobre-a-insercion-laboral/>

## Anexo 6: Persoas tituladas residentes en Galicia por comarcas

Comarca	%
A Baixa Limia	0,16
A Barcala	0,04
A Coruña	5,92
A Limia	0,52
A Mariña Central	0,24
A Mariña Occidental	0,04
A Mariña Oriental	0,04
A Paradanta	0,28
A Terra Chã	0,40
Allariz-Maceda	0,64
Barbanza	1,12
Bergantiños	0,56
Betanzos	0,24
Caldas	0,56
Chantada	0,40
Deza	0,52
Ferrol	1,12
Fisterra	0,04
Lugo	1,32
Meira	0,04
Muros	0,04
Noia	0,48
O Baixo Miño	2,32
O Carballiño	1,56

Comarca	%
O Condado	2,28
O Eume	0,24
O Morrazo	5,40
O Ribeiro	0,44
O Salnés	2,56
O Sar	0,36
Ordes	0,28
Ourense	11,25
Pontevedra	8,49
Quiroga	0,08
Santiago	4,44
Sarria	0,20
Tabeirós-Terra de Montes	0,40
Terra de Caldelas	0,04
Terra de Celanova	0,36
Terra de Lemos	0,60
Terra de Melide	0,04
Terra de Soneira	0,12
Terra de Trives	0,28
Valdeorras	0,68
Verín	0,48
Viana	0,08
Vigo	42,27

## Anexo 7: Persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas por provincias

Provincia	%
Álaba	0,24
Alacante	1,69
Albacete	0,24
Almería	0,24
As Palmas de Gran Canaria	1,93
Asturias	3,14
Ávila	0,48
Barcelona	17,15
Biscaia	1,93
Cáceres	0,72
Cádiz	1,93
Cantabria	1,69
Castellón	0,48
Comunidade de Madrid	44,20
Córdoba	0,24
Cuenca	0,24
Granada	0,48
Guadalaxara	0,24
Guipúscoa	1,93

Provincia	%
Huelva	0,24
Illas Baleares	2,90
León	1,21
Málaga	0,97
Navarra	1,93
Palencia	0,24
Rexión de Murcia	0,97
Salamanca	0,24
Santa Cruz de Tenerife	0,72
Segovia	0,72
Sevilla	2,42
Soria	0,24
Tarragona	0,97
Toledo	0,97
Valencia	2,42
Valladolid	1,93
Xirona	0,24
Zamora	0,97
Zaragoza	0,48

## Anexo 8: Persoas tituladas residentes no resto do mundo por países

País	%
Alemaña	15,8
Andorra	0,3
Arxentina	2,0
Australia	1,3
Bélxica	2,3
Brasil	3,3
Canadá	1,3
Casaquistán	0,3
Chequia	0,7
Chile	1,3
China	0,7
Colombia	1,6
Croacia	0,3
Dinamarca	2,0
Ecuador	1,0
Estonia	0,3
EUA	5,9
Finlandia	0,7
Francia	5,3
Grecia	0,3
Irlanda	2,0
Israel	0,3

País	%
Italia	1,3
Lituania	0,3
Luxemburgo	0,3
Malaisia	0,3
México	3,3
Noruega	1,3
O Salvador	0,3
Países Baixos	3,3
Panamá	0,3
Paraguai	0,3
Perú	2,6
Polonia	1,3
Portugal	10,2
Reino Unido	17,4
República Dominicana	0,3
Singapura	0,3
Suecia	1,3
Suíza	4,9
Tailandia	0,3
Turquía	0,3
Xapón	0,7



## **Anexo 9: Distribución das titulacións por ámbitos académicos**

### **ARTES E HUMANIDADES**

#### **GRAOS**

Belas Artes

Estudos de Galego e Español

Linguas Estranxeiras

Tradución e Interpretación

Xeografía e Historia

#### **LICENCIATURAS**

Belas Artes

Filoloxía Galega

Filoloxía Hispánica

Filoloxía Inglesa

Historia

Tradución e Interpretación

#### **MESTRADOS UNIVERSITARIOS**

Arte Contemporánea. Creación e investigación

Artes Escénicas

Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

Historia, Territorio e Recursos Patrimoniais

Libro Ilustrado e Animación Audiovisual

Lingua e Comunicación nos Negocios

Tradución e Paratradución

Tradución Multimedia

Tradución para a Comunicación Internacional

Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

#### **TÍTULOS PROPIOS**

Deseño Téxtil e Moda

### **CIENCIAS DA SAÚDE**

#### **DIPLOMATURAS**

Enfermaría

Fisioterapia

#### **GRAOS**

Enfermaría

Fisioterapia

### **MESTRADOS UNIVERSITARIOS**

Nutrición

### **CIENTÍFICO**

#### **GRAOS**

Bioloxía

Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos

Ciencias Ambientais

Ciencias do Mar

Química

#### **LICENCIATURAS**

Bioloxía

Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos

Ciencias do Mar

Física

Química

#### **MESTRADOS UNIVERSITARIOS**

Acuicultura

Biotecnoloxía Avanzada

Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar

Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca

Ciencias do Clima

Investigación en Química e Química Industrial

Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida

Neurociencia

Oceanografía

Química Avanzada

### **MULTIDISCIPLINAR**

#### **MESTRADOS UNIVERSITARIOS**

Innovación Industrial e Optimización de Procesos

Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Ba-

charelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas

Técnicas Estatísticas

#### **TÍTULOS PROPIOS**

Sénior

## TECNOLÓXICO

### ENXEÑARÍAS SUPERIORES

Enxeñaría de Minas  
Enxeñaría de Telecomunicación  
Enxeñaría en Informática  
Enxeñaría Industrial

### ENXEÑARÍAS TÉCNICAS

Enxeñaría Técnica Agrícola  
Enxeñaría Técnica de Telecomunicación  
Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión  
Enxeñaría Técnica Forestal  
Enxeñaría Técnica Industrial

### GRAOS

Enxeñaría Agraria  
Enxeñaría da Enerxía  
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación  
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos  
Enxeñaría Eléctrica  
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática  
Enxeñaría en Organización Industrial  
Enxeñaría en Química Industrial  
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais  
Enxeñaría Forestal  
Enxeñaría Informática  
Enxeñaría Mecánica

### MESTRADOS UNIVERSITARIOS

Ciberseguranza  
Consultoría de Software Libre  
Contaminación Industrial  
Dirección e Xestión da Loxística e da Cadea de Subministración  
Enerxía e Sustentabilidade  
Enxeñaría da Automoción  
Enxeñaría da Construción  
Enxeñaría da Edificación e Construcións Industriais  
Enxeñaría de Minas  
Enxeñaría de Telecomunicación  
Enxeñaría Industrial  
Enxeñaría Informática  
Enxeñaría Telemática  
Fotónica e Tecnoloxías do Láser

Matemática Industrial  
Mecatrónica  
Prevenición de Riscos Laborais  
Procesos de Deseño e Fabricación Mecánica  
Procesos e Tecnoloxías na Industria do Automóbil  
Tecnoloxías Avanzadas de Procesos de Deseño e Fabricación Mecánica  
Tecnoloxías para a Protección do Patrimonio Cultural  
Inmóbel  
Teoría do Sinal e Comunicacions

## XURÍDICO-SOCIAL

### DIPLOMATURAS

Ciencias Empresariais  
Educación Social  
Graduado Social  
Mestre/a  
Profesorado de EXB  
Relacións Laborais  
Traballo Social  
Turismo  
Xestión e Administración Pública

### GRAOS

Administración e Dirección de Empresas  
Ciencias da Actividade Física e do Deporte  
Comercio  
Comunicación Audiovisual  
Dereito  
Dirección e Xestión Pública  
Economía  
Educación Infantil  
Educación Primaria  
Educación Social  
Publicidade e Relacións Públicas  
Relacións Laborais e Recursos Humanos  
Traballo Social  
Turismo

### LICENCIATURAS

Administración e Dirección de Empresas  
Ciencias da Actividade Física e do Deporte  
Ciencias Económicas (Sección de Ciencias Económicas e Empresariais)

Ciencias Empresariais (Sección de Ciencias Económicas e Empresariais)  
Comunicación Audiovisual  
Dereito  
Dereito Económico-Empresarial  
Economía  
Psicopedagogía  
Publicidade e Relacións Públicas

#### MESTRADOS

Administración Integrada de Empresas  
Avogacía  
Comercio Internacional  
Creación, Dirección e Innovación na Empresa  
Dereito da Empresa  
Dereito Urbanístico e do Ambiente  
Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos  
Dirección de Arte en Publicidade  
Dirección de PEMES  
Dirección e Administración de Empresas (MBA)  
Dirección e Planeamento do Turismo  
Dirección e Planeamento do Turismo Interior e de Saúde  
Dirección Integrada de Proxectos  
Dirección Pública e Liderado Institucional  
Economía  
Estudos de Xénero  
Finanzas  
Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos  
Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde  
Investigación en Comunicación  
Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social  
Necesidades Específicas de Apoio Educativo  
Ordenación Xurídica do Mercado  
Políticas Comunitarias e Cooperación Territorial  
Xestión do Desenvolvemento Sustentable  
Xestión e Dirección Laboral  
Xestión Empresarial do Deporte

#### TÍTULOS PROPIOS

Ciencias Policiais  
Información Técnica do Medicamento

## Anexo 10: Distribución porcentual dos ámbitos académicos das persoas tituladas residentes en Galicia por comarcas

	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Multidisciplinar	Tecnolóxico	Xurídico-Social
A Baixa Limia	25,0	50,0	0,0	0,0	0,0	25,0
A Barcala	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
A Coruña	13,5	4,7	9,5	0,7	39,9	31,8
A Limia	7,7	7,7	0,0	0,0	0,0	84,6
A Mariña Central	0,0	0,0	16,7	0,0	16,7	66,7
A Mariña Occidental	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0
A Mariña Oriental	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0
A Paradanta	0,0	0,0	0,0	0,0	28,6	71,4
A Terra Chá	20,0	0,0	0,0	0,0	20,0	60,0
Allariz-Maceda	18,8	18,8	12,5	0,0	6,3	43,8
Barbanza	17,9	7,1	3,6	0,0	28,6	42,9
Bergantiños	0,0	14,3	0,0	0,0	57,1	28,6
Betanzos	0,0	16,7	16,7	0,0	33,3	33,3
Caldas	7,1	7,1	7,1	0,0	21,4	57,1
Chantada	0,0	0,0	0,0	0,0	20,0	80,0
Deza	23,1	0,0	0,0	0,0	23,1	53,8
Eume	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0
Ferrol	7,1	7,1	3,6	0,0	28,6	53,6
Fisterra	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0
Lugo	3,0	0,0	3,0	3,0	36,4	54,5
Meira	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Muros	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0
Noia	8,3	8,3	25,0	0,0	25,0	33,3
O Baixo Miño	12,1	5,2	5,2	1,7	15,5	60,3
O Carballiño	7,7	0,0	10,3	0,0	17,9	64,1
O Condado	8,8	5,3	17,5	1,8	22,8	43,9
O Eume	40,0	0,0	0,0	0,0	40,0	20,0
O Morrazo	8,2	5,2	13,4	0,0	23,9	49,3
O Ribeiro	9,1	0,0	0,0	0,0	36,4	54,5
O Salnés	4,7	9,4	9,4	1,6	17,2	57,8
O Sar	11,1	0,0	0,0	0,0	22,2	66,7
Ordes	42,9	0,0	0,0	0,0	57,1	0,0
Ourense	6,4	5,0	6,8	0,4	18,2	63,2
Pontevedra	10,8	7,5	5,2	2,8	24,5	49,1
Quiroga	0,0	0,0	0,0	0,0	50,0	50,0
Santiago	9,0	5,4	8,1	0,9	39,6	36,9
Sarria	0,0	20,0	0,0	0,0	40,0	40,0
Tabeirós-Terra de Montes	10,0	10,0	10,0	0,0	40,0	30,0
Terra de Caldelas	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0
Terra de Celanova	0,0	11,1	0,0	0,0	33,3	55,6
Terra de Lemos	6,7	0,0	0,0	0,0	20,0	73,3

	<b>Artes e Humanidades</b>	<b>Ciencias da Saúde</b>	<b>Científico</b>	<b>Multidisciplinar</b>	<b>Tecnolóxico</b>	<b>Xurídico-Social</b>
Terra de Melide	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0
Terra de So-neira	0,0	0,0	33,3	0,0	66,7	0,0
Terra de Trives	14,3	14,3	14,3	0,0	14,3	42,9
Valdeorras	5,9	11,8	0,0	0,0	23,5	58,8
Verín	0,0	16,7	0,0	0,0	16,7	66,7
Viana	0,0	0,0	0,0	0,0	50,0	50,0
Vigo	10,0	4,4	11,8	1,2	27,4	45,2

## Anexo 11: Distribución porcentual dos ámbitos académicos das persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas

	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Multidisciplinar	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Andalucía	18,5	7,4	11,1	0,0	29,6	33,3
Aragón	0,0	0,0	50,0	0,0	0,0	50,0
Asturias	23,1	0,0	30,8	0,0	15,4	30,8
Cantabria	0,0	0,0	14,3	14,3	14,3	57,1
Castela e León	16,0	8,0	20,0	0,0	20,0	36,0
Castela-A Mancha	14,3	0,0	0,0	0,0	14,3	71,4
Cataluña	19,5	1,3	9,1	0,0	37,7	32,5
Comunidade de Madrid	9,3	2,7	8,7	0,5	30,1	48,6
Estremadura	0,0	33,3	33,3	0,0	33,3	0,0
Illas Baleares	0,0	0,0	8,3	0,0	25,0	66,7
Illas Canarias	18,2	9,1	54,5	0,0	9,1	9,1
Navarra	12,5	12,5	12,5	0,0	37,5	25,0
País Basco	5,9	5,9	35,3	5,9	23,5	23,5
País Valenciano	0,0	5,3	47,4	0,0	31,6	15,8
Rexión de Murcia	25,0	0,0	50,0	0,0	0,0	25,0

## Anexo 12: Distribución porcentual dos ámbitos académicos das persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas por provincias

	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Multidisciplinar	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Álaba	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0
Alacante	0,0	0,0	42,9	0,0	28,6	28,6
Albacete	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0
Almería	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0
As Palmas de Gran Canaria	25,0	12,5	50,0	0,0	0,0	12,5
Asturias	23,1	0,0	30,8	0,0	15,4	30,8
Ávila	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0
Barcelona	19,7	1,4	7,0	0,0	38,0	33,8
Biscaia	0,0	0,0	37,5	12,5	25,0	25,0
Cáceres	0,0	33,3	33,3	0,0	33,3	0,0
Cádiz	25,0	12,5	25,0	0,0	12,5	25,0
Cantabria	0,0	0,0	14,3	14,3	14,3	57,1
Castellón	0,0	0,0	0,0	0,0	50,0	50,0
Comunidade de Madrid	9,3	2,7	8,7	0,5	30,1	48,6
Córdoba	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0
Cuenca	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0
Granada	0,0	0,0	0,0	0,0	50,0	50,0
Guadalaxara	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Guipúscoa	12,5	12,5	25,0	0,0	25,0	25,0
Huelva	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0
Illas Baleares	0,0	0,0	8,3	0,0	25,0	66,7
León	20,0	0,0	40,0	0,0	0,0	40,0
Lleida	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0
Málaga	25,0	0,0	25,0	0,0	25,0	25,0
Navarra	12,5	12,5	12,5	0,0	37,5	25,0
Palencia	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Rexión de Murcia	25,0	0,0	50,0	0,0	0,0	25,0
Salamanca	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0
Santa Cruz de Tenerife	0,0	0,0	66,7	0,0	33,3	0,0
Segovia	0,0	33,3	33,3	0,0	33,3	0,0
Sevilla	20,0	10,0	0,0	0,0	30,0	40,0
Soria	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Tarragona	25,0	0,0	25,0	0,0	25,0	25,0
Toledo	0,0	0,0	0,0	0,0	25,0	75,0
Valencia	0,0	10,0	60,0	0,0	30,0	0,0
Valladolid	12,5	0,0	25,0	0,0	25,0	37,5
Xirona	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0
Zamora	0,0	25,0	0,0	0,0	0,0	75,0
Zaragoza	0,0	0,0	50,0	0,0	0,0	50,0

### Anexo 13: Distribución porcentual dos ámbitos académicos das persoas tituladas residentes no resto do mundo por países

	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Multidisciplinar	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Alemaña	18,8	2,1	6,3	0,0	56,3	16,7
Andorra	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0
Arxentina	33,3	0,0	0,0	0,0	50,0	16,7
Australia	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0
Bélxica	14,3	0,0	0,0	0,0	57,1	28,6
Brasil	40,0	0,0	20,0	0,0	10,0	30,0
Canadá	25,0	0,0	0,0	0,0	25,0	50,0
Casaquistán	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0
Chequia	0,0	0,0	0,0	0,0	50,0	50,0
Chile	0,0	0,0	25,0	0,0	75,0	0,0
China	50,0	0,0	0,0	0,0	0,0	50,0
Colombia	0,0	0,0	0,0	0,0	80,0	20,0
Croacia	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
